ComercioIntracomunitario

Instituto
Galego
de Estatística

INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA
DIRECÇÃO REGIONAL DO NORTE
PORTUGAL

Comercio **Intracomunitario** da Eurorrexión

Galicia - Norte de Portugal

1995
1997

Comercio Intracomunitario

O Comercio **Intracomunitario** da Eurorrexión **Galicia e Norte de Portugal**

1995
1997



Comercio Intracomunitario da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal 1995-1997

Elaboración:	**Direcçao Regional do Norte. Instituto Nacional de Estatística** **Instituto Galego de Estatística**
Edición:	**Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda**
Dirección técnica e redacción:	**Prof. Dr. Julio Sequeiros Tizón**
Colaboradores:	**Gabinete de Estudos DRN-INE, Portugal** **Servicio de Estatísticas Económicas do IGE**
I.S.B.N.:	**84-453-2867-0**
Dep. Legal:	**PO-544-00**
Imprime:	**AROPRINT, S.L.**
Deseño Portada:	**Isabel Guedes** **Luis Resende**
Composición:	**Isabel Guedes**
Tirada:	**500 exemplares**

ÍNDICE

PRÓLOGO 5

INTRODUCCIÓN 7

I. A BASE ECONÓMICA E A ESTRUCTURA DOS MERCADOS 11

I.1. Unhas notas sobre a teoría do comercio internacional 11
I.2. Unha aproximación á base económica da Eurorrexión 22
I.2.1. A composición sectorial do producto 22
I.2.2. A distribución espacial do producto 26
I.2.3. O perfil da especialización rexional 28
I.2.4. Os fluxos de investimentos directos estranxeiros 29
I.3. Algunhas cuestións metodolóxicas previas 32
I.3.1. A natureza da información dispoñible 32
I.3.2. Os mercados exteriores e as bases de datos 33
I.3.3. A taxa de cambio Pta, ESC e Ecu 36

II. ASPECTOS ESTRUCTURAIS DO COMERCIO INTRACOMUNITARIO 43

II.1. A estructura das importacións 47
II.1.1. A distribución por productos 47
II.1.2. A especialización importadora 51
II.1.3. A orixe xeográfica das importacións 54
II.1.4. A estructura productos *versus* países 56
II.2. A estructura das exportacións 58
II.2.1. A distribución por productos 58
II.2.2. A especialización exportadora 61
II.2.3. O destino xeográfico das exportacións 64
II.2.4. A estructura productos *versus* países 65
II.3. O volume de comercio e a composición do saldo 67
II.3.1. O volume total de comercio 67
II.3.2. A composición do saldo comercial 71
II.4. Vantaxes comparativas e comercio intraindustrial 76
II.4.1. Vantaxes comparativas e especialización 77
II.4.2. Comercio intraindustrial: primeira análise 79
II.4.3. As vantaxes comparativas e o comercio intraindustrial: unha primeira síntese 82
II.5. Outras cuestións relevantes 83
II.5.1. As exportacións da Eurorrexión e o dinamismo do comercio intracomunitario 83
II.5.2. Protección arancelaria, comercio intracomunitario e base económica na Eurorrexión 85
II.5.3. Concorrencia *versus* complementariedade comercial entre Galicia e a Rexión do Norte 90

Apéndice: Descrición códigos CUCI seleccionados

III. ASPECTOS ANALÍTICOS DO COMERCIO INTRACOMUNITARIO 93

III.1. Algúns síntomas de comercio intraindustrial 103
III.2. A natureza interna do comercio 107
III.2.1. Os comercios intra e interindustriais nun sentido amplo 107
III.2.2. O comercio intraindustrial nun sentido estricto 117
III.3. As especializacións comerciais relativas 120
III.4. O contido en tecnoloxía do comercio exterior 122

IV. OUTROS ASPECTOS BÁSICOS DO COMERCIO EXTERIOR 127

IV.1. A apertura ó exterior da Eurorrexión 127
IV.1.1. O comercio exterior en termos CNAE93 128
IV.1.2. O comercio exterior agregado a RR-17 132
IV.1.3. A apertura ó exterior da Eurorrexión 134
IV.2. O comercio de productos intermedios, de bens consumo, e de bens de capital 137
IV.3. A base económica revelada polo comercio exterior: Unhas notas sobre a periferia intracomunitaria 142

Apéndices: Códigos CNAE 93 seleccionados, códigos dos sectores RR-17 e claves dos Grupos de Utilización

ANEXO: CARACTERÍSTICAS XERAIS DO COMERCIO INTRACOMUNITARIO DA EURORREXIÓN (INCLUÍNDO ESPAÑA E PORTUGAL) 145

A.1. O comercio intracomunitario 145
A.2. A estructura do comercio: grandes sectores 148
A.3. A estructura do comercio: grandes mercados 153
A.4. Estudio xeral dalgúns comercios particulares 157
A.4.1. O comercio entre Galicia e Portugal 158
A.4.2. O comercio entre a Rexión do Norte e España 159
A.4.3. O comercio entre Galicia e a Rexión do Norte 161
A.5. A xeografía do comercio exterior 163

CONCLUSIÓNS 166

BIBLIOGRAFIA 171

PRÓLOGO

A publicación deste estudio sobre Comercio Intracomunitario da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, 1995-1997 é froito da cooperación que se ten establecido entre a Dirección Rexional Norte do INE de Portugal e o Instituto Galego de Estatística. Con el continuamos no empeño de construír bases estatísticas comúns que faciliten ós operadores económicos unha visión integrada das potencialidades da eurorrexión e, en particular, que contribúan a impulsa-la súa proxección exterior.

Nesta procura, foi preciso analizar e integrar a información de tódalas operacións de comercio de España e Portugal co resto de países da Unión Europea nas que a eurorrexión é orixe ou destino final das mercadorías transaccionadas. A utilización por ambos estados do Sistema Intrastat para a elaboración de estatísticas de comercio intracomunitario constituíu un punto de partida moi favorable e, pese a certas asimetrías, permitiunos construír unha base de datos harmonizada que posibilita a análise de aspectos tan relevantes para o comercio da eurorrexión como son a súa evolución, composición interna, socios comerciais, comercio intraindustrial, ou contido tecnolóxico.

Desexamos que este esforzo contribúa a un mellor coñecemento da eurorrexión e que os resultados aquí presentados incrementen, non só cuantitativa, senón tamén cualitativamente, a información de soporte ó proceso de cooperación e á percepción da importancia da relación transfronteiriza e interrexional.

INTRODUCCIÓN

Algúns textos de Economía Rexional, ó analizar as diferencias rexionais en Europa, acoden ó exemplo da *hot banana* ou da *banana blue*. Esta historia refírese a unha fotografía nocturna de toda Europa, realizada desde un satélite, na que aparece sinalada en azul, e con forma de plátano, unha ampla superficie que abarca desde Londres ata Roma, pasando por París, Alemaña, Suíza e o norte de Italia. Esta é a zona máis desenvolvida do continente: a Europa das cidades, das autoestradas iluminadas, das fábricas funcionando 24 horas diarias, etc. En definitiva, a Europa desenvolvida e de altas rendas *per capita*.

Unha análise detida desta fotografía revela que, fronte a este enorme sinal de riqueza que é o plátano azul, existen tamén outras zonas que teñen unha intensidade moito menor, pero que manifestan o feito da existencia dunha actividade económica importante. Unha destas rexións é a que vai desde Ferrol ata máis abaixo de Lisboa. Na fotografía nocturna detéctase unha continuidade lumínica, paralela á costa, con forma de *tira de chourizos*, na cal as partes máis avultadas coinciden coas grandes cidades (A Coruña, Santiago, Vigo, O Porto, Lisboa) e sen perder a continuidade entre elas. Este é un sinal moi débil (alomenos en comparación coa *hot banana*) e está situado arredor da autoestrada que une os dous extremos.

Esta primeira reflexión cobra interese ó sinalar que unha gran parte do territorio de España e Portugal está escurecido e non aparece sinalado na fotografía. Dito noutros termos, a costa atlántica da península Ibérica é unha zona que posúe unha economía que ten algunha relevancia no contexto europeo. Outra cosa distinta é o feito, por outra parte incuestionable, de que tanto Galicia como as rexións portuguesas son rexións periféricas no contexto europeo: aquí xogan xa os mecanismos de agregación territorial e o confuso dos valores medios.

A idea de rexión transfronteiriza (as denominadas eurorrexións) é un concepto útil na análise económica, pero que non está exento de problemas. En primeiro lugar, e en termos xenéricos, a idea de **rexión** non deixa de ser un tanto arbitraria precisamente no mesmo núcleo do concepto, é dicir, no dos seus límites xeográficos. En segundo lugar, a idea de **transfronteiriza** involucra dúas realidades nacionais, a miúdo moi distintas, diferencias que se incorporan, case tal cal, ás eurorrexións. Todo isto é unha das consecuencias da construcción europea. En efecto, no mapa das rexións máis atrasadas de Europa adoitan abundar os casos daquelas que están situadas nas fronteiras nacionais, feito moi visible na fronteira de Portugal e España, e tanto dun lado coma do outro. De aí o interese por lles conceder a estas rexións un trato específico fronte ós seus problemas de desenvolvemento e de aí tamén, e polo tanto, o concepto de rexión transfronteiriza.

Isto é particularmente visible ó analizar algúns aspectos da economía da Eurorrexión Galicia e Rexión do Norte (de Portugal). En efecto, e por exemplo, Galicia é unha rexión moi cerrada ó contexto internacional (alomenos máis ca España no seu conxunto) e, sen embargo, a Rexión do Norte manifesta unha vocación internacional francamente notable. A ninguén se lle oculta o feito de que este aspecto da cuestión está relacionado coas particulares historias de España no que a Galicia se refire, e de Portugal no que fai referencia á Rexión do Norte, por certo, historias que, en canto á apertura exterior, foron moi diferentes desde os últimos cincuenta á actualidade. Estas asimetrías reprodúcense no que se refire á taxa de cambio, ó réxime de salarios, á formación da man de obra, etc. En definitiva, o que queremos dicir é que a estructura económica dunha rexión depende de modo determinante do contexto nacional do cal formou parte (ou está a formar parte), polo menos ata unha maior profundación do mercado único europeo. E este é un aspecto que vai estar impregnando todo a análise que segue.

Este último aspecto ten unha incidencia importante na análise do comercio exterior da Eurorrexión. Son ben coñecidos os efectos estimulantes do comercio exterior sobre a competitividade, o nivel de emprego, o desenvolvemento tecnolóxico, etc., todos eles elementos determinantes do crecemento económico a longo prazo. Pois ben, a análise destes elementos na Eurorrexión vai estar determinada pola importancia que estes teñan a nivel dos respectivos Estados. E non só iso. Sen adiantar os resultados de nosa investigación, a Eurorrexión Galicia Rexión do Norte, presenta dúas rexións claramente diferenciadas e cun nivel de asimetrías moi destacable: Galicia e a Rexión do Norte. Este feito suscita dúas reflexións. A primeira fai referencia ó feito da elevada complementariedade entre elas ou, o que é o mesmo, a existencia dun amplo campo de colaboración e de traballo conxunto en cooperación. A segunda refírese ó feito de que a progresiva profundación do mercado interior único a escala europea é previsible que vaia homoxeneizando o interior da Eurorrexión de tal modo que as asimetrías que existen na actualidade vaian diminuíndo co paso do tempo.

O texto que segue consta de cinco capítulos, todos eles relacionados entre si. O primeiro, de marcado carácter introductorio, recolle algunhas reflexións sobre a teoría do comercio internacional e presenta a estructura económica da Eurorrexión nas súas liñas máis xerais. Así mesmo, estúdianse algunhas cuestións metodolóxicas que teñen importancia na análise do comercio exterior.

O segundo capítulo recolle os aspectos máis estructurais do comercio exterior da Eurorrexión (evolución, composición interna, socios comerciais, contido do saldo, etc.) e dá paso ó capítulo terceiro, no que se estudian os aspectos máis analíticos do comercio exterior (comercio intraindustrial, contido tecnolóxico...). O capítulo cuarto recolle a análise da apertura ó exterior da Eurorrexión, o estudio do comercio por destino dos bens (consumo, capital e intermedios) e acaba cunha reflexión, en termos de competencia imperfecta, sobre o contido do concepto de perifericidade, concepto do que a Eurorrexión é un bo exemplo.

Toda a análise realizada nos catro primeiros capítulos está feita sen ter en conta o comercio de Galicia con Portugal, nin o da Rexión do Norte con España, polas razóns que se expoñen no texto. A modo de capítulo quinto, incluímos un Anexo no que se estudia o comercio conxunto e na súa totalidade, isto é, incluíndo España e Portugal nas bases de datos. Como é habitual neste tipo de traballo, o texto termina cun resumo a modo de conclusións e cun repertorio bibliográfico.

I. A BASE ECONÓMICA DA EURORREXIÓN E A ESTRUCTURA DOS MERCADOS EXTERIORES

Neste primeiro capítulo –de marcado carácter introductorio- ímonos formular algunhas cuestións preliminares que teñen que ver directamente co obxecto de estudio, e ímolo facer en tres apartados. No primeiro realizaremos unha síntese apurada e breve dos principais riscos das polémicas existentes na teoría do comercio internacional. No segundo epígrafe estudiaremos a base económica da Eurorrexión ó nivel máis desagregado posible e analizaremos a súa especialización dentro do contexto ibérico.

No terceiro analizaremos a estructura das bases de datos (de qué datos dispoñemos e de cáles non), estudiaremos como se articulan os mercados da Eurorrexión e, por último, centrarémonos en cómo evolucionou a taxa de cambio do Escudo e da Peseta fronte ás principais moedas dos países da Unión Europea e, principalmente, fronte ó Ecu. Unha das conclusións relevantes deste primeiro epígrafe será a pertinencia de centrar a análise do comercio exterior da Eurorrexión nos países comunitarios, agás España e Portugal. Ó final desta investigación incluiremos un Anexo coas principais características do comercio intracomunitario da Eurorrexión, agora xa engadindo España e Portugal.

I.1. UNHAS NOTAS SOBRE A TEORÍA DO COMERCIO INTERNACIONAL

Na evolución do comercio mundial nestas últimas décadas –desde finais da segunda Guerra Mundial á actualidade- existen algúns fenómenos que merecen especial atención. O comercio mundial medrou rapidamente, a súa natureza interna mudou, a importancia dos distintos países tamén cambiou, e as perspectivas dos economistas fronte á análise teórica do comercio internacional non era a mesma a principios dos anos cincuenta ca na actualidade. Sen ningún afán máis alá do dunha simple introducción do lector a estes temas, e a título de *pro memoria*, vexamos algún destes aspectos: principalmente, e en canto ó que nos interesa, a crise do Estado Nación e á teoría do comercio intraindustrial.

A crise do Estado Nación: comercio internacional versus comercio interrexional

En definitiva, a economía española e a portuguesa, no transcurso destas dúas últimas décadas, foron pasando dunha situación de economía nacional, a un status de economía rexional, status no cal, como nas economías rexionais, os principais datos e as principais variables da política económica veñen dados esoxenamente. Esta nova situación –as economías nacionais en canto que economías rexionais- non é específica de España ou de Portugal (é común, polo menos, ó conxunto do espacio europeo) e presenta todos os problemas derivados da mundialización e algúns novos a maiores.

Entre estes últimos, está o do carácter do comercio internacional. Neste novo contexto (o espacio Euro) cabe preguntarse en qué se diferencia o comercio entre Galicia e Murcia do comercio entre O Porto e a Baviera alemana. ¿Por que o primeiro comercio é comercio interrexional e, o segundo, é comercio internacional? É máis, nesta dinámica histórica non ten por que haber un antes e un despois, é dicir, unha ruptura (por exemplo, a implantación do Euro), unha ruptura ata a cal un tipo de comercio era internacional e a partir da cal o comercio é interrexional.

O que si houbo foi un proceso temporal, durante o que se materializaron os procesos da rexionalización dos Estados (proceso particularmente visible en Europa). E este proceso, no caso que nos ocupa, é o proceso da construcción europea, cos seus avances e retrocesos, proceso que ocupou practicamente a segunda metade do século XX, e que foi particularmente acelerado desde mediada a década dos oitenta en diante. É máis, ¿podemos considerar como comercio internacional o existente entre Francia e Alemaña a principios dos oitenta? A resposta é: moi dificilmente. Aínda que non existía moeda única, os dous países estaban involucrados nun proceso de unión económica que levaba funcionando trinta anos, as súas taxas de cambio estaban comprometidas no mecanismo de cambios do SME, e os aranceis e outras trabas paraarancelarias ou neoproteccionistas estaban ilegalizados desde os primeiros anos sesenta. Se o comercio entre Filipinas e Brasil é comercio internacional, está claro que o comercio entre Francia e Alemaña non é comercio internacional. É obvio que non é o mesmo, aínda que o denominemos da mesma maneira.

En efecto, esta discusión non é agora a primeira vez que se presenta [1]. Desde os anos cincuenta (desde o inicio das unións rexionais en Europa, co Benelux a finais da segunda guerra mundial) este tema ocupa lugares centrais na Teoría do Comercio Internacional. Como non podería ser doutra forma, e a propósito da distinción existente entre o comercio interrexional e o comercio internacional, "as razóns utilizadas habitualmente para distinguir os dous son: (i) inmobilidade internacional dos factores da producción; (ii) sistemas monetarios independentes; (iii) a existencia de fronteiras políticas e dos controis que as acompañan e (iv) diferencias xeográficas grandes e custos de transporte elevados." [2]. Como podemos ver, ningunha destas características se certifica na Unión Europea de forma sólida. En efecto, o primeiro criterio e o terceiro chocan frontalmente contra a mesma esencia do Tratado de Roma e as denominadas *liberdades básicas* (Roma, 1957) e todas as súas revisións e engadidos posteriores. O segundo incúmprese desde a época da "serpente no túnel", é dicir, desde iniciada a década dos anos setenta e, sen discusión, desde a posta en marcha do Sistema Monetario Europeo (SME), a finais desa década. Sobre o cuarto hai que recordar que, excepto Grecia e Suíza, a fronteira da Unión foi sempre un único perímetro cerrado: todos os países son fronteirizos entre si.

[1] Véxase, a título de exemplo, Ohlin B.; **Interregional and international trade.** Ed. Harvard U.P., Mass., 1967 (Nótese que a primeira edición data de 1933).

[2] Tomado de Shone, R.; **The pure theory of international trade.** Ed. Mac Millan. Londres, 1972. Páx.11. Estas características do comercio recóllense tamén na primeira parte de Ohlin B.; **Interregional and international trade.** Ed. Harvard U.P., Mass., 1967. Páxs. 5 a 46. A caracterización do comercio internacional *versus* comercio interrexional chega xa ata os libros de texto e os manuais. Véxase, por exemplo, Krugman, P. e Obstfeld, M.; **Economía Internacional. Teoría e Política.** Ed. MacGraw Hill. Madrid, 1995. (En especial o Cap.8, "Cuestións de economía rexional". Páxs. 211 e ss.).

A discusión de qué tráficos comerciais son, ou non son, comercio internacional, é tamén moi relevante baixo o punto de vista da natureza interna do comercio. Teremos ocasión de ver máis adiante que o comercio intraindustrial presenta bastantes máis rasgos de comercio interrexional que de comercio internacional, no sentido clásico ou estricto.

Unhas notas sobre a teoría do comercio internacional

Os cambios no comercio mundial non se limitaron soamente á aparición de novos concorrentes, a nova tripolaridade mundial, etc. Outra destas modificacións radica no desenvolvemento vertixinoso do comercio entre productos iguais, é dicir, de viños por viños, automóbiles por automóbiles, e así sucesivamente. Este tipo de comercio -detectado xa nas primeiras análises sobre o impacto da creación da CEE sobre a economía belga a principios dos anos sesenta- representa un cambio substancial no contido das correntes comerciais tradicionais. En efecto, a aparición deste comercio, e no volume en que o fai, significa unha ruptura coa idea clásica de que un país exporta o que produce en exceso, e importa o que non produce, ou produce en defecto, en relación, por suposto, coa súa demanda interior. Este comercio entre productos iguais –o denominado **comercio intraindustrial**- aínda que sería o predominante no seo do comercio intracomunitario, abarcaría tamén ó comercio mundial no seu conxunto, caracterizando o comercio exterior dos países economicamente máis desenvolvidos. Para poñer algún exemplo, este intercambio de productos iguais alcanzaría o 70% do comercio intracomunitario de Francia ou de Alemaña, máis do 50% do comercio entre España e a UE e máis do 30% do comercio de Portugal coa UE, todo isto, para mediada a década dos anos noventa [3].

Na medida na cal o comercio intraindustrial se desenvolve, o perfil das importacións é cada vez máis semellante ó perfil das exportacións, perdendo o carácter de complementariedade entre ambas que se percibía no comercio tradicional. Un indicador desta maior similitude pode ser –a este nivel introductorio- o coeficiente de correlación entre as importacións e exportacións para un mesmo ano, e cómo evoluciona este coeficiente ó longo do tempo. Tomado o comercio exterior da UE no seu conxunto (todos os países, todo tipo de comercio) e desagregado este comercio en 240 sectores CUCI (versión 2), encontramos que, para 1995, o vector de importacións e o vector de exportacións manteñen unha correlación de 0,914 e dun 0,956, se excluímos o sector enerxético. A principios dos anos oitenta, en pleno segundo crak petroleiro, estes coeficientes alcanzaban o valor 0,680 para o comercio total e un 0,861 para os sectores non enerxéticos. En síntese, o comercio exterior da Unión (comercio intra máis extra UE, todos os países) non presenta trazos diferenciais substantivos entre o perfil das importacións e o das exportacións,

[3] Existen xa algunhas obras que poderiamos denominar *clásicas* sobre o comercio intraindustrial. Por exemplo, Grubel, H. e Lloyd, P.; **Intra industry trade. The theory and measurement of international trade in differentiated products**. Ed. MacMillan, Londres, 1975. Tamén Greenaway, D. e Milner, C.; **The economics of intra industry trade**. Ed. Basil Blackwel. Oxford, 1986. Para analizar o estado actual destas cuestións, véxase, por exemplo, Krugman, P.; "Empirical evidence on the new trade theories: the current state of play" en **CEPR Working Paper**. Londres, 1993. Greenaway, D. e Winters A. (Ed.); **Surveys in international trade**. Ed. Blackwell. Londres, 1994. Greenaway, D.; **Current issues in international trade**. Ed. MacMillan, Nova York, 1996.

como tampouco sucede no comercio USA ou xaponés, aínda que as diferencias, país a país, adoitan ser importantes [4].

Son varias as razóns que explican o desenvolvemento tan intenso e tan rápido do comercio intraindustrial. Aínda que volveremos máis abaixo con este asunto, debemos sinalar agora que este desenvolvemento está relacionado coa perda de peso, dentro do comercio mundial, dos productos agrícolas, e a expansión tan significativa do comercio de productos manufacturados. En efecto, en 1950, as manufacturas e os productos agrícolas representaban, cada un, pouco máis do 40% do comercio mundial, e o escaso 20% restante ocupábano os productos das industrias extractivas. Estas industrias extractivas, nos primeiros noventa, e trala expansión de 1973 a 1986, ocupan un 10% de todo o comercio mundial, porcentaxe que coincide tamén coa participación dos productos agrícolas no mercado mundial. Polo tanto, e en consecuencia, o peso dos productos manufacturados no comercio mundial pasou de pouco máis do 40%, nos primeiros cincuenta, a superar o 80% do comercio mundial, nos primeiros noventa.

A expansión do comercio intraindustrial non é un fenómeno illado. Está directamente relacionado co desenvolvemento dos novos países industriais e das empresas multinacionais e - todo son distintas facetas dun proceso único- coa mundialización da economía e dos mercados [5].

Como non podía ser doutra forma, a teoría económica acompaña, ás veces con bastante atraso, a evolución dos feitos xa coñecidos e a interpretación relativa á aparición dos feitos novos. Ademais, e concretamente na teoría do comercio internacional destes últimos anos, obsérvase unha dinámica circular –unha viaxe de ida e volta- onde o punto de partida, e o destino, coinciden na teoría neoclásica, viaxe cunha estación intermedia nos modelos do comercio intraindustrial (competencia imperfecta, economías de escala, plena mobilidade internacional de factores...). Neste epígrafe introductorio imos considerar a teoría neoclásica do comercio internacional principalmente nunha das súas vertentes: a denominada Teoría da Integración Económica. Despois analizaremos as perspectivas teóricas do comercio intraindustrial, para regresar (forzosamente) ó punto de partida a través da análise deste tipo de comercio en termos de gama de calidades.

A teoría clásica do comercio internacional ocúpase do comercio entre nacións distintas de productos diferentes, comercio que se explica en función das vantaxes comparativas de cada país vis a vis os demais, isto é, as diferencias nas proporcións factoriais (na dotación e no prezo de factores), diferencias nos niveis tecnolóxicos, na formación da man de obra (capital humano),

---

[4] Para facermos unha idea, teñamos en conta que o coeficiente de correlación entre as importacións e as exportacións españolas co resto do mundo (sete díxitos Nimexe e oito díxitos Taric) pasou de ser nulo nos primeiros anos sesenta, a ser practicamente +0,4 a partir de mediada a década dos noventa. Véxase Sequeiros Tizón, J.; "Los componentes inter e intra industriales y las gamas de calidad en el comercio exterior español, 1964 a 1997" en **Documentos de Trabajo de Estructura Económica**. Universidade da Coruña, 1998. Páx. 15.

[5] Os investimentos estranxeiros e non estranxeiros e a dinámica territorial das empresas multinacionais está moi relacionada coa magnitude e a evolución temporal do comercio intraindustrial. Como teremos ocasión de ver máis adiante, o sector automobilístico en Galicia presenta os niveis máis elevados de comercio intraindustrial da Eurorrexión. Para unha análise destes temas, véxase Markusen, J. e Venables, A.; "Multinational firms and the new trade theory" en **NBER Working Papers**. Nº.5036. 1995.

etc. e, en definitiva, e como resumo do anterior, unha distancia económica considerable entre uns países e outros. Neste sentido, a teoría clásica é, en certa medida, unha teoría do comercio interindustrial.

A partir dos anos sesenta, coa consolidación do comercio intraindustrial como un fenómeno da evidencia empírica, moitos quixeron ver aí unha quebra da teoría clásica no sentido de que a especialización internacional (consecuencia da liberdade de comercio e das vantaxes comparativas) non era algo inescusable e, polo tanto, aí existía un baleiro, precisamente no núcleo mesmo da teoría. A reacción a estes formulamentos veu da man dos teóricos da **new classical view**: a existencia do comercio intraindustrial non é unha evidencia que invalida a teoría do comercio internacional baseada na vantaxe comparativa senón que, polo contrario, cómpre incluír este novo tipo de comercio internacional na mesma teoría clásica. Neste sentido, as contribucións de Balassa, Grubel, Helpman, Krugman, etc. van na liña de compatibilizar unha explicación en termos de vantaxe comparativa para o comercio interindustrial con outra explicación distinta para o tramo de comercio intraindustrial: a concorrencia imperfecta.

En efecto, o comercio intraindustrial caracterizaríase por ser un tipo de comercio entre países de similar nivel de desenvolvemento e con dotacións factoriais tamén similares (distancias económicas curtas), e en mercados nos que predomina a concorrencia imperfecta (oligopolística) e nos cales o papel das economías de escala é básico. Ó mesmo tempo, nun marco deste tipo, suponse a perfecta mobilidade de productos e factores a nivel internacional [6].

Xa que logo, en consecuencia, os efectos económicos dos comercios inter e intraindustrial serían moi diferentes. No caso do comercio interindustrial, teriamos unha relocalización dos factores (e recursos) en busca da maior eficiencia, saíndo prexudicados aqueles sectores que se ven máis afectados polas importacións. No caso do comercio intraindustrial, esta relocalización sería *dentro* das industrias e non *entre* as industrias, co cal os efectos redistributivos serían moito menores, disolvéndose nun mundo onde as economías de escala son fundamentais [7]. Ó mesmo tempo, e como consecuencia, o comercio interindustrial sería causa e efecto da división do traballo clásica e tradicional, mentres que o comercio intraindustrial caracterizaría a división do traballo, por exemplo, no interior da Europa occidental.

[6] O concepto de *Integrated Equilibrium* desenvolvido por Helpman e Krugman, baseado na perfecta mobilidade internacional de productos e factores, explica o comercio interindustrial en termos do teorema de Heckscher Ohlin, e o comercio intraindustrial en termos das economías de escala e concorrencia imperfecta. Véxase, Helpman, E. e Krugman, P.; **Market structure and foreing trade**. Ed. MIT., 1985. Vexase tamén, e na mesma liña, Helpman, E. e Krugman, P.; **Trade policy and market structure**. Ed. MIT. 1992.

[7] No que se refire ós custos de axuste do comercio, debemos ter en conta que, naqueles casos nos que predominen os fluxos de comercio intraindustrial, un maior grao de apertura ó comercio non implica elevados custos de axuste, posto que os posibles cambios na utilización dos factores se producen dentro de cada industria, sen alterar substancialmente as proporcións factoriais utilizadas nin a relación capital producto. Circunstancia que non ocorre do mesmo modo cando se trata de incrementos de apertura nun contexto de comercio interindustrial: as proporcións factoriais e a relación capital traballo é diferente entre industrias distintas.

A teoría da integración económica, na súa formulación neoclásica, parte de considerar dúas economías illadas, cada unha delas cos seus respectivos aranceis, taxas de cambio, productividades sectoriais, etc., é dicir, cada unha delas coas súas peculiaridades nacionais específicas, e interrógase arredor dos efectos que soportarían as dúas economías se se unen os seus mercados nunha única unión aduaneira. Tendo en conta as hipóteses de partida (rendementos a escala constantes, plena mobilidade de factores dentro dos países pero non entre países, diferente dotación de factores entre os países, etc.) da unión aduaneira derivaríanse os coñecidos efectos de creación e desviación de comercio e o efecto dos prezos relativos [8]. Como poderemos observar, a teoría da integración económica discorre permanentemente en termos de comercio interindustrial. Vexamos.

Razoando segundo modelos con dous países, dous productos e dous factores e tres graos de integración (liberdade de circulación de productos, de persoas e de capitais), poden detectarse aqueles sectores nos cales se manifestaría a creación de comercio, a desviación de comercio e as modificacións nos prezos relativos. Ímonos servir dun exemplo moi coñecido.

Na Eurorrexión, a principios da década dos anos oitenta, razoábase en termos de creación de novo comercio no que se refería, por exemplo, ó sector leiteiro. En efecto, as ganderías comunitarias (a francesa, por exemplo) tiñan uns rendementos (por vaca) e unhas productividades da man de obra moi superiores ós de España ou Portugal, uns prezos ó productor máis baixos e unhas calidades claramente superiores ás do leite que se producía en Galicia ou na Rexión do Norte. A maiores, a producción leiteira comunitaria era xa moi excedentaria. Nestas condicións, era previsible que os excedentes comunitarios entraran en España e Portugal, de tal modo que unhas importacións que antes non existían, abasteceran segmentos cada vez máis importantes da demanda interna española e portuguesa. Os efectos (sobre o benestar xeral) estaban claros: substitución de producción nacional por importacións nun proceso de especialización internacional de España e Portugal no cal aqueles sectores con productividades máis baixas cás europeas non poderían subsistir nun mercado único [9].

A esta creación de comercio novo, engadiríanselle os efectos da desviación de comercio. Antes da adhesión, estes países abastecíanse, por exemplo, de cereais-penso no mercado mundial a prezos de mercado mundial, mercado que tiña como productores máis eficientes a USA, Arxentina, etc. Trala adhesión, a orixe das importacións destes productos desviaríase cara ós países da UE e a prezos UE, prezos máis altos cós vixentes nos mercados internacionais.

---

[8] A Teoría da Integración Económica ten a súa orixe, e o seu primeiro desenvolvemeto, na década dos anos cincuenta, ó inicio do proceso da construcción europea. Véxanse os xa clásicos, Vinner, J.; **The customs union issue**. Carnegie. Nova York, 1950. Meade, J.; **The theory of customs unions**. North Holand. Amsterdam, 1955. Tinbergen, J.; **International Economic Integration**. Ed. Elsevier. Amsterdam, 1954. Balassa, B.; **Teoría da integración económica**. Ed. Uthea. México, 1964. Visións e versións máis actuais aparecen en Molle, W.; **The economics of european integration**. Ed. Dartmouth. Alderhot, 1990. Winters, A. e Venables, A. (Ed.); **European integration. Trade and industry**. Cambridge U.P. e C.E.P.R. Londres, 1991. Winters, A. (Ed.); **Trade flows and trade policy after 1992**. Cambridge U.P. e C.E.P.R. Londres, 1992. Barro, R. e Grilli, V.; **European macroeconomics**. Ed. Macmillan, Londres, 1994. Baldwin, R. e Venables, A.; "Regional economic integration" en Grossman, G. e Rodoff, K. (Ed.); **Handbook of international economics**. Ed. North Holland. Amsterdam, 1995.

[9] O caso do sector lácteo é bastante particular, xa que debemos ter en conta que é un sector intervido (en cantidades e prezos) e este feito distorsiona o libre xogo do mercado. Pero, aínda así, é un exemplo útil co fin de iluminar a exposición.

A creación (e a desviación) de comercio en sectores con productividades que eran máis reducidas en España ou Portugal ca nos seus socios comunitarios, presentaba unhas perspectivas realmente sombrías á adhesión destes países á UE. Ademais, o desarme arancelario faría diminuír o prezo das importacións, e a súa posición relativa respecto dos prezos da producción nacional. Esta modificación na estructura de prezos relativos, con vantaxe para as importacións, tería efectos negativos sobre a balanza comercial, o equilibrio externo e a taxa de crecemento das economías.

Este tipo de razoamento -proposto desde esferas moi distintas (e distantes) do mundo económico, político e académico de entón- forma parte do imaxinario neoclásico na súa versión máis ortodoxa. En efecto, conforme fose avanzando o proceso de integración, España e Portugal especializaríanse en productos traballo intensivos e o centro da Unión Europea tería unha especialización complementaria, isto é, capital intensiva, de tal modo que os sectores productivos se irían situando polo espacio segundo as características de cada función de producción, adecuándose ás particulares dotacións locais. En termos de estática comparativa, ó final do proceso, teriamos unha Europa especializada rexionalmente, na cal os sectores productivos estarían concentrados espacialmente, respondendo a un esquema do tipo Heckscher Ohlin: ninguén exporta o que non é capaz de producir.

Con máis dunha década de integración comunitaria das economías española e portuguesa, estamos xa en condicións de realizar un primeiro balance e de poder afirmar que as cousas non foron así. En primeiro lugar, por cuestións de tipo teórico e, en segundo, por cuestións de tipo aplicado.

No que se refire ó primeiro aspecto, a teoría da integración económica, na súa formulación máis tradicional, limítase á libre circulación de productos (as unións aduaneiras) integrando con dificultades os movementos de persoas e de capitais. Ademais, parte de supostos moi limitativos: rendementos constantes a escala, multitude de oferentes, etc. Isto é o que nos explica que, trala formación do Benelux e a integración deste bloque na primitiva CEE (a seis), a creación e desviación de comercio non só non se detectou nos resultados das análises, senón que, pola contra, comezou a observarse o desenvolvemento do comercio intraindustrial [10].

E isto é así porque o imaxinario neoclásico parte da hipótese de que as economías que se integran inician a súa andadura desde cero (como no caso de España *versus* Portugal); de que non existe, alomenos en etapas iniciais, plena mobilidade de factores entre os países, que os rendementos son constantes, que non poden existir economías de escala transfronteirizas, e que a complementariedade entre dúas economías se detecta a través da complementariedade entre productos (e non entre as distintas gamas de cada producto).

[10] A medición da creación e a desviación de comercio non é unha tarefa facil nin exenta de controversia. Unha análise en profundidade destes temas está no informe que o Center for Economic Policy Research (CEPR) preparou para a Comisión UE dentro do programa do mercado único. Véxase, Allen, C.; Gasiorek, M. e Smith, A.; "Trade creation and trade diversion" en **The single market review**. Subseries IV: impact on trade and investment. Ed. Comisión UE, Bruxelas, 1997.

As análise empíricas sobre os efectos da integración das economías europeas na UE non detectan os denominados efectos Viner senón que, pola contra, observan que o comercio intraindustrial se desenvolve de forma intensa[11]. Isto mesmo observarémolo nas páxinas que seguen. Aínda máis, moitas veces, a creación de comercio novo reviste a forma de comercio intraindustrial. Este é o caso, por exemplo, do sector confección en Galicia vis a vis a Rexión do Norte: este comercio non existía antes de 1986 e, en 1997, ten un fluxo nas dúas direccións moi intenso [12].

O comercio intraindustrial ten unha importancia decisiva. No caso español (sete díxitos Nimexe e oito Taric, case quince mil productos) este tipo de comercio representaba, nos primeiros sesenta, o 15% do comercio total, estabilízase sobre o 30% na década dos setenta, acelérase nos oitenta de tal modo que, a finais dos noventa, representa xa o 75% do comercio exterior de España [13].

O comercio intraindustrial representa, aparentemente, unha ruptura coa teoría neoclásica na medida en que encerra un paradoxo: se os países importan o que non producen, ou o que producen en defecto, e exportan o que producen en exceso, ¿como é posible que un país exporte e importe o mesmo tipo de producto? Detrás da reflexión sobre a natureza do comercio intraindustrial están os principais interrogantes da Europa que estamos construíndo desde finais da segunda guerra mundial á actualidade. Permítasenos un exemplo. Na Galicia de finais dos noventa prodúcese o Citroën modelo Saxo, automóbil pequeno moi semellante ó Ford modelo Fiesta, ó Seat Ibiza, ó Opel Corsa, ó Renault Clío, etc. e ós equivalentes producidos fóra de España (Rover, Mercedes ou os asiáticos, por exemplo). A ninguén lle estraña, nin lle inquieta intelectualmente, o feito de que Galicia producindo en exceso (e exportando) o Citroën Saxo teña o mercado rexional satisfeito (en cantidade e diversidade) con outros modelos equivalentes de importación. Dito noutros termos, o mercado galego de automóbiles non presenta ningunha peculiaridade ó respecto do que é o mercado asturiano, (onde a producción interior é nula) ou ó respecto do mercado valenciano (onde se producen excedentes do Ford Fiesta).

O comercio intraindustrial en xeral, e sobre todo, entre os países da UE, presenta trazos que son característicos do comercio interrexional: liberdade de circulación de factores e productos; rendementos non necesariamente constantes; economías de escala importantes, e incluso, transfronteirizas (evidentes no caso do comercio intrafirma); taxas de cambio case fixas (con flotación intervida, tipo SME) ou fixas (tipo Euro); mercados internos de rendas altas, o que implica unha gran segmentación da demanda en termos de gustos, variedades, calidades, etc.

---

[11] As primeiras anomalías no funcionamento aplicado da teoría da integración económica foron detectadas xa a principios dos anos sesenta. Véxase, por exemplo, Verdoorn, P.; "The intra block trade of Benelux" en Robinson, J. (Ed.); **Economic consequences of the size of nations**. Londres, 1960. Drèze, J.; "Les exportations intra CEE en 1958 et la position belge" en **Recherches Économiques de Louvain**, Vol. 27, Nº.8. 1961. Páxs. 717 e ss.

[12] Véxase Sequeiros Tizón, J. (Dir); **El comercio exterior de Galicia, 1980-1997**. Ed. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña, 1999.

[13] Véxase Sequeiros Tizón, J.; "Los componentes inter e intra industriales..." **Op. Cit.** Páx.25

En definitiva, o desenvolvemento do comercio intraindustrial levou a formular –a reformular- a teoría neoclásica tradicional, reorganizando os modelos e introducindo as principais características do comercio intraindustrial: competencia imperfecta, plena mobilidade de factores e de productos, rendementos crecentes, economías de escala, etc. Unha destas modificacións é a que ten que ver coa natureza do comercio intraindustrial en canto á súa composición interna. As investigacións levadas a cabo ó respecto da gama de calidades sinálannos que o comercio intraindustrial en sentido estricto (mesmo producto, mesma variedade) é reducido, sendo moito máis importante o comercio intraindustrial do mesmo producto pero de variedades diferentes. Clasificando as variedades en tres tramos (gamas altas, medias e baixas), as gamas medias terían un peso menor, alcanzando as baixas e as altas porcentaxes maioritarias do comercio intraindustrial e, por conseguinte, do comercio total.

Ó mesmo tempo, a análise do comercio exterior dos distintos países comunitarios, revela que as gamas de tipo baixo son unha especialidade dos países da periferia europea, e as gamas altas son especialidades do centro, dentro dun comercio intraindustrial que é máis predominante no centro que na periferia [14]. Expresado noutros termos, a periferia europea, e España ou Portugal en particular, caracterízanse por ter aínda un segmento importante de comercio interindustrial (comercio de productos distintos) e un compoñente importante do comercio intraindustrial nas gamas baixas.

Se o comercio intraindustrial é menos importante na periferia europea e, no seu interior, o compoñente de gama baixa é fundamental, e este é un feito que se verifica en todo o Sur de Europa; a explicación máis razoable consiste en volver ó formulamento neoclásico tradicional e retomar algunhas características, por exemplo, dos formulamentos ó Heckscher Ohlin Samuelson. En efecto, a construcción europea non está evolucionando cara a un mapa de especializacións interrexionais claramente diferenciado producto a producto (os intensivos en capital no norte e os intensivos en traballo no sur), senón que, polo contrario, tende a orientarse cara a un mapa no cal (*grosso modo*) todas as rexións poden producir calquera producto, pero non calquera variedade dun mesmo producto. As rexións periféricas terían unha función de producción máis adecuada ás producciónns das gamas baixas de todos os productos e as rexións centrais ás gamas altas de calquera producto.

En efecto, as gamas altas dun producto requiren unha man de obra moito máis especializada (maior dotación en capital humano), requiren tamén un uso máis intensivo de tecnoloxías de elite, a utilización de materias primas máis elaboradas, probablemente maiores economías de

[14] Sobre esta división europea do traballo, véxase Fontagné, L., Freudemberg, M. e Péridy, N.; **Trade patterns inside the single market.** Documento de traballo Nº.97-07. Ed. Ceppi. París, 1997. Un resumo deste documento aparece en Cepii; "Trade patterns inside the single market" en **The single market review series.** Ed. Publicacións da Unión Europea. Bruxelas, 1997. Véxase tamén Fontagné, L., Freudemberg, M. e Unal Keseney, D.; **Regionalisation et echanges de biens intermediaires**. Ed. Cepii. Documento de traballo Nº.95-11. París, 1995.

escala, etc., en definitiva, as diferencias no espectro de calidades, dentro dun mesmo producto, supoñen diferencias na función de producción, é dicir, as calidades altas requiren maiores inputs de capital por unidade de traballo [15], recursos que son moito máis abundantes no Norte ca no Sur. En síntese, o comercio intraindustrial na súa composición vía calidades, podería explicarse bastante adecuadamente a través da dotación relativa de factores de cada rexión vis a vis as demais rexións e/ou a media da UE. Neste sentido, a validez dos enfoques H-O-S non sería sobre a diferenciación **entre** productos intensivos en capital ou en man de obra, senón unha diferenciación **dentro das** distintas variedades dun mesmo producto (as calidades máis baixas no Sur e as máis altas no Norte) [16].

En efecto, as distancias económicas entre os países europeos son moi reducidas (diferencias pequenas, por exemplo, entre as productividades *per capita* dentro do mesmo sector manufactureiro) de tal forma que este comercio non adopta a forma de producto **A** contra producto **B**, senón que adopta a forma de producto **Z** contra producto **Z**: a forma do Citroën Saxo contra o Mercedes clase A, ou comercio da tipoloxía Zara contra Benetton.

Os modelos da teoría económica que recollen este tipo de comercio (modelos ó Falvey, Kierzkowski, etc.) interpretan o comercio intraindustrial diferenciado verticalmente (léase o de gama baixa e o de gama alta), desde unha posición *a priori* que recorda a interpretación neoclásica tradicional, é dicir, a interpretación do comercio interindustrial [17]. En efecto, os países intercambian variedades distintas do mesmo ben desde posicións asimétricas, asimetrías que teñen que ver coas diferencias tecnolóxicas e con diferentes dotacións factoriais, diferencias que non son o suficientemente intensas como para provocar comercio interindustrial ou, o que vén ser o mesmo, para provocar especializacións diferentes entre os países. Neste sentido, os países máis avanzados terían maiores vantaxes para a producción das gamas altas dun ben, e os menos avanzados para a producción das gamas baixas dese mesmo ben.

Ó mesmo tempo, este tipo de modelos incide nun aspecto da cuestión que nos parece fundamental: a distribución persoal da renda. As diferencias existentes na distribución persoal da renda garanten a existencia de demanda para o conxunto das gamas de calidades dun producto, de tal modo que, por exemplo, unha maior desigualdade na distribución pode facer aumentar as importacións de clase alta, con orixe nos países con maior dotación en man de obra cualificada, en capital, etc. é dicir, das importacións con orixe nos países máis desenvolvidos.

---

[15] Sobre este tipo de problemas, consúltese Falvey, R. e Kierkowski, H.; <Product quality intra industry trade and (im)perfect competition> en, Kierkowski, H. (Ed.); **Protection and competition in international trade.** Oxford, U.P., 1987.

[16] A existencia dunha especialización das rexións europeas en canto á gama de calidades ten multitude de consecuencias. Por poñer un exemplo, a posibilidade de choques asimétricos. En efecto, as rexións do sur de Europa están máis expostas cás do norte á concorrencia das importacións con orixe extra UE, e ás sucesivas liberalizacións do mercado mundial acordadas no seo da OMC. Para unha análise en detalle destes temas, véxase Fontagné, L., Freudemberg, M. e Unal Keseney, D.; **Haute technologie et échelles de qualité: de fortes asymétries en Europe.** Ed. Cepii. Documento de traballo Nº.99-08. París, 1999.

[17] No que se refire ós custos de axuste do comercio, "tradicionalmente se ha argumentado que, en aquellos casos en los que predominen los flujos de tipo intra industrial, un mayor grado de apertura al comercio no implica elevados costes de ajuste puesto que los posibles cambios en la utilización de los factores se producen dentro de cada industria sin alterar sustancialmente las proporciones factoriales utilizadas. Sin embargo, esta circunstancia no se da en el caso del comercio intra industrial vertical, ya que la especialización en diferentes variedades implica a su vez procesos productivos basados en distintas proporciones factoriales". Tomado de Martín, J. e Orts, V.; **Comercio intra industrial, especialización vertical y ventaja comparativa.** Mimeo. Valencia, 1999. Páx.2.

A distribución da renda, e mesmamente o nivel de renda, é un aspecto fundamental nos estudios de comercio exterior. En efecto, os modelos à Linder son un bo exemplo, [18] xa que fan repousar a especialización internacional dun país sobre o seu nivel de renda. Así, nun país determinado e nunha perspectiva histórica, as industrias empezan por tratar de abastecer o mercado interior e, cando este se lles queda reducido, é cando inician as actividades nos mercados exteriores comercializando a mesma producción que realizan no mercado interno. Evidentemente, se o mercado interno é de rendas baixas (como o español ou o portugués) dentro de todas as variedades posibles dun producto, a empresa produce e comercializa as gamas baixas, tanto no mercado interior coma no exterior [19].

Chegados aquí queremos realizar unha última reflexión. A teoría económica do comercio internacional, nas súas distintas versións e cos seus diferentes formulamentos, razoa en termos de segmentos relevantes do comercio mundial. Por exemplo, podemos preguntarnos se o comercio exterior USA responde ou non ó patrón das vantaxes comparativas, ou se o comercio extra UE mantén ou non pautas de comercio intraindustrial. En ambos os casos, estamos traballando cun segmento do comercio mundial próximo ó 15% do total. Este non é o caso do estudio do comercio exterior da Eurorrexión Galicia e Rexión do Norte. Neste caso, traballaremos con segmentos enormemente reducidos: a Eurorrexión achega algo máis do 10% do comercio exterior de España e Portugal e estes dous países, á súa vez, achegan moi pouco máis do 2% do comercio mundial. Dito noutros termos, o nosos campo de estudio refírese ó 10% do 2% do comercio mundial. Obviamente, a porcentaxe é moi reducida.

En consecuencia, o papel da teoría económica, ó aplicarse a un segmento tan mínimo do comercio mundial, ha de ser o papel de guía de traballo, e o papel dun plan de investigación. A teoría ofrécenos os interrogantes básicos e as cuestións fundamentais nas cales debemos fixar a nosa atención. Pola contra, as páxinas que seguen non son, en ningún caso, un test de validez duns formulamentos teóricos ou outros e, polo tanto, as conclusións obtidas sono en termos de maior proximidade a algunhas proposicións das teorías.

[18] Véxase Linder, B.; **An essay on trade and transformation**. Ed. Almqvist & Wiksell. Uppsala, 1961.

[19] Se tomamos a evolución da producción interna e a evolución do comercio exterior, por exemplo, do automóbil en España, e desde os últimos cincuenta, cando se instalan as primeiras multinacionais do sector, a evolución segue un esquema bastante similar ó exposto.

I.2 A BASE ECONÓMICA DA EURORREXIÓN

Deternos unhas páxinas na análise da base económica da Eurorrexión ten a súa importancia na medida na cal os sectores de actividade máis importantes serán, *grosso modo*, aqueles sectores máis orientados cara ó comercio exterior. En definitiva, a análise de qué se produce no interior da Eurorrexión estará a indicarnos –aínda que de forma indirecta— cáles son os trazos máis característicos do seu comercio exterior. Como teremos ocasión de ver máis adiante, entre a base económica e o comercio exterior existe un nexo claro.

I.2.1. A composición do producto

Neste nivel de análise debemos ter en conta que o producto total da Eurorrexión é a suma simple do que achega a Rexión do Norte máis o que achega Galicia. Esta información figura no cadro Nº.I.2.1, onde se recolle a descomposición do VEB (p.m.) da Eurorrexión nos seus dous espacios rexionais. Como podemos comprobar, o peso das dúas rexións é moi similar entre si (contribucións moi próximas ó 50% cada unha), aínda que se observa un peso cada vez maior por parte da Rexión do Norte en detrimento da contribución galega. Se a contribución das dúas rexións á Eurorrexión é moi similar, o peso de cada unha nos seus respectivos conxuntos nacionais é claramente asimétrico. O cadro anterior infórmanos de cómo o peso da Rexión do Norte sobrepasa lixeiramente o 30% do producto de Portugal e cómo Galicia non acada o 6% do producto español. En consecuencia, a Eurorrexión no seu conxunto non chega a alcanzar o 10% do producto agregado de España e Portugal, é dicir, do conxunto ibérico.

Cadro I.2.1- VEB p.m. Total da Eurorrexión: Millóns de Ecus

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
	Total	A	B	Total	C	B	Total	D	B
1990	19.648,25	31,95	48,86	20.566,11	5,66	51,14	40.214,36	9,52	100,00
1991				22.324,70	5,57				
1992	20.162,90	31,42	46,56	23.141,30	5,55	53,44	43.304,20	9,13	100,00
1993	20.668,62	31,80	48,55	21.907,24	5,68	51,45	42.575,86	9,45	100,00
1994	21.470,63	31,44	49,78	21.657,62	5,30	50,22	43.128,25	9,55	100,00
1995	23.226,23	31,43	50,51	22.760,89	5,65	49,49	45.987,12	9,64	100,00
1996	26.903,68	31,30	51,52	25.319,77	5,53	48,48	52.223,45	9,61	100,00
1997	28.212,03	31,30							

A: Contribución da Rexión do Norte ó conxunto portugués
B: Contribución á Eurorrexión
C: Contribución de Galicia ó conxunto español.
D: Contribución da Eurorrexión ó conxunto ibérico.

Fuente: Elaboración propia baseada en IGE; **Anuario Estatístico Galicia Rexión Norte de Portugal, 1995** Santiago, 1997 e ss. Ademais actualizouse para Portugal, INE; **Contas Regionais**. Lisboa, 1999. e para España INE.; **Contabilidad Regional**. Madrid, 1999

A desagregación destes datos ó nivel RR17 figura no cadro Nº.I.2.2. O primeiro que debemos destacar é a maior importancia do sector servicios e da construcción en Galicia ca na Rexión do Norte e a penetración cada vez máis intensa que o sector servicios ten no interior do producto. Este formulamento do tema lévanos a ter que considerar que, no interior da producción total, existen ramas productivas que non producen bens susceptibles de estar suxeitos ó comercio internacional: a maioría da producción do sector servicios realízase *in situ* e non é almacenable e os productos da construcción son bens non desprazables e, neste sentido, todos eles bens non comerciables.

Cadro I.2.2 - COMPOSICIÓN DO VEB p.m. da Eurorrexión

	1992			1993		
Nace Clio - RR17	RNP	Galicia	Eurorrex	RNP	Galicia	Eurorrex
01 - Agricultura, Silvicultura e Pesca	1,75	4,04	5,79	1,48	3,76	5,24
06 - Productos Enerxéticos	2,30	4,45	6,75	2,66	5,11	7,77
13 - Minerais e Metais ferrosos e non ferrosos	0,16	0,28	0,44	0,15	0,38	0,54
15 - Minerais non metálicos e os seus productos	0,52	1,03	1,55	0,45	0,90	1,36
17 - Productos Químicos	0,42	0,41	0,83	0,30	0,43	0,72
24 - Prod. metálicos, Máquinas e mat. e ap. eléct.	2,54	1,03	3,57	2,46	0,86	3,32
28 - Material de Transporte	0,30	2,03	2,34	0,28	1,79	2,08
36 - Produtos Alimentarios, Bebidas e Tabaco	3,19	2,88	6,07	3,25	2,46	5,71
42 - Prod. Téxtiles, Coiro, Calzado e Vestiario	7,48	0,56	8,05	7,78	0,39	8,17
47 - Papel, Artigos en papel, Impresión	0,59	0,36	0,95	0,55	0,35	0,91
50 - Productos de Industrias Diversas	1,70	0,92	2,63	1,64	0,83	2,47
53 - Construcción e Obras Públicas	2,65	4,57	7,22	3,23	3,23	6,46
58 - Serv. de Comercio, Restaurantes e Hoteis	8,75	11,13	19,88	8,20	8,36	16,57
60 - Transportes e Comunicacións	2,72	3,67	6,39	2,51	3,19	5,70
69 - Institucións de Crédito e Seguros	3,37	4,16	7,53	2,45	3,99	6,44
74 - Outros Servicios Mercantís	4,27	8,98	13,25	6,28	12,86	19,14
86 - Servicios non Mercantís	7,54	7,15	14,69	7,78	6,50	14,28
69B - Producción Imputada de Servicios Bancarios	-3,68	-4,23	-7,91	-2,93	-3,94	-6,87
TOTAL	46,56	53,44	100,00	48,55	51,45	100,00

	1994			1995		
Nace Clio - RR17	RNP	Galicia	Eurorrex	RNP	Galicia	Eurorrex
01 - Agricultura, Silvicultura e Pesca	1,69	3,43	5,11	1,70	3,35	5,05
06 - Productos Enerxéticos	2,64	4,68	7,32	2,49	4,57	7,06
13 - Minerais e Metais ferrosos e non ferrosos	0,15	0,42	0,57	0,16	0,43	0,58
15 - Minerais non metálicos e os seus productos	0,44	0,90	1,34	0,44	0,90	1,35
17 - Productos Químicos	0,39	0,43	0,82	0,55	0,30	0,85
24 - Prod. metálicos, Máquinas e mat. e ap. eléct.	2,56	0,87	3,42	2,83	0,92	3,75
28 - Material de Transporte	0,22	1,78	2,01	0,29	1,88	2,17
36 - Produtos Alimentarios, Bebidas e Tabaco	3,32	2,52	5,85	3,19	2,67	5,86
42 - Prod. Téxtiles, Coiro, Calzado e Vestiario	7,72	0,41	8,13	7,35	0,44	7,79
47 - Papel, Artigos en papel, Impresión	0,56	0,39	0,96	0,53	0,24	0,77
50 - Productos de Industrias Diversas	1,70	0,87	2,57	1,66	0,67	2,32
53 - Construcción e Obras Públicas	3,56	3,62	7,18	3,73	4,88	8,61
58 - Serv. de Comercio, Restaurantes e Hoteis	8,64	7,61	16,25	9,08	9,93	19,01
60 - Transportes e Comunicacións	2,50	3,12	5,61	2,64	2,74	5,38
69 - Institucións de Crédito e Seguros	2,17	3,85	6,02	2,11	2,71	4,82
74 - Outros Servicios Mercantís	6,50	12,69	19,19	6,40	8,28	14,69
86 - Servicios non Mercantís	7,72	6,41	14,13	8,11	7,73	15,84
69B - Producción Imputada de Servicios Bancarios	-2,70	-3,79	-6,49	-2,74	-3,17	-5,91
TOTAL	49,78	50,22	100,00	50,51	49,49	100,00

Fonte: Elaboración propia baseada en IGE; **Anuario Estatístico Galicia Rexión Norte de Portugal, 1995.** Santiago, 1997 e ss. Ademais actualizouse para Portugal, INE; **Contas Regionais**. Lisboa, 1999. e para España INE; **Contabilidad Regional**. Madrid, 1999

En consecuencia, o que realmente nos interesa, para os efectos da nosa investigación, é a análise da composición interna da producción comercializable, isto é, a producción total excepto o sector da construcción e os servicios (é dicir, a producción dos sectores R01 a R50 da RR17, ambos inclusive). O cadro Nº.I.2.3 recolle a información necesaria para realizar a análise e aí imos deternos. A producción comercializable representa unha porcentaxe cada vez menor da producción total, e esta dinámica é observable tanto en Galicia coma na Rexión do Norte, aínda que presenta unha maior aceleración nesta última rexión. A evolución desta producción en termos absolutos (Ecus ano) revela que, en Galicia, os niveis alcanzados a principios dos anos noventa non se chegan a alcanzar nos exercicios posteriores mentres que, na Rexión do Norte, o nivel de producción máis elevado aparece no último exercicio observado. De todas formas, e en termos de Eurorrexión, a producción comercializable pasa dun 43% do total en 1990 a significar soamente un 37,5% en 1995.

Cadro I.2.3 - VEB p.m. Comercializable da Eurorrexión: Millóns de Ecus

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
	Total	A	B	Total	A	B	Total	A	B
1990	9.405,19	47,87	54,51	7.848,39	38,16	45,49	17.253,58	42,90	100,00
1992	9.071,30	44,99	53,77	7.799,70	33,70	46,23	16.871,00	38,96	100,00
1993	8.945,69	43,28	54,89	7.350,60	33,55	45,11	16.296,29	38,28	100,00
1994	9.225,50	42,97	56,16	7.202,15	33,25	43,84	16.427,66	38,09	100,00
1995	9.742,50	41,95	56,39	7.533,82	33,10	43,61	17.276,31	37,57	100,00

A: Porcentaxe sobre a producción total de cada rexión
B: Porcentaxe sobre a producción comercializable da Eurorrexión

Fonte: Elaboración propia baseada en IGE; **Anuario Estatístico Galicia Rexión Norte de Portugal, 1995.** Santiago, 1997 e ss. Ademais actualizouse para Portugal, INE; **Contas Regionais**. Lisboa, 1999 e para España INE; **Contabilidad Regional**. Madrid, 1999.

Outro aspecto significativo que hai que destacar é o feito da participación crecente da Rexión do Norte no conxunto da producción comercializable da Eurorrexión, realidade que xa detectaramos ó respecto da producción total. En efecto, A Rexión do Norte, en 1992, achegaba case o 54% da producción comercializable da Eurorrexión, mentres esta porcentaxe era xa superior en 1995.

O desglose da producción comercializable por ramas de actividade figura no cadro Nº.I.2.4. No conxunto da Eurorrexión o sector de actividade máis importante constitúeo a R42 (Téxtil, calzado, coiro e confección), sector que contribúe con algo máis do 20% do VEB comercializable. O mesmo cadro indícanos que esta producción se orixina na Rexión do Norte, mentres que a contribución de Galicia é moi pouco significativa. En segundo lugar, destaca o sector dos bens enerxéticos (R06), onde a contribución de Galicia é o dobre cá da Rexión do Norte. Os dous sectores seguintes, en orde de importancia, constitúenos o sector primario e o sector da alimentación (R01 e R36). Entre estes dous sectores achegan un 30% escaso da producción

comercializable da Eurorrexión, cunha presencia similar en Galicia e na Rexión do Norte, aínda que en Galicia o peso da agricultura duplica ó da Rexión do Norte. Os demais sectores teñen xa un peso menor. Aquí destacariamos a producción de Material de transporte (R28), cun peso importante en Galicia, e a fabricación de Productos metálicos e eléctricos (R24), cun peso importante na Rexión do Norte.

Cadro I.2.4 - Valor Engadido Bruto a prezos de mercado por Ramas de Actividade Nace-Clio RR17 1992 a 1995

	1992			1993		
Nace Clio - RR17	**RNP**	**Galicia**	**Eurorrex**	**RNP**	**Galicia**	**Eurorrex**
01 - Agricultura, Silvicultura e Pesca	4,48	10,38	14,86	3,87	9,81	13,68
06 - Productos Enerxéticos	5,90	11,43	17,33	6,95	13,35	20,30
13 - Minerais e Metais ferrosos e non ferrosos	0,40	0,71	1,12	0,40	1,00	1,40
15 - Minerais non metálicos e os seus productos	1,33	2,65	3,98	1,18	2,36	3,54
17 - Productos Químicos	1,07	1,05	2,12	0,77	1,11	1,89
24 - Prod. metálicos, Máquinas e mat. e ap. eléct.	6,53	2,64	9,17	6,42	2,26	8,68
28 - Material de Transporte	0,78	5,22	6,00	0,74	4,69	5,43
36 - Productos Alimentarios, Bebidas e Tabaco	8,19	7,40	15,59	8,50	6,43	14,92
42 - Prod. Téxtiles, Coiro, Calzado e Vestiario	19,21	1,45	20,66	20,33	1,02	21,34
47 - Papel, Artigos en papel, Impresión	1,51	0,93	2,44	1,44	0,92	2,36
50 - Productos de Industrias Diversas	4,37	2,37	6,74	4,29	2,16	6,45
01 a 50 - Producción comerciable	53,77	46,23	**100,00**	54,89	45,11	**100,00**
Comerciable / Total	44,99	33,70	38,96	43,28	33,55	38,28

	1994			1995		
Nace Clio - RR17	**RNP**	**Galicia**	**Eurorrex**	**RNP**	**Galicia**	**Eurorrex**
01 - Agricultura, Silvicultura e Pesca	4,43	8,99	13,42	4,52	8,92	13,44
06 - Productos Enerxéticos	6,93	12,28	19,21	6,63	12,16	18,78
13 - Minerais e Metais ferrosos e non ferrosos	0,40	1,11	1,51	0,41	1,14	1,56
15 - Minerais non metálicos e os seus productos	1,14	2,37	3,51	1,18	2,41	3,58
17 - Productos Químicos	1,02	1,13	2,16	1,46	0,81	2,27
24 - Prod. metálicos, Máquinas e mat. e ap. eléct.	6,71	2,27	8,98	7,54	2,45	9,99
28 - Material de Transporte	0,58	4,69	5,27	0,78	5,01	5,78
36 - Productos Alimentarios, Bebidas e Tabaco	8,73	6,62	15,35	8,49	7,11	15,60
42 - Prod. Téxtiles, Coiro, Calzado e Vestiario	20,28	1,07	21,34	19,56	1,18	20,74
47 - Papel, Artigos en papel, Impresión	1,48	1,03	2,51	1,41	0,65	2,06
50 - Productos de Industrias Diversas	4,46	2,28	6,74	4,41	1,78	6,19
01 a 50 - Producción comerciable	56,16	43,84	**100,00**	56,39	43,61	**100,00**
Comerciable / Total	42,97	33,25	38,09	41,95	33,10	37,57

Fonte: Elaboración propia baseada en IGE; **Anuario Estatístico Galicia Rexión Norte de Portugal, 1995** Santiago, 1997 e ss. Ademais actualizouse para Portugal, INE; **Contas Regionais**. Lisboa, 1999. e para España INE; **Contabilidad Regional**. Madrid, 1999

En resumo, a Eurorrexión presenta un perfil ó respecto da producción de bens comerciables no que sobresae o sector Téxtil, calzado, coiro e confección (pouco máis do 20% do total); a producción de bens Enerxéticos (un escaso 20% do total); o sector Primario (un 14%) e o sector da Alimentación (pouco máis dun 15%). A isto habería que engadirlle o sector da Automoción (un 6% escaso) e o da Aparellaxe eléctrica (un 10%). Ó mesmo tempo, é de sinalar o feito de que os perfís productivos das dúas subrexións son bastante complementarios entre si: os sectores que predominan nunha rexión son pouco relevantes na outra e viceversa [20].

I.2.2. A distribución espacial do producto, 1995

Neste epígrafe imos tratar de situar a Eurorrexión no seu contexto, é dicir, na economía ibérica, tanto no que se refire ó producto coma no que se refire á composición sectorial deste. En efecto, tal e como nos mostra o Mapa Nº.I.2.5, o producto (VEB p.m.) de Iberia encóntrase moi concentrado no espacio. A provincia de Madrid achega, ela soa, un 13,4% do producto ibérico e a de Barcelona un 11,8%, ambos en 1995. Nun segundo nivel de concentración están a provincia de Valencia (4,5%), a rexión de Lisboa (6,5) e a Rexión do Norte, con case un 5% do producto ibérico, porcentaxe similar á que achega Galicia no seu conxunto [21].

Agora ben, a concentración espacial do producto non ten que ver de forma excluínte coa economía ibérica no seu conxunto. A Eurorrexión tamén presenta un nivel de concentración espacial do producto verdadeiramente notable. O cadro Nº.I.2.6 pon de manifesto como, na Eurorrexión, a provincia da Coruña e Grande Porto concentran case a metade do producto da Eurorrexión. A estes dous espacios habería que engadirlles a provincia de Pontevedra para obter xa unha porcentaxe do 60% da producción total da Eurorrexión. Como nos pon de manifesto o mapa anterior, os espacios do interior (non costeiro) teñen unhas contribucións moi reducidas ó producto.

[20] Aínda tendo en conta que o nivel de agregación a RR17 é moi elevado, os coeficientes de correlación entre a producción das distintas ramas de comerciables entre Galicia e a Rexión do Norte non alcanza o 0,1 en ningún exercicio dos considerados nesta análise.

[21] Para unha análise en detalle dos desequilibrios rexionais, véxase, para o caso portugués, INE; **Contas Económicas Regionais**. Lisboa, 1999. (En especial o Cap.2, <Análise dos resultados e indicadores rexionais>). Para o caso español, Villaverde, J.; **Diferencias regionales en España y en la UME**. Ed. Pirámide. Madrid, 1999. Para un tratamento de conxunto, véxase Comisión Europea; **Sixième rapport périodique sur la situation et l'évolution socioéconomique des regions**. Bruxelas, 1999.

Mapa I.2.5



Cadro I.2.6 - Eurorrexión: VEB p.m. por subrexións, 1995

	Millóns Ecus	Eurorrex=100	Iberia = 100
A Coruña	10 177,52	22,13	2,13
Lugo	2 820,56	6,13	0,59
Ourense	2 669,74	5,81	0,56
Pontevedra	7 093,07	15,42	1,49
Minho-Lima	1 219,43	2,65	0,26
Cávado	2 152,38	4,68	0,45
Ave	3 075,96	6,69	0,64
Grande Porto	10 728,88	23,33	2,25
Tâmega	1 957,91	4,26	0,41
Entre Douro e Vouga	1 717,84	3,74	0,36
Douro	1 270,56	2,76	0,27
Alto Trás-os-Montes	1 103,25	2,40	0,23
	45 987,11	**100,00**	**9,64**

Fonte: Véxase texto.

I.2.3. O perfil da especialización productiva

O cadro Nº.I.2.7 recolle as porcentaxes, para cada RR17, que significan as producciónes de Galicia sobre España, as da Rexión do Norte sobre Portugal e as da Eurorrexión sobre o total de Iberia (léase España e Portugal consolidados), sempre para 1995. O primeiro que hai que destacar é o reducido peso que ten o sector servicios nos tres espacios ou, o que vén ser o mesmo, as elevadas participacións nos sectores dos bens comerciables.

Cadro I.2.7 - ESPECIALIZACIÓNS PRODUCTIVAS, 1995

		RNP / Port	Gal / Esp	Eurorrex / Iberia
01	Productos da Agricultura, Silvicultura e Pesca	24,63	12,09	14,59
06	Productos Enerxéticos	37,92	8,81	12,08
13	Minerais e metais ferrosos e non ferrosos	24,00	6,30	7,83
15	Minerais non metálicos e os seus productos	15,66	6,30	7,84
17	Productos Químicos	19,40	1,99	4,70
24	Productos metálicos, máquinas, materiais e aparatos elétricos	43,89	2,41	8,42
28	Material de Transporte	12,90	10,27	10,56
36	Productos alimentarios, bebidas e tabaco	32,47	7,10	12,35
42	Productos téxtiles, coiro, calzado e vestiario	80,58	3,18	33,87
47	Papel, artigos de papel, productos de impresión	20,54	2,24	5,74
50	Productos de industrias diversas	58,09	4,23	12,47
53	Construción e Obras Públicas	34,57	6,44	9,95
58	Recuperación, reparación, servicios de comercio, restauración e hoteis	27,58	4,77	7,88
60	Transportes e Comunicacións	25,40	5,04	8,30
69	Institucións de crédito e seguros	25,24	4,69	7,28
74	Outros servicios mercantís	25,56	5,26	8,05
86	Servicios non mercantís	27,89	6,04	10,08
69B	Producción imputada de servicios bancarios	31,43	5,65	9,13
TOTAL		**31,43**	**5,65**	**9,64**

Fonte: Elaboración propia baseada en IGE; **Anuario Estatístico Galicia Rexión Norte de Portugal, 1995** Santiago, 1997 e ss. Ademais actualizouse para Portugal, INE; **Contas Regionais**. Lisboa, 1999. e para España INE; **Contabilidad Regional**. Madrid, 1999

Na estructura deste último tipo de bens, a Eurorrexión presenta un perfil no cal a especialización apunta cara ó sector Téxtil, calzado, coiro e confección (R42), gracias a que a Rexión do Norte concentra o 80% da producción portuguesa e a Eurorrexión un tercio da producción ibérica. Entre o 10% e o 15% da producción ibérica encontramos sectores cunhas especializacións (léase contribucións) moi semellantes entre si. Aquí teriamos o sector Primario (R01), o sector Enerxético (R06), a producción de Material de transporte (R28) e o sector Alimentación (R36), moi establecidos en Galicia, e o sector das Industrias diversas (que inclúe a madeira e a cortiza, por exemplo), fortemente establecido na Rexión do Norte.

I.2.4. Os fluxos de investimento estranxeiro

A nova teoría do comercio internacional concede unha importancia básica ós fluxos de capital estranxeiro e interprétaos de forma diferente a como o facía a teoría tradicional da integración económica. En efecto, a plena mobilidade de factores de producción (investimentos estranxeiros directos, por exemplo) estaba considerada soamente en graos moi altos no nivel de integración económica entre países, e o prexuízo teórico fundamental consistía en supoñer que os investimentos substituían ós fluxos de comercio internacional. Baseadas en aproximacións teóricas deste tipo, levantáronse, por exemplo, estratexias de desenvolvemento económico orientadas cara á industrialización substitutiva de importacións e, ademais, moitas veces, tratando de substituír importacións por producción interior realizada no seo de empresas multinacionais. O que si parece corresponderse coa evidencia empírica é que este tipo de experiencias ten unha fase inicial na que, efectivamente, se reducen as importacións, pero existe unha segunda fase na que os investimentos estranxeiros acumulados non só non reducen o comercio exterior senón que, polo contrario, créano [22].

A existencia de investimentos estranxeiros nunha rexión e a existencia de investimentos desa rexión no estranxeiro, principalmente -aínda que non só- no sector dos comerciables [23], está directamente relacionada coa existencia de comercio intraindustrial e, máis concreta e frecuentemente, con comercio intrafirma, isto é, fluxos comerciais (comercio internacional) entre filiais diferentes dunha mesma empresa multinacional, establecida ó mesmo tempo en varios países. Xa teremos ocasión de ver máis adiante como aqueles sectores cun peso das empresas multinacionais moi importante, son sectores nos cales o comercio exterior é voluminoso (tanto en termos absolutos coma relativos) e, ó mesmo tempo, ese comercio internacional presenta un nivel de comercio intraindustrial moi considerable. Ademais, estas características non só afectan ó comercio dun sector en concreto (pensemos, por exemplo, o sector da automoción na Eurorrexión), senón que afectan tamén á análise das relacións comerciais entre os diferentes países: pensemos, por exemplo, na Eurorrexión vis a vis Francia.

---

[22] A experiencia -e a evidencia empírica- do sector automoción en España é moi ilustrativa do que aquí estamos sostendo. Respecto á teoría do comercio internacional en termos de competencia imperfecta, e cómo se aborda a complementariedade *versus* concorrencia entre capital estranxeiro versus comercio exterior, véxase Markusen, J. e Venables, A.; <Multinational firms and the new trade theory> en **N.B.E.R. working paper**, 5036. 1995. E ademais consúltese Fontagné, L. e Pajot, M.; <How foreing investment affects international trade and competitiveness: an empirical assessment> en **Document de travail du Cepii**. Nº.97-03. París, 1997. Vexase tamén Barrios, S.; <Inversión directa extranjera y especialización comercial en los países periféricos>. **Documento de trabajo de Fedea**, 97-16. Madrid, 1997.

[23] A penetración de capital estranxeiro no sector dos non comerciables pode ter repercusións importantes en termos do sector de comerciables, sobre todo cando aquela penetración ocorre no sector da distribución. Un bo exemplo constitúeo a implantación dunha empresa española e a súa rede de distribución polo miúdo de gasolinas en Portugal, e outra empresa do mesmo sector con orixe en Portugal que se instala en España. Nun primeiro momento, estas empresas poden adoptar a estratexia de abstecerse de gasolinas para a súa distribución no país de acollida (os españois distribúen gasolina portuguesa en Portugal e os portugueses gasolina refinada en España no mercado español). Nun segundo momento, a estratexia pode ser outra: os españois abastecen os seus puntos de venda en Portugal con gasolina española e os portugueses abastecen os seus puntos de venda en España desde as súas refinerías en Portugal. Esta última situación -un exemplo típico de comercio intraindustrial- xera comercio internacional desde a esfera da distribución, isto é, desde a esfera dos investimentos cruzados no sector dos non comerciables. E este exemplo pódese xeneralizar.

As razóns anteriores lévannos a tratar de analizar o máis detalladamente posible os investimentos na Eurorrexión procedentes do estranxeiro e, paralelamente, os investimentos da Eurorrexión no exterior. A realización deste obxectivo choca cun problema metodolóxico importante; vexamos: para España, existe información rexionalizada sobre os investimentos estranxeiros e sobre os investimentos no estranxeiro, alomenos, desde avanzados os anos setenta en diante [24]. Polo contrario, o Banco de Portugal non segrega rexionalmente nin os investimentos estranxeiros en Portugal nin os investimentos de Portugal no estranxeiro, de tal modo que non sabemos nada a este respecto sobre a Rexión do Norte. Sen embargo, "existe información sobre as intencións de investimento, rexistradas polo ICEP entre 1991 e 1995" na Rexión do Norte, información que, con estas precaucións, se utiliza habitualmente como unha *proxi* do investimento estranxeiro [25]. Presentado así o problema, agregamos o investimento estranxeiro en Galicia por países de procedencia para o período 1991 a 1995 e, coa información anterior, consolidamos o investimento estranxeiro na Eurorrexión para o período 1991 a 1995. Os resultados globais figuran no cadro Nº.I.2.8, onde queda de manifesto, e con todas as limitacións expostas, que os fluxos de investimento estranxeiro son moito máis importantes na Rexión do Norte ca en Galicia, sendo en ambas as rexións os investimentos estranxeiros moi reducidos. No caso de Galicia, por exemplo, os investimentos estranxeiros alcanzan ocasionalmente o 2% dos investimentos estranxeiros en España e, outro aspecto, alcanzan ocasionalmente o 5% dos ingresos rexionais por exportacións. Aínda que estas porcentaxes son máis elevadas na Rexión do Norte, debemos ter en conta que, aquí, as intencións de investimento alcanzan ocasionalmente o 8% dos ingresos por exportación, porcentaxe que queda no 6% dos ingresos por exportacións se temos en conta a Eurorrexión no seu conxunto.

Como teremos ocasión de ver máis adiante, no reducido do investimento estranxeiro na Eurorrexión está unha das explicacións a un comercio intraindustrial tamén reducido, se o comparamos, por exemplo, co que se detecta no comercio español ou no portugués.

Cadro I.2.8 - Investimento Estranxeiro (Millóns de Ecus)

	RNP	Galicia	Eurorrex
1991	379,04	118,78	497,82
1992	202,92	318,62	521,54
1993	324,06	170,80	494,86
1994	125,51	51,38	176,89
1995	150,04	196,67	346,71

Fonte: Véxase texto.

[24] A Dirección General de Política Comercial e Inversiones Exteriores leva un rexistro sistemático dos investimentos estranxeiros en España e os de España no estranxeiro. Unha versión elaborada desta información de base, e no que a Galicia se refire, pode verse en Varios; **El comercio exterior de Galicia, 1991**. Ed. Banco Pastor. A Coruña, 1992. Existen actualizacións anuais deste informe.

[25] Véxase Varios; **Plano Nacional de desenvolvimento económico e social 2000-2006. O Comércio externo da Reglao do Norte. Caracterizaçao global**. Ed. CCRN e ICEP. Porto. 1998. En especial páxs.73 e ss.

A orixe do investimento estranxeiro na Eurorrexión queda exposto no cadro Nº.I.2.9. Aí consideramos o investimento estranxeiro total, aquel con orixe na UE (a 15) e na UE sen España nin Portugal (o que denominamos UE a 13). Como o cadro anterior pon de manifesto, a Unión Europea é o principal investidor estranxeiro na Eurorrexión, cunha porcentaxe que alcanza o 80% do investimento estranxeiro total e, ademais, ese cadro mostra como España e Portugal son os principais investidores estranxeiros individuais. Se consideramos só a Unión Europea sen España nin Portugal, Francia toma o relevo como principal investidor na Eurorrexión, sendo o responsable de case un 20% do investimento estranxeiro. Holanda e Alemaña manteñen tamén un fluxo importante de investimento e, xa a outro nivel, o Reino Unido. Entre estes tres países son os responsables de máis dun 60% do investimento estranxeiro na Eurorrexión, e todo isto sen ter en conta nin España nin Portugal.

Cadro I.2.9 - Orixe do investimento estranxeiro, período 1991 a 1995

	Rexión do Norte			Galicia			Eurorrexión		
	Total	UE 15	UE 13	Total	UE 15	UE 13	Total	UE 15	UE 13
Francia	12,90	18,14	20,57	4,35	4,64	13,96	9,31	11,55	18,82
Bélxica Lux	5,00	7,03	7,97	4,74	5,06	15,24	4,89	6,07	9,89
Holanda	5,60	7,88	8,93	10,02	10,70	32,21	7,46	9,26	15,09
Alemaña	8,40	11,81	13,40	7,07	7,55	22,71	7,84	9,73	15,86
Italia	4,50	6,33	7,18	0,04	0,04	0,13	2,63	3,26	5,31
Reino Unido	6,20	8,72	9,89	3,99	4,26	12,83	5,27	6,54	10,67
Irlanda	0,60	0,84	0,96	0,00	0,00	0,00	0,35	0,43	0,70
Dinamarca	4,50	6,33	7,18	0,78	0,84	2,52	2,94	3,65	5,94
Grecia	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Portugal	0,00	0,00	0,00	42,82	45,72	0,00	17,99	22,33	0,00
España	8,40	11,81	0,00	19,72	21,05	0,00	13,16	16,33	0,00
Fin+Aus+Sue	15,00	21,10	23,92	0,12	0,13	0,39	8,75	10,86	17,70
UE 13	62,70	88,19	100,00	31,12	33,23	100,00	49,43	61,35	100,00
UE 15	71,10	100,00		93,65	100,00		80,58	100,00	
Outros	28,90			6,35			19,42		
Total	100,00			100,00			100,00		

Fonte: Elaboración propia segundo se indica no texto

Aínda que o sector dos non comerciables é un destinatario importante do investimento estranxeiro (o sector financeiro, ou os investimentos en inmobles, por exemplo), dentro da producción dos bens comerciables existe unha relación bastante directa entre a importancia do sector na base económica rexional e a capacidade de absorción de investimentos estranxeiros. Así, no que se refire á Rexión do Norte, a Industria téxtil, coiro e confección, a Fabricación de productos metálicos e máquinas, Alimentación, bebidas e tabacos, son os principais destinatarios do investimento estranxeiro no período 1991 a 1995. Pero non só é unha cuestión de *fluxo* senón que tamén o é de *stock*. Neste sentido, "catro sectores, as máquinas eléctricas, o calzado, a confección e o téxtil, posúen o 53,5% das empresas controladas por capital estranxeiro na industria transformadora e o 77,4% do emprego" [26].

[26] Véxase Varios; **Plano Nacional de desenvolvimento ...** Op. Cit., Páx.82.

En Galicia, os investimentos estranxeiros son reducidos en termos de fluxo, o cal non é óbice para que sectores importantes dentro da producción de comerciables estean controlados basicamente polo capital estranxeiro. O exemplo paradigmático aparece co sector da automoción, no cal unha soa empresa multinacional de matriz francesa controla case a totalidade da producción do sector.

A análise dos investimentos da Eurorrexión no estranxeiro choca coa dificultade anterior (a inexistencia de información rexionalizada para Portugal) e non encontramos ningunha *proxi* adecuada. Soamente dicir que, a información para Galicia, revela unha presencia rexional moi reducida no investimento español no estranxeiro (ocasionalmente un 2%) e en termos absolutos son cantidades moi reducidas.

I.3 ALGUNHAS CUESTIÓNS METODOLÓXICAS PREVIAS

Como vimos máis arriba, neste epígrafe imos tratar a natureza da información dispoñible, a articulación dos mercados exteriores da Eurorrexión e algunhas cuestións relevantes en termos de taxa de cambio.

I.3.1. A natureza da información dispoñible

Do mesmo modo que a información sobre o comercio exterior de Galicia está dispoñible desde 1980 en adiante, a información estatística sobre o comercio exterior da Rexión Norte de Portugal presenta unhas dispoñibilidades limitadas. A primeira delas consiste en que, para a Rexión Norte, os datos anteriores a 1993 non están dispoñibles. Para os anos 1993 e 1994, os datos existentes están desagregados para as XXI Seccións arancelarias ou desagregados por país [27]. Ademais disto, esta información refírese ó comercio intracomunitario (UE a 12), ignorándose o comercio exterior total da Rexión Norte. Para o período 1995 a 1997, os datos seguen a limitarse ó comercio intracomunitario (agora a UE a 15) e a natureza da información é xa ó maior nivel de desagregación posible e, neste sentido, compatible coa información dispoñible para Galicia.

Como consecuencia do anterior, ignoramos o comercio exterior total da Eurorrexión e soamente coñecemos o comercio exterior coa UE a 12 para 1993 e 1994 e coa UE a 15 desde 1995 en adiante. No que se refire ó nivel de agregación, para o primeiro período, dispoñemos dos agregados sección arancelaria e país intra UE a 12 e, para o segundo, a información dispoñible mantén xa un nivel de agregación pormenorizado (Taric a oito díxitos, valores, pesos, unidades e países intra UE a 15). De todos formas, os problemas das bases de información estatística non acaban aquí.

[27] Para 1993, véxase IGE; **Anuario Estatístico Galicia Norte de Portugal, 1995**. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. E para 1994, véxase I.G.E.; **Anuario Estatístico Galicia Norte de Portugal, 1996**. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. A este respecto resulta moi ilustrativo o traballo de Fernández González, R. et all.; **A información estatística para a Eurorrexión Galicia Norte de Portugal**. Mimeo. Santiago, 1999.

I.3.2. Os mercados exteriores e as bases de datos

En rigor, o comercio intracomunitario da Eurorrexión Galicia e Norte de Portugal é o comercio dese conxunto xeográfico co resto da península e cos trece países restantes da Unión Europea [28]. Formular o tema nestes termos –véxase Esquema Nº.1- orixina un problema metodolóxico moi consistente.

A información dispoñible sobre o comercio exterior da Rexión Norte de Portugal refírese unicamente ó comercio desa rexión co resto da UE, clasificada esta por países. Polo tanto, as importacións e as exportacións inclúen a España no seu conxunto, sendo imposible segregar as rexións españolas que son o outro extremo dos tráficos comerciais coa súa orixe ou destino na rexión Norte de Portugal [29].

Coa información sobre o comercio externo de Galicia ocorre o mesmo. O comercio galego con Portugal non se pode desglosar pola rexión portuguesa de orixe ou destino dos tráficos comerciais de Galicia [30].

Nun contexto deste tipo temos dúas posibilidades. A primeira consiste en excluír dos datos da Rexión Norte o comercio con España e, simetricamente, excluír dos datos de Galicia o comercio con Portugal. Esta primeira posibilidade consiste, na práctica, en ter en conta soamente o comercio da Eurorrexión coa UE a 15, excluídos España e Portugal, é dicir, a fórmula UE a 15 menos dúas (véxase Esquema Nº.2). Esta posibilidade ten, alomenos, unha vantaxe e un inconveniente. A vantaxe é que, en rigor, ó excluír España e Portugal estamos excluíndo dous tráficos sobre os que carecemos absolutamente de datos. Así, excluímos o comercio de Galicia co resto de España, e o da Rexión Norte co resto de Portugal, comercios sobre os que se carece totalmente de información [31]. O inconveniente refírese ó solapamento entre Galicia e a Rexión Norte. En efecto, nós non podemos extraer do comercio de Galicia con Portugal o segmento que queda na Rexión Norte nin tampouco ó contrario: non podemos extraer do comercio da rexión Norte con España o tráfico con orixe ou destino en Galicia. O inconveniente consiste en que, tanto baixo o punto de vista da rexión Norte coma de Galicia, o comercio con España ou Portugal é un tráfico moi importante no plano cualitativo e no cuantitativo [32].

---

[28] Para un maior rigor, engadímoslle tamén os tráficos comerciais coa Unión Europea que son dificilmente asignables a un país en concreto. Estes tráficos, cuantitativamente residuais, refírense ós códigos país **951** (Avituallamentos e combustibles no marco dos intercambios intracomunitarios) e ó código **959** (Operacións con países e territorios non determinados no marco dos intercambios intracomunitarios).

[29] Para máis información, véxase CEGEA; "O Comércio externo da regiao do Norte. Caracterizaçao global" en **Plano Nacional de desenvolvimento económico e social, 2000 – 2006**. Ed. CCRN e ICEP. Porto, 1998. Páx. 59.

[30] Véxase, Sequeiros Tizón, J. (Dir); **El comercio exterior de Galicia, 1980–1997**. Ed. Instituto de Estudios Económicos de Galicia. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña, 1999. En especial Cap. I.

[31] Sobre o comercio de Galicia co resto de España só existe a información que nos ofrecen as Táboas Input Output de Galicia para 1980 e 1990. Para a Rexión do Norte a situación é aínda máis restrictiva. Véxase CEGEA; <O Comércio externo da regiao do Norte. Caracterizaçao global> en **Plano Nacional de desenvolvimento económico e social, 2000–2006**. Ed. CCRN e ICEP. Porto, 1998. Sobre o caso de Galicia resulta moi interesante a contribución de Santiso Blanco; **A Balanza comercial de Galicia co resto de España**. Mimeo. Santiago, 1999.

[32] Como teremos ocasión de ver un pouco máis adiante, Portugal significa unha porcentaxe importante do comercio exterior de Galicia (máis dun 10% das importacións e máis dun 25% das exportacións galegas á Unión Europea) e, ó mesmo tempo, España é un mercado importante para a Rexión Norte (case un 30% das importacións e un 15% das exportacións á UE na segunda metade dos noventa). Como podemos comprobar, estamos falando de segmentos de mercado moi amplos.

Esquema 1

FLUXOS COMERCIAIS DA EURORREXIÓN GALICIA NORTE PORTUGAL

	RNP	Galicia	Resto Port.	Resto Esp.	Resto UE
RNP	-------	non	si	si	si
Galicia	non	-------	si	si	si
Eurorrex	non	non	si	si	si

Esquema 2

FLUXOS COMERCIAIS DA EURORREXIÓN: Escenario primeiro

	RNP	Galicia	Resto Port.	Resto Esp.	Resto UE
RNP	-------	non	non	non	si
Galicia	non	-------	non	non	si
Eurorrex	non	non	non	non	si

Esquema 3

FLUXOS COMERCIAIS DA EURORREXIÓN: Escenario segundo

	RNP	Galicia	Resto Port.	Resto Esp.	Resto UE
RNP	-------	si	non	si	si
Galicia	si	-------	si	non	si

A segunda posibilidade –véxase Esquema Nº.3- consiste en considerar (e consolidar) o comercio de cada rexión coa UE a 15. Esta fórmula presenta algunhas limitacións. Facelo así, baixo o punto de vista de Galicia, supón ignorar os tráficos comerciais co resto de España e agregar o comercio coa Rexión Norte de Portugal. Simetricamente, e baixo o punto de vista desta última rexión, supón ignorar os tráficos comerciais co resto de Portugal e agregar o comercio con Galicia [33]. En síntese, esta posibilidade, na práctica, supón a adición pura e simple do comercio da rexión Norte coa UE e o comercio de Galicia coa UE, e así obter o resultado consolidado para a Eurorrexión. Ademais, debemos ter en conta que, con esta fórmula, o comercio bilateral entre Galicia e a Rexión do Norte aparecería duplicado no total da Eurorrexión.

[33] O comercio bilateral entre Galicia e a Rexión Norte é moi considerable: a rexión Norte supón un peso extraordinario no comercio de Galicia con Portugal: case o 45% das exportacións e un 65% das importacións galegas con orixe en Portugal. Sen embargo, o peso de Galicia no comercio externo da Rexión Norte é xa máis reducido: algo menos do 25% do comercio desa rexión con España. Máis adiante volveremos con detemento sobre este tráfico.

En definitiva, esta segunda posibilidade ten a vantaxe de ligar o comercio exterior á utilización da taxa de cambio, mesmo no que se refire ó comercio interno á Eurorrexión, isto é, ós intercambios internos entre Galicia e a Rexión Norte de Portugal. E isto foi así, polo menos, ata xaneiro de 1999 e a entrada en vigor do Euro e as taxas de cambio fixas e irrevocables.

Ó final inclinámonos pola primeira alternativa, é dicir, o formulamento metodolóxico que se recolle no Esquema Nº.2. As razóns que explican esta opción céntranse fundamentalmente na comparabilidade na análise por países. Ó non considerar nin España nin Portugal nos resultados, o resto dos mercados son comparables totalmente entre si, isto é, renunciamos ó comercio da Rexión Norte con España e ó de Galicia con Portugal e, como consecuencia, renunciamos tamén ó comercio bilateral entre a Rexión Norte e Galicia (ó comercio interno á propia Eurorrexión). Existe tamén unha segunda razón, non por isto menos importante. O cadro Nº.I.3.1 recolle, para importacións e exportacións, os pesos relativos dos distintos mercados, información que nos permite ponderar adecuadamente a magnitude de cada mercado e de cada problema. A aplicación do formulamento metodolóxico do esquema Nº.2 recolle arredor do 80% do comercio intracomunitario, porcentaxe que podemos considerar suficiente e representativa. O cadro anterior explica tamén como a opción escollida non ten a mesma relevancia en Galicia ca na Rexión do Norte. En efecto, polo lado das importacións, a RNP está moito máis vinculada a España do que Galicia está vinculada a Portugal. Polo lado das exportacións, é Galicia a que depende moito máis do mercado portugués, do que depende a RNP do mercado español.

O cadro infórmanos moi sinteticamente de cómo Galicia realiza o 8% das súas importacións na RNP, o 5% no resto de Portugal e un 87% no resto da UE. A Rexión do Norte realiza o 6% das súas importacións en Galicia, o 21% no resto de España e, polo tanto, case un 75% no resto da UE. Coas observacións apuntadas, a situación do lado das exportacións é similar.

Cadro I.3.1 - ESTRUCTURA DO COMERCIO INTRACOMUNITARIO DAS REXIÓNS E DA EURORREXIÓN

FLUXOS COMERCIAIS DA EURORREXIÓN: Importacións						
	RNP	Galicia	Resto Port.	Resto Esp.	Resto UE	Total
RNP	-------	6,00	-------	21,00	73,00	100,00
Galicia	8,00	-------	5,00	-------	87,00	100,00
Eurorrex	3,00	4,00	2,00	13,00	78,00	100,00
FLUXOS COMERCIAIS DA EURORREXIÓN: Exportacións						
	RNP	Galicia	Resto Port.	Resto Esp.	Resto UE	Total
RNP	-------	3,00	-------	11,00	86,00	100,00
Galicia	11,00	-------	14,00	-------	75,00	100,00
Eurorrex	3,00	2,00	4,00	8,00	83,00	100,00

Fonte: Véxase texto.

En consecuencia, a mellor opción é, ó noso xuízo, renunciar ós fluxos que presentan problemas irresolubles e que son prescindibles, para centrarnos nos comercios que revisten un carácter cuantitativo fundamental, isto é, a opción metodolóxica que se presenta no Esquema Nº.2. De todas formas, e a un nivel introductorio, imos dedicarlle unhas páxinas ó estudio destes fluxos colaterais máis adiante, nun Anexo a esta mesma investigación.

I.3.3. A Taxa de cambio Pta versus E$C versus Ecu

Outro dos problemas metodolóxicos cos que se encontra este traballo reside nas diferentes moedas nas cales veñen definidos os valores do comercio exterior nos datos de partida: en Pesetas os datos de Galicia e en Escudos os datos da Rexión Norte. A proposta de traballo consiste en traducir tanto uns como outros a unha moeda común, necesariamente o Ecu (desde 1999 o Euro).

Tomada a decisión anterior, aparece unha posibilidade adicional: os datos de Galicia veñen expresados por meses e, polo tanto, podemos utilizar as medias mensuais da cotización do Ecu en Ptas. Sen embargo, os datos da Rexión Norte veñen expresados en totais anuais, co cal perdemos aquela maior precisión. En definitiva, optamos por utilizar os datos anuais nas dúas rexións e traducilos a Ecus, utilizando os *Prezos medios anuais* do *Ecu* expresados en Ptas e en Escudos para o período en estudio [34], tal e como recollen os Gráficos Nº.I.3.2 e Nº.I.3.3.

Non é este nin o momento nin o lugar para analizar as traxectorias tan dispares entre o prezo dun Ecu expresado en Pesetas e expresado en Escudos. Simplemente sinalar que, entre 1985 e 1999, este prezo aumentou moito máis rapidamente en Escudos ca en Pesetas, fenómeno que se detecta tamén, pero en sentido contrario, se só temos en conta o período 1993 a 1997. Os prezos do Ecu en España aumentan case o dobre do que o fan expresados en Escudos (véxase cadros Nº.I.3.4a e I.3.5a).

Estas traxectorias tan dispares déixanse translucir tamén se temos en conta o prezo das moedas dos países europeos, prezos expresados en Escudos ou en Pesetas, como fan os cadros Nº.1.3.4b e 1.3.5b.

[34] As taxas de cambio anuais medias do Ecu expresadas en Escudos ou Pesetas son as que figuran a continuación. Estes valores utilizámolos para pasar desde cada moeda a unha unidade común.

	Prezo medio anual do Ecu expresado en			
	Esc.	Ptas.	Esc.	Ptas.
1993	188,370	149,124	**100,00**	**100,00**
1994	196,896	158,918	104,53	106,57
1995	196,105	163,000	104,11	109,31
1996	195,761	160,748	103,92	107,79
1997	198,589	165,887	105,42	111,24

Fonte: Elaboración propia baseada na información obtida no Banco de España (Madrid), no Banco de Portugal (Lisboa) e contrastada en Eurostat (Bruxelas).

Gráfico I.3.2 - Prezo medio do Ecu expresado en Ptas. (1987 e ss.)



Fonte: Banco de España, INE. (Madrid) e Eurostat.

Gráfico I.3.3 - Prezo medio do Ecu expresado en Esc. (1987 e ss.)



Fonte: Banco de Portugal, INE (Lisboa) e Eurostat.

Cadro I.3.4a - TAXA DE CAMBIO MEDIA ANUAL DO ESCUDO PORTUGUÉS: Prezo en ESC das divisas da zona Euro e da Unión Europea

	DEM	ESP	FRJ	BEF	NLG	IEP	ITL	ATS	FIM	ECU	UK	DKm	Suecia	Grecia
1987	78,4485	1,14284	23,4494	3,77563	69,6170	209,507	0,108713	11,152750	32,0732	162,492	230,690	20,6088	22,2255	1,04069
1988	81,9672	1,23587	24,1650	3,91547	72,8303	219,183	0,110624	11,657167	34,3889	170,019	255,957	21,3814	23,4789	0,93207
1989	83,7986	1,33036	24,6956	3,99896	74,2870	223,268	0,114810	11,906750	36,5664	173,323	257,737	21,5503	24,4190	0,96976
1990	88,2405	1,39908	26,1818	4,26840	78,3258	235,862	0,119015	12,544750	37,2954	181,404	253,691	23,0461	24,0768	0,89978
1991	87,1422	1,39108	25,6214	4,23255	77,3353	232,735	0,116581	12,384333	35,7540	178,833	254,816	22,5930	23,8817	0,79392
1992	86,4543	1,32035	25,5042	4,19945	76,7852	229,591	0,109800	12,285667	30,1861	174,438	237,658	22,3659	23,2344	0,70807
1993	97,1660	1,26338	28,3577	4,64735	86,4982	235,306	0,102222	13,810583	28,1346	187,803	241,381	24,7758	20,6445	0,70049
1994	102,3038	1,23903	29,9087	4,96473	91,2257	248,149	0,102903	14,541833	31,8335	196,371	253,896	26,1037	21,5070	0,68399
1995	104,6878	1,20329	30,0613	5,08833	93,4583	240,452	0,092123	14,880250	34,3579	193,897	236,666	26,7701	21,0521	0,64736
1996	102,5278	1,21803	30,1513	4,98199	91,5013	246,900	0,099989	14,573250	33,5896	193,169	240,898	26,6013	23,0014	0,64076
1997	101,0803	1,19692	30,0270	4,89868	89,8153	265,644	0,102898	14,363417	33,7631	197,956	287,058	26,5320	22,9514	0,64183
1998	102,4283	1,20642	30,5529	4,96528	90,8680	256,541	0,103771	14,558000	33,7149	202,064	298,480	26,8945	22,6757	0,61048
1999	**102,5050**	**1,20492**	**30,5634**	**4,96984**	**90,9753**	**254,560**	**0,103541**	**14,569700**	**33,7188**	**200,482**				
2000	102,5050	1,20492	30,5634	4,96984	90,9753	254,560	0,103541	14,569700	33,7188	200,482				

Fonte: Elaboración propia sobre información obtida no Banco de Portugal: cotizacións medias mensuais das diferentes moedas.

Cadro I.3.5a - TAXA DE CAMBIO MEDIA ANUAL DA PESETA: Prezo en Ptas. das divisas da zona Euro e da Unión Europea

	DEM	ESC	FRJ	BEF	NLG	IEP	ITL	ATS	FIM	ECU	UK	DKm	Suecia	Grecia
1987	68,6859	0,874025	20,5373	3,30673	60,9511	183,470	0,0952408	9,76802	28,0787	142,253	201,882	18,0533	19,4678	0,913373
1988	66,3461	0,807778	19,5628	3,16978	58,9547	177,470	0,0895542	9,43891	27,8207	137,611	207,075	17,3098	19,0037	0,822557
1989	62,9979	0,751843	18,5673	3,00681	55,8541	167,915	0,0863300	8,95483	27,5963	130,402	193,880	16,2055	18,3650	0,730195
1990	63,0851	0,715022	18,7206	3,05148	55,9991	168,645	0,0850717	8,96834	26,6530	129,428	181,311	16,4801	17,2237	0,643998
1991	62,6433	0,719043	18,4218	3,04268	55,5903	167,317	0,0837825	8,90245	25,6980	128,461	183,236	16,2448	17,1753	0,570587
1992	65,5988	0,758228	19,3520	3,18639	58,2618	174,170	0,0831300	9,32208	22,8514	132,443	179,854	16,9717	17,6024	0,536486
1993	76,9058	0,791460	22,4478	3,67911	68,4628	186,239	0,0809558	10,93122	22,2682	148,910	191,135	19,6117	16,3362	0,554525
1994	82,5641	0,807093	24,1377	4,00690	73,6232	200,312	0,0830500	11,73575	25,7011	158,903	204,962	21,0673	17,3604	0,552069
1995	87,0261	0,831357	24,9861	4,22982	77,6913	199,891	0,0765808	12,36987	28,5566	162,997	196,773	22,2503	17,4899	0,538182
1996	84,1770	0,821098	24,7553	4,09028	75,1238	202,799	0,0821233	11,96460	27,5802	160,740	197,879	21,8409	18,8859	0,526196
1997	84,4555	0,835514	25,0877	4,09298	75,0424	221,975	0,0859708	12,00096	28,2101	165,884	239,746	22,1683	19,1708	0,536272
1998	84,9035	0,828898	25,3258	4,11575	75,3213	212,650	0,0860167	12,06725	27,9465	167,191	247,443	22,2933	18,7921	0,506185
1999	**85,0720**	**0,829930**	**25,3650**	**4,12460**	**75,5030**	**211,267**	**0,0859300**	**12,09170**	**27,9840**	**166,386**				
2000	85,0720	0,829930	25,3650	4,12460	75,5030	211,267	0,0859300	12,09170	27,9840	166,386				

Fonte: Elaboración propia sobre información obtida no INE: cotizacións medias mensuais das diferentes moedas.

Cadro I.3.4b - TAXA DE CAMBIO MEDIA ANUAL DO ESCUDO PORTUGUÉS: Prezo en ESC das divisas da zona Euro e da Unión Europea

	DEM	ESP	FRJ	BEF	NLG	IEP	ITL	ATS	FIM	ECU	UK	DKm	Suecia	Grecia
1987	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
1988	104,49	108,14	103,05	103,70	104,62	104,62	101,76	104,52	107,22	104,63	110,95	103,75	105,64	89,56
1989	106,82	116,41	105,31	105,92	106,71	106,57	105,61	106,76	114,01	106,67	111,72	104,57	109,87	93,18
1990	112,48	122,42	111,65	113,05	112,51	112,58	109,48	112,48	116,28	111,64	109,97	111,83	108,33	86,46
1991	111,08	121,72	109,26	112,10	111,09	111,09	107,24	111,04	111,48	110,06	110,46	109,63	107,45	76,29
1992	110,21	115,53	108,76	111,23	110,30	109,59	101,00	110,16	94,12	107,35	103,02	108,53	104,54	68,04
1993	123,86	110,55	120,93	123,09	124,25	112,31	94,03	123,83	87,72	115,58	104,63	120,22	92,89	67,31
1994	130,41	108,42	127,55	131,49	131,04	118,44	94,66	130,39	99,25	120,85	110,06	126,66	96,77	65,72
1995	133,45	105,29	128,20	134,77	134,25	114,77	84,74	133,42	107,12	119,33	102,59	129,90	94,72	62,20
1996	130,69	106,58	128,58	131,95	131,44	117,85	91,98	130,67	104,73	118,88	104,42	129,08	103,49	61,57
1997	128,85	104,73	128,05	129,74	129,01	126,80	94,65	128,79	105,27	121,83	124,43	128,74	103,27	61,67
1998	130,57	105,56	130,29	131,51	130,53	122,45	95,45	130,53	105,12	124,35	129,39	130,50	102,03	58,66
1999	130,67	105,43	130,34	131,63	130,68	121,50	95,24	130,64	105,13	123,38				
2000	130,67	105,43	130,34	131,63	130,68	121,50	95,24	130,64	105,13	123,38				

Fonte: Elaboración propia sobre información obtida no Banco de Portugal: cotizacións medias mensuais das diferentes moedas.

Cadro I.3.5b - TAXA DE CAMBIO MEDIA ANUAL DA PESETA: Prezo en Ptas. das divisas da zona Euro e da Unión Europea

	DEM	ESC	FRJ	BEF	NLG	IEP	ITL	ATS	FIM	ECU	UK	DKm	Suecia	Grecia
1987	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
1988	96,59	92,42	95,26	95,86	96,72	96,73	94,03	96,63	99,08	96,74	102,57	95,88	97,62	90,06
1989	91,72	86,02	90,41	90,93	91,64	91,52	90,64	91,67	98,28	91,67	96,04	89,76	94,34	79,94
1990	91,85	81,81	91,15	92,28	91,88	91,92	89,32	91,81	94,92	90,98	89,81	91,29	88,47	70,51
1991	91,20	82,27	89,70	92,01	91,20	91,20	87,97	91,14	91,52	90,30	90,76	89,98	88,22	62,47
1992	95,51	86,75	94,23	96,36	95,59	94,93	87,28	95,43	81,38	93,10	89,09	94,01	90,42	58,74
1993	111,97	90,55	109,30	111,26	112,32	101,51	85,00	111,91	79,31	104,68	94,68	108,63	83,91	60,71
1994	120,21	92,34	117,53	121,17	120,79	109,18	87,20	120,14	91,53	111,70	101,53	116,69	89,17	60,44
1995	126,70	95,12	121,66	127,92	127,47	108,95	80,41	126,64	101,70	114,58	97,47	123,25	89,84	58,92
1996	122,55	93,94	120,54	123,70	123,25	110,54	86,23	122,49	98,22	113,00	98,02	120,98	97,01	57,61
1997	122,96	95,59	122,16	123,78	123,12	120,99	90,27	122,86	100,47	116,61	118,76	122,79	98,47	58,71
1998	123,61	94,84	123,32	124,47	123,58	115,90	90,31	123,54	99,53	117,53	122,57	123,49	96,53	55,42
1999	123,86	94,95	123,51	124,73	123,87	115,15	90,22	123,79	99,66	116,96				
2000	123,86	94,95	123,51	124,73	123,87	115,15	90,22	123,79	99,66	116,96				

Fonte: Elaboración propia sobre información obtida no INE: cotizacións medias mensuais das diferentes moedas.

Entre 1987 e 1999 o prezo en Escudos das principais divisas europeas incrementouse nun 30%, aquí incluídos o Franco Francés e as divisas do área Marco (o propio Marco alemán, as moedas do Benelux e Austria), así como fronte á Libra Esterlina ou a Corona danesa: en síntese, fronte ós seus principais socios comerciais, como veremos no seu momento. Fronte ó resto dos países estes crecementos foron máis reducidos (fronte a España, por exemplo), abaratándose o prezo da Lira italiana ou do Dracma grego.

A evolución destes prezos expresados en Pesetas seguen unha tónica similar ós anteriores: fronte ó Franco francés e ás moedas da área Marco, os prezos encarécense, entre 1987 e 1999, arredor dun 23%, proceso semellante tamén fronte á Libra Esterlina ou á Corona danesa. Italia, Portugal, Finlandia, Suecia e Grecia ven abaratar o prezo das súas divisas expresado en pesetas.

Como vimos máis arriba, o propio proceso de rexionalización dos Estados nacionais ten, entre outras, a consecuencia da progresiva inutilidade da taxa de cambio como instrumento da política comercial exterior. A Peseta pasa a integrarse no Sistema Monetario Europeo en 1989 (uns anos máis tarde o Escudo) de tal modo que, o cumprimento dos criterios de Maastrich por parte dos países membros da UE, tivo como consecuencia unha converxencia forte entre as distintas moedas e a implantación do Euro como moeda única a partir de 1999. A taxa de cambio, no período no cal estamos traballando (1993 a 1997), forma parte dun sistema de cambios múltiple de flotación controlada (o SME), sistema que non permitía políticas comerciais que utilizaran a taxa de cambio como instrumento para gañar competitividade exterior.

De todos modos, e a pesar do anterior, a taxa de cambio non é totalmente neutral. Os períodos en estudio (os anos 1993 a 1997, máis en detalle desde 1995 a 1997) sitúanse precisamente despois das devaluacións do Escudo e da Peseta fronte ó Ecu, que van desde 1992 ata entrado xa 1995 (sobre todo en España), e que supuxeron unha expansión importante no comercio exterior dos dous países, expansión que, como é lóxico, tivo impactos diferentes nas importacións e nas exportacións. O período en estudio é, precisamente, o período de absorción desas devaluacións polo sistema económico no seu conxunto.

II. ASPECTOS ESTRUCTURAIS DO COMERCIO INTRACOMUNITARIO DA EURORREXIÓN

Polos motivos que xa discutimos nalgún epígrafe anterior, neste capítulo –e nos seguintes- imos centrarnos no estudio do comercio da Eurorrexión coa Unión Europea, sen España e sen Portugal. Dito doutra maneira, dos datos españois e galegos extraemos Portugal (Código país 010) e dos datos da Rexión do Norte e de Portugal extraemos España (Código país 011).

O comercio da Eurorrexión e das súas subrexións coa UE (en adiante, sen España nin Portugal) figura no cadro Nº.II.1. En primeiro lugar quereriamos destacar o feito de que o comercio da Eurorrexión se desenvolveu intensamente nos cinco anos en estudio: o crecemento das importacións e das exportacións superou o 50% nos dous fluxos aínda que, e non é este o único caso, por subrexións existen asimetrías importantes. En efecto, os fluxos comerciais da Rexión do Norte increméntanse arredor dun 50% no período, mentres que os fluxos galegos se incrementan nun 65% nas importacións e nun 70% nas exportacións. Esta asimetría nos crecementos das dúas subrexións non é moi relevante en termos da Eurorrexión, precisamente, por outra asimetría adicional: o menor peso do comercio galego na Eurorrexión [35].

Cadro II.1 - COMERCIO INTRACOMUNITARIO DAS REXIÓNS (Millóns de Ecus)

		RNP		Galicia		Eurorrexión	
	U.E.	Importacións	Exportacións	Importacións	Exportacións	Importacións	Exportacións
1993	12	3 431,64	4 791,32	1 813,73	1 599,41	5 245,37	6 390,73
1994	12	3 681,40	5 363,30	1 942,30	1 846,60	5 623,70	7 209,90
1995	15	4 354,98	6 338,33	2 078,64	2 196,51	6 433,62	8 534,84
1996	15	4 535,71	6 459,51	2 667,41	2 543,74	7 203,12	9 003,24
1997	15	5 086,02	7 246,97	3 005,67	2 741,16	8 091,68	9 988,13

Nota: Non inclúe o comercio de Galicia con Portugal nin da Rexión Norte con España.

Fonte: Para 1993 elaboración propia referente o I.N.E.-D.R.N.; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Nacional de Estatística. Porto, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994 elaboración propia referente o I.N.E.-D.R.N.; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Nacional de Estatística. Porto, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo I.G.E. Santiago, 1999.

[35] Somos perfectamente conscientes de que o período en estudio é demasiado breve como para poder establecer unha liña de tendencia con certa consistencia. De todas formas estes resultados poderían servir como antecedentes.

O comercio intracomunitario da Eurorrexión distribúese de forma asimétrica entre Galicia e a Rexión do Norte. Esta última achega arredor do 65% das importacións e sobre un 75% das exportacións da Eurorrexión no seu conxunto, tal e como nos mostra o cadro Nº.II.2. O maior dinamismo do comercio exterior de Galicia provoca que estas últimas porcentaxes diminúan algo co paso do tempo, pero, de todas formas, as contribucións ó comercio da Eurorrexión son desiguais cunha vantaxe contundente para a Rexión do Norte [36].

Cadro II.2 - COMERCIO INTRACOMUNITARIO DAS REXIÓNS (Porcentaxe do total)

		RNP		Galicia		Eurorrexión	
	U.E.	Importacións	Exportacións	Importacións	Exportacións	Importacións	Exportacións
1993	12	65,42	74,97	34,58	25,03	100,00	100,00
1994	12	65,46	74,39	34,54	25,61	100,00	100,00
1995	15	67,69	74,26	32,31	25,74	100,00	100,00
1996	15	62,97	71,75	37,03	28,25	100,00	100,00
1997	15	62,85	72,56	37,15	27,44	100,00	100,00

Nota: Non inclúe o comercio de Galicia con Portugal nin da Rexión Norte con España.

Fonte: Para 1993 elaboración propia referente o I.N.E.-D.R.N.; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Nacional de Estatística. Porto, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994 elaboración propia referente o I.N.E.-D.R.N.; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Nacional de Estatística. Porto, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo I.G.E. Santiago, 1999.

Unha terceira asimetría, e como no caso anterior, dunha magnitude considerable, está na análise do saldo comercial e na taxa de cobertura, resultados que recollemos no cadro Nº.II.3. A Eurorrexión no seu conxunto obtivo uns excedentes comerciais no período comprendidos entre o millón e os dous millóns de Ecus en cada exercicio, excedentes que sitúan a taxa de cobertura entre o 120% e o 130% anual. Pois ben, a Eurorrexión obtén estes excedentes porque os obtén a Rexión do Norte. Galicia, excepto en 1995, presenta déficits comerciais, non moi considerables en termos absolutos, pero indicativos dunhas taxas de cobertura que oscilan entre o 90% e o 100%.

[36] Debemos recordar que, como xa vimos, o producto total repártese en porcentaxes equivalentes entre as dúas rexións que compoñen a Eurorrexión e que, no que se refire ó sector dos comerciables, existía unha contribución maior por parte da Rexión do Norte fronte a Galicia. De todas formas, as asimetrías no reparto do comercio entre as dúas rexións son substancialmente maiores cás asimetrías na xeración de producto. Como teremos ocasisión de ver máis adiante, as diferentes aperturas ó exterior da Rexión do Norte e de Galicia é o que nos explica estas diferencias.

Cadro II.3 - TAXAS DE COBERTURA DO COMERCIO INTRACOMUNITARIO DAS REXIÓNS

		RNP		Galicia		Eurorrexión	
	U.E.	Saldo	Taxa Cobertura	Saldo	Taxa Cobertura	Saldo	Taxa Cobertura
1993	12	1 359,68	139,62	-214,32	88,18	1 145,36	121,84
1994	12	1 681,90	145,69	-95,70	95,07	1 586,20	128,21
1995	15	1 983,35	145,54	117,87	105,67	2 101,22	132,66
1996	15	1 923,80	142,41	-123,67	95,36	1 800,12	124,99
1997	15	2 160,95	142,49	-264,51	91,20	1 896,45	123,44

Nota: Non inclúe o comercio de Galicia con Portugal nin da Rexión Norte con España.

Fonte: Para 1993 elaboración propia referente o I.N.E.-D.R.N.; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Nacional de Estatística. Porto, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994 elaboración propia referente o I.N.E.-D.R.N.; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Nacional de Estatística. Porto, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo I.G.E. Santiago, 1999.

Unha cuarta asimetría encontrámola ó analizar o peso relativo que ten o comercio da Rexión do Norte dentro de Portugal, o que ten Galicia dentro de España e, por agregación, o que ten a Eurorrexión en Iberia (é dicir, en España e Portugal xuntos, extraendo o comercio bilateral). O cadro Nº.II.4 sinálanos como o comercio da Rexión do Norte é fundamental para Portugal: Esta rexión achega o 30% das importacións e algo máis da metade das exportacións portuguesas á UE (sen contabilizar España). Asimetricamente, Galicia achega unicamente un 4% das importacións españolas e algo máis do 4% do lado das exportacións de España á Unión Europea (Portugal excluído).

Cadro II.4 - COMERCIO INTRACOMUNITARIO DAS REXIÓNS E DOS ESTADOS (Porcentaxe do total)

		RNP / Port		Gal / Esp		Eurorrex / Iberia	
	U.E.	Importacións	Exportacións	Importacións	Exportacións	Importacións	Exportacións
1993	12	29,29	55,47	4,48	4,98	10,05	15,69
1994	12	30,19	54,15	4,09	4,78	9,43	14,87
1995	15	31,83	54,09	3,73	4,83	9,27	14,93
1996	15	30,54	50,49	4,31	5,01	9,38	14,17
1997	15	31,21	51,81	4,35	4,76	9,48	13,96

Nota: Non inclúe o comercio de Galicia con Portugal nin da Rexión Norte con España.

Fonte: Para 1993 elaboración propia referente o I.N.E.-D.R.N.; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Nacional de Estatística. Porto, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994 elaboración propia referente o I.N.E.-D.R.N.; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Nacional de Estatística. Porto, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo I.G.E. Santiago, 1999.

Esta última asimetría –e en maior ou menor medida as anteriores tamén- teñen que ver co distinto peso que o comercio intra UE de España e de Portugal teñen no conxunto de ambos os Estados, é dicir, en Iberia. En efecto, o cadro Nº.II.5 indica que o comercio español non só é substancialmente maior cá portugués senón que, ademais, crece máis rapidamente (como o facía o galego fronte ó da Rexión do Norte). En efecto, España chega a contribuír co 80% do comercio de Iberia coa UE e, nos cinco anos estudiados, esta porcentaxe increméntase da orde dos tres puntos, incremento semellante ó de Galicia na Eurorrexión [37].

Cadro II.5 - COMERCIO INTRACOMUNITARIO DA PENÍNSULA IBÉRICA

		Portugal - U.E.		España - U.E.		Península Ibérica - U.E.	
	U.E.	Importacións	Exportacións	Importacións	Exportacións	Importacións	Exportacións
1993	12	22,44	21,21	77,56	78,79	100,00	100,00
1994	12	20,45	20,42	79,55	79,58	100,00	100,00
1995	15	19,71	20,50	80,29	79,50	100,00	100,00
1996	15	19,34	20,14	80,66	79,86	100,00	100,00
1997	15	19,10	19,55	80,90	80,45	100,00	100,00

Nota: Non inclúe o comercio de Galicia con Portugal nin da Rexión Norte con España.

Fonte: Para 1993 elaboración propia referente o I.N.E.-D.R.N.; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Nacional de Estatística. Porto, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994 elaboración propia referente o I.N.E.-D.R.N.; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Nacional de Estatística. Porto, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo I.G.E. Santiago, 1999.

Antes de entrar a estudiar en detalle o comercio da Eurorrexión, queremos realizar unha reflexión previa. Esta reflexión ten que ver coa elección do nivel de agregación ó cal imos realizar as análises. O máis fácil (incluso baixo o punto de vista do tratamento informático da información de base) era manternos dentro da clasificación Taric (Nomenclatura Combinada) e efectuar a análise a nivel de 100 capítulos (os dous primeiros díxitos da identificación do producto) e, nalgúns casos especiais, utilizar os catro primeiros díxitos, é dicir, efectuar a análise con 1.500 partidas arancelarias, aproximadamente.

O primeiro nivel –os capítulos- é demasiado agregado para unha análise en profundidade do comercio exterior (sobre todo algúns) e, o segundo -as partidas- demasiado polo miúdo como para resultar efectivo. Ó final, decidimos utilizar a CUCI (Revisión 3) a tres díxitos. En primeiro lugar, sinalariamos que, a tres díxitos, nos movemos con arredor de 260 sectores diferentes, o cal é un bo punto medio entre os dous escenarios anteriores. En segundo lugar, sinalariamos que a CUCI é unha clasificación máis orientada á análise económica que a Taric e, ademais, é unha clasificación coñecida e de utilización estándar no ámbito da análise económica [38].

[37] Recordemos tamén que o prezo dun Ecu expresado en Pesetas incrementouse nun 10% entre 1993 e 1997, mentres que o prezo dun Ecu expresado en Escudos fixoo soamente nun 5%, tal e como vimos anteriormente.

[38] Quixeramos agradecer aquí as facilidades obtidas na Dirección General de Aduanas (Madrid) e no Instituto Galego de Estatística (Santiago).

II.1. A ESTRUCTURA DAS IMPORTACIÓNS

Como tivemos ocasión de ver máis arriba, as importacións da Eurorrexión presentan unha asimetría importante ó analizalas baixo o punto de vista territorial. Así, a Rexión do Norte achega case os dous tercios das importacións intracomunitarias da Eurorrexión, mentres que Galicia engade o tercio restante. Esta asimetría é o resultado de asimetrías tamén na desagregación sectorial das importacións, sendo maioritarios os sectores nos cales o peso da Rexión do Norte é fundamental, pero, de todos modos, existen excepcións moi importantes. Como imos ver a continuación, estas asimetrías esténdense tamén ó analizar o comercio exterior por países, por sectores, etc., de tal forma que provocan unhas complementariedades entre as dúas rexións moi notables.

Para analizar o fluxo importador, comezaremos por estudiar a súa composición interna, despois analizaremos a especialización deste fluxo respecto ós seus marcos de encadre (España, Portugal e Iberia), a orixe xeográfica das importacións e, por último, cruzaremos estes dous aspectos estudiando a matriz de importación de sectores *versus* países.

II.1.1. Os principais sectores de importación

O cadro Nº.II.1.1 recolle a estructura interna das importacións da Rexión do Norte, de Galicia e da Eurorrexión para os anos 1995 a 1997. Algunhas precisións máis: as importacións figuran en porcentaxe sobre as totais da Eurorrexión para cada ano. No cadro recollemos os sectores máis importantes -CUCI (versión 3) a tres díxitos- para os anos en estudio, concretamente aquelas CUCI que representan máis dun 1,0% anual do total de importacións da Eurorrexión, alomenos, nun ano do período en estudio [39].

Este cadro pon de manifesto como as importacións vinculadas coa automoción son as máis importantes e, ademais, como se realizan principalmente desde Galicia. En efecto, as importacións máis importantes son as de Automóbiles (CUCI 781) e as de Partes e pezas de automóbiles (CUCI 784). En terceiro lugar pola súa importancia figuran as importacións de Motores de combustión interna (CUCI 713) e, xa en posicións máis inferiores, outra importación relacionada coa automoción: a CUCI 782 (Furgonetas). En síntese, o sector da automoción ocupa o liderado da clasificación de importacións e acumula, el só, sobre un 25% das importacións intracomunitarias da Eurorrexión (coa excepción de España e Portugal). Ó mesmo tempo, o cadro explícanos que as importacións deste sector están sendo realizadas desde Galicia, é dicir, o peso da Rexión do Norte neste tipo de importacións é moi reducido, aínda que se incrementa en 1997.

[39] A relación completa das importacións figura no Anexo correspondente, ademais da relación completa dos Códigos CUCI. Un extracto desta última relación figura como apéndice a este Capítulo.

Cadro II.1.1 - IMPORTACIÓNS DA EURORREXIÓN CON ORIXEN NA UNIÓN EUROPEA, SEN ESPAÑA NIN PORTUGAL

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
grp	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
034	0,03	0,03	0,04	1,12	1,18	1,12	1,14	1,21	1,17
041	1,05	1,16	1,01	0,15	0,12	0,20	1,20	1,28	1,21
333	0,00	0,71	1,19	1,87	1,61	2,07	1,87	2,32	3,26
334	0,66	0,65	0,79	0,11	0,38	0,31	0,77	1,04	1,10
575	1,12	0,91	0,92	0,10	0,14	0,16	1,22	1,05	1,07
611	2,58	2,34	2,21	0,02	0,01	0,02	2,59	2,35	2,23
641	0,77	0,81	0,75	0,32	0,25	0,22	1,10	1,07	0,98
651	3,32	3,40	3,39	0,15	0,15	0,13	3,47	3,56	3,51
652	1,80	1,83	1,73	0,11	0,13	0,13	1,90	1,96	1,86
653	2,71	2,24	2,17	0,33	0,38	0,32	3,04	2,61	2,49
654	1,14	0,93	0,81	0,29	0,34	0,31	1,43	1,28	1,12
655	0,83	0,83	0,98	0,03	0,03	0,05	0,87	0,86	1,03
657	1,50	1,36	1,27	0,03	0,05	0,04	1,53	1,41	1,32
673	1,30	0,89	0,89	0,06	0,08	0,07	1,36	0,98	0,96
713	0,18	0,18	0,27	2,37	3,54	4,09	2,56	3,72	4,36
724	1,66	1,81	1,92	0,07	0,06	0,09	1,73	1,87	2,01
728	0,92	1,04	0,99	0,37	0,37	0,30	1,29	1,41	1,29
772	1,70	1,45	1,34	0,17	0,14	0,10	1,86	1,58	1,44
773	0,79	0,75	0,82	0,16	0,18	0,24	0,95	0,93	1,05
776	1,13	0,94	0,72	0,01	0,01	0,02	1,15	0,95	0,74
781	1,76	1,79	1,92	4,60	7,28	7,85	6,36	9,07	9,76
782	0,43	0,46	0,55	0,81	0,99	1,34	1,23	1,45	1,89
784	1,14	1,18	1,12	8,35	8,81	7,62	9,49	9,99	8,74
845	0,89	0,75	0,79	0,11	0,11	0,11	1,00	0,86	0,89
851	1,11	1,03	1,02	0,02	0,02	0,01	1,12	1,05	1,04
971	1,21	0,99	0,57	0,00	0,00	0,00	1,21	0,99	0,57
Total	67,69	62,97	62,85	32,31	37,03	37,15	100,00	100,00	100,00

Nota: Non inclúe o comercio de Galicia con Portugal nin da Rexión Norte con España.

Fonte: Para 1993 elaboración propia referente o I.N.E.-D.R.N.; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Nacional de Estatística. Porto, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994 elaboración propia referente o I.N.E.-D.R.N.; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Nacional de Estatística. Porto, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo I.G.E. Santiago, 1999.

O segundo sector relevante nas importacións da Eurorrexión é o Téxtil e confección. En efecto, a partida 651 (Fiados de fibras téxtiles) e a 653 (Tecidos de téxtiles manufacturados) figuran no posto 4 e 6 do ránking de importacións. En sétimo lugar figura a CUCI 611 (Coiros) e en oitavo a 724 (Máquinas para o traballo de téxtiles e coiros). Un pouco máis abaixo figuran as partidas 652 (Tecidos de algodón), 657 (Tecidos especiais de fibras téxtiles), 655 (Tecidos de punto ou gancho) e 654 (Outras fibras téxtiles). Ó contrario que no caso dos automóbiles, este tipo de importacións son moito máis relevantes no caso da Rexión do Norte ca no caso de Galicia.

Outros sectores con importacións máis reducidas son os que teñen que ver coa enerxía e os aparatos eléctricos. Este é o caso da CUCI 333 (Aceites crus de petróleo) e da 334 (Derivados do petróleo), con máis do 4% das importacións totais, ou o das partidas 772 (Outros aparatos eléctricos) e 773 (Material distribuidor de electricidade), tendo este último sector unha presencia importante na Rexión do Norte.

A maiores deste tipo de partidas, que forman parte dunhas importacións sectoriais importantes, existen outras relevantes individualmente. Este sería o caso das importacións de Peixe (CUCI 043), Cereais (041), Calzado (CUCI 851), Plásticos (CUCI 575), etc.

Unha visión agregada das importacións da Eurorrexión figura no cadro Nº.II.1.2. Alí aparece unha selección das principais divisións CUCI (dous díxitos) en porcentaxe sobre as importacións totais da Eurorrexión (concretamente aquelas que superan o 1% do total nalgún ano). A división 78 (Equipos de estrada) acumula o 20% das importacións totais, porcentaxe á que lle habería que engadir un 5% da 71 (Motores), para consolidar o sector da automoción. O sector Téxtil e confección acumula tamén unha porcentaxe importante das importacións: un 12% na división 65 (Fiados, tecidos e confeccións téxtiles), e un 3% na 84 (Prendas de vestir). Cunha importancia máis reducida encontramos as importacións Enerxéticas (33), as importacións de Maquinaria industrial (72), as importacións de Material eléctrico (77), as de Peixe (03), Cereais (04), etc.

Cadro II.1.2 - IMPORTACIÓNS DA EURORREXIÓN CON ORIXEN NA UNIÓN EUROPEA, SEN ESPAÑA NIN PORTUGAL

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
div	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
01	1,15	0,61	0,59	0,05	0,07	0,04	1,21	0,68	0,62
03	0,25	0,31	0,24	2,26	2,24	2,08	2,51	2,55	2,33
04	1,86	1,84	1,74	0,56	0,45	0,54	2,42	2,29	2,28
33	0,80	1,47	2,25	2,33	2,33	2,75	3,14	3,80	4,80
53	1,68	1,53	1,47	0,05	0,08	0,05	1,72	1,61	1,53
57	2,19	1,84	1,83	0,30	0,37	0,40	2,49	2,21	2,23
58	0,93	0,82	0,84	0,16	0,18	0,15	1,09	1,00	0,99
59	1,04	0,95	0,92	0,24	0,23	0,27	1,27	1,19	1,19
61	2,62	2,39	2,27	0,03	0,03	0,03	2,65	2,41	2,30
62	0,76	0,81	0,76	0,27	0,14	0,12	1,03	0,95	0,88
64	1,01	1,06	0,98	0,54	0,49	0,43	1,54	1,55	1,41
65	11,97	11,23	10,95	0,98	1,12	1,03	12,95	12,35	11,97
66	0,86	0,74	0,83	0,13	0,15	0,16	0,99	0,89	1,00
67	3,54	2,84	2,88	0,58	0,63	0,71	4,12	3,48	3,59
68	1,47	1,19	1,49	0,32	0,35	0,41	1,79	1,54	1,90
69	1,47	1,48	1,52	0,53	0,55	0,51	2,00	2,03	2,03
71	0,52	0,65	0,64	2,43	3,63	4,23	2,95	4,28	4,87
72	3,66	3,94	4,13	0,72	0,77	0,75	4,38	4,71	4,87
74	2,21	2,20	2,28	0,89	0,88	0,90	3,10	3,08	3,17
76	1,06	0,87	0,73	0,03	0,14	0,03	1,09	1,01	0,76
77	4,89	4,20	3,87	0,41	0,53	0,50	5,31	4,73	4,36
78	3,88	4,02	4,17	13,84	17,20	16,93	17,72	21,22	21,10
84	2,90	2,55	2,59	0,36	0,31	0,25	3,26	2,86	2,84
85	1,11	1,03	1,02	0,02	0,02	0,01	1,12	1,05	1,04
87	0,97	0,85	0,75	0,41	0,35	0,26	1,39	1,21	1,01
89	2,85	2,70	2,65	0,25	0,22	0,37	3,10	2,92	3,02
97	1,21	0,99	0,57	0,00	0,00	0,00	1,21	0,99	0,57
Total	**67,69**	**62,97**	**62,86**	**32,31**	**37,03**	**37,15**	**100,00**	**100,00**	**100,00**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

A asimetría que existe entre o que achega Galicia e a Rexión do Norte ás importacións intracomunitarias da Eurorrexión ten tamén a súa relevancia á hora de explicar a concentración do fluxo importador en cada un dos dous espacios e no conxunto da Eurorrexión. En efecto, o cadro Nº.II.1.3 recolle o Índice de Herfindahl [40] para o período en estudio e reflicte que as importacións galegas están moito máis concentradas nuns poucos sectores cás importacións da Rexión do Norte (concentración case dez veces superior) e moito máis concentradas tamén cás importacións da Eurorrexión (case cinco veces máis). Neste sentido, e non é necesariamente redundante, as importacións da Rexión do Norte son, en termos xerais, o dobre cás de Galicia e están dez veces máis diversificas por sectores cás importacións galegas [41].

Cadro II.1.3 - CONCENTRACIÓN DAS IMPORTACIÓNS: ÍNDICES DE HERFINDAHL

	Concentración por Grupos da CUCI			Concentración por países		
	RNP	GALICIA	EURORREXIÓN	RNP	GALICIA	EURORREXIÓN
1995	1,49	10,05	2,22	19,48	36,80	19,62
1996	1,51	11,01	2,74	19,22	41,25	20,81
1997	1,50	10,60	2,73	18,36	42,01	20,87

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

II.1.2. A especialización importadora da Eurorrexión

No epígrafe anterior analizamos a composición interna das importacións da Eurorrexión por sectores, é dicir, vimos cáles eran as divisións e os grupos (CUCI) máis importantes. O que imos analizar agora é a especialización das importacións da Eurorrexión respecto das importacións que realiza o territorio no cal a Eurorrexión está inscrita, isto é, a Península Ibérica. O cadro Nº.II.1.4 recolle a participación das importacións galegas nas españolas, das importacións da Rexión do Norte nas portuguesas e as da Eurorrexión en Iberia, todo isto sen ter en conta o comercio mutuo entre España e Portugal. O primeiro que debemos destacar é que a Eurorrexión absorbe case o 10% das importacións intracomunitarias da Península Ibérica, a Rexión do Norte máis do 30% das importacións de Portugal e Galicia sobre un 4% das importacións españolas. Como vimos máis arriba, estas asimetrías teñen a súa importancia á hora da análise que segue.

[40] Existen varios indicadores destinados a medir o grao de concentración dun fluxo comercial. Un deles, quizais o máis utilizado na literatura sobre Comercio Internacional, é unha herdanza da Economía Industrial e coñécese como o Indice de Herfindahl, a expresión do cal figura en (*i*) para o caso concreto das importacións. Véxase, por exemplo, Tirole, J.; **A teoría da organización industrial**. Ed. Ariel. Madrid, 1992. Páxs. 339 e ss.

$$(i) \quad Herf = \left(\sum_{i=0}^{n} Pi^2 \right) * 100; \quad Pi = \frac{Mi}{M}; \quad \sum_{i=0}^{n} Mi = M$$

[41] Se volveramos a repetir estes cálculos tendo en conta o comercio da Rexión do Norte con España e o de Galicia con Portugal, os resultados serían moi similares: para a Rexión do Norte e para a Eurorrexión a concentración das importacións diminuiría unhas décimas e para Galicia 1,5 puntos, permanecendo a relación entre as rexións moi similar á xa exposta.

Cadro II.1.4

PARTICIPACIÓN DA REXIÓN NORTE NO COMERCIO INTRACOMUNITARIO PORTUGUÉS (SEN ESPAÑA)
PARTICIPACIÓN DE GALICIA NO COMERCIO INTRACOMUNITARIO ESPAÑOL (SEN PORTUGAL)
PARTICIPACIÓN DA EURORREXIÓN NO COMERCIO IBÉRICO COA U.E. (SEN ESPAÑA NIN PORTUGAL)
IMPORTACIÓNS, GRUPOS DA CUCI

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
grp	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
037	17,19	26,82	26,56	31,68	29,10	25,96	30,76	28,93	26,01
042	79,12	60,17	81,66	0,00	0,00	0,00	25,87	20,29	29,88
043	0,95	6,41	13,74	13,37	13,86	28,46	11,93	12,19	24,89
047	92,62	91,77	86,14	0,01	0,00	4,60	9,79	20,34	19,77
231	91,61	67,55	66,41	0,00	0,23	0,12	40,83	15,43	9,01
244	100,00	100,00	82,93	0,00	0,00	0,00	83,41	56,56	55,64
247	82,81	83,69	79,48	6,16	8,47	7,95	18,10	23,65	22,27
261	90,72	0,00	53,81	0,00	0,00	0,00	31,16	0,00	4,40
263	95,00	98,08	99,75	0,61	2,42	0,48	34,36	27,22	30,79
264	82,47	90,86	81,45	0,00	0,15	0,01	7,46	23,00	26,02
268	40,51	49,63	49,56	0,40	0,02	0,01	24,60	32,98	30,82
284	100,00	100,00	0,00	0,00	0,00	0,65	4,22	44,24	0,22
291	48,97	55,28	46,52	1,27	1,50	1,57	19,17	20,40	17,68
321	99,66	68,24	95,20	27,95	20,27	30,26	29,09	20,32	30,43
325	73,61	80,84	80,19	29,81	39,66	25,80	31,41	44,06	30,77
333	0,00	99,97	81,59	76,50	99,66	72,08	70,14	99,75	75,28
335	74,08	70,69	51,92	40,91	34,87	34,30	47,07	39,75	36,21
342	52,52	49,01	53,32	0,00	0,18	0,85	32,60	34,26	34,26
531	81,67	79,03	80,36	0,27	0,62	0,54	29,10	26,83	25,10
611	89,47	89,97	91,49	0,61	0,49	0,65	45,10	43,23	42,55
613	84,84	84,49	79,15	2,79	2,95	3,77	19,92	23,71	28,04
633	93,82	86,15	92,77	0,00	0,00	0,00	41,03	40,28	37,82
651	87,08	85,80	85,52	2,42	2,51	2,05	34,73	35,29	34,36
652	74,83	77,86	78,74	6,52	7,37	7,04	46,83	47,44	45,90
653	72,74	72,26	74,21	9,73	10,77	8,95	42,94	39,66	38,20
654	67,83	64,26	64,80	19,76	24,06	21,88	45,29	44,31	41,93
655	76,38	73,91	79,90	2,98	2,50	3,96	39,59	36,86	41,46
656	75,33	72,21	70,72	2,29	1,89	2,75	37,22	33,14	29,28
657	71,72	67,40	64,90	0,77	1,08	0,97	24,23	21,74	21,24
677	35,45	7,58	3,82	1,01	1,86	0,48	24,50	5,81	3,13
686	40,14	42,89	50,01	0,13	0,73	0,61	20,60	18,88	22,10
724	74,85	77,30	76,58	2,13	2,03	2,32	31,64	35,28	32,02
843	70,49	70,81	65,14	0,64	0,53	0,68	27,48	29,17	23,03
851	63,34	61,40	60,87	1,16	1,09	0,87	34,72	32,10	30,86
871	82,17	65,63	64,72	2,24	0,70	0,47	27,87	22,90	25,20
891	69,79	66,16	52,33	0,02	0,00	0,21	40,35	30,04	20,09
897	67,11	67,00	66,19	0,68	1,78	2,42	18,31	20,12	20,69
971	93,77	94,86	92,24	0,00	0,00	0,01	24,40	21,32	13,66
Total	**31,83**	**30,54**	**31,21**	**3,73**	**4,31**	**4,35**	**9,27**	**9,38**	**9,48**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Os resultados do cadro anterior aproximan bastante a especialización de cada territorio respecto do seu contexto. Neste cadro retivemos aqueles grupos CUCI que representan na Eurorrexión máis do 20% das importacións da Península Ibérica [42]. Situar aí a porcentaxe ten a vantaxe de que, tendo en conta que as importacións da Eurorrexión son algo menos do 10% das importacións ibéricas, situamos un límite con resultados moi nítidos.

A Eurorrexión importa máis do 75% das importacións ibéricas de Aceites Crus de Petróleo (CUCI 333, con presencia moi relevante en Galicia), e máis do 50% das importacións de Cortiza natural (CUCI 224, con relevancia na Rexión do Norte). O resto dos sectores presenta penetracións inferiores ó 50%. Con porcentaxes de participación entre o 30% e o 50% encontrámonos coas importacións relacionadas co sector Téxtil e confección e con algunhas que teñen que ver coa Maquinaria téxtil (CUCI 724), as Manufacturas de Cortiza (CUCI 633) e as importacións de Coiro (CUCI 611). En definitiva, a especialización importadora da Eurorrexión ofrece un perfil cunhas importacións enerxéticas importantes (sobre todo do lado de Galicia), e cunhas importacións de Téxtil e confección tamén relevantes (sobre todo do lado da Rexión do Norte).

A análise agregada (Divisións CUCI) resulta moi ilustrativa. O cadro Nº.II.1.5 explica como a 61 (Manufacturas do coiro) é a que ten unha penetración máis importante. Séguena en orde de importancia os productos enerxéticos (33, 34 e 32), as importacións de Fiados, tecidos e confeccións téxtiles (65), as Fibras téxtiles (26), as Materias tintorias e de curtido (53), e as importacións de Calzado (85). Cunha importancia máis reducida, a Eurorrexión presenta tamén unha especialización importante nas importacións de Peixes (03), Cereais (04) e Cortiza e madeira (24).

En síntese, a Eurorrexión presenta unha especialización importadora fronte á Península Ibérica na que predominan os sectores enerxéticos, as materias primas e semielaborados do sector téxtil, calzado, coiro e confección, e as importacións de recursos naturais (peixes, cereais, madeiras, cortiza, etc.). Volveremos máis adiante sobre esta especialización, sobre todo para analizar un detalle importante: na especialización da Eurorrexión vis a vis nos seus espacios de encadre non sobresaen algúns sectores que son importantes como, por exemplo, o automóbil. A razón de ser desta situación radica en que este tipo de sectores forman parte tamén da especialización, neste caso, do espacio Español e, en consecuencia, de Iberia.

[42] Os resultados para todas as divisións e grupos figuran nos Anexos correspondentes

Cadro II.1.5

PARTICIPACIÓN DA REXIÓN NORTE NO COMERCIO INTRACOMUNITARIO PORTUGUÉS (SEN ESPAÑA)
PARTICIPACIÓN DE GALICIA NO COMERCIO INTRACOMUNITARIO ESPAÑOL (SEN PORTUGAL)
PARTICIPACIÓN DA EURORREXIÓN NO COMERCIO IBÉRICO COA U.E. (SEN ESPAÑA NIN PORTUGAL)
IMPORTACIÓNS, DIVISIÓNS DA CUCI

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
div	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
01	32,49	26,57	27,35	0,65	0,99	0,51	10,52	7,42	6,94
03	15,37	17,38	16,66	17,90	18,49	18,25	17,61	18,35	18,07
04	35,70	36,37	39,31	3,52	3,49	4,70	11,43	12,76	14,29
22	46,52	71,39	39,07	2,85	2,98	0,43	14,52	10,90	11,20
24	78,35	71,87	68,15	8,66	8,94	10,37	14,25	15,35	16,68
26	59,33	61,26	60,48	0,15	0,34	0,06	16,27	16,36	17,01
32	28,63	21,77	26,13	19,13	15,37	19,73	19,56	15,65	20,01
33	26,64	53,19	64,28	25,49	22,80	25,83	25,78	29,27	34,68
34	52,41	48,97	53,24	0,00	0,24	0,84	32,30	34,21	34,15
53	56,78	54,81	52,18	0,58	1,09	0,68	15,89	15,62	14,68
61	88,85	88,84	90,55	1,03	0,83	1,03	43,71	41,86	41,59
63	43,88	50,10	42,73	2,46	2,27	1,71	8,67	10,60	9,32
65	75,01	74,12	74,97	4,91	5,40	4,92	36,05	34,41	33,73
68	44,55	43,25	49,64	2,01	2,51	2,81	9,27	9,23	10,81
71	9,78	9,00	9,48	6,37	9,07	11,22	6,78	9,06	10,96
72	39,35	40,97	40,13	2,51	2,62	2,22	11,53	12,11	11,10
78	13,81	11,92	13,56	9,36	11,26	10,84	10,07	11,38	11,28
84	44,00	41,16	42,48	2,37	2,01	1,89	14,88	13,38	14,67
85	63,34	61,40	60,87	1,16	1,09	0,87	34,72	32,10	30,86
97	93,77	94,86	92,24	0,00	0,00	0,01	24,40	21,32	13,66
Total	31,83	30,54	31,21	3,73	4,31	4,35	9,27	9,38	9,48

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

II.1.3. A orixe xeográfica das importacións

Sen lugar a dúbidas, Francia é o gran abastecedor da Eurorrexión: un tercio das importacións da Eurorrexión teñen a súa orixe nese país. O cadro Nº.II.1.6 está indicándonos, ademais, que Alemaña achega algo máis do 20% do total de importacións e que existe unha asimetría importante entre o que achegan Galicia e a Rexión do Norte. En efecto, Francia é o primeiro abastecedor da Eurorrexión porque tamén o é de Galicia. Alemaña pasa a un segundo lugar, a pesar de ser o primeiro abastecedor da Rexión do Norte. Este aspecto da cuestión está moi relacionado coa concentración por países do comercio exterior. Os resultados que xa vimos para os índices de Herfindahl indican que as importacións galegas por países presentan unha concentración que duplica ás importacións da Rexión do Norte e ás consolidadas da Eurorrexión.

Cadro II.1.6 - ORIXEN DAS IMPORTACIÓNS INTRACOMUNITARIAS DA EURORREXIÓN

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
País	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
Francia	15,58	16,23	16,48	10,93	13,93	11,79	26,51	30,16	28,27
Bel-Lux	2,78	2,98	3,31	1,61	1,66	2,06	4,39	4,64	5,37
Holanda	5,39	5,49	5,47	0,90	0,91	0,99	6,29	6,41	6,46
Alemaña	25,22	22,07	20,83	3,45	3,24	3,60	28,67	25,31	24,43
Itália	2,96	3,29	3,58	3,39	3,70	4,07	6,34	6,99	7,65
Reino Unido	12,96	12,75	14,76	3,61	3,24	3,22	16,58	15,99	17,98
Irlanda	0,58	0,64	0,51	0,20	0,14	0,13	0,78	0,78	0,64
Dinamarca	3,09	2,73	2,57	0,05	0,06	0,07	3,15	2,80	2,64
Grecia	0,35	0,45	0,34	0,55	0,53	0,67	0,90	0,98	1,01
Suecia	3,09	2,96	2,79	0,32	0,18	0,21	3,42	3,14	3,00
Finlandia	1,06	0,91	0,76	0,07	0,08	0,11	1,13	0,99	0,87
Austria	1,18	1,20	1,15	0,47	0,39	0,32	1,65	1,59	1,47
951	0,04	0,03	0,03	0,16	0,20	0,19	0,20	0,23	0,22
959	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	74,26	71,75	72,56	25,74	28,25	27,44	100,00	100,00	100,00

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Detrás de Francia e Alemaña encontramos a Italia e o Reino Unido, países que están achegando sobre o 15% e o 10% das importacións, respectivamente. Entre estes catro mercados concentran máis do 80% das importacións da Eurorrexión. Se exceptuamos o Benelux e Holanda, o resto dos países carece de significación, incluíndo Grecia e os membros da última ampliación.

Lamentablemente tres anos é un período de tempo moi curto para realizar reflexións sobre a evolución das importacións por mercados. De todas formas, as importacións en Francia increméntanse cinco puntos nestes anos (xa que o fan en Galicia) e as importacións en Alemaña diminúen tres puntos, (xa que os diminúen na Rexión do Norte. Aínda que o período non é o suficientemente amplo como para marcar evolucións contundentes, si o é para deixar en evidencia a complementariedade das importacións por rexións de orixe. Excepto o caso de Francia, onde as importacións de Galicia son moi importantes e as da Rexión do Norte teñen algunha relevancia, o resto dos mercados teñen importancia na Rexión de Norte e un peso reducido en Galicia, dada a preponderancia das importacións francesas nesta última rexión. Como tivemos ocasión de analizar máis arriba, estas dúas rexións son complementarias entre si no que se refire ás importacións por sectores e, como acabamos de ver agora, son complementarias tamén entre si no que se refire ós mercados de orixe das importacións.

II.1.4. A estructura sectores versus países

O cadro Nº.II.1.7 sinálanos, para as principais CUCIs a tres díxitos, a procedencia das importacións da Eurorrexión en 1995 [43]. Como podemos confirmar, o principal producto de importación da Eurorrexión é a CUCI 784 con orixe en Francia e con destino en Galicia, léase, Partes e pezas de automotores, sector que supón máis do 8% das importacións totais da Eurorrexión. A este producto ségueo outro de similares características: a CUCI 781, tamén con orixe en Francia, é dicir, os automóbiles, que representan case un 5% das importacións totais da Eurorrexión. O terceiro producto en importancia é tamén similar ós dous anteriores: a CUCI 713, con orixe tamén en Francia, que a inclúe os Motores de Combustión Interna e que representa algo máis do 2% das importacións totais.

Cadro II.1.7 - ORIXEN DAS IMPORTACIÓNS DA EURORREXIÓN POR PAÍS E PRODUCTO (GRUPO DA CUCI), 1995

grp	1	2	3	4	5	6	7	8	9	30	32	38	959	Total
034	0,11	0,00	0,05	0,05	0,02	0,68	0,18	0,05	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1,14
041	0,74	0,00	0,06	0,06	0,00	0,23	0,00	0,11	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1,20
333	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1,27	0,00	0,60	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1,87
575	0,27	0,32	0,06	0,35	0,08	0,08	0,00	0,00	0,00	0,02	0,04	0,00	0,00	1,22
611	0,18	0,02	0,06	1,13	0,84	0,32	0,00	0,01	0,00	0,00	0,00	0,03	0,00	2,59
641	0,19	0,08	0,05	0,24	0,09	0,05	0,00	0,00	0,00	0,17	0,17	0,03	0,03	1,10
651	0,27	0,48	0,32	1,03	0,90	0,21	0,02	0,01	0,14	0,00	0,00	0,09	0,00	3,47
652	0,31	0,21	0,11	0,51	0,50	0,17	0,01	0,01	0,01	0,01	0,01	0,05	0,00	1,90
653	0,60	0,21	0,10	1,01	0,76	0,26	0,00	0,01	0,00	0,03	0,01	0,05	0,00	3,04
654	0,20	0,01	0,01	0,40	0,70	0,06	0,01	0,00	0,00	0,00	0,00	0,03	0,00	1,43
657	0,46	0,10	0,03	0,44	0,36	0,11	0,00	0,00	0,00	0,02	0,01	0,01	0,00	1,53
673	0,02	0,40	0,01	0,56	0,13	0,13	0,00	0,08	0,00	0,01	0,03	0,00	0,00	1,36
713	2,29	0,04	0,00	0,13	0,02	0,02	0,00	0,02	0,00	0,01	0,01	0,00	0,00	2,56
724	0,14	0,07	0,03	0,81	0,57	0,09	0,00	0,01	0,00	0,02	0,00	0,00	0,00	1,73
728	0,11	0,01	0,01	0,46	0,54	0,04	0,01	0,01	0,00	0,04	0,01	0,06	0,00	1,29
772	0,33	0,02	0,01	1,34	0,08	0,03	0,00	0,00	0,00	0,01	0,01	0,02	0,00	1,86
776	0,12	0,00	0,03	0,89	0,00	0,09	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,01	0,00	1,15
781	4,58	0,19	0,16	1,13	0,03	0,22	0,00	0,00	0,00	0,03	0,00	0,00	0,00	6,36
782	0,08	0,14	0,01	0,06	0,72	0,00	0,00	0,00	0,00	0,22	0,00	0,00	0,00	1,23
784	8,25	0,30	0,04	0,43	0,19	0,13	0,00	0,01	0,00	0,13	0,00	0,01	0,00	9,49
845	0,30	0,02	0,02	0,11	0,41	0,06	0,00	0,00	0,00	0,01	0,00	0,07	0,00	1,00
851	0,14	0,03	0,06	0,57	0,22	0,03	0,00	0,05	0,00	0,00	0,00	0,02	0,00	1,12
971	0,00	0,00	0,00	1,04	0,04	0,13	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1,21
Total	30,39	6,14	6,19	24,35	15,49	10,99	0,62	1,96	0,37	1,61	0,81	1,05	0,03	100,00

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

[43] Podíamos ampliar isto para os dous anos seguintes, e repetir o exercicio para 1996 e/ou 1997, pero os resultados son os mesmos.

Existen outros sectores cunha relevancia menor no conxunto das importacións (sobre o 1% das importacións totais) e que teñen a súa orixe en Alemaña. Este sería o caso das importacións de Coiro (CUCI 611), Tecidos de fibras (CUCIs 651 e 653), Aparatos eléctricos (772), ou Ouro non monetario (CUCI 971). O resto dos sectores non son relevantes, situándose a súa contribución ó total de importacións por debaixo do 1%.

Unha visión agregada da estructura producto *versus* país ofrécea o cadro Nº.II.1.8, onde agrupamos as importacións por divisións CUCI e extraemos as máis relevantes. O que se perde en detalle gáñase en claridade. En efecto, o sector da automoción (78) e o seu complementario, os equipos xeradores de forza (Motores, 71) son as importacións máis importantes da Eurorrexión (e neste caso, con orixe en Francia). O segundo grupo de productos de importación son os Fiados, tecidos e confeccións téxtiles (65), neste caso con orixe en Alemaña e Italia e, en menor medida, na propia Francia e en Bélxica-Luxemburgo. Ó lado destas importacións, con destino principalmente á Rexión do Norte, existen outras de rango algo menor pero con contribucións superiores ó 1%. Entre estas destacariamos as importacións de Peixes e Productos enerxéticos do Reino Unido (03 e 33), os cereais de Francia (04), as importacións de Maquinaria para industrias de Alemaña e Italia (72) ou as importacións de Aparatos eléctricos, tamén de Alemaña (77).

Cadro II.1.8 - ORIXEN DAS IMPORTACIÓNS DA EURORREXIÓN POR PAÍS E PRODUCTO (DIVISIÓN DA CUCI), 1995

div	1	2	3	4	5	6	7	8	9	30	32	959	Total
01	0,25	0,02	0,52	0,03	0,02	0,17	0,01	0,19	0,00	0,00	0,00	0,00	1,21
03	0,28	0,03	0,46	0,05	0,18	1,06	0,22	0,21	0,02	0,00	0,00	0,00	2,51
04	1,28	0,04	0,09	0,26	0,21	0,41	0,00	0,13	0,00	0,00	0,00	0,00	2,42
33	0,15	0,13	0,14	0,17	0,11	1,83	0,00	0,61	0,00	0,00	0,00	0,00	3,14
53	0,15	0,16	0,09	0,92	0,10	0,27	0,00	0,00	0,00	0,00	0,02	0,00	1,72
57	0,50	0,54	0,23	0,68	0,19	0,19	0,00	0,00	0,00	0,07	0,07	0,00	2,49
58	0,19	0,06	0,05	0,41	0,28	0,08	0,00	0,01	0,00	0,00	0,00	0,00	1,09
59	0,20	0,05	0,09	0,53	0,10	0,28	0,01	0,00	0,00	0,01	0,01	0,00	1,27
61	0,18	0,02	0,07	1,15	0,85	0,33	0,00	0,01	0,00	0,00	0,01	0,00	2,65
62	0,36	0,05	0,05	0,22	0,14	0,13	0,00	0,00	0,00	0,01	0,00	0,00	1,03
64	0,23	0,08	0,08	0,50	0,14	0,07	0,00	0,01	0,00	0,18	0,18	0,03	1,54
65	2,22	1,11	0,65	3,84	3,55	0,93	0,05	0,08	0,15	0,07	0,04	0,00	12,95
67	0,60	0,91	0,10	1,05	0,54	0,64	0,02	0,09	0,00	0,05	0,07	0,00	4,12
68	0,51	0,08	0,16	0,43	0,41	0,16	0,00	0,02	0,00	0,01	0,01	0,00	1,79
69	0,45	0,08	0,08	0,46	0,59	0,22	0,00	0,03	0,00	0,03	0,01	0,00	2,00
71	2,35	0,04	0,01	0,33	0,07	0,04	0,00	0,04	0,00	0,01	0,05	0,00	2,95
72	0,43	0,29	0,09	1,68	1,37	0,18	0,01	0,03	0,01	0,19	0,03	0,00	4,38
74	0,51	0,15	0,16	0,75	1,05	0,17	0,01	0,07	0,00	0,16	0,04	0,00	3,10
76	0,03	0,03	0,05	0,76	0,11	0,07	0,00	0,01	0,00	0,01	0,00	0,00	1,09
77	1,07	0,05	0,11	2,92	0,65	0,29	0,07	0,02	0,00	0,03	0,03	0,00	5,31
78	12,98	0,93	0,24	1,72	1,03	0,36	0,00	0,01	0,00	0,44	0,00	0,00	17,72
84	1,05	0,10	0,12	0,66	0,98	0,21	0,00	0,01	0,00	0,01	0,01	0,00	3,26
85	0,14	0,03	0,06	0,57	0,22	0,03	0,00	0,05	0,00	0,00	0,00	0,00	1,12
87	0,46	0,01	0,13	0,47	0,15	0,05	0,00	0,01	0,00	0,02	0,00	0,00	1,39
89	0,49	0,38	0,34	0,63	0,85	0,26	0,01	0,04	0,00	0,03	0,03	0,00	3,10
97	0,00	0,00	0,00	1,04	0,04	0,13	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1,21
Total	30,39	6,14	6,19	24,35	15,49	10,99	0,62	1,96	0,37	1,61	0,81	0,03	100,00

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

II.2. A ESTRUCTURA DAS EXPORTACIÓNS

Polo lado das exportacións, a asimetría comercial entre a Rexión do Norte e Galicia é tamén remarcable. A Rexión do Norte achega algo menos do 75% das exportacións intracomunitarias, e Galicia algo máis do 25%. Como teremos ocasión de ver a continuación, estas asimetrías distribúense de forma desigual ó analizar os distintos compoñentes da corrente exportadora, tanto sexan sectores, países, perfís ou combinacións entre eles. Como no caso das importacións, estas asimetrías terán repercusións en termos de aperturas ó exterior das diferentes rexións, etc.

II.2.1. A estructura das exportacións

Unha visión desagregada da corrente exportadora da Eurorrexión figura no cadro Nº.II.2.1. O principal producto de exportación da Eurorrexión é o Calzado (CUCI 851), seguido da CUCI 845 (Outras prendas de vestir), as Furgonetas (782) e os Automóbiles (781). As dúas primeiras teñen a súa orixe na Rexión do Norte e as dúas segundas principalmente en Galicia, tal e como nos mostra o cadro anterior. O quinto producto de exportación é a CUCI 773 (Material distribuidor de electricidade). O sector Téxtil e confección volve aparecer outra vez polo listado anterior, intercalado coas exportacións de Bebidas alcohólicas (CUCI 112), as Manufacturas da cortiza (633), Partes e pezas de automotores (784), Cal, cemento e pedras (661), etc.

O cadro Nº.II.2.2 dá unha visión máis agregada das exportacións da Eurorrexión á Unión Europea. Aí queda de relevo que as Prendas de vestir (84) son a principal exportación da Eurorrexión, productos ós que cabería engadir as exportacións de Fiados, tecidos e confeccións téxtiles (65). O primeiro deles acumula o 23% das exportacións e o segundo un 8%, isto é, algo menos dun tercio das exportacións totais. Tanto nun sector coma no outro o papel de Galicia é moi reducido, sendo unha corrente exportadora abastecida principalmente desde a Rexión do Norte. O segundo capítulo en importancia é o do automóbil (78), que achega máis do 15% das exportacións. Estas exportacións realízanse principalmente desde Galicia aínda que, para 1997, se detecta un incremento significativo do peso da Rexión do Norte. O terceiro capítulo constitúeno as exportacións de Calzado (85), exportacións maioritarias da Rexión Norte de Portugal e que abastecen o 13% da corrente exportadora da Eurorrexión, situación similar á das exportacións de Material eléctrico (77) que achegan un 6% do total e teñen a súa orixe tamén na Rexión do Norte. O resto das exportacións teñen xa un peso máis reducido: o Peixe (03), as Bebidas (11), as Manufacturas da cortiza e da madeira (63), as Manufacturas dos minerais non metálicos (66), ou os Equipamentos de telecomunicación e son (76).

Cadro II.2.1 - EXPORTACIÓNS DA EURORREXIÓN PARA A UNIÓN EUROPEA, SEN ESPAÑA NIN PORTUGAL

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
CUCI	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
036	0,00	0,00	0,01	0,81	1,06	1,20	0,81	1,06	1,21
037	0,31	0,25	0,24	0,96	1,18	1,42	1,27	1,42	1,66
112	3,13	3,20	2,95	0,01	0,03	0,02	3,14	3,23	2,97
251	0,00	0,00	0,01	1,88	1,02	1,01	1,88	1,02	1,02
511	0,89	0,47	0,47	0,13	0,17	0,18	1,01	0,64	0,65
625	0,81	0,95	1,03	0,01	0,01	0,01	0,82	0,96	1,04
633	2,63	2,62	2,74	0,00	0,00	0,00	2,64	2,63	2,74
652	1,04	1,19	1,17	0,00	0,00	0,00	1,04	1,19	1,17
657	0,98	0,93	0,95	0,03	0,05	0,04	1,02	0,98	0,98
658	4,12	3,93	3,87	0,00	0,00	0,00	4,12	3,93	3,87
661	0,41	0,34	0,29	2,05	1,91	1,75	2,45	2,25	2,04
684	0,01	0,01	0,00	0,76	0,87	1,03	0,78	0,88	1,03
762	2,93	2,57	1,90	0,00	0,00	0,00	2,93	2,57	1,90
773	4,01	4,24	4,35	0,01	0,03	0,07	4,03	4,27	4,42
776	2,86	0,25	0,78	0,00	0,00	0,00	2,86	0,25	0,78
781	0,00	0,11	2,05	9,46	8,95	3,36	9,46	9,06	5,41
782	0,00	0,00	0,01	2,35	5,01	8,71	2,35	5,01	8,72
784	0,63	0,65	0,69	1,05	1,38	1,54	1,68	2,03	2,24
793	0,44	0,51	1,03	0,24	0,15	0,07	0,68	0,66	1,10
821	1,07	1,19	1,15	0,02	0,04	0,06	1,09	1,24	1,22
841	4,57	4,28	3,88	0,19	0,26	0,27	4,75	4,54	4,15
842	2,98	2,78	2,62	0,37	0,55	0,58	3,36	3,32	3,20
843	1,85	1,83	1,88	0,03	0,03	0,03	1,88	1,86	1,91
844	2,23	2,26	2,04	0,05	0,06	0,05	2,29	2,32	2,09
845	9,78	10,34	9,45	0,20	0,27	0,31	9,98	10,61	9,76
846	1,21	1,25	1,27	0,01	0,01	0,01	1,22	1,26	1,29
851	13,02	13,40	13,59	0,05	0,06	0,12	13,07	13,46	13,71
Total	**74,26**	**71,75**	**72,56**	**25,74**	**28,25**	**27,44**	**100,00**	**100,00**	**100,00**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Cadro II.2.2 - EXPORTACIÓNS DA EURORREXIÓN PARA A UNIÓN EUROPEA, SEN ESPAÑA NIN PORTUGAL

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
CUCI	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
03	0,32	0,26	0,25	2,56	3,16	3,58	2,88	3,42	3,83
11	3,13	3,20	2,95	0,01	0,03	0,02	3,14	3,23	2,97
25	0,00	0,00	0,01	1,88	1,02	1,01	1,88	1,02	1,02
51	1,17	0,53	0,51	0,13	0,17	0,18	1,30	0,70	0,69
62	0,83	0,99	1,08	0,03	0,04	0,04	0,86	1,03	1,11
63	3,14	3,11	3,22	0,59	0,61	0,65	3,74	3,73	3,87
65	8,22	8,16	8,04	0,04	0,06	0,04	8,25	8,22	8,08
66	0,91	0,84	0,76	2,11	1,98	1,84	3,02	2,82	2,60
68	0,04	0,04	0,07	0,76	0,87	1,03	0,80	0,91	1,09
69	1,62	1,66	1,58	0,11	0,13	0,15	1,73	1,79	1,73
76	3,34	3,06	2,27	0,02	0,02	0,01	3,36	3,07	2,29
77	7,96	5,55	6,18	0,10	0,13	0,17	8,06	5,68	6,35
78	0,83	0,97	3,01	12,87	15,39	13,64	13,71	16,35	16,65
79	0,44	0,51	1,04	0,24	0,15	0,07	0,68	0,67	1,11
82	1,07	1,19	1,15	0,02	0,04	0,06	1,09	1,24	1,22
84	22,67	22,77	21,18	0,87	1,21	1,30	23,54	23,99	22,47
85	13,02	13,40	13,59	0,05	0,06	0,12	13,07	13,46	13,71
Total	74,26	71,75	72,56	25,74	28,25	27,44	100,00	100,00	100,00

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

A asimetría entre as contribucións de Galicia e da Rexión do Norte á corrente exportadora da Eurorrexión volve a manifestarse outra vez ó considerar as respectivas concentracións dos fluxos exportadores. O cadro Nº.II.2.3 recolle como as exportacións galegas están moito máis concentradas cás exportacións da Rexión do Norte (sobre dúas veces máis) e case triplican a concentración das exportacións intracomunitarias da Eurorrexión [44]. Así, Galicia achega arredor dun 25% das exportacións totais, pero cunha concentración por sectores que case triplica a concentración das exportacións totais [45].

Cadro II.2.3 - CONCENTRACIÓN DAS EXPORTACIÓNS: ÍNDICES DE HERFINDAHL

	Concentración por Grupos da CUCI			Concentración por países		
	RNP	GALICIA	EURORREXIÓN	RNP	GALICIA	EURORREXIÓN
1995	6,91	16,30	5,04	20,20	24,16	19,25
1996	7,57	14,69	5,27	19,08	29,16	19,40
1997	7,11	13,36	5,10	18,87	24,55	18,69

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

[44] É necesario recordar aquí que, en Galicia, a concentración exportadora é tan elevada debido ó peso tan importante que teñen nese conxunto rexional as exportacións de automotores.

[45] Estes mesmos resultados, agora tendo en conta o comercio de Galicia con Portugal e o da Rexión do Norte con España, sinálannos que a concentración dos fluxos exportadores diminúe un punto na Rexión do Norte, cinco en Galicia e tres na Eurorrexión, de tal modo que a relación entre estas tres rexións permanece moi similar á xa exposta.

II.2.2. A especialización da corrente exportadora

Como no caso das importacións, o cadro Nº.II.2.4 recolle a participación das exportacións da Eurorrexión nas exportacións ibéricas, as de Galicia en España e as da Rexión do Norte en Portugal, excepción feita do comercio mutuo entre Portugal e España.

As asimetrías volven ser importantes. A Rexión do Norte é responsable de máis da metade da exportación portuguesa, Galicia oscila sobre o 5% da exportación española e a Eurorrexión achega algo menos do 15% das exportacións ibéricas á Unión Europea.

A pesar destas asimetrías, as especializacións exportadoras son máis nítidas ca no caso das importacións. En efecto, para case 20 sectores, a Eurorrexión exporta máis da metade das exportacións ibéricas, sinalando un perfil con trazos moi contundentes. A Eurorrexión exporta a práctica totalidade das exportacións ibéricas de Aluminio (CUCI 285, con relevancia en Galicia), entre o 70% e o 90% das exportacións ibéricas de diversos tipos de Roupas de vestir, peles e artigos de coiro. A isto engádenselle as exportacións de Aparatos de óptica e fotografía (CUCIs 871 e 881), Conservas de peixe e mariscos (CUCIs 036 e 037), e outras especializacións menos contundentes pero superiores tamén ó 50% da exportación ibérica: Caldeiras (711), Caucho e as súa manufacturas (231), Cal, cemento e pedras (661), etc.

A diversidade de partidas que figuran no cadro anterior (aquelas que achegan na Eurorrexión máis do 20% da exportación ibérica nalgún exercicio) queda sintetizada no cadro Nº.II.2.5, no que figuran as divisións CUCI con contribucións superiores ó 10% nalgún exercicio. A Eurorrexión achega algo máis do 70% das exportacións ibéricas de Prendas de vestir (84), sobre a metade das exportacións ibéricas de Calzado (85), das exportacións de Manufacturas da cortiza e a madeira (63) e das exportacións de Peixes (03). Sobre un 30% das exportacións de Fiados e tecidos (65) ou de Cortiza e madeira (24). Sobre un 20% das exportacións ibéricas de Bebidas (11), Fertilizantes en bruto (27) ou de Productos lácteos e ovos (02).

No resto encóntranse tamén contribucións importantes: Mobles (82), Aparatos e equipos fotográficos (88), Aparatos eléctricos (77), Pasta e desperdicios de papel (25), Equipos de telecomunicación e son (76), etc.

En definitiva, a Eurorrexión mostra un perfil exportador no que o sector Téxtil, calzado, coiro e confección ten unha relevancia moi importante, sector ó que se lle engaden algunhas especializacións do sector primario: a cortiza, a madeira, os peixes, os viños, lácteos e ovos, etc. e algún producto eléctrico e da electrónica básica. Como no caso das importacións, existen algúns sectores con pesos importantes no interior das exportacións da Eurorrexión que coinciden con sectores tamén importantes en España ou Portugal (o automóbil, por exemplo) e que, polo tanto, non pasan a formar parte do perfil exportador.

Cadro II.2.4

PARTICIPACIÓN DA REXIÓN NORTE NO COMÉRCIO INTRACOMUNITARIO PORTUGUÉS (SEN ESPAÑA)
PARTICIPACIÓN DE GALICIA NO COMERCIO INTRACOMUNITARIO ESPAÑOL (SEN PORTUGAL)
PARTICIPACIÓN DA EURORREXIÓN NO COMERCIO IBÉRICO COA U.E. (SEN ESPAÑA NIN PORTUGAL)
EXPORTACIÓNS, GRUPOS DA CUCI

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
grp	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
023	39,84	31,68	32,02	45,09	40,32	49,22	44,01	37,98	44,61
034	2,55	0,76	1,24	45,27	38,22	38,49	40,10	35,56	36,14
036	4,45	4,13	11,45	51,78	49,96	54,50	49,74	48,39	53,42
037	33,79	28,33	34,75	62,96	68,09	69,71	51,97	54,78	60,91
112	87,00	86,08	83,07	0,12	0,33	0,19	29,16	27,35	23,97
212	0,00	0,00	0,00	25,44	37,53	67,76	25,44	37,53	67,76
231	100,00	100,00	100,00	0,00	0,00	0,00	44,04	49,80	48,88
244	89,55	93,09	91,22	0,00	0,00	0,00	50,42	49,18	50,19
246	99,68	40,33	0,00	1,36	2,33	31,30	12,63	2,54	31,30
248	28,95	37,27	46,16	18,17	15,99	19,80	25,54	28,10	34,12
263	99,28	99,71	99,99	0,00	0,00	0,00	27,98	6,70	7,56
269	99,67	97,50	99,36	0,09	1,13	0,46	62,13	52,07	35,74
273	23,84	36,41	53,21	43,88	41,59	37,19	37,80	39,78	42,82
274	0,00	0,00	0,00	25,49	9,13	15,53	25,49	9,13	15,53
285	0,00	0,00	0,00	99,67	98,56	98,52	99,67	98,56	98,52
342	0,00	0,00	72,99	0,00	0,00	0,01	0,00	0,00	27,55
511	62,80	59,87	44,52	10,96	16,97	15,41	39,30	35,73	29,20
522	0,90	1,32	0,33	32,59	35,44	38,45	29,67	32,74	34,54
612	61,92	85,85	99,03	0,44	0,49	0,25	6,88	17,00	23,87
633	82,80	85,77	87,15	0,27	0,12	0,10	65,94	68,39	70,48
634	32,20	24,22	20,88	41,88	42,41	44,99	37,94	35,70	36,60
635	50,55	54,89	57,10	9,64	9,88	8,40	23,92	26,12	25,83
652	99,23	99,39	99,47	0,02	0,03	0,05	45,45	45,38	41,73
653	69,29	66,14	64,45	0,03	0,05	0,04	23,09	20,88	20,10
656	92,41	94,24	94,38	0,05	0,01	0,09	24,32	27,10	27,63
657	80,31	79,45	79,16	1,76	2,44	1,88	32,74	30,52	31,89
658	94,21	94,49	94,79	0,02	0,11	0,17	76,63	73,80	70,51
661	44,11	41,05	39,33	59,46	54,29	54,70	56,22	51,76	51,81
671	13,88	9,95	0,00	23,56	34,99	23,05	23,40	34,83	22,89
684	12,45	10,77	4,50	16,83	19,41	22,99	16,73	19,24	22,63
692	97,06	89,58	86,12	2,92	1,41	1,13	23,45	21,47	18,15
695	71,44	69,07	71,06	0,09	0,05	1,34	40,29	38,98	42,96
711	0,00	0,00	16,92	4,24	8,05	53,30	4,24	8,02	53,28
724	59,53	60,03	54,30	0,38	0,50	0,32	21,81	23,49	19,75
726	98,23	99,90	99,53	0,00	0,26	0,00	23,01	34,52	35,31
749	34,21	34,75	34,78	1,29	0,35	2,12	18,37	19,18	20,56
762	66,55	61,10	49,04	0,03	0,00	0,00	65,23	58,53	47,89
763	81,49	84,04	96,87	0,00	0,00	0,00	15,44	18,66	20,85
773	58,26	56,35	67,31	0,31	0,71	1,60	34,60	35,62	40,35
776	97,86	85,24	90,63	0,12	0,01	0,01	70,32	17,86	42,96
782	0,06	0,00	0,46	23,76	33,38	39,96	18,13	28,23	36,72
793	87,39	95,13	97,73	58,31	24,11	4,56	74,39	57,36	42,43
841	62,37	63,47	65,11	14,79	14,24	15,53	55,33	52,91	53,82
842	86,57	84,75	85,54	39,55	44,48	44,36	76,44	73,77	73,18
843	96,98	98,23	97,37	15,84	19,44	17,44	90,24	91,42	91,18
844	95,11	96,41	96,35	16,16	13,54	10,28	85,17	83,06	81,08
845	92,23	91,33	91,93	11,05	13,33	15,31	80,53	79,42	79,16
846	76,62	78,79	81,11	3,53	4,42	5,24	66,52	67,36	70,93
851	94,42	94,91	95,65	0,43	0,61	1,00	53,09	54,21	53,37
871	99,99	99,52	99,56	0,00	0,00	0,00	56,45	67,37	71,45
881	55,10	63,99	89,92	0,00	0,00	0,00	46,46	51,76	75,39
884	70,97	69,58	79,95	0,01	0,00	0,01	28,56	26,42	30,25
891	81,49	88,04	82,46	0,04	0,01	0,00	24,28	27,92	25,27
895	96,00	98,37	90,73	0,00	0,00	0,25	25,21	25,03	19,09
Total	**54,09**	**50,49**	**51,81**	**4,83**	**5,01**	**4,76**	**14,93**	**14,17**	**13,96**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Cadro II.2.5

PARTICIPACIÓN DA REXIÓN NORTE NO COMÉRCIO INTRACOMUNITARIO PORTUGUÉS (SEN ESPAÑA)
PARTICIPACIÓN DE GALICIA NO COMERCIO INTRACOMUNITARIO ESPAÑOL (SEN PORTUGAL)
PARTICIPACIÓN DA EURORREXIÓN NO COMERCIO IBÉRICO COA U.E. (SEN ESPAÑA NIN PORTUGAL)
EXPORTACIÓNS, DIVISIÓNS DA CUCI

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
div	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
02	20,18	16,54	19,82	20,64	15,66	20,34	20,56	15,81	20,26
03	25,53	22,31	26,76	50,61	49,06	51,58	45,60	45,02	48,66
11	86,81	85,81	82,67	0,18	0,37	0,22	28,49	26,82	23,50
23	82,56	61,17	72,86	0,10	0,39	0,00	11,72	8,70	4,86
24	36,71	47,29	52,38	11,83	8,64	10,89	26,98	28,76	31,93
25	0,00	0,00	0,17	40,94	40,03	39,24	19,48	18,06	16,67
27	24,65	37,32	53,56	18,18	17,48	15,16	18,86	19,99	20,33
28	2,90	1,76	2,96	15,88	7,87	6,52	10,40	5,54	5,33
41	0,00	6,58	0,00	11,12	8,36	4,01	10,93	8,33	3,98
51	66,31	59,57	42,92	1,74	2,65	2,45	14,18	9,57	8,12
52	0,92	1,33	0,35	13,48	18,37	17,91	12,97	17,64	16,98
58	65,42	59,76	61,93	2,56	2,24	3,55	9,46	8,74	11,03
63	70,03	71,65	73,11	20,29	20,43	21,35	50,41	50,69	51,93
65	83,68	83,24	82,53	0,26	0,37	0,27	34,46	33,25	31,95
66	17,17	17,56	16,06	15,25	14,18	13,23	15,78	15,04	13,95
69	50,65	53,61	50,33	0,86	0,95	0,74	10,81	10,51	7,46
72	53,34	54,09	51,23	1,21	1,03	0,75	9,70	10,46	8,54
76	58,98	55,23	43,83	0,18	0,18	0,12	22,09	19,01	14,02
77	55,96	45,89	51,48	0,39	0,50	0,66	20,65	15,04	16,76
79	75,65	64,34	77,91	4,74	1,82	0,84	12,11	7,22	11,38
82	66,02	67,62	65,21	0,35	0,67	1,01	15,50	15,21	14,96
83	81,70	83,01	80,46	0,28	0,76	1,17	13,36	11,13	12,23
84	82,98	83,64	84,61	16,62	18,61	20,22	72,29	71,07	71,48
85	94,42	94,91	95,65	0,43	0,61	1,00	53,09	54,21	53,37
88	61,30	67,54	70,60	0,00	0,00	0,04	15,26	15,76	17,94
Total	54,09	50,49	51,81	4,83	5,01	4,76	14,93	14,17	13,96

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

II.2.3. Os mercados intracomunitarios de exportación

A estructura dos mercados de exportación da Eurorrexión mantén unha certa complementariedade coa que xa analizamos para as importacións. O cadro Nº.II.2.6 pon de manifesto que Francia e Alemaña son os principais mercados de exportación, cunhas importancias similares, e que o mercado francés é o primeiro da exportación galega e o segundo na exportación da Rexión do Norte, detrás de Alemaña. Estes dous países absorben máis da metade das exportacións intracomunitarias da Eurorrexión. A unha certa distancia está o mercado do Reino Unido, mercado ó que se destina máis do 15% da exportación total. Cunhas porcentaxes que se sitúan arredor do 6%, encontramos a Italia e ós países do Benelux.

Cadro II.2.6 - ORIXEN DAS EXPORTACIÓNS INTRACOMUNITARIAS DA EURORREXIÓN

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
País	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
Francia	11,75	10,70	11,13	18,64	23,03	23,12	30,39	33,73	34,25
Bel-Lux	5,36	4,77	4,69	0,79	0,80	0,77	6,14	5,56	5,46
Holanda	4,79	4,16	5,08	1,40	1,47	1,15	6,19	5,63	6,23
Alemaña	22,38	20,25	18,76	1,97	2,75	2,66	24,35	22,99	21,42
Italia	12,49	12,26	12,14	3,00	3,12	2,97	15,49	15,38	15,11
Reino Unido	6,50	6,61	7,15	4,49	3,71	5,20	10,99	10,31	12,35
Irlanda	0,27	0,25	0,31	0,35	0,28	0,33	0,62	0,53	0,64
Dinamarca	1,10	1,04	0,79	0,86	0,97	0,22	1,96	2,01	1,01
Grecia	0,32	0,28	0,24	0,04	0,04	0,03	0,37	0,31	0,27
Suecia	1,12	1,24	1,21	0,49	0,59	0,41	1,61	1,83	1,62
Finlandia	0,64	0,47	0,53	0,17	0,16	0,20	0,81	0,63	0,73
Austria	0,94	0,97	0,82	0,11	0,11	0,08	1,05	1,08	0,90
951	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
959	0,03	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,03	0,00	0,00
	67,69	62,97	62,85	32,31	37,03	37,15	100,00	100,00	100,00

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Como no caso das importacións, existe tamén unha complementariedade importante na estructura da exportación por países entre a Rexión do Norte e Galicia, excepción feita de Francia, mercado no que as exportacións de ambas rexións teñen unha relevancia a ter en conta. A importancia que ten Francia para a Rexión do Norte repítese no que se refire ó mercado do Reino Unido, pero o primeiro mercado da Rexión do Norte é Alemaña, mercado que en Galicia ten unha importancia menor.

Esta estructura dos principais clientes está moi relacionada coa concentración por países do fluxo exportador. A concentración das exportacións é bastante similar en Galicia e na Rexión do Norte ou na Eurorrexión, aínda que é en Galicia a concentración é maior (dada a importancia do mercado francés, principalmente).

II.2.4. As exportacións de sectores versus país

Tamén para o ano 1995 construímos a matriz de sectores e países, neste caso para a exportación (Véxase cadro Nº.II.2.7). O producto de exportación máis importante da Eurorrexión son os automóbiles (CUCI 781, máis dun 5% da exportación total), con destino a Francia e con orixe en Galicia. O segundo producto de exportación é a CUCI 851 (Calzado, case un 5%), neste caso con destino a Alemaña. O terceiro producto de exportación constitúeno as Outras prendas de vestir (CUCI 845, máis dun 3%), tamén con destino a Alemaña. Os outros sectores de exportación manteñen contribucións arredor do 3% do total. Neste caso encontrariamos ás dúas CUCIs anteriores pero, agora, con destino a Francia, as exportacións de Radiorreceptores ou de Lámpadas e válvulas (CUCIs 762 e 776) con destino a Alemaña, as exportacións de Material distribuidor de electricidade ou de bebidas alcohólicas (CUCIs 773 e 112) con destino a Francia, etc.

Cadro II.2.7 - EXPORTACIÓNS DA EURORREXIÓN PARA A UNIÓN EUROPEA POR PRODUCTO (GRUPO CUCI) E PAÍS, 1995

grp	1	2	3	4	5	6	7	8	9	30	32	38	951	959	Total
037	0,20	0,06	0,01	0,18	0,66	0,09	0,00	0,01	0,01	0,01	0,00	0,04	0,00	0,00	1,27
112	1,15	0,54	0,37	0,19	0,09	0,57	0,01	0,13	0,01	0,05	0,01	0,01	0,00	0,00	3,14
251	0,04	0,00	0,10	0,86	0,17	0,19	0,00	0,00	0,00	0,17	0,00	0,35	0,00	0,00	1,88
511	0,06	0,13	0,49	0,05	0,07	0,21	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1,01
633	1,14	0,06	0,09	0,73	0,26	0,11	0,00	0,04	0,05	0,03	0,01	0,10	0,00	0,00	2,64
652	0,10	0,03	0,04	0,14	0,20	0,36	0,01	0,02	0,02	0,07	0,01	0,03	0,00	0,00	1,04
657	0,24	0,06	0,14	0,21	0,04	0,14	0,07	0,05	0,00	0,04	0,01	0,01	0,01	0,00	1,02
658	0,87	0,10	0,36	0,86	0,13	1,04	0,03	0,24	0,07	0,22	0,10	0,08	0,00	0,00	4,12
661	0,99	0,25	0,02	0,92	0,02	0,18	0,02	0,03	0,00	0,02	0,01	0,00	0,00	0,00	2,45
762	0,12	0,00	0,08	2,33	0,16	0,17	0,00	0,01	0,00	0,01	0,00	0,04	0,00	0,00	2,93
773	1,23	0,04	0,02	0,54	0,04	1,59	0,02	0,00	0,00	0,53	0,00	0,00	0,00	0,00	4,03
776	0,00	0,00	0,53	2,31	0,02	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2,86
781	5,43	0,54	0,00	0,64	0,88	1,70	0,00	0,00	0,19	0,00	0,00	0,08	0,00	0,00	9,46
782	1,82	0,15	0,00	0,03	0,08	0,23	0,01	0,00	0,01	0,00	0,00	0,03	0,00	0,00	2,35
784	0,71	0,10	0,00	0,60	0,04	0,21	0,00	0,00	0,00	0,01	0,00	0,00	0,00	0,00	1,68
821	0,57	0,03	0,02	0,34	0,00	0,05	0,00	0,00	0,00	0,02	0,00	0,04	0,00	0,00	1,09
841	0,75	0,32	0,32	0,96	0,34	1,09	0,03	0,24	0,09	0,39	0,16	0,08	0,00	0,00	4,75
842	0,69	0,08	0,14	1,51	0,17	0,22	0,01	0,15	0,09	0,14	0,11	0,05	0,00	0,00	3,36
843	0,45	0,06	0,11	0,72	0,06	0,25	0,04	0,05	0,01	0,04	0,05	0,04	0,00	0,00	1,88
844	0,69	0,08	0,15	0,64	0,06	0,35	0,02	0,11	0,01	0,05	0,07	0,03	0,00	0,00	2,29
845	2,63	0,34	0,85	3,18	0,29	1,29	0,15	0,50	0,06	0,30	0,23	0,17	0,00	0,00	9,98
846	0,26	0,04	0,06	0,45	0,01	0,11	0,01	0,07	0,00	0,10	0,07	0,04	0,00	0,00	1,22
851	2,28	0,23	0,65	4,64	0,07	2,91	0,09	1,19	0,03	0,70	0,06	0,22	0,00	0,00	13,07
Total	26,51	4,39	6,29	28,67	6,34	16,58	0,78	3,15	0,90	3,42	1,13	1,65	0,20	0,00	100,00

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

A análise por grandes sectores simplifica a visión da estructura producto país. En efecto, o cadro Nº.II.2.8 sinálanos como as exportacións relacionadas coa Automoción (78) son as máis relevantes, neste caso con destino a Francia, representando un 8% do total das exportacións da Eurorrexión. Cunha importancia similar, encontramos as exportacións de Prendas de vestir (84) con destino a Alemaña, e representando xa un 5% do total as exportacións destes sectores ó mercado Francés. As exportacións de Calzado (85) a Alemaña representan case o 5% das exportacións totais. As exportacións da div. 65 (Fiados, tecidos e confeccións) e as da div. 77 (Aparatos eléctricos) son importantes nos mercados alemán e inglés. O resto dos sectores distribuense nuns mercados que, tomados no seu conxunto, son máis reducidos, e as exportacións encóntranse máis dispersas.

Cadro II.2.8 - EXPORTACIÓNS DA EURORREXIÓN PARA A UNIÓN EUROPEA POR PRODUCTO (DIVISIÓN CUCI) E PAÍS, 1995

div	Francia	Bel-Lux	Holanda	Alemania	Itália	Reino Unido	Irlanda	Dinamarca	Grecia	Suecia	Finlandia	Austria	959	Total
02	0,48	0,09	0,01	0,02	0,01	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,61
03	0,45	0,08	0,05	0,27	1,67	0,19	0,00	0,04	0,07	0,01	0,00	0,00	0,00	2,88
11	1,15	0,54	0,37	0,19	0,09	0,57	0,01	0,13	0,01	0,05	0,01	0,00	0,00	3,14
25	0,04	0,00	0,10	0,86	0,17	0,19	0,00	0,00	0,00	0,17	0,00	0,00	0,00	1,88
33	0,11	0,19	0,07	0,03	0,06	0,31	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,12	0,00	0,89
61	0,08	0,13	0,73	0,06	0,08	0,21	0,00	0,00	0,01	0,00	0,00	0,00	0,00	1,30
62	0,23	0,08	0,05	0,15	0,09	0,19	0,01	0,01	0,01	0,02	0,00	0,00	0,00	0,86
63	1,38	0,08	0,28	0,83	0,31	0,49	0,03	0,06	0,08	0,06	0,02	0,00	0,00	3,74
64	0,07	0,09	0,04	0,13	0,10	0,14	0,03	0,00	0,00	0,01	0,00	0,00	0,00	0,62
65	1,47	0,24	0,59	1,94	0,51	2,09	0,12	0,37	0,13	0,43	0,20	0,01	0,00	8,25
66	1,16	0,28	0,05	1,15	0,03	0,22	0,02	0,05	0,00	0,04	0,02	0,00	0,00	3,02
68	0,09	0,04	0,18	0,21	0,20	0,07	0,00	0,00	0,00	0,02	0,00	0,00	0,00	0,80
69	0,33	0,08	0,16	0,49	0,05	0,35	0,01	0,05	0,03	0,11	0,04	0,00	0,00	1,73
74	0,22	0,06	0,03	0,36	0,03	0,14	0,01	0,00	0,00	0,02	0,00	0,00	0,00	0,90
76	0,16	0,00	0,09	2,68	0,17	0,18	0,00	0,01	0,00	0,01	0,01	0,00	0,00	3,36
77	1,48	0,07	0,57	3,58	0,11	1,62	0,03	0,02	0,02	0,54	0,01	0,00	0,00	8,06
78	8,00	0,80	0,01	1,29	1,01	2,27	0,01	0,00	0,20	0,01	0,00	0,00	0,00	13,71
79	0,02	0,00	0,03	0,45	0,00	0,11	0,07	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,68
82	0,57	0,03	0,02	0,34	0,00	0,05	0,00	0,00	0,00	0,02	0,00	0,00	0,00	1,09
84	5,48	0,93	1,63	7,49	0,94	3,31	0,26	1,11	0,28	1,02	0,69	0,00	0,00	23,54
85	2,28	0,23	0,65	4,64	0,07	2,91	0,09	1,19	0,03	0,70	0,06	0,00	0,00	13,07
89	0,31	0,08	0,06	0,16	0,05	0,17	0,01	0,02	0,00	0,02	0,02	0,00	0,00	0,91
Total	**26,51**	**4,39**	**6,29**	**28,67**	**6,34**	**16,58**	**0,78**	**3,15**	**0,90**	**3,42**	**1,13**	**0,20**	**0,00**	**100,00**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

II.3. O VOLUME DE COMERCIO E A COMPOSICIÓN DO SALDO

Nos dous epígrafes anteriores estudiamos de maneira independente as importacións e as exportacións da Eurorrexión, tratando de ver cáles eran os sectores máis importantes, os mercados con maior relevo e algunhas cuestións relacionadas con cada un destes dous fluxos de mercadorías. Neste epígrafe imos analizar conxuntamente as importacións e as exportacións para poder estudiar aspectos tan importantes como a composición do saldo comercial, ou unha primeira aproximación ás vantaxes comparativas ou ó comercio intraindustrial. Realizaremos unha visión rápida do comercio no seu conxunto para estudiar despois a composición do saldo comercial.

II.3.1. O volume de comercio: (Importacións máis Exportacións)

A análise do volume de comercio sinala cáles son os sectores máis importantes do comercio da Eurorrexión e a importancia que pode chegar a ter o saldo comercial, producto a producto ou país por país. En efecto, o cadro Nº.II.3.1 está indicando que o Calzado (CUCI 851) e os Automóbiles (781) son os sectores máis importantes no comercio intracomunitario da Eurorrexión (sobre un 8% do comercio total cada sector), o primeiro deles con relevancia na Rexión do Norte e o segundo con importancia en Galicia, como pon de manifesto o cadro anterior.

Con contribucións ó comercio total lixeiramente superiores ó 5% encontrámonos co comercio de furgonetas (Automotores para o transporte de mercadorías, CUCI 782), as Partes, pezas e compoñentes de automotores (CUCI 784) e o comercio doutras prendas de vestir (CUCI 845). Con contribucións entre o 2% e o 3% do comercio total (insistimos, importacións máis exportacións), encontramos o Material distribuidor de electricidade (773), o comercio da Roupa de punto masculina e feminina (841 e 842) e os Fiados de fibras téxtiles e Outros artigos téxtiles elaborados (CUCIs 651 e 658). O resto dos sectores importantes baixo o punto de vista da súa contribución ó comercio total, ou ben está relacionado con algúns dos anteriores, ou teñen pouca relevancia. No primeiro caso estaría o comercio dos Motores de combustión interna (713) ou o comercio de productos do sector do Calzado, Coiro e confección, as súas materias primas e as súas manufacturas. No segundo, o comercio de Bebidas alcohólicas (112), o de Radiorreceptores, comercio de rocas, etc.

Cadro II.3.1 - CONTRIBUCIÓNS Ó COMERCIO TOTAL (IMPORTACIÓNS+EXPORTACIÓNS)

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
011	0,39	0,15	0,16	0,13	0,09	0,09	0,51	0,24	0,25
034	0,01	0,02	0,02	0,93	1,03	1,03	0,94	1,04	1,05
036	0,02	0,03	0,03	0,80	0,93	0,99	0,82	0,96	1,01
037	0,18	0,14	0,14	0,68	0,76	0,88	0,87	0,91	1,02
041	0,45	0,52	0,45	0,07	0,05	0,09	0,52	0,57	0,54
112	1,98	1,94	1,78	0,03	0,02	0,02	2,01	1,97	1,80
251	0,00	0,00	0,00	1,07	0,57	0,56	1,07	0,57	0,57
333	0,00	0,32	0,53	0,80	0,72	0,93	0,80	1,03	1,46
334	0,47	0,40	0,50	0,27	0,40	0,45	0,75	0,80	0,95
511	0,54	0,29	0,31	0,07	0,10	0,11	0,61	0,39	0,42
575	0,48	0,41	0,41	0,16	0,13	0,15	0,64	0,54	0,56
582	0,48	0,44	0,47	0,10	0,10	0,12	0,59	0,55	0,59
611	1,17	1,10	1,05	0,01	0,01	0,01	1,18	1,11	1,05
625	0,63	0,70	0,74	0,02	0,02	0,02	0,65	0,72	0,76
633	1,52	1,48	1,54	0,00	0,00	0,00	1,52	1,48	1,54
641	0,54	0,53	0,52	0,18	0,15	0,14	0,73	0,69	0,66
651	1,87	2,00	2,00	0,06	0,07	0,06	1,93	2,07	2,06
652	1,36	1,48	1,42	0,05	0,06	0,06	1,41	1,53	1,48
653	1,71	1,51	1,46	0,14	0,17	0,14	1,85	1,68	1,60
654	0,50	0,43	0,37	0,13	0,15	0,14	0,62	0,58	0,51
655	0,46	0,44	0,51	0,01	0,01	0,02	0,47	0,45	0,53
657	1,21	1,12	1,09	0,03	0,05	0,04	1,24	1,17	1,13
658	2,41	2,25	2,20	0,00	0,00	0,01	2,42	2,26	2,21
661	0,24	0,20	0,20	1,17	1,07	0,98	1,41	1,26	1,18
673	0,56	0,40	0,40	0,02	0,04	0,03	0,58	0,43	0,43
684	0,25	0,18	0,23	0,53	0,60	0,71	0,78	0,78	0,95
699	0,64	0,67	0,63	0,08	0,10	0,09	0,72	0,77	0,72
713	0,09	0,10	0,14	1,03	1,58	1,84	1,12	1,68	1,98
724	0,83	0,93	0,96	0,03	0,03	0,04	0,86	0,96	1,00
728	0,42	0,49	0,46	0,18	0,17	0,14	0,60	0,67	0,60
762	1,70	1,45	1,07	0,00	0,00	0,00	1,70	1,45	1,07
764	0,52	0,46	0,36	0,02	0,04	0,02	0,53	0,50	0,38
772	0,96	0,93	0,92	0,08	0,07	0,06	1,04	0,99	0,97
773	2,63	2,69	2,77	0,08	0,10	0,15	2,71	2,79	2,91
776	2,12	0,55	0,75	0,01	0,00	0,01	2,12	0,56	0,76
778	0,47	0,33	0,32	0,06	0,12	0,10	0,54	0,45	0,42
781	0,76	0,86	1,99	7,37	8,21	5,37	8,13	9,07	7,36
782	0,18	0,21	0,25	1,69	3,22	5,41	1,87	3,43	5,66
784	0,85	0,89	0,89	4,19	4,68	4,26	5,03	5,57	5,15
793	0,26	0,29	0,58	0,26	0,15	0,08	0,52	0,44	0,65
821	0,80	0,83	0,82	0,03	0,05	0,07	0,83	0,88	0,89
841	2,80	2,53	2,28	0,13	0,16	0,16	2,93	2,69	2,44
842	1,92	1,73	1,66	0,26	0,33	0,33	2,18	2,06	2,00
843	1,18	1,15	1,14	0,02	0,02	0,02	1,20	1,17	1,16
844	1,40	1,36	1,23	0,04	0,05	0,04	1,44	1,42	1,27
845	5,96	6,08	5,57	0,16	0,20	0,22	6,12	6,28	5,79
846	0,84	0,84	0,90	0,03	0,03	0,03	0,86	0,86	0,93
851	7,90	7,90	7,97	0,03	0,04	0,07	7,93	7,94	8,04
971	0,52	0,44	0,26	0,00	0,00	0,00	0,52	0,44	0,26
Total	71,44	67,85	68,21	28,56	32,15	31,79	100,00	100,00	100,00

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

O cadro Nº.II.3.2 ofrécenos a información anterior, pero agregada por divisións CUCI a dous díxitos e para os sectores máis relevantes. Como viamos antes, o sector da automoción (78) achega algo máis do 18% do comercio total, seguido en importancia polo comercio das Prendas de vestir (84) cun 14% do comercio total. O terceiro é o sector dos Fiados, tecidos, e confeccións téxtiles (65, obviamente moi relacionado co anterior) cun 10% do comercio total. O sector do Calzado (85) achega arredor dun 8% do comercio total, de tal modo que, entre a automoción, o sector téxtil confección e o calzado, encontramos a metade do comercio intracomunitario da Eurorrexión. Sectores como o material eléctrico (77), e a Pesca (03) teñen a súa importancia relativa, pero ocupan lugares menos destacados.

Cadro II.3.2 - COMERCIO TOTAL POR DIVISIÓNS DA CUCI: SECTORES ESCOLLIDOS

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
CUCI	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
03	0,29	0,28	0,25	2,43	2,75	2,91	2,72	3,03	3,16
04	0,80	0,82	0,78	0,24	0,20	0,24	1,05	1,02	1,03
11	1,99	1,95	1,78	0,03	0,03	0,02	2,02	1,98	1,81
25	0,00	0,00	0,00	1,07	0,57	0,56	1,07	0,57	0,57
33	0,59	0,80	1,10	1,26	1,30	1,57	1,85	2,11	2,67
51	0,91	0,52	0,51	0,22	0,28	0,28	1,13	0,80	0,78
53	0,74	0,70	0,68	0,04	0,05	0,04	0,77	0,75	0,72
57	0,97	0,87	0,88	0,25	0,24	0,27	1,22	1,11	1,15
58	0,55	0,51	0,55	0,11	0,12	0,13	0,67	0,63	0,69
59	0,49	0,46	0,44	0,13	0,13	0,16	0,63	0,58	0,60
61	1,19	1,13	1,07	0,01	0,01	0,02	1,21	1,14	1,09
62	0,80	0,91	0,94	0,13	0,09	0,07	0,94	1,00	1,01
63	1,88	1,85	1,89	0,36	0,37	0,38	2,24	2,22	2,27
64	0,73	0,72	0,69	0,29	0,27	0,26	1,02	1,00	0,95
65	9,83	9,53	9,34	0,44	0,53	0,48	10,27	10,05	9,83
66	0,89	0,79	0,79	1,26	1,17	1,09	2,15	1,96	1,88
67	1,55	1,28	1,30	0,36	0,41	0,44	1,91	1,69	1,75
68	0,65	0,55	0,71	0,57	0,64	0,75	1,23	1,19	1,46
69	1,56	1,58	1,55	0,29	0,32	0,31	1,85	1,90	1,86
71	0,23	0,31	0,31	1,06	1,63	1,93	1,29	1,94	2,24
72	1,82	2,03	2,07	0,34	0,36	0,35	2,15	2,40	2,42
74	1,42	1,44	1,51	0,43	0,44	0,44	1,85	1,88	1,95
76	2,36	2,08	1,58	0,02	0,08	0,02	2,38	2,16	1,61
77	6,64	4,95	5,15	0,23	0,31	0,32	6,87	5,25	5,46
78	2,14	2,32	3,53	13,29	16,19	15,11	15,43	18,52	18,64
79	0,26	0,29	0,58	0,26	0,21	0,08	0,52	0,50	0,66
82	0,80	0,83	0,82	0,03	0,05	0,07	0,83	0,88	0,89
84	14,17	13,79	12,86	0,65	0,81	0,83	14,83	14,60	13,69
85	7,90	7,90	7,97	0,03	0,04	0,07	7,93	7,94	8,04
87	0,61	0,50	0,47	0,18	0,16	0,12	0,79	0,66	0,59
89	1,72	1,66	1,62	0,13	0,13	0,19	1,85	1,79	1,80
Total	71,44	67,85	68,21	28,56	32,15	31,79	100,00	100,00	100,00

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Se a análise do comercio total por sectores nos está informando -e é unha boa síntese- sobre o comportamento conxunto das importacións e as exportacións por sector-, esta mesma análise pode repetirse para a Eurorrexión fronte ós distintos países do espacio intra Unión Europea (como en todo este capítulo, sen España e sen Portugal). Nesta liña, o cadro Nº.II.3.3 sinálanos como Francia é o principal socio comercial da Eurorrexión (con importancia similar tanto na Rexión do Norte coma en Galicia) e como Alemaña é o segundo partenaire comercial, dada a súa importancia decisiva no comercio da Rexión do Norte. O cadro anterior sinala tamén que, xa a un segundo nivel de relevancia, o Reino Unido e, algo menos, Italia, ocupan o terceiro e cuarto posto no comercio exterior da Eurorrexión. A un terceiro nivel teriamos ós países do Benelux, principalmente Holanda e Bélxica.

Cadro II.3.3 - COMERCIO INTRACOMUNITARIO TOTAL DA EURORREXIÓN

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
País	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
Francia	13,93	13,77	14,08	14,24	17,98	16,86	28,18	31,75	30,94
Bel-Lux	3,89	3,77	3,93	1,26	1,28	1,48	5,14	5,05	5,41
Holanda	5,13	4,90	5,30	1,11	1,16	1,06	6,25	6,06	6,36
Alemaña	24,00	21,26	19,90	2,81	3,02	3,18	26,81	24,28	23,09
Italia	7,05	7,28	7,41	3,22	3,44	3,58	10,27	10,72	10,99
Reino Unido	10,18	10,02	11,35	3,99	3,45	4,11	14,17	13,47	15,46
Irlanda	0,45	0,46	0,42	0,26	0,20	0,22	0,71	0,67	0,64
Dinamarca	2,24	1,98	1,77	0,40	0,47	0,14	2,64	2,45	1,91
Grecia	0,34	0,37	0,29	0,33	0,31	0,39	0,67	0,68	0,68
Suecia	2,24	2,20	2,08	0,40	0,36	0,30	2,64	2,56	2,38
Finlandia	0,87	0,71	0,66	0,12	0,12	0,15	0,99	0,83	0,80
Austria	1,07	1,10	1,00	0,32	0,26	0,21	1,39	1,36	1,21
951	0,02	0,02	0,02	0,09	0,11	0,10	0,12	0,13	0,12
959	0,02	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,02	0,00	0,00
Total	71,44	67,85	68,21	28,56	32,15	31,79	100,00	100,00	100,00

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Como podemos observar nos cadros anteriores, tanto na distribución por países coma na distribución por sectores, detéctase a complementariedade existente entre a estructura comercial de Galicia e a que presenta a Rexión do Norte.

II.3.2. A composición do saldo comercial

A análise da composición do saldo comercial é, como veremos a continuación, un elemento importante no estudio da natureza dos fluxos comerciais. Como xa tivemos ocasión de ver algo máis arriba, debemos recordar que Galicia, en 1996 e en 1997, mantivo un saldo negativo fronte á UE (sen Portugal). Ó mesmo tempo, debemos recordar que o fundamental do excedente comercial da Eurorrexión xérase na Rexión do Norte: sobre o cen por cen ou máis deste excedente.

O cadro Nº.II.3.4 e o Gráfico Nº.II.3.6 recollen os saldos para cada CUCI (tres díxitos) da Eurorrexión, da Rexión do Norte e de Galicia en porcentaxe do saldo total da Eurorrexión. Outra anotación máis. O cadro anterior recolle soamente aqueles grupos que tiveron neses anos unhas contribucións ó saldo total maiores ou menores do 3%, é dicir, os máis relevantes. En definitiva, os resultados recollidos no cadro indican cáles son os grupos que xeran excedente e cáles déficit, e en qué medida este excedente ou este déficit é importante.

A primeira parte do Gráfico anterior recolle aqueles grupos que están xerando superávit comercial (é dicir, con exportacións que son superiores ás súas importacións). Sen lugar a dúbidas, o Calzado (CUCI 851) é o producto máis excedentario, creando el só máis do 60% do excedente comercial da Eurorrexión. En segundo lugar figuran as Outras prendas de vestir (845) con máis do 40% do excedente, os Automotores para o transporte de mercadorías (782) con case un 40%, a Roupa de punto masculina e feminina (842 e 841), Outros artigos téxtiles elaborados (658), o Material distribuidor de electricidade (773), as Manufacturas do Cortiza (633), os Viños (112), Pedras, cal e cemento (661), Radiorreceptores (762), Buques e estructuras flotantes, Conservas de peixes, etc.

A segunda parte do Gráfico recolle aqueles grupos que teñen déficit comercial (saldos negativos, isto é, nos que as importacións son maiores cás exportacións). Os máis deficitarios son a CUCI 784 (Partes e pezas de automotores), a CUCI 781 (Automóbiles) e a CUCI 713 (Motores de combustión interna), os tres cunha importancia decisiva en Galicia. O comercio de Coque e semicoque (CUCI 235) ofrece tamén saldos deficitarios importantes, así como os Fiados de fibras téxtiles (651) e a CUCI 611, léase Coiro. A estos achéganselles, xa cunha importancia menor, o comercio da CUCI 724 e 728 (Máquinas téxtiles e para coiros e Outras máquinas e equipos especiais), os tecidos de fibra téxtil manufacturados (CUCIs 653 e 654), etc.

Esta situación, agregada a divisións CUCI encontrámola no cadro Nº.II.3.5 e no Gráfico Nº.II.3.7. A 84 (Prendas de vestir) orixina o 100% do superávit comercial da Eurorrexión, de tal modo que o resto das divisións se compensan entre si. Outro sector con excedentes importantes é o sector 85 (Calzado). Ségueno en importancia o sector das Manufacturas de cortiza e madeira (63), o dos Aparatos eléctricos (77), as Bebidas (11), o Peixe (03), as manufacturas de minerais non metálicos (66), e algúns outros con contribucións xa máis reducidas.

Cadro II.3.4 - CONTRIBUCIÓNS DE CADA GRUPO CUCI Ó SALDO COMERCIAL TOTAL

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
036	- 0,12	- 0,21	- 0,17	0,84	2,22	3,26	0,72	2,01	3,09
037	1,23	1,16	1,17	2,94	4,88	6,54	4,18	6,04	7,71
041	- 3,20	- 4,66	- 4,31	- 0,47	- 0,47	- 0,85	- 3,68	- 5,13	- 5,16
112	11,27	14,51	14,08	- 0,14	0,05	- 0,01	11,13	14,57	14,07
251	- 0,02	- 0,01	0,02	7,62	5,07	5,27	7,59	5,06	5,29
333	0,00	- 2,84	- 5,06	- 5,72	- 6,45	- 8,85	- 5,72	- 9,29	- 13,91
342	- 2,55	- 3,31	- 3,80	0,00	- 0,01	- 0,03	- 2,55	- 3,31	- 3,83
511	3,38	2,10	1,96	0,51	0,79	0,82	3,90	2,89	2,78
531	- 2,81	- 3,19	- 3,04	- 0,02	- 0,05	- 0,05	- 2,83	- 3,24	- 3,09
533	- 2,13	- 2,64	- 2,97	0,00	- 0,13	- 0,03	- 2,13	- 2,77	- 3,00
575	- 3,43	- 3,63	- 3,89	0,54	0,12	0,10	- 2,89	- 3,51	- 3,78
611	- 7,44	- 8,78	- 8,93	- 0,05	- 0,06	- 0,08	- 7,49	- 8,84	- 9,00
625	2,10	3,15	3,81	- 0,06	- 0,09	- 0,08	2,04	3,06	3,72
633	10,56	12,95	14,18	0,01	0,00	0,00	10,57	12,95	14,19
634	0,79	0,45	0,34	1,95	2,35	2,78	2,74	2,80	3,12
651	- 7,00	- 9,25	- 9,81	- 0,45	- 0,61	- 0,54	- 7,46	- 9,86	- 10,36
653	- 4,45	- 4,31	- 4,63	- 0,99	- 1,50	- 1,37	- 5,44	- 5,81	- 6,00
654	- 3,42	- 3,63	- 3,36	- 0,89	- 1,37	- 1,32	- 4,31	- 5,00	- 4,68
655	- 1,84	- 2,68	- 3,56	- 0,10	- 0,12	- 0,21	- 1,94	- 2,80	- 3,78
658	16,28	18,98	19,81	- 0,03	- 0,02	- 0,02	16,25	18,96	19,78
661	1,61	1,65	1,15	8,26	9,51	9,10	9,87	11,15	10,26
673	- 3,98	- 3,57	- 3,80	- 0,17	- 0,34	- 0,29	- 4,15	- 3,91	- 4,08
679	- 0,85	- 1,65	- 2,17	- 0,39	- 0,52	- 0,61	- 1,24	- 2,17	- 2,78
682	- 2,03	- 2,28	- 2,90	- 0,22	- 0,29	- 0,25	- 2,26	- 2,57	- 3,14
713	- 0,47	- 0,52	- 1,00	- 7,21	- 14,07	- 17,37	- 7,68	- 14,59	- 18,37
723	- 1,32	- 2,10	- 2,62	- 0,14	- 0,26	- 0,28	- 1,45	- 2,36	- 2,90
724	- 4,24	- 6,07	- 7,23	- 0,20	- 0,22	- 0,36	- 4,44	- 6,30	- 7,59
728	- 2,62	- 3,89	- 4,02	- 1,03	- 1,38	- 1,20	- 3,65	- 5,28	- 5,21
762	11,69	12,64	9,75	0,00	0,00	0,00	11,69	12,64	9,75
772	- 3,55	- 3,23	- 2,67	- 0,48	- 0,47	- 0,36	- 4,03	- 3,71	- 3,02
773	13,87	18,21	19,43	- 0,44	- 0,56	- 0,63	13,43	17,65	18,80
781	- 5,38	- 6,59	2,63	24,37	15,63	- 15,79	18,98	9,04	- 13,16
782	- 1,30	- 1,85	- 2,29	7,08	21,11	40,15	5,78	19,27	37,86
784	- 0,95	- 1,49	- 1,12	- 21,29	- 28,33	- 24,38	- 22,24	- 29,82	- 25,50
793	1,74	2,50	5,34	0,07	0,14	0,00	1,81	2,64	5,34
821	2,99	4,49	4,31	- 0,09	- 0,05	0,04	2,90	4,44	4,35
841	17,15	20,06	19,16	0,62	1,19	1,34	17,78	21,24	20,51
842	10,58	12,17	11,77	1,18	2,51	2,95	11,76	14,68	14,72
843	6,61	7,91	8,96	0,10	0,16	0,13	6,71	8,07	9,09
844	8,20	10,30	9,76	0,13	0,15	0,12	8,34	10,44	9,88
845	37,00	48,71	46,39	0,47	0,92	1,21	37,47	49,63	47,60
846	3,86	4,91	4,85	- 0,13	- 0,15	- 0,14	3,73	4,77	4,71
851	49,50	62,88	67,23	0,14	0,26	0,54	49,64	63,14	67,78
Total	**94,39**	**106,87**	**113,95**	**5,61**	**- 6,87**	**- 13,95**	**100,00**	**100,00**	**100,00**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Cadro II.3.5 - SALDOS COMERCIAIS POR DIVISIÓNS DA CUCI

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
84	83,21	103,69	100,46	2,43	4,85	5,75	85,64	108,55	106,21
85	49,50	62,88	67,23	0,14	0,26	0,54	49,64	63,14	67,78
63	12,18	14,48	15,84	2,22	2,84	3,23	14,40	17,31	19,07
77	17,35	10,95	16,05	- 0,88	- 1,48	- 1,21	16,48	9,47	14,83
11	11,24	14,48	14,08	- 0,14	0,04	0,00	11,10	14,52	14,08
03	0,53	0,05	0,26	3,48	6,84	9,99	4,01	6,88	10,26
66	1,09	1,23	0,47	8,15	9,30	8,99	9,24	10,53	9,45
76	10,34	11,80	8,85	- 0,03	- 0,48	- 0,06	10,31	11,32	8,79
79	1,72	2,49	5,39	0,07	- 0,35	- 0,02	1,79	2,15	5,37
25	- 0,02	- 0,01	0,02	7,62	5,07	5,27	7,59	5,06	5,29
82	2,99	4,49	4,31	- 0,09	- 0,05	0,04	2,90	4,44	4,35
62	1,06	1,71	2,44	- 0,71	- 0,35	- 0,32	0,35	1,36	2,12
73	- 0,99	- 1,32	- 1,28	- 0,40	- 0,64	- 0,87	- 1,39	- 1,95	- 2,15
68	- 4,32	- 4,57	- 6,02	2,11	2,96	3,66	- 2,21	- 1,61	- 2,36
78	- 8,51	- 11,27	- 1,96	9,92	8,13	- 0,40	1,41	- 3,14	- 2,36
97	- 3,69	- 3,95	- 2,44	0,00	0,00	0,00	- 3,69	- 3,95	- 2,44
26	- 2,43	- 2,73	- 2,71	- 0,02	- 0,04	0,00	- 2,44	- 2,78	- 2,72
87	- 1,60	- 2,34	- 1,89	- 1,26	- 1,40	- 1,08	- 2,86	- 3,74	- 2,97
64	- 0,94	- 1,96	- 1,79	- 1,27	- 1,46	- 1,24	- 2,21	- 3,41	- 3,04
75	- 1,89	- 1,95	- 3,50	- 0,06	- 0,31	- 0,12	- 1,95	- 2,26	- 3,61
34	- 2,55	- 3,31	- 3,80	0,00	- 0,01	- 0,03	- 2,55	- 3,32	- 3,83
59	- 2,83	- 3,53	- 3,63	- 0,50	- 0,72	- 0,77	- 3,33	- 4,24	- 4,40
53	- 5,04	- 5,94	- 6,12	- 0,02	- 0,18	- 0,08	- 5,06	- 6,12	- 6,20
57	- 6,47	- 6,90	- 7,24	- 0,06	- 0,78	- 0,81	- 6,53	- 7,68	- 8,05
74	- 3,44	- 4,66	- 5,04	- 2,40	- 3,13	- 3,42	- 5,84	- 7,78	- 8,46
65	- 3,29	- 4,13	- 4,35	- 2,85	- 4,20	- 4,17	- 6,14	- 8,33	- 8,52
89	- 5,24	- 6,62	- 7,19	- 0,57	- 0,61	- 1,36	- 5,81	- 7,23	- 8,55
61	- 7,56	- 8,94	- 9,12	- 0,10	- 0,09	- 0,12	- 7,66	- 9,03	- 9,24
04	- 5,66	- 7,33	- 7,38	- 1,70	- 1,79	- 2,30	- 7,36	- 9,11	- 9,68
67	- 10,62	- 11,27	- 12,16	- 0,98	- 1,36	- 1,81	- 11,60	- 12,63	- 13,97
33	- 0,72	- 4,53	- 7,02	- 5,28	- 6,91	- 8,52	- 6,01	- 11,44	- 15,53
72	- 9,48	- 13,29	- 15,47	- 2,00	- 2,85	- 3,02	- 11,48	- 16,14	- 18,48
71	- 1,49	- 2,39	- 2,47	- 7,37	- 14,40	- 17,73	- 8,86	- 16,80	- 20,20
Total	**94,39**	**106,87**	**113,95**	**5,61**	**- 6,87**	**- 13,95**	**100,00**	**100,00**	**100,00**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Gráfico II.3.6 - Contribucións dos Grupos da CUCI ó saldo comercial da Eurorrexión: media 1995-1997



Gráfico II.3.7 - Contribucións das Divisións da CUCI ó saldo comercial da Eurorrexión: media 1995-1997



Polo contrario, o déficit comercial está instalado nas div.71 e 72 (Máquinas e equipos xeradores de forza e Máquinas especiais para as industrias), por certo, as máis deficitarias. A isto habería que engadirlle algúns productos relacionados con materias primas de importación, como por exemplo, os enerxéticos (33), os cereais (04), os de propio sector CECA (67), as Manufacturas do coiro (61), ou as importacións de Tecidos, fiados ou téxtiles (65).

Aínda que volveremos máis adiante sobre este tema, quereriamos deixar xa apuntado o feito de que a Eurorrexión presenta unha *composición factorial do saldo* na cal predominan as importacións de maquinaria e materias primas (tanto naturais coma para as industrias) e as exportacións de productos acabados de sectores moi intensivos en forza de traballo non cualificada, e nos cales as economías de escala e os niveis de concentración empresarial son reducidos. Volveremos máis adiante sobre isto xa que representa un punto central no estudio do comercio da Eurorrexión.

Outra análise que pode ter repercusións importantes é a que se refire ó volume do saldo comercial por países, é dicir, fronte a qué países a Eurorrexión ofrece déficits e fronte a cáles presenta superávits. A contestar estas preguntas van dirixidos os resultados do cadro Nº.II.3.8. A Eurorrexión obtén excedentes comerciais fronte a todos os países da Unión, agás fronte a Italia. En efecto, o comercio con Alemaña e co Reino Unido é excedentario e éo de forma contundente. O comercio con Francia achega un superavit lixeiro e, polo contrario, o comercio con Italia é deficitario. Unha análise en detalle do cadro anterior pon de manifesto que o comercio da Eurorrexión con Italia é deficitario porque o é o comercio entre a Rexión do Norte e Italia. Algo semellante ocorre co comercio da Eurorrexión con Francia: o saldo é tan reducido debido a que o déficit do comercio entre Galicia e Francia case neutraliza o excedente do comercio entre a Rexión do Norte e Francia.

Cadro II.3.8 - SALDOS DO COMÉRCIO INTRACOMUNITARIO DA EURORREXIÓN (SEN ESPAÑA NIN PORTUGAL)

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
País	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
Francia	27,29	38,38	39,29	- 12,69	- 22,49	- 36,52	14,60	15,89	2,77
Bel-Lux	- 5,12	- 4,17	- 2,60	4,15	5,10	7,55	- 0,97	0,93	4,95
Holanda	7,21	10,82	7,12	- 0,62	- 1,30	0,33	6,59	9,52	7,45
Alemaña	33,90	29,38	29,66	8,00	5,21	7,59	41,89	34,59	37,26
Italia	- 26,24	- 32,58	- 32,99	4,59	5,98	8,80	- 21,65	- 26,60	- 24,18
Reino Unido	32,75	37,35	47,22	0,93	1,36	- 5,22	33,69	38,71	42,00
Irlanda	1,53	2,19	1,37	- 0,26	- 0,42	- 0,72	1,27	1,77	0,65
Dinamarca	9,19	9,52	10,13	- 2,42	- 3,57	- 0,55	6,77	5,95	9,57
Grecia	0,43	1,12	0,76	2,11	2,50	3,40	2,54	3,62	4,15
Suecia	9,14	9,87	9,52	- 0,19	- 1,48	- 0,64	8,95	8,39	8,88
Finlandia	2,34	2,69	1,74	- 0,24	- 0,24	- 0,28	2,10	2,44	1,46
Austria	1,91	2,13	2,58	1,59	1,51	1,31	3,51	3,64	3,88
951	0,16	0,17	0,15	0,66	0,98	1,00	0,82	1,15	1,15
959	- 0,10	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	- 0,10	0,00	0,00
Total	94,39	106,87	113,95	5,61	- 6,87	- 13,95	100,00	100,00	100,00

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Un estudio en detalle do comercio entre a Eurorrexión e Italia pon de manifesto (véxase Anexo) que o saldo deficitario se xera na Rexión do Norte nas CUCIs relativas ó Coiro (611), ós Fiados, tecidos e fibras téxtiles (CUCIs 651 a 657), ás Máquinas para téxtiles e para coiros (724) e ás Outras máquinas especiais (728). A propia Rexión do Norte obtén saldos superavitarios bastante reducidos con Italia no sector das Manufactures da cortiza (633) e no comercio dos Radiorreceptores (762). Quen realmente neutraliza parcialmente o déficit anterior é o comercio de Galicia no relativo ás furgonetas e automóbiles (781 e 782), e ó comercio de Peixes, moluscos, mariscos e conservas (034 a 037).

A análise en detalle do comercio con Francia (véxase Anexo) revela unha situación simétrica á anterior. O déficit con Francia está localizado basicamente no comercio de Galicia relativo ós productos intermedios da industria de montaxe de automóbiles e á importación destes como un producto acabado (CUCIs 784, 781 e 713). A isto habería que engadirlle, pero nun moi segundo plano, o comercio da Rexión do Norte con Francia de Trigo e mestura de trigo e centeo sen moer (041) e o comercio de Millo (CUCI 044), comercio moi deficitario na Rexión do Norte. Este conxunto de saldos deficitarios compénsase, e máis, co comercio de Galicia con Francia no que se refire á CUCI 782 (Automotores para mercadorías, léase furgonetas) e co comercio da Rexión do Norte no que se refire ó Calzado (851), Outras prendas de vestir (845), Manufacturas da cortiza (633), Viños (112), etc.

II.4. VANTAXES COMPARATIVAS E COMERCIO INTRAINDUSTRIAL

A análise detallada da balanza comercial de calquera economía pon de manifesto a existencia de sectores moi distintos entre si, no que se refire ó seu comportamento comercial. Encontramos sectores que son netamente importadores (onde non existen exportacións); sectores netamente exportadores (importacións nulas ou case nulas) e sectores nos cales existe un enorme volume de comercio nos dous sentidos. No caso da Eurorrexión teriamos as importacións da CUCI 041 (Cereais) ou da 333 (Crus de petróleo) e as exportacións de pasta de papel (CUCI 251), casos nos que só hai comercio nun sentido, e polo contrario, a CUCI 657 (Tecidos de fibras) ou a CUCI 034 (productos da pesca), nos que tanto o fluxo importador coma o exportador son fundamentais no comercio exterior da Eurorrexión.

Por suposto, non imos tratar de resumir aquí a enorme cantidade de literatura producida estes últimos anos sobre estes temas, senón dar unha idea do carácter dos conceptos para facilitar a comprensión ó lector non especializado. En última instancia, a literatura e a estatística ó uso tratan de medir os solapamentos que poidan existir entre as importacións e as exportacións dun mesmo capítulo (ou de calquera outro nivel de agregación). A estes solapamentos denominámolos "comercio intraindustrial". Neste sentido, cando as importacións dun capítulo coinciden coas súas exportacións, estariamos ante un comercio intraindustrial máximo e, cando só se importa ou se exporta, ante un comercio intraindustrial nulo.

O concepto de especialización sectorial [46] é o complementario do anterior. Cando un sector ten soamente tráficos comerciais nun sentido, dise que ten unha especialización sectorial (ou vantaxe comparativa) máxima e, cando os tráficos son nos dous sentidos e equivalentes, dise que ten unha especialización sectorial (vantaxe comparativa) nula (ou, o que vén ser o mesmo, o comercio intraindustrial é máximo).

Estes dous conceptos están baseados sobre o agregado arancelario sección, capítulo, partida, posición, etc. ámbito no cal se miden, e se discuten, os solapamentos. Evidentemente, canto máis amplo sexa o agregado maior será o solapamento, debido principalmente ás consecuencias estatísticas da agregación.

Neste epígrafe imos continuar traballando cos capítulos e as partidas da Clasificación CUCI, tal e como estivemos facendo ata agora, e deixaremos para máis adiante a análise a niveis máis desagregados (posicións arancelarias). Mentres tanto, debemos ter en conta que a clasificación CUCI implica bastantes limitacións. O agregado grupo (tres díxitos) é demasiado amplo e inclúe no seu interior diversidade de productos. Pero, por outra parte, permite unha visión global do comercio da Eurorrexión.

No que segue imos analizar as dúas características do comercio por separado. Nun primeiro paso estudiaremos a parte non solapada do comercio (as especializacións sectoriais, ou, se se prefire, as vantaxes e desvantaxes comparativas reveladas) e, no seguinte, os solapamentos, isto é, o comercio intraindustrial. E, neste primeiro momento, farémolo a nivel de grupos e de divisións CUCI, asumindo todas as limitacións que isto leva consigo. Os resultados, a este nivel de agregación, terán simplemente un carácter exploratorio.

II.4.1. As vantaxes comparativas e a especialización

Neste epígrafe trataremos de identificar os sectores da balanza comercial que teñen un compoñente maioritariamente importador ou exportador ou, o que vén ser o mesmo, aqueles sectores nos cales os solapamentos son reducidos ou, dito doutra maneira, onde, no interior dos tráficos comerciais, predomina unha soa dirección e esta resulta maioritaria. Para un obxectivo deste tipo, utilízanse os Índices de Especialización Sectorial [47] ou outras denominacións similares.

O concepto de vantaxe comparativa, na moderna teoría do comercio internacional, fai referencia á vocación importadora ou exportadora que ten o comercio exterior dun sector económico determinado. En epígrafes anteriores deste mesmo capítulo vimos como algúns grupos CUCI estaban representados soamente nas importacións ou nas exportacións e, ó mesmo tempo, existían algúns outros que ocupaban posicións relevantes, tanto nas unhas coma nas outras. Estes últimos son un conxunto de grupos CUCI nos que se detectan importacións e exportacións e nun volume cuantioso.

---

[46] O concepto de especialización sectorial recibe frecuentemente denominacións moi diversas: vantaxe comparativa revelada; saldo comercial relativo, etc. Aquí preferimos utilizar a de especialización sectorial e/ou vantaxe comparativa xa que nos parece a menos confusa e a máis xeneralizada na literatura económica. En rigor, todas elas fan referencia ó mesmo, é dicir, á parte non solapada, entre as importacións e exportacións dun sector.

[47] Os índices de especialización sectorial (IES) adoitan denominarse tamén índices de vantaxes comparativas reveladas absolutas (IVCRA, ou indicadores de Bela Balassa), ou tamén índices do saldo comercial relativo (ISCR). Aínda que as denominacións son diferentes (e nalgúns casos, confusas) a expresión sempre coincide, para o producto i, coa exposta en (*ii*).

$$(ii) \qquad IVCRA_i = \frac{X_i - M_i}{X_i + M_i} \times 100$$

O cadro Nº.II.4.1 recolle o resultado dos cálculos dos Índices de Vantaxe Comparativa Revelada Absoluta (en adiante, IVCRA) para os grupos CUCI máis relevantes, tanto nas importacións coma nas exportacións da Eurorrexión [48]. Dada a natureza do IVCRA, os valores con signos negativos indican propensión importadora e os que presentan signos positivos, vocación exportadora, tendo en conta que o índice oscila entre os extremos máis e menos 100.

Cadro II.4.1 - ÍNDICES DE VENTAXA COMPARATIVA REVELADA ABSOLUTA. GRUPOS CUCI RELEVANTES

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
CUCI	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
034	- 52,47	- 89,94	- 88,73	- 3,49	- 1,70	2,54	- 4,25	- 2,99	0,76
036	- 82,63	- 86,89	- 71,69	14,62	26,45	34,59	12,19	23,33	31,94
041	- 100,00	- 100,00	- 100,00	- 100,00	- 100,00	- 100,00	- 100,00	- 100,00	- 100,00
112	79,77	82,94	82,94	- 67,25	25,76	- 7,52	77,62	82,26	81,92
251	- 93,51	- 92,79	44,43	99,98	99,56	98,01	99,35	99,03	97,57
333	0,00	- 100,00	- 100,00	- 100,00	- 100,00	- 100,00	- 100,00	- 100,00	- 100,00
334	- 19,33	- 45,78	- 42,59	64,93	15,52	38,15	11,34	- 14,88	- 4,31
511	88,59	81,24	66,14	97,03	86,11	76,48	89,62	82,51	68,89
575	- 99,62	- 99,38	- 98,62	47,86	10,03	7,25	- 63,06	- 72,27	- 70,24
611	- 89,14	- 88,32	- 89,54	- 100,00	- 99,00	- 99,30	- 89,21	- 88,38	- 89,62
625	46,75	49,91	54,01	- 53,45	- 48,43	- 55,10	44,21	47,00	51,68
633	97,53	97,37	96,40	99,83	99,62	100,00	97,53	97,37	96,40
641	- 22,42	- 35,10	- 29,41	- 51,41	- 46,08	- 46,74	- 29,76	- 37,57	- 33,01
651	- 52,65	- 51,37	- 51,43	- 99,11	- 98,43	- 98,13	- 54,20	- 52,93	- 52,74
652	- 13,12	- 10,11	- 9,15	- 99,40	- 99,21	- 98,40	- 15,99	- 13,51	- 12,71
653	- 36,53	- 31,73	- 33,31	- 99,39	- 98,91	- 99,19	- 41,30	- 38,47	- 39,26
654	- 96,92	- 94,53	- 95,61	- 98,53	- 99,10	- 99,25	- 97,25	- 95,74	- 96,61
655	- 56,28	- 68,41	- 73,87	- 99,77	- 97,06	- 98,91	- 57,58	- 69,27	- 74,94
657	- 6,93	- 7,94	- 4,27	14,40	12,87	3,08	- 6,36	- 7,07	- 4,02
658	94,70	93,53	94,44	- 95,34	- 62,51	- 48,66	94,38	93,28	94,11
661	95,35	93,28	60,33	98,82	99,06	97,55	98,23	98,16	91,21
673	- 99,99	- 99,99	- 99,09	- 99,52	- 100,00	- 97,10	- 99,97	- 99,99	- 98,95
684	- 93,89	- 93,95	- 98,07	64,34	62,26	58,87	13,74	25,86	20,40
713	- 72,22	- 58,52	- 74,53	- 98,42	- 98,78	- 99,30	- 96,27	- 96,40	- 97,53
724	- 71,70	- 72,50	- 78,72	- 91,51	- 87,92	- 94,73	- 72,41	- 72,96	- 79,36
728	- 87,03	- 87,70	- 91,12	- 81,89	- 87,97	- 88,01	- 85,51	- 87,77	- 90,39
762	96,70	96,53	95,20	100,00	- 100,00	- 100,00	96,70	96,48	95,19
772	- 51,86	- 38,80	- 30,50	- 88,77	- 76,22	- 67,27	- 54,55	- 41,40	- 32,60
773	74,08	75,13	73,57	- 78,62	- 63,63	- 45,39	69,69	70,29	67,65
776	54,00	- 50,33	14,54	- 75,55	- 96,43	- 98,43	53,61	- 50,73	13,17
781	- 99,84	- 85,43	13,87	46,40	21,15	- 30,86	32,78	11,07	- 18,76
782	- 98,79	- 100,00	- 96,03	58,92	72,74	77,85	43,37	62,41	70,16
784	- 15,76	- 18,64	- 13,26	- 71,36	- 67,17	- 60,00	- 62,01	- 59,45	- 51,97
793	94,56	94,82	97,20	3,78	10,50	0,14	48,92	66,44	85,72
821	52,52	60,49	54,93	- 36,25	- 10,41	6,44	48,89	56,20	51,30
841	86,03	88,14	88,24	69,20	82,60	87,49	85,30	87,81	88,19
842	77,38	77,99	74,34	63,65	85,07	92,43	75,73	79,11	77,37
843	78,48	76,28	82,52	78,86	85,52	77,80	78,49	76,44	82,44
844	82,51	83,84	83,03	42,79	31,26	32,36	81,30	81,93	81,46
845	87,13	89,00	87,35	42,04	51,00	57,31	85,96	87,79	86,20
846	64,88	64,60	56,49	- 64,68	- 53,27	- 50,31	60,56	60,52	53,22
851	87,96	88,43	88,50	56,35	64,89	81,28	87,82	88,30	88,44
971	- 99,63	- 99,36	- 99,90	- 100,00	0,00	- 100,00	- 99,63	- 99,36	- 99,90
Total	**18,55**	**17,50**	**17,52**	**2,76**	**- 2,37**	**- 4,60**	**14,04**	**11,11**	**10,49**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

[48] No Anexo correspondente pode encontrar o lector a totalidade da información que aquí estamos tratando.

Entre os grupos con evidente vocación importadora destacaríamos os relativos ó Trigo sen moer (041), ós Crus de petróleo (333), ó Ouro non monetario (971), ós Laminados de ferro (673), ós Motores de Combustión interna (713) e ós Outros plásticos (575). A estes haberá que engadirlles os Coiros (611), os Fiados, Tecidos de punto e Outros tecidos (651, 654 e 655), as Máquinas para traballar téxtiles e coiros (724) e as Outras máquinas e equipo (728). A un nivel máis baixo aparece clara tamén a vocación importadora das Partes e pezas para a automoción (CUCI 784). Nestes sectores, os IVCRA están comprendidos entre o -50 e -100, de tal modo que están indicando que as importacións son relevantes e as exportacións mínimas ou desprezables (en relación coas importacións). Neste conxunto de sectores claramente importadores predominan as materias primas (coiros, crus, etc.), os productos semielaborados (téxtiles, motores, partes e pezas) e as maquinarias para o traballo dalgúns destes productos intermedios.

Os sectores claramente exportadores (nos cales as importacións son insignificantes) presentan IVCRAS entre o +50 e o +100. Entre estes encontramos a Pasta de papel (CUCI 251), as Manufacturas do Cortiza (633), e as Pedras, cal e cemento (661). Ó lado destes, e cunha vocación exportadora tamén contundente, encontramos algún sector da producción téxtil (a CUCI 658, Outros artigos téxtiles elaborados) e principalmente productos elaborados: Radiorreceptores (762), Calzados (851), Productos do sector confección (da CUCI 841 á 846), Buques (793), Bebidas alcohólicas (112), Automotores para o transporte de mercadorías (782), Hidrocarburos (511), Material distribuidor de electricidade (773), Mobles e as súas partes (821), Pneumáticos e bandas (625), etc.

II.4.2. O comercio intraindustrial: Unha primeira análise

Se o obxectivo do epígrafe anterior era detectar aqueles sectores que tiñan un compoñente maioritario (léase, un carácter) importador ou exportador, o obxectivo deste apartado é identificar aqueles nos que os solapamentos son maioritarios, é dicir, aqueles sectores nos cales tanto as importacións coma as exportacións son significativas. Neste epígrafe imos realizar un exercicio exploratorio, segundo os indicadores máis habituais para a análise do comercio intraindustrial e, ó mesmo tempo, tratar de aproveitar a ocasión para formularnos tamén algunhas cuestións relevantes no plano teórico. Os resultados definitivos, cunha metodoloxía xa máis elaborada, deixarémolos para o capítulo seguinte.

Como recordaremos, os grupos 781 e 034 ocupaban postos relevantes, tanto dentro das importacións coma das exportacións. Probablemente, tanto nos automóbiles coma na pesca ou no sector da confección, o comercio intraindustrial sexa importante e, ás veces, significativo. Isto é, sectores nos cales a vertente importadora ou exportadora pode estar clara, pero o tráfico en sentido contrario é voluminoso. Este tipo de tráficos comerciais, os comprendidos entre +50 e -50 segundo o índice anterior (IVCRA), detéctanse facilmente se calculamos o Índice de Comercio Intraindustrial, tamén denominado Índice de Grubel e Lloyd [49].

[49] O Indice de Comercio Intraindustrial, tamén denominado Indice de Grubel e Lloyd (IGL) é o complementario do Indice de Vantaxe Comparativa Revelada Absoluta, isto é, seguindo a expresión (*iii*) e para cada sector i:

(*iii*) $IGL_i = 100 - |IVCRA_i|$

A propia existencia, e a propia natureza, do comercio intraindustrial presenta problemas de índole conceptual e operativa. De índole conceptual, debido a que a teoría (clásica inglesa e as súas derivacións marxista e neoclásica) do comercio internacional está baseada sobre a idea de que un país exporta aquilo que produce en exceso e importa aquilo que non produce.

O segundo problema que presenta o comercio intraindustrial é de tipo operativo. As dificultades de medición son importantes, sobre todo porque os resultados están vinculados co nivel de agregación co cal se traballa. E este nivel de agregación pode chegar a ser un máximo de 15.000 posicións arancelarias diferentes, aproximadamente. As complicacións e complexidades do cálculo non son desprezables. Como no caso anterior, volveremos un pouco máis adiante sobre isto.

O que nos interesa saber agora é qué segmentos do comercio exterior de Galicia están caracterizados por un compoñente exportador, por un compoñente importador ou por un de comercio intraindustrial. Dito doutro modo, ¿o comercio intraindustrial crece na Eurorrexión? ou, outra pregunta, ¿os sectores con vocación principal exportadora teñen un peso cada vez maior no conxunto do comercio exterior rexional? Para contestar de forma iniciática estas preguntas, imos aproveitar os resultados anteriores, tanto dos índices IVCRA coma dos índices Grubel e Lloyd.

O primeiro, como recordaremos, oscila entre máis ou menos 100. Se o obxectivo é descompoñer o total de comercio na súa compoñente importadora, exportadora e intraindustrial, podemos cortar a oscilación máxima do IVCRA en tres tramos e, desde aí, calcular a contribución de cada tipoloxía ó comercio total. Respecto do índice Grubel e Lloyd a oscilación máxima é 100, e podemos situar o corte en 50: os grupos de productos con índices superiores son claramente intraindus-triais [50].

Entre estes dous extremos temos unha ampla gama de grupos cuns valores do IVCRA que están comprendidos entre máis menos 50, indicando que os tráficos comerciais nos dous sentidos son relevantes. Dito doutra maneira, son grupos nos que as importacións e as exportacións teñen importancia. Para a correcta situación destes elaboramos en Índice de Grubel Lloyd, índice que é o complementario do anterior. Este índice -o índice de comercio intraindustrial, IGL- oscila entre 0 e 100. Toma o valor 0 cando só existen importacións ou só exportacións e adopta o valor 100 cando as importacións dun sector son idénticas ás súas exportacións.

[50] Téñase en conta que, se tomamos IGLs superiores a 66,66, teriamos exactamente os IVCRA comprendidos entre -33,33 e +33,33. Neste sentido, e non só neste, os dous índices son complementarios. Por outra parte, esta metodoloxía de cálculo do comercio intraindustrial está moi xeneralizada nos diversos estudios de comercio internacional, tanto teóricos coma empíricos. Véxase, por exemplo, as reflexións de Henner, H.; **Commerce International**. Ed. Montcherstien. París, 1997. Páx. 129.

Pois ben, o cadro Nº.II.4.2 indica que no sector Peixes (034) as importacións equivalen ás exportacións, situación que se repite nos Tecidos especiais de fibras téxtiles (657) ou nos Derivados do petróleo (334). Cunha intensidade lixeiramente menor encontramos tráficos nas dúas direccións nos Tecidos de Algodón (652), e no 653 (Tecidos de téxtiles manufacturados), en Lámpadas, tubos e válvulas (776), nos Automóbiles (781), Aluminios (684), nos Crustáceos e moluscos (036), nos Outros aparatos eléctricos (772), Papel e cartón (641), etc. En todos estes sectores as importacións son moi similares ás exportacións, non quedando claro se o sector ten, ou non ten, unha vocación importadora ou exportadora. Como teremos ocasión de ver máis abaixo, aqueles sectores de vocación importadora ou exportadora están sometidos a comercio interindustrial e aqueles de vocación dubidosa serán os que presenten un nivel elevado de comercio intraindustrial.

Cadro II.4.2 - ÍNDICES DE GRUBEL-LLOYD PARA O COMÉRCIO INTRACOMUNITARIO (SEN ESPAÑA NIN PORTUGAL). ALGUNS GRUPOS CUCI

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
CUCI	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
034	47,53	10,06	11,27	96,51	98,30	97,46	95,75	97,01	99,24
036	17,37	13,11	28,31	85,38	73,55	65,41	87,81	76,67	68,06
041	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
112	20,23	17,06	17,06	32,75	74,24	92,48	22,38	17,74	18,08
251	6,49	7,21	55,57	0,02	0,44	1,99	0,65	0,97	2,43
333	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
334	80,67	54,22	57,41	35,07	84,48	61,85	88,66	85,12	95,69
511	11,41	18,76	33,86	2,97	13,89	23,52	10,38	17,49	31,11
575	0,38	0,62	1,38	52,14	89,97	92,75	36,94	27,73	29,76
611	10,86	11,68	10,46	0,00	1,00	0,70	10,79	11,62	10,38
625	53,25	50,09	45,99	46,55	51,57	44,90	55,79	53,00	48,32
633	2,47	2,63	3,60	0,17	0,38	0,00	2,47	2,63	3,60
641	77,58	64,90	70,59	48,59	53,92	53,26	70,24	62,43	66,99
651	47,35	48,63	48,57	0,89	1,57	1,87	45,80	47,07	47,26
652	86,88	89,89	90,85	0,60	0,79	1,60	84,01	86,49	87,29
653	63,47	68,27	66,69	0,61	1,09	0,81	58,70	61,53	60,74
654	3,08	5,47	4,39	1,47	0,90	0,75	2,75	4,26	3,39
655	43,72	31,59	26,13	0,23	2,94	1,09	42,42	30,73	25,06
657	93,07	92,06	95,73	85,60	87,13	96,92	93,64	92,93	95,98
658	5,30	6,47	5,56	4,66	37,49	51,34	5,62	6,72	5,89
661	4,65	6,72	39,67	1,18	0,94	2,45	1,77	1,84	8,79
673	0,01	0,01	0,91	0,48	0,00	2,90	0,03	0,01	1,05
684	6,11	6,05	1,93	35,66	37,74	41,13	86,26	74,14	79,60
713	27,78	41,48	25,47	1,58	1,22	0,70	3,73	3,60	2,47
724	28,30	27,50	21,28	8,49	12,08	5,27	27,59	27,04	20,64
728	12,97	12,30	8,88	18,11	12,03	11,99	14,49	12,23	9,61
762	3,30	3,47	4,80	0,00	0,00	0,00	3,30	3,52	4,81
772	48,14	61,20	69,50	11,23	23,78	32,73	45,45	58,60	67,40
773	25,92	24,87	26,43	21,38	36,37	54,61	30,31	29,71	32,35
776	46,00	49,67	85,46	24,45	3,57	1,57	46,39	49,27	86,83
781	0,16	14,57	86,13	53,60	78,85	69,14	67,22	88,93	81,24
782	1,21	0,00	3,97	41,08	27,26	22,15	56,63	37,59	29,84
784	84,24	81,36	86,74	28,64	32,83	40,00	37,99	40,55	48,03
793	5,44	5,18	2,80	96,22	89,50	99,86	51,08	33,56	14,28
821	47,48	39,51	45,07	63,75	89,59	93,56	51,11	43,80	48,70
841	13,97	11,86	11,76	30,80	17,40	12,51	14,70	12,19	11,81
842	22,62	22,01	25,66	36,35	14,93	7,57	24,27	20,89	22,63
843	21,52	23,72	17,48	21,14	14,48	22,20	21,51	23,56	17,56
844	17,49	16,16	16,97	57,21	68,74	67,64	18,70	18,07	18,54
845	12,87	11,00	12,65	57,96	49,00	42,69	14,04	12,21	13,80
846	35,12	35,40	43,51	35,32	46,73	49,69	39,44	39,48	46,78
851	12,04	11,57	11,50	43,65	35,11	18,72	12,18	11,70	11,56
971	0,37	0,64	0,10	0,00	0,00	0,00	0,37	0,64	0,10

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

II.4.3. Vantaxes comparativas e comercio intraindustrial

Neste epígrafe imos presentar unha síntese dos dous puntos anteriores, é dicir, unha agrupación de sectores en canto á vocación que manifestan dentro do comercio intracomunitario da Eurorrexión. O cadro Nº.II.4.3 recolle, para cada sector relevante, a vocación que presenta ese sector: importadora, exportadora ou intraindustrial (esta última, unha vocación mixta entre as dúas primeiras).

Cadro II.4.3 - CARACTERIZACIÓN GLOBAL DOS PRINCIPAIS GRUPOS DO COMERCIO INTRACOMUNITARIO DA EURORREXIÓN

Sectores importadores: -100<IVCRA<-50

CUCI	Grupo
041	Trigo (incluída a espelta) e mistura de trigo con centeo, no moído
333	Óleos brutos de petróleo ou de miner. betuminosos
575	Outras matérias plásticas, en formas primárias
611	Coiros e peles, preparados
651	Fios de fibras téxtiles
654	Outros tecidos
655	Tecidos de malla (en pezas, lisos ou tubulares, n.e. incluídos os tecidos tipo veludo, felpas e tecidos con anéis)
673	Productos laminados planos, de ferro ou aceiro no ligado, no laminados ou chapeados, nin revestidos
713	Motores de expulsión ou de combustión interna, de émbolos, e súas partes e pezas separadas, n.e.
724	Máquinas e aparellos para a industria téxtil e para a preparación de coiros e peles, e súas partes e pezas separadas, n.e.
728	Outras máquinas e aparellos especializados para determinadas industrias, e súas partes e pezas separadas, n.e.
784	Partes, pezas separadas e accesorios de vehículos automóbiles dos grupos 722, 781, 782 e 783
971	Ouro, para usos non monetarios (excluídos os minerais e concentrados de ouro)

Sectores intra-industriais: +50<IGL<+100

CUCI	Grupo
034	Peixes frescos (vivos ou mortos), refrixerados ou congelados
036	Crustáceos, moluscos frescos (vivos ou mortos), refrixerados, congelados, secos, salgados ou en salmoura; crustáceos cocidos en vapor ou auga
334	Óleos de petróleo ou de minerais betuminosos (exc. os brutos); preparacións, n.e., con peso = ou > 70% de óleos de petróleo ou de minerais betuminosos
641	Papeis e cartóns
652	Tecidos de algodón (excepto tecidos estreitos e tecidos especiais)
653	Tecidos de materiais téxtiles sintéticos ou artificiais (excepto tecidos estreitos e especiais)
657	Fios especiais, tecidos especiais e prod. conexos
684	Aluminio
772	Aparellos para interruptores, seccionamento, proteccións, derivacións, liga, de circuitos elect.; resistencias elect., inc reostatos, potenciómetros, etc.
776	Lámpadas, tubos e válvulas, electrónicos, de cátodo quente, frio ou foto-cátodo; diodos, transistores, e semellantes con semiconductores, etc.
781	Automóbiles de pasaxeiros e outros (exc. os destinados a servicios públicos), inc. os vehículos de uso mixto e os automóbiles de corrida

Sectores exportadores: +50<IVCRA<+100

CUCI	Grupo
112	Bebidas alcohólicas
251	Pasta de papel e desperdicios de papel
511	Hidrocarburos, n.e., e seus derivados haloxenados, sulfonados, nitrados ou nitrosados
625	Neumáticos de caucho; tiras de rodaxe automóbiles para neumáticos, "flaps" e cámaras de aire, pirodas de calquer tipo, manufacturas de caucho, n.e.
633	Obras de cortizo
658	Artigos confeccionados enteiros ou principalmente con materiais téxtiles, n.e.
661	Cal, cimentos e materiais de construcción (excepto arcilla e vidro)
762	Receptores de radiodifusión, mesmo combinados, nun mesmo gabinete ou incluído, c/ un aparello de gravación ou de reprodución de son, ou c/ un reloxo
773	Equipamentos para distribución de enerxia eléctrica, n.e.
782	Vehículos automóbiles para transporte de mercadorias e vehículos automóbiles para usos especiais
793	Naves, embarcacións e estructuras flotantes
821	Mobles e súas partes; soporte elástico para camas; colchón, almofadas e artigos semellantes, estofados ou guarnecidos interiormente
841	Vestiario de uso masculino, de materiais téxtiles, excepto os de malla (excluídos os dous subgrupos 845.2 ou 845.6)
842	Vestiario de uso feminino, de materiais téxtiles, excepto os de malla (excluídos os dos subgrupos 845.2 ou 845.6)
843	Vestiario de uso masculino, de malla (excluídos os dos subgrupos 845.2 e 845.6)
844	Vestiario de uso feminino, de malla (excluídos os dos subgrupos 845.2 e 845.6)
845	Vestiario de materias téxtiles, mesmo de malla, n.e.
846	Accesorios de vestiario, de materiais téxtiles, mesmo de malla (excepto para bebés)
851	Calzado

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Manifestando vocacións importadoras encontramos sectores relacionados coas materias primas (Cereais, Combustibles, Coiros) e con productos intermedios necesarios para os procesos productivos da Eurorrexión: Maquinaria para as industrias, Motores e Partes e pezas para a montaxe de automotores, Fiados e Tecidos para as industrias da confección, etc. As vocacións exportadoras son máis complexas: por un lado, están os productos acabados (Furgonetas, Calzado, Confección, etc.) e, por outro, están tamén as exportacións de productos intermedios e/ou recursos naturais, ás veces baseadas en materias primas de importación: Pasta de papel, Hidrocarburos, etc.

Ocupando unha situación intermedia -presentando as dúas vocacións simultaneamente— encontramos os Automóbiles, algúns productos intermedios da industria da confección (este é o caso dos Tecidos de algodón ou das Tecidos doutras fibras téxtiles), do Aluminio, derivados da Pesca, Aparatos eléctricos, etc. Como lle imos dedicar o capítulo seguinte a este aspecto da cuestión, non desenvolveremos de momento este tema.

II.5. OUTRAS CUESTIÓNS RELEVANTES NO COMERCIO EXTERIOR

Neste epígrafe imos estudiar algúns puntos particulares que teñen unha relevancia destacada na análise e na categorización do comercio intra UE da Eurorrexión. Vexamos un a un individualmente.

II.5.1. Análise do dinamismo das exportacións intracomunitarias da Eurorrexión

Neste epígrafe ímonos ocupar de contestar a seguinte pregunta: ¿as exportacións da Eurorrexión á UE forman parte das exportacións expansivas no comercio comunitario ou, polo contrario, as exportacións da Eurorrexión sitúanse en sectores nos cales o comercio intracomunitario é recesivo e, co transcurso do tempo, un comercio cada vez menos importante?

Para poder contestar esta pregunta elaboramos o Cadro Nº.II.5.1. Neste cadro aparece un indicador do crecemento das exportacións intracomunitarias de cada CUCI e o peso que as exportacións desa CUCI ten nas exportacións totais da Eurorrexión. O indicador do crecemento de cada CUCI é a penetración que tivo esa CUCI nas exportacións intra UE entre dous períodos: entre a media 1983 a 1985 e a media entre 1995 a 1997 [51].

O resultado do cálculo anterior indica que as exportacións de automóbiles penetraron un 1,42% no comercio comunitario e que a Eurorrexión ten aí situado o 7,5% das súas exportacións; tamén reflicte que o sector da confección permaneceu practicamente estable durante todo o período (neste sentido é un comercio estacionario) e que a Eurorrexión ten neste sector o 10% da súa corrente exportadora. Outro exemplo relevante constitúeo o sector do Calzado. As exportacións deste producto diminuíron un 0,11% nas exportacións totais da UE e a Eurorrexión ten neste sector situadas o 13,5% das súas exportacións.

[51] Os datos das exportacións comunitarias por gruposCuci obtivémolos de ONU; **International Trade Statistics Yearbook**. 1978 e ss. (Vol.II. Trade by commodity).

Cadro II.5.1 - CRECEMENTO DO COMERCIO INTRACOMUNITARIO, 1983 A 1997. CONTRIBUCIÓNS POR GRUPO DA CUCI ÁS EXPORTACIÓNS DA EURORREXIÓN, 1995 A 1997

CUCI	Designación	Crecemento	Exportacións
781	AUTOMÓBILES DE PASAXEIROS E OUTROS (EXC. OS DESTINADOS A SERVICIOS PÚBLICOS), INC. OS VEHÍCULOS DE USO MIXTO E OS AUTOMÓBILES DE CORRIDA	1,42	7,50
776	LÁMPADAS, TUBOS E VÁLVULAS, ELECTRÓNICOS, DE CÁTODO QUENTE, FRIO OU FOTO-CÁTODO; DIODOS, TRANSISTORES, E SEMELLANTES CON SEMICONDUCTORES, ETC.	0,90	1,30
625	NEUMÁTICOS DE CAUCHO; TIRAS DE RODAXE AUTOMÓBILES PARA NEUMÁTICOS, "FLAPS" E CÁMARAS DE AIRE, P/RODAS DE CALQUER TIPO, MANUFACTURAS DE CAUCHO, N.E.	0,53	0,95
784	PARTES, PEZAS SEPARADAS E ACCESORIOS DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES DOS GRUPOS 722, 781, 782 E 783	0,38	2,00
821	MOBLES E SÚAS PARTES; SOPORTE ELÁSTICO PARA CAMAS; COLCHÓNS, ALMOFADAS E ARTIGOS SEMELLANTES, ESTOFADOS OU GUARNECIDOS INTERIORMENTE	0,22	1,15
773	EQUIPAMENTOS PARA DISTRIBUCIÓN DE ENERXIA ELÉCTRICA, N.E.	0,11	4,25
843	VESTIARIO DE USO MASCULINO, DE MALLA (EXCLUÍDOS OS DOS SUBGRUPOS 845.2 E 845.6)	0,10	3,30
762	RECEPTORES DE RADIODIFUSIÓN, MESMO COMBINADOS, NUN MESMO GABINETE, C/ UN APARATO DE GRAVACIÓN OU DE REPRODUCIÓN DE SONIDO, OU C/ UN RELOXO	0,07	2,50
844	VESTIARIO DE USO FEMININO, DE MALLA (EXCLUÍDOS OS DOS SUBGRUPOS 845.2 OU 845.6)	0,06	1,90
657	FIOS ESPECIAIS, TECIDOS ESPECIAIS E PROD CONEXOS	0,05	1,00
112	BEBIDAS ALCOHÓLICAS	0,05	3,10
847	ACCESORIOS DE VESTIARIO, DE MATERIAIS TÉXTILES, MESMO DE MALLA (EXCEPTO PARA BEBÉS)	0,04	10,00
251	PASTA DE PAPEL E DESPERDICIOS DE PAPEL	0,03	1,50
036	CRUSTÁCEOS, MOLUSCOS FRESCOS (VIVOS OU MORTOS), REFRIXERADOS, CONXELADOS, SECOS, SALGADOS OU EN SALMOURA; CRUSTÁCEOS COCIDOS EN VAPOR OU AUGA	0,01	1,00
037	PREPARACIÓN OU CONSERVAS DE PEIXES, CRUSTÁCEOS, MOLUSCOS E DE OUTROS INVERTEBRADOS ACUÁTICOS, N.E.	0,01	1,50
633	OBRAS DE CORTIZA	0,01	2,70
845	VESTIARIO DE MATERIAIS TÉXTILES, MESMO DE MALLA, N.E.	0,01	2,20
842	VESTIARIO DE USO FEMININO, DE MATERIAIS TÉXTILES, EXCEPTO OS DE MALLA (EXCLUÍDOS OS DOS SUBGRUPO 845.2 OU 845.6)	0,00	4,50
782	VEHÍCULOS AUTOMÓBILES PARA TRANSPORTE DE MERCADORIAS E VEHÍCULOS AUTOMÓBILES PARA USOS ESPECIAIS	-0,02	5,50
658	ARTIGOS CONFECCIONADOS ENTEIRA OU PRINCIPALMENTE CON MATERIAIS TÉXTILES, N.E.	-0,04	4,00
848	VESTIARIO E SEUS ACCESORIOS, EXCLUÍDOS OS DE MATERIAIS TÉXTILES; SOMBREIROS DE CALQUER MATERIAL	-0,05	1,30
661	CAL, CIMENTOS E MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN (EXCEP ARCILLA E VIDRO)	-0,07	2,30
652	TECIDOS DE ALGODÓN (EXCEPTO TECIDOS ESTREITOS E TECIDOS ESPECIAIS)	-0,08	1,15
851	CALZADO	-0,11	13,50
684	ALUMINIO	-0,11	0,90
793	NAVES, EMBARCACIÓNS E ESTRUCTURAS FLOTANTES	-0,31	0,85
511	HIDROCARBUROS, N.E., E SEUS DERIVADOS HALOXENADOS, SULFONADOS, NITRADOS OU NITROSADOS	-0,51	0,80

Fonte: Véxase texto

Unha análise en conxunto e agregada a divisións CUCI figura no cadro Nº.II.5.2. Aí calculamos a penetración de cada unha nas exportacións UE entre 1983-85 e 1995-97 e engadimos tamén o peso medio das exportacións da Eurorrexión entre 1995 e 1997. Ademais, o crecemento das exportacións comunitarias desglosámolo en tres tramos: exportacións expansivas (penetran o 0,1% ou máis no total), exportacións estables (penetracións comprendidas entre +0,1% e -0,1%) e, por último, exportacións recesivas, isto é, penetracións con perdas iguais o superiores ó 0,1%.

Os resultados son bastante ambiguos: por un lado, debemos destacar que a Eurorrexión ten localizado o 60% das súas exportacións en sectores expansivos (principalmente, automóbiles, material eléctrico, confección e tinturas), un 10% en sectores estacionarios (o peixe e os derivados da madeira e a cortiza, principalmente) e o 30% restante en sectores en declive comercial. Entre estes últimos –e aquí está o problema— sectores moi importantes na economía da Eurorrexión, principalmente no que se refire á Rexión do Norte: o comercio comunitario do sector Calzado perdeu 0,11% de importancia no comercio intracomunitario e o sector dos Fiados, tecidos e confeccións téxtiles un 0,41% nas décadas dos oitenta e noventa.

II.5.2. Protección arancelaria Extra UE e comercio intra UE

Neste segundo epígrafe ímonos formular a pregunta seguinte: ¿o comercio intracomunitario da Eurorrexión, principalmente as súas exportacións, son abundantes en sectores moi protexidos fronte a terceiros países ou, polo contrario, o comercio da Eurorrexión é importante en sectores moi pouco protexidos fronte a terceiros? Por suposto, a protección fronte a terceiros refírese ó arancel da UE fronte ó espacio extra UE

A metodoloxía que imos levar a cabo para formular unha resposta a esta pregunta parte de agregar en divisións CUCI os aranceis que, para cada posición Taric, ten establecidos a Unión Europea. Realizámolo calculando, para cada división CUCI, a media aritmética dos aranceis nominais de cada unha das posicións Taric que integran esa CUCI e que figuran no arancel da UE fronte a terceiros [52]. Outra observación máis: como é ben sabido, a Tarifa Exterior Común (a TEC), recolle tamén os dereitos arancelarios dos productos agrícolas, a pesar de que a protección da agricultura e da pesca comunitarias é, fundamentalmente, extraarancelaria, no seo da PAC ou da PPC (prezos mínimos garantidos, prezos en fronteira preestablecidos, *prélèvements* a importacións, etc.). Neste sentido, imos dar por feito que a agricultura goza dunha protección extraordinaria, hipótese de traballo, por outra parte, moi razoable. Vexamos que ocorre no sector dos outros bens comerciables.

[52] Véxase BOE Nº310 do 28.12.93, onde se aproban o RD 2276/93 do 22.12.93 coa nomenclatura e os dereitos arancelarios para 1994 e o Arancel de Aduanas Comunitario que figura no Regulamento CE 2551/93. Véxase tamén o Diario Oficial das Comunidades Europeas dos días 14 de setembro de 1992 e do 26 de xuño de 1995.

Cadro II.5.2 - EXPORTACIÓNS DA EURORREXIÓN E CRECEMENTO DO COMERCIO INTRACOMUNITARIO, 1983 A 1997

CUCI	Designación	Crecemento das Exportacións	Esportacións media 1995/1997 (Eurorrexión = 100)		
		Intra U.E.	RNP	GALICIA	EURO-RREXIÓN
78	VEHÍCULOS	2,25	1,60	13,97	15,57
77	MÁQUINAS E APARELLOS ELÉCTRICOS, N.E., E SÚAS PARTES E PEZAS SEPARADAS	2,10	6,56	0,13	6,69
75	MÁQUINAS E APARELLOS DE ESCRITORIO OU PARA O TRATAMENTO AUTOMÁTICO DE INFORMACIÓN	1,29	0,02	0,00	0,03
54	PRODUCTOS, MEDICINAIS E FARMACÉUTICOS	0,95	0,47	0,07	0,53
89	OBRAS DIVERSAS, N.E.	0,89	0,83	0,05	0,87
74	MÁQUINAS E APARELLOS INDUSTRIAIS, DE APLICACIÓN XERAL, N.E., SÚAS PARTES E PEZAS SEPARADAS, N.E.	0,82	0,84	0,08	0,92
93	TRANSACCIÓNS E MERCADORIAS NON CLASIFICADAS NOUTRA PARTE	0,70	0,00	0,06	0,06
76	APARELLOS E EQUIPAMENTO DE TELECOMUNICACIÓN E PARA REXISTRO E REPRODUCCIÓN DE SON	0,67	2,89	0,02	2,91
62	CAUCHO MANUFACTURADO, N.E.	0,61	0,97	0,04	1,00
64	PAPEIS, CARTÓNS E OBRAS DE PASTA DE CELUSOSA, DE PAPEL OU DE CARTÓN	0,59	0,48	0,10	0,58
55	ÓLEOS ESENCIAIS, RESINAS E PRODUCTOS DE PERFUMERIA; PREPARACIÓN DE TOCADOR E PRODUCTOS DE CONSERVACIÓN E LIMPEZA	0,43	0,07	0,05	0,12
84	VESTIARIO E ACCESORIOS DE VESTIARIO	0,27	22,21	1,13	23,33
82	MOBLES E SÚAS PARTES; SOPORTE ELÁSTICO PARA CAMAS; COLCHÓNS, ALMOFADAS E ARTIGOS SEMELLANTES, ESTOFADOS OU GUARNECIDOS INTERIORMENTE	0,22	1,14	0,04	1,18
66	OBRAS DE MINERAIS NON METÁLICOS, N.E.	0,22	0,84	1,98	2,81
09	PRODUCTOS E PREPARACIÓNS ALIMENTICIAS DIVERSAS	0,18	0,01	0,01	0,02
71	MÁQUINAS XENERADORAS, MOTORES E SEU EQUIPAMENTO	0,18	0,04	0,04	0,07
87	INSTRUMENTOS E APARELLOS PROFESIONAIS, CIENTÍFICOS E DE CONTROL, N.E.	0,14	0,27	0,00	0,27
81	CONSTRUCCIÓNS PRE-FABRICADAS; APARELLOS SANITARIOS E APARELLOS DE CANALIZACIÓN, DE QUECIMENTO E DE ILUMINACIÓN, N.E.	0,13	0,05	0,00	0,05
53	PRODUCTOS TINTORERIA, TINTES E CORANTES	0,12	0,03	0,03	0,06
11	BEBIDAS	0,11	3,09	0,02	3,11
59	MATERIAIS E PRODUCTOS QUÍMICOS, N.E.	0,10	0,07	0,06	0,12
	SUB-TOTAIS	**12,97**	**42,47**	**17,85**	**60,32**

segue

continuación

CUCI	Designación	Crecemento das Exportacións Intra U.E.	Esportacións media 1995/1997 (Eurorrexión = 100) RNP	GALICIA	EURO-RREXIÓN
05	LEGUMES E FROITAS	0,08	0,06	0,05	0,11
83	ARTIGOS DE VIAXE, MALETAS DE MANO E ART. SEMELLANTES	0,07	0,09	0,01	0,10
03	PEIXES (EXCEP. OS MAMÍFEROS MARIÑOS). CRUSTÁCEOS, MOLUSCOS E OUTROS INVERTEBRADOS ACUÁTICOS, E SÚAS PREPARACIÓNS	0,06	0,28	3,10	3,37
29	PROD. DE ORIXEN ANIMAL OU VEXETAL, EN BRUTO, N.E.	0,04	0,07	0,08	0,15
63	OBRAS DE CORTIZA E DE MADEIRA (EXCEPTO MOBLES)	0,03	3,16	0,62	3,78
58	PLÁSTICOS, EXCEPTO EN FORMAS PRIMÁRIAS	0,03	0,28	0,10	0,38
25	PASTA DE PAPEL E DESPERDICIOS DE PAPEL	0,03	0,00	1,30	1,30
12	TABACOS, EN BRUTO E MANUFACTURADOS	0,03	0,00	0,00	0,00
24	CORTIZA E MADEIRA	0,00	0,23	0,04	0,28
94	RESIDUOS	0,00	0,00	0,00	0,00
96	MOEDAS (EXCLUÍDAS AS DE OURO), SEN CURSO LEGAL	- 0,01	0,00	0,00	0,00
72	MÁQUINAS E APARELLOS ESPECIALIZADOS PARA DETERMINADAS INDUSTRIAS	- 0,02	0,44	0,04	0,49
41	ÓLEOS E GRAXAS, DE ORIXEN ANIMAL	- 0,02	0,00	0,01	0,01
57	PLÁSTICOS EN FORMAS PRIMARIAS	- 0,02	0,09	0,17	0,26
06	AZÚCARES, PREPARACIÓNS A BASE DE AZÚCAR, E MEL	- 0,03	0,00	0,00	0,01
61	COIROS E PELES, OBRAS DE COIRO, N.E. E PELES FINAS PREPARADAS	- 0,04	0,12	0,00	0,12
43	ÓLEOS E GRAXAS ANIMAIS OU VEXETAIS, PREPARADOS; CERAS DE ORIXEN ANIMAL OU VEXETAL; MISTURAS N/ALIMEN. DE GRAXAS OU ÓLEOS ANIM. OU VEXE., N.E.	- 0,04	0,00	0,00	0,00
22	SEMENTES E FROITOS, OLEAXINOSOS	- 0,06	0,00	0,00	0,00
97	OURO, PARA USOS NON MONETARIOS (EXCLUÍDOS OS MINERAIS E CONCENTRADOS DE OURO)	- 0,07	0,00	0,00	0,00
73	MÁQUINAS E APARELLOS PARA TRABALLAR METAIS	- 0,09	0,07	0,01	0,08
	SUB-TOTAL	**- 0,04**	**4,89**	**5,53**	**10,43**

segue

continuación

CUCI	Designación	Crecemento das Exportacións Intra U.E.	Esportacións media 1995/1997 (Eurorrexión = 100) RNP	GALICIA	EURO-RREXIÓN
01	CARNES E PREPARACIÓNS DE CARNES	- 0,10	0,00	0,21	0,22
42	GRAXAS E ÓLEOS VEXETAIS FIXOS, EN BRUTO, REFINADOS OU FRACCIONADOS	- 0,10	0,01	0,00	0,01
27	ADUBOS EN BRUTO, EXCEPTO OS DA DIVISIÓN 56, E MINERAIS EN BRUTO (EXCEPTO CARBÓN, PETRÓLEO E PEDRAS PRECIOSAS)	- 0,10	0,11	0,35	0,46
85	CALZADO	- 0,11	13,34	0,08	13,41
00	ANIMAIS VIVOS, EXCEPTO OS DA DIVISIÓN 03	- 0,12	0,00	0,01	0,01
23	CAUCHO EN BRUTO (INCLUINDO O CAUCHO, SINTÉTICO E REXENERADO)	- 0,12	0,01	0,00	0,01
88	APARELLOS E EQUIPAMENTOS DE FOTOGRAFÍA E DE ÓPTICA, N.E.; RELOXOS	- 0,13	0,26	0,00	0,26
95	INDETERMINADOS	- 0,14	0,00	0,00	0,00
21	COIROS, PELES E PELES FINAS, EN BRUTO	- 0,14	0,00	0,03	0,03
28	MINERAIS METALÍFEROS; DESPERDÍCIOS DE METAIS	- 0,14	0,03	0,17	0,19
08	ALIMENTOS PARA ANIMAIS (EXCEPTO CEREAIS NON MOIDOS)	- 0,15	0,00	0,00	0,01
79	OUTRO MATERIAL DE TRANSPORTE	- 0,18	0,67	0,15	0,82
56	ADUBOS (EXCEPTO OS DA DIVISIÓN 27)	- 0,20	0,00	0,00	0,00
91	MERCADORÍAS TRANSPORTADAS POLO CORREO NON CLASIFICADAS NOUTRA PARTE	- 0,21	0,00	0,00	0,00
26	FIBRAS TÉXTILES (EXCEPTO LAS EN MECHA "TOPS" E OUTRAS LAS PENTEADAS) E SEUS DESPERDICIOS (N/ TRANSFORMADOS EN FÍOS OU EN TECIDOS)	- 0,22	0,04	0,00	0,04
02	PRODUTOS LÁCTEOS E OVOS DE AVES	- 0,24	0,09	0,46	0,56
69	OBRAS DE METAL, N.E.	- 0,28	1,62	0,13	1,75
32	HULLAS, COQUES E BRIQUETES	- 0,31	0,00	0,00	0,00
04	CEREAIS E PREPARACIÓNS A BASE DE CEREAIS	- 0,34	0,01	0,00	0,01
65	FÍOS, TECIDOS, ARTIGOS CONFECCIONADOS, CON FIBRAS TÉXTILES, N.E., E PRODUCTOS CONEXOS	- 0,41	8,14	0,04	8,18
52	PRODUCTOS QUÍMICOS INORGÁNICOS	- 0,51	0,00	0,33	0,33
68	METAIS NON FERROSOS	- 0,54	0,05	0,89	0,94
07	CAFÉ, TE, CACAO, ESPECIES E PRODUCTOS DERIVADOS	- 0,54	0,00	0,00	0,01
51	PRODUCTOS QUÍMICOS ORGÁNICOS	- 0,57	0,74	0,16	0,90
67	FERRO E ACEIRO	- 0,82	0,03	0,22	0,25
34	GAS NATURAL E GAS MANUFACTURADO	- 0,94	0,00	0,00	0,00
33	PETRÓLEO, PRODUCTOS DERIVADOS DO PETRÓLEO E PRODUCTOS CONEXOS	- 5,29	0,34	0,52	0,86
35	ENERXÍA ELÉCTRICA	0,00	0,00	0,00	0,00
	SUB-TOTAL	**- 12,93**	**25,49**	**3,76**	**29,25**
	TOTAL	**0,00**	**72,86**	**27,14**	**100,00**

Fonte: Véxase texto

O Gráfico Nº.II.5.3 pon de manifesto a protección arancelaria media que, para cada división CUCI, a UE ten establecido fronte a terceiros países, léase os países extra UE. Pois ben, tendo en conta os sectores non agrícolas, o sector das prendas de vestir (84) destaca pola súa elevada protección arancelaria contra terceiros países, protección que case duplica a protección media do conxunto. Como vimos máis arriba, este sector CUCI representa, en termos de comercio intracomunitario, o 3% das importacións, o 23% das exportacións e o 14,5% do comercio total intracomunitario da Eurorrexión. O segundo sector (non agrario) CUCI con maior protección é a división 65 (Fiados, tecidos e confeccións téxtiles). Esta significa o 12,5% das importacións, o 8% das exportacións e máis do 10,5% do comercio total da Eurorrexión. Esta mesma situación repítese para o sector da Automoción (CUCI 78), sector que achega o 17% do comercio total (o 20% das importacións e o 15% das exportacións), e tamén se repite para o sector do Calzado (CUCI 85), sector que achega o 8% do comercio total e un 13,5% das exportacións.

Gráfico II.5.3 - Protección aduaneira media: divisións da CUCI



En definitiva, estes resultados indican que o comercio intracomunitario da Eurorrexión é moi importante en sectores que a UE ten moi protexidos fronte a terceiros países, é dicir, o arancel cumpre o seu papel de reservar o mercado interno para a producción interior. Este aspecto da cuestión é importante por un dobre motivo. En primeiro lugar, as sucesivas Rodas OMC (isto é, as antigas Rodas GATT) tenderán a reducir os aranceis que a UE ten establecidos fronte a terceiros e, neste sentido, podería abrirse a posibilidade de "choques asimétricos" en Europa, bastante máis importantes no Sur ca no Norte, e no que a estes sectores se refire. O segundo motivo ten que ver coa interpretación do arancel exterior da Unión en canto que instrumento de política de desenvolvemento rexional. En efecto, as producción e o comercio intracomunitario da Eurorrexión están protexidos fronte á concorrencia externa e, nesa medida,

o arancel representa unha subvención implícita ás producciónns da Eurorrexión. En síntese, a dinámica de reducciónns arancelarias que se está propoñendo desde diversas esferas tería maiores consecuencias nas rexións do Sur de Europa (a Eurorrexión aí incluída) ca nas rexións do Norte, precisamente debido a que o arancel protexe máis que proporcionalmente as producciónns e o comercio do Sur. Máis adiante retomaremos estas cuestións dentro dun marco máis xeral.

II.5.3. Concorrencia versus complementariedade intrarrexional

A pregunta que nos facemos neste epígrafe ten unha transcendencia importante respecto ó obxectivo deste estudio. ¿Os fluxos comerciais da Rexión do Norte e de Galicia compiten entre si ou son complementarios? Dito doutra forma, ¿cada unha das dúas rexións exporta o mesmo producto competindo nos mesmos mercados exteriores ou exportan productos diferentes e, polo tanto, non entran en colisión? Neste epígrafe imos estudiar se as estructuras internas dos fluxos comerciais son concorrentes ou complementarias. Os aspectos xeográficos dos mercados deixarémolos para outro epígrafe.

Para acadar o noso obxectivo, calculamos, para un nivel de desagregación de CUCI a tres díxitos, os Coeficientes de Correlación (Pearson) e os Coeficientes de Similitude Comercial [53] para aqueles pares de fluxos que nos pareceron significativos. Os resultados figuran no cadro Nº.II.5.4, do que destaca o paralelismo entre os valores obtidos nos dous indicadores. Estes resultados mostran como a correlación (ou similitude) entre as exportacións de Galicia e as exportacións da Rexión do Norte é case nula e, ó mesmo tempo, como os valores máis elevados se obteñen, curiosamente, entre as importacións e exportacións de Galicia [54]. Debemos sinalar tamén como as similitudes (ou correlacións) entre as importacións galegas e as exportacións da Rexión do Norte son moi baixas e, o mesmo ó contrario, é dicir, o que exporta Galicia non está relacionado co que importa a Rexión do Norte. Engadiriámoslle que os valores obtidos son moi baixos, e que os valores máis elevados se observan, precisamente, entre as importacións e as exportacións do mesmo espacio económico. Como resaltamos máis arriba, estes coeficientes son bastante máis elevados entre as importacións e exportacións de Galicia ca entre estes mesmos fluxos na Rexión do Norte [55].

---

[53] Os Coeficientes de Similitud responden á expresión iv para cada sector i:

$$\text{(iv)} \qquad CSi = 100 - \frac{\sum_{i=0}^{N} \left| X_i - M_i \right|}{2}$$

[54] Como veremos máis adiante, a situación non reviste ningunha "curiosidade". Estes coeficientes son máis elevados entre as importacións e as exportacións de Galicia debido a que é en Galicia onde o nivel alcanzado polo comercio intraindustrial é máis elevado. Deixemos estas reflexións para o capítulo seguinte.

[55] A este nivel de agregación -CUCI tres díxitos- repartimos o cálculo dos coeficientes de correlación e de similitude para os pares anteriores, incluíndo na Rexión do Norte o comercio con España, e en Galicia o comercio con Portugal. Os resultados son, loxicamente, algo máis elevados cós xa expostos pero, practicamente, os mesmos: os coeficientes de correlación increméntanse nalgunhas centésimas e os coeficientes de similitude aumentan uns cinco ou seis puntos. De todos modos, e dada a relevancia desta cuestión, volveremos máis adiante sobre ela.

Gráfico II.5.4 - CONCORRENCIA OU COMPLEMENTARIDADE ENTRE A REXIÓN NORTE DE PORTUGAL E GALICIA (COMERCIO INTRACOMUNITARIO, SEN ESPAÑA NIN PORTUGAL)

	Correlacións			Similitudes		
	1995	1996	1997	1995	1996	1997
XG, XRNP	0,00	0,01	0,05	11,13	12,43	15,91
MG, MRNP	0,22	0,28	0,31	30,97	32,72	33,25
XRNP, MG	0,00	0,00	0,07	13,99	13,23	15,44
XG, MRNP	0,20	0,22	0,14	17,26	17,78	19,83
XG, MG	0,52	0,63	0,42	36,41	42,27	36,22
XRNP, MRNP	0,24	0,22	0,25	28,91	27,54	31,29
XE, ME	0,35	0,37	0,32	36,14	37,27	35,40

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Como conclusión desta análise debemos remarcar a sólida complementariedade entre os fluxos comerciais de Galicia e da Rexión do Norte coa Unión Europea: son fluxos comerciais que, a nivel de sectores, non compiten entre si, nin polo lado das exportacións nin por parte das importacións. En consecuencia, aínda que compartan as dúas rexións algún mercado externo (algún país, para ser concretos) o nivel de concorrencia debería ser mínimo. Aínda que non queremos adiantar resultados, sinalaríamos aquí que, incluso país por país, a complementariedade volve a aparecer.

III. ASPECTOS ANALÍTICOS DO COMERCIO INTRACOMUNITARIO

O estudio do comercio intraindustrial, a súa evolución no tempo e o seu significado económico chocan, alomenos, con dous conxuntos de problemas. O primeiro deles refírese ó nivel de agregación máis adecuado para a realización do estudio empírico e o segundo ten que ver co encaixe teórico deste tipo de tráficos dentro da teoría do comercio internacional.

Como é lóxico, os solapamentos que se detecten entre as importacións e as exportacións van depender do nivel de agregación que utilicemos na análise. Así, canto máis desagregado sexa, é de esperar que o comercio intraindustrial diminúa ou, o que é o mesmo, se nos movemos a dous díxitos, case por definición, o comercio intraindustrial vai ser maior que se traballamos a catro, seis ou a oito díxitos. Ademais disto, debemos sinalar que, en calquera dos casos, a experiencia acumulada, e os antecedentes na literatura económica, amosan que a dinámica do comercio intraindustrial é crecente co tempo, dependendo a súa intensidade e o seu volume do nivel de agregación escollido.

O comercio intraindustrial e o seu desenvolvemento, desde a segunda guerra mundial á actualidade, choca frontalmente coa teoría clásica e neoclásica do comercio internacional, na medida na cal a teoría só considera o intercambio, entre nacións, de productos non similares, para os cales as productividades do traballo e do capital son distintas, a dotación de factores é diferente, etc. motivos que explican a existencia do comercio en si mesmo e as ganancias das partes. Así, o comercio internacional nunca sería entre productos substitutivos ou entre productos similares, senón que, polo contrario, cada país importaría o que non produce (ou produce en defecto) e exportaría o que produce en exceso. A evidencia empírica revela que, en contra da teoría, o comercio internacional é cada vez máis un comercio entre productos similares e que este comercio crece rapidamente co tempo.

As reflexións dos economistas teóricos sobre o comercio intraindustrial encobren algunhas cuestións que nos gustaría resaltar. Por exemplo, a Galicia dos anos oitenta producía automóbiles de 1000 cc. (o Citröen Saxo, exportábase da súa producción arredor do 75% ó mercado internacional) e a ninguén lle sorprendía que o mercado galego estivese compartido con automóbiles (de importación) de Ford (o Fiesta, por exemplo, fabricado en Valencia), de Renault (o modelo Clío, montado en Palencia e Valladolid), o Opel Corsa ou o Seat Ibiza. Da mesma maneira, a ninguén lle sorprendía que en Cataluña o Seat 127 ocupara unha cota de mercado semellante á que tiña Seat no resto de España, e o mesmo en Navarra ou en calquera outro punto do mercado nacional, producíranse ou non automóbiles. En definitiva, os mercados nacionais abastecíanse de producción nacional. A cuestión é ¿por que esta situación en Galicia (ou na Rexión do Norte) non causa perplexidade e, sen embargo, en Portugal, Francia ou en España si?

A reflexión que queremos realizar aquí apunta a que o comercio internacional encobre situacións moi dispares e que, dificilmente, poden englobarse todas baixo un mesmo epígrafe. A Unión Europea é un bo exemplo, na medida en que achega arredor do 40% do comercio mundial. Parécenos difícil considerar como comercio internacional o comercio intracomunitario, alomenos no sentido no que o comercio entre Australia e Brasil é comercio internacional. E isto é así, porque en 1999 (moeda única, plena mobilidade de factores e productos, etc.) o comercio entre os países europeos é máis parecido ó comercio interrexional ca ó comercio internacional. E esta situación foise creando desde 1958 á actualidade (desarmes arancelarios, aranceis comúns fronte a terceiros, espacio SME, etc.). O comercio intracomunitario significaba algo máis do 30% do comercio exterior da UE a finais dos anos cincuenta e, na primeira metade dos noventa, este comercio achégase xa ó 70% do comercio exterior total da Unión. E este comercio dificilmente se pode tomar, *strictu sensu*, como comercio internacional.

En definitiva, un segmento importante do comercio internacional vaise convertendo en comercio interrexional e aquí é onde o comercio intraindustrial se desenvolve, precisamente, aproveitando as novas economías de escala, dentro dun marco de competencia imperfecta e, en moitos casos, monopolística. En última instancia, a ampliación e a unificación dos mercados implica a desaparición dos Estados na súa acepción tradicional e, con eles, a desaparición do comercio internacional en sentido estricto e tradicional. A outra cara desta moeda é o desenvolvemento do novo comercio interrexional e aí é onde adquire todo o seu sentido o comercio intraindustrial.

Algunhas investigacións empíricas recentes exploran a relación que debería existir entre o nivel alcanzado polo comercio intraindustrial e o nivel de desenvolvemento económico [56]. As conclusións apuntan cara a unha relación directa entre comercio intraindustrial e PIB por habitante, e tamén co tamaño do PIB, de tal modo que na UE desenvolvida predominaría o comercio intraindustrial mentres no Sur de Europa (Portugal, España, Grecia e Italia) predominaría o comercio baseado nas vantaxes ou desvantaxes comparativas (comercio interindustrial). Non se nos oculta que un formulamento deste tipo inclúe un patrón de división do traballo en Europa, patrón do cal o comercio internacional pode ser (seguiría sendo) un bo indicador.

Productos, calidades, e comercio intraindustrial

A análise do comercio intraindustrial é un tema clave nos estudios como o que estamos levando a cabo. Como xa se ten formulado [57], o comercio exterior de Galicia non revela, en porcentaxes importantes, nin desviación nin creación de comercio como consecuencia da entrada de España na UE, en 1986, feito que introduce dúbidas razoables acerca do funcionamento no mundo real dos esquemas explicativos do comercio de tipo neoclásico (esquemas Viner, Meade, Heckscher-Ohlin-Samuelson), baseados en concorrencia perfecta, inmobilidade internacional

[56] Véxase Fontagné, L. e Freudenberg, M.; **Intra-Industry Trade methodoloxical Issues reconsidered**. Ed. **Document de Travail du Cepii**. Nº.97-01. Paris, 1997. Páx. 44 e ss.

[57] Sequeiros Tizón, J. (Dir.); **El comercio exterior de Galicia, 1980 a 1997**. Ed. Fundación Barrié. A Coruña, 1999.

de factores, rendementos a escala constantes, etc. Tamén debemos sinalar que existe xa unha abundante evidencia empírica que sinala que o comercio intraindustrial crece independentemente do nivel de agregación que se utilice e, o que vén ser o mesmo, o comercio interindustrial redúcese para todos os niveis de agregación. Esta situación, na nosa opinión, xustifica plenamente unha análise máis en profundidade do comercio intraindustrial para o caso de Galicia, da Rexión de Norte e da Eurorrexión que comprende ás dúas anteriores.

As aproximacións iniciáticas do capítulo anterior sobre o comercio intraindustrial da Eurorrexión están realizadas nun plano intuitivo, en exceso pedagóxico e adoecen dalgunhas limitacións. Vexamos as máis importantes.

1) A descomposición do total de comercio (X + M) sempre en tres tramos, e segundo os Índices de Vantaxe Comparativa Revelada Absoluta (IVCRA, de Bela Balassa), resulta un tanto imperfecta aínda que ten a vantaxe de que desglosa o comercio interindustrial na súa compoñente importadora e exportadora.

2) Considerar o comercio intraindustrial tal e como o facemos quizais sexa moi restrictivo. Noutras palabras, canto maior fose o nivel de desagregación, maior tería que ser o intervalo no cal se considera o comercio intraindustrial. Isto é, a oito díxitos o intervalo do comercio intraindustrial tería que ser (substancialmente) maior que cando se traballa a dous díxitos.

3) Os resultados anteriores non nos din nada ó respecto das calidades e das variedades dentro do comercio intraindustrial. Este é un tema clave nestes estudios. Un país pode importar e exportar productos similares que se distinguen simplemente por ser **variedades distintas do mesmo producto**. Sería o caso dun país que exporta mazás golden e importa mazás tabardillas ou o dun país que importa e exporta automóbiles novos de 1000 cc. con motores de gasolina de catro tempos e de prezos similares. Outro caso distinto, tanto no plano cualitativo como cuantitativo, é cando se importan e se exportan **calidades distintas dun mesmo producto**. Este sería o caso, por exemplo, dun país que exporta o Citröen Saxo e importa o Mercedes Clase A, os dous automóbiles con características técnicas similares, pero de calidades substancialmente distintas, e, polo tanto, con prezos moi diferentes [58].

[58] Para facernos unha idea da complexidade do abano de calidades debemos ter en conta que a clasificación Taric a oito díxitos recolle 15.000 productos diferentes. Pois ben, uns grandes almacéns con presencia no ámbito español utilizan, anualmente, arredor de tres millóns de códigos de barras de identificación de mercadorías. Outro exemplo, podemos considerar que os lapis de madeira con mina de grafito do Nº.2 (sen goma de borrar no extremo superior) son un producto homoxéneo, ó estilo da Big Mac de McDonald's. Pois ben, os prezos por unidade deste producto no mercado español van desde as 5 Ptas (lapis made in China) ata as 75 Ptas. dos, por suposto, made in Germany.

Este tipo de problemas presentáronse no seo do CEPII (Centre d'Études Prospectives et d'Informations Internationales) e deron lugar a unha metodoloxía de análise que nos vai ser moi útil para resolver os temas que nos estamos cuestionando. O método CEPII ten a súa orixe nos traballos que, a mediados dos anos oitenta, publican D. Greenaway e C. Milner [59] e nas contribucións de Abd-O-Rahman [60]. Estas contribucións pioneiras foron reelaboradas despois no seo do CEPII por L. Fontagné e M. Freudemberg [61] dando lugar a unha metodoloxía completa, dispoñible e utilizable e que, ademais, ten a vantaxe de que foi empregada polo propio CEPII para a análise do comercio de numerosos países e áreas económicas, co cal a comparabilidade dos resultados que obteñamos está asegurada.

Aquí reside unha das vantaxes de achegarse ós seus formulamentos metodolóxicos: a de obter, con metodoloxías similares, resultados sobre o comercio de países distintos e, deste modo, poder facer comparacións consistentes. Vexamos o contido metodolóxico que propón o CEPII e as pequenas modificacións que introducimos nós.

I) A análise realízase sempre a nivel de producto, isto é, a oito díxitos Taric, é dicir, aproximadamente un máximo de quince mil posicións arancelarias por ano [62].

II) O solapamento do comercio intraindustrial mídese de acordo á expresión **A** no cadro III.1. Noutros termos, cando o comercio nun sentido non alcanza a representar o 10% do comercio en sentido contrario, considérase que non existe, para ese producto e ano, comercio intraindustrial ou, o que vén ser o mesmo, que o comercio existente é comercio interindustrial [63].

---

[59] Véxase Greenaway, D e Milner, C.; **The Economics of Intra-Industry Trade**. Ed. Basil Blackwell. Londres, 1986. Especialmente as partes II e III.

[60] Véxase Abd-O-Rahman, K.; "Réexamen da définition et da mesure des échanges croisés de produits similaires entre les nations" en **Revue Économique**, Nº.1. París, 1986. E no número seguinte da mesma revista véase Abd-O-Rahman, K.; <La 'diference' et la 'similitude' dans l'analyse de la composition du commerce international> en **Revue Économique**, Nº.2. París, 1986.

[61] Véxase Fontagné, L. e Freudenberg, M.; Intra-Industry Trade Methodoloxical Issues Reconsidered. Ed. CEPII, **Document de travail du Cepii**, Nº.97-01. París, 1997. A metodoloxía deseñada aquí utilízase para a análise do comercio intraindustrial intracomunitario en Fontagné, L., Freudenberg, M. e Péridy, A.; Trade Patterns inside the Single Market. **Document de travail du Cepii**. Nº. 97-07. París, 1997. Este último traballo publicado, co mesmo título, en **The single market review**, Comisión Europea, Luxemburgo, 1997.

[62] Podería pensarse que o nivel máximo de desagregación posible son os dez díxitos Taric. Sobre estes dos últimos díxitos hai que realizar algunhas consideracións. En primeiro lugar, debemos sinalar que o código das mercadorías establécese a oito díxitos, ainda que cada un destes oito díxitos podería permitir as denominadas *subpartidas Taric*. Estas subpartidas -tamén denominadas *aperturas Taric*- fan referencia a algunhas medidas comunitarias específicas, do tipo suspensións, contingentes, prohibicións, restriccións, preferencias, etc. de carácter arancelario; mecanismos de intercambios relacionados coa PAC; o Sistema de Preferencias Xeneralizadas; etc. En síntese, os díxitos noveno e décimo fan referencia ó réxime de intercambios ó que estaría sometido un producto definido a oito díxitos. En segundo lugar debemos sinalar tamén que os dez díxitos son de aplicación obrigatoria a toda importación extra UE, quedando as exportacións obrigadas soamente ós oito díxitos. Tanto por unhas razóns coma por outras, e como é razoable, mantémonos nos oito díxitos tanto para as importacións coma para as exportacións. Para maior detalle véxase **BOE** Nº 313 do 31.12.98, Páx. 44524. Para unha exposición en detalle da clasificación Taric a dez díxitos véxase **BOE** Nº.310 do 28.12.98. Existe un suplemento a este número en formato CD Rom que inclúe a clasificación Taric completa.

[63] Debemos facer notar que a condición **A** que figura no recadro adxunto é unha expresión bastante familiar. Por exemplo, E. Helpman utiliza habitualmente a condición de que o cociente entre 2*(Min Xi, Mi)/(Xi + Mi) sexa igual ou superior ó 10%. Ademais, debemos darnos conta de que a condición **A** a cumpren todos aqueles productos que teñen un valor do Ivcra maior ca -81,82 ou menor ca +81,82. Ademais, e ó mesmo tempo, se cumpren **A** cumpren a condición de ter un IGL maior ou igual ca 18,18. Estas equivalencias teñen sentido dentro da polémica existente entre os que utilizan os vellos indicadores (ó Balassa, Grubel Lloyd, etc.) e os que se inclinan polos "novos", ó Cepii, Helpman, etc. En conclusión, e a este nivel da análise, nin o vello é tan vello, nin o novo tan novo.

Cadro III.1

A)

$$\frac{\text{Min}\,(X_i, M_i)}{\text{Max}\,(X_i, M_i)} * 10\%$$

B)

$$\frac{\dfrac{\text{Valor } X_i}{\text{Peso } X_i}}{\dfrac{\text{Valor } M_i}{\text{Peso } M_i}} = \frac{IVU_{XI}}{IVU_{MI}} > 1{,}15$$

C)

$$0{,}85 * \frac{IVU_{XI}}{IVU_{MI}} * 1{,}15$$

D)

$$\frac{IVU_{XI}}{IVU_{MI}} > 0{,}85$$

E)

$$-100 > IVCRA_i > -81{,}82\,;\ \text{IGL} < 18{,}18$$

F)

$$+100 > IVCRA_i > +81{,}82\,;\ \text{IGL} < 18{,}18$$

III) No caso de que o fluxo mínimo sexa superior ó 10% do fluxo máximo –isto é, no caso da existencia de comercio intraindustrial-, calcúlanse os valores unitarios da importación e exportación e establécese o cociente entre eles [64]. Consonte a este cociente, detéctanse tres tipos de comercio intraindustrial:

III.1) Comercio intraindustrial diferenciado verticalmente de gama alta (expresión B). Esta tipoloxía recolle todos aqueles productos para os cales existe comercio intra industrial (se cumple a condición **A**) e, o mesmo tempo, o precio de importación supera nun 15 por cento o precio de importación. Por isto mesmo, se denomina comercio intra industrial de gama alta.

[64] Queremos sinalar que o valor unitario (da exportación do producto i, por exemplo) é o resultado do cociente entre o valor de exportación de i e o peso de exportación de i (e o mesmo para as importacións). Sobre o cálculo dos valores unitarios (proxi de prezos e estes proxi de calidades) debemos facer algunhas precisións. En lugar de calcular o cociente entre os valores e os pesos poderiamos, alomenos teoricamente, calcular os cocientes entre os valores e o número de unidades. Esta última modalidade enfróntase a un problema de fondo: ó contrario que nos casos dos valores e os pesos, nas bases de datos dispoñibles o campo unidades non existe para a inmensa maioría das transaccións, co cal, deste modo, non poderiamos calcular os prezos por unidade para máis do 70% dos productos rexistrados nos anos anteriores a 1998. Para facernos unha idea, para 1995, dos 3.361 productos exportados pola Eurorrexión só figuran as unidades para 1.185. Dos 7.134 productos importados pola Eurorrexión nese ano, só figuran as unidades importadas para 2.144 productos.Quedaría outra posibilidade, metodoloxicamente a máis correcta: para os productos que veñen definidos en unidades de medida distinta do peso, utilizar as unidades para os valores unitarios e, para o resto, utilizar o peso. En primeiro lugar, os productos con unidades de medida distinta de peso son unha porcentaxe moi reducida do total e, en segundo lugar, nas bases de datos, frecuentemente aparece sen contabilizar o campo unidades incluso nestes casos. En definitiva, optamos por calcular os valores unitarios ó peso e indiscriminadamente. Para maior detalle véxase Torres León, J.; <El arancel Integrado de Aplicación: Taric> en **Boletín Económico de I.C.E.** Nº.2472. Madrid, 1995. Páxs. 83 e ss. Comisión das Comunidades Europeas; <Arancel integrado de las Comunidades Europeas (Taric)> en **Boletín Económico de I.C.E.** Nº.2501. Madrid, 1996. Páxs. 29 e ss.

III.2) Comercio intraindustrial diferenciado horizontalmente (ou de gama media, expresión C). Este é o comercio intra industrial en sentido estricto: se importa e exporta o mesmo producto e a mesma variedade xa que se considera que diferencias nos precios de importación frente os precios de exportación comprendidas entre o más menos 15 por cento non son significativas.

III.3) comercio intraindustrial diferenciado verticalmente de gama baixa (expresión D). Esta condición significa que se importa e exporta o mesmo producto pero variedades distintas do mesmo producto. Ademais significa que o precio de exportación é inferior en máis dun 15 por cento ó precio de importación. Dito de outra forma, exportaríase a variedade *barata* e importaríase *a cara*. Un bo exemplo, e moi cercano a realidade da Eurorrexión, e a exportación do Citroën Saxo (made in Galicia) e a importación do Mercedes Clase A (made in Germany). Estos dos turismos son o mesmo producto e o precio do primeiro e case a metade do precio do segundo.

O comercio intraindustrial diferenciado horizontalmente (léase, de gama media) abarcaría aqueles productos cuns valores unitarios de exportación e importación (unha proxi de prezos e/ou calidades) moi semellantes (léase diferencias inferiores a un 15%) [65]. Se as diferencias son superiores, estamos en presencia de gama alta e, se son inferiores, en presencia de gama baixa, é dicir, de comercio intraindustrial diferenciado verticalmente [66]. Deteñámonos un momento no sentido desta tipoloxía.

O comercio intraindustrial é maioritario no comercio exterior dos países desenvolvidos (sobre o 70% do total) e realízase fundamentalmente entre economías moi similares, isto é, entre economías cunha distancia económica moi reducida [67]. Este comercio está baseado na concorrencia monopolística, nas economías de escala, nos rendementos a escala crecentes, en tamaños moi amplos de mercado, etc. e foi analizado en profundidade polos economistas da "New International Economics" ou da "New Classical View" [68]. O comercio intraindustrial diferenciado horizontalmente recolle o comercio intraindustrial nun sentido estricto e consiste no intercambio de variedades distintas dun mesmo ben. Polo contrario, a caracterización do comercio intraindustrial diferenciado verticalmente incorpora a existencia de distancia económica entre países dunha mesma área económica, distancia que sería reflexo de dotacións factoriais distintas (diferentes intensidades no uso de capital, traballo e outros factores de producción) e incorpora tamén algunha das consecuencias do comercio interindustrial: podería, por exemplo, ter

[65] Este valor do **15%** é bastante constante na literatura sobre comercio intraindustrial, sobre todo a publicada a partir de 1990.

[66] Na maioría dos documentos de traballo e nas publicacións do CEPII, o comercio intraindustrial aparece desglosado soamente en dous segmentos: Two way trade in similar products (Commerce croisé de produits similaires), é dicir, o que chhamamos aquí Comercio intraindustrial diferenciado horizontalmente ou de gama media e en Two way trade in vertically diferentiated products (commerce croisé de produits différenciés verticalement), categoría que aglutina o comercio intraindustrial de gama alta e de gama baixa (Up Market and Down Market). Chegado o momento, tamén agregaremos os dous, pero de momento calculámolos por separado.

[67] Habitualmente, utilízanse como indicadores da distancia económica as diferencias de productividade aparente do traballo ou as diferencias no tamaño absoluto do PIB.

[68] Véxase, por exemplo, Helpman, E. & Krugman, P.; **Market structure and foreing trade**. Ed. MIT, USA, 1985.

consecuencias redistributivas importantes en termos de benestar social. Precisamente por isto, é importante diferenciar, dentro do comercio intraindustrial, aquel que o é nun sentido estricto (diferenciación horizontal) daquel que incorpora o tráfico do mesmo ben, pero de calidades diferentes (diferenciación vertical) e, dentro deste último, se a diferenciación é indicativa de mercados de gama alta ou indicativa de gama baixa.

IV) No caso de que o fluxo mínimo sexa inferior ó 10% do máximo –isto é, no caso da existencia de comercio interindustrial- o CEPII considera todo este comercio no seu conxunto e indiferenciadamente (na súa terminoloxía *One-way trade* ou *Commerce Univoque*). Aquí nós introducimos unha modificación que nos parece interesante, no sentido de diferenciar, dentro do comercio interindustrial, aquel comercio que ten sentido exportador do que ten orientación importadora tal e como fixeramos xa antes. Polo tanto, teriamos que:

IV.1) o comercio interindustrial de orientación importadora cumpre a condición E [69] e

IV.2) o comercio interindustrial de vocación exportadora, a condición F.

O comercio interindustrial reflicte a división internacional do traballo no seu sentido tradicional, división que ten en conta as vantaxes comparativas entre economías que están separadas por unha considerable distancia económica. Esta distancia sería o resultado dunha moi diferente dotación de factores, distinto contido tecnolóxico dos procesos productivos e dos productos, diferencias na cualificación da man de obra ou, simplemente, na dotación de recursos naturais. Este é o comercio internacional clásico, ó Ricardo, ó Heckscher-Ohlin, ou ó Arighi Emmanuel.

Téñase en conta que coa suma destes cinco tipos de comercio obtemos o comercio total, isto é, con este método podemos descompoñer a suma das importacións e exportacións totais ou cada unha delas por separado. Aquí tamén existe unha pequena contribución nosa: na elaboración dos cálculos, e na presentación dos resultados, descompoñemos nos cinco tipos de comercio o total de importacións máis exportacións (M + X); o total das importacións (M) e o total das exportacións (X), os tres por separado e non soamente o comercio total como fai habitualmente o CEPII. Máis adiante veremos como esta triple descomposición, realizada sistematicamente, permite situar mellor a Eurorrexión no contexto internacional.

[69] Nótese que aproveitamos a similitude entre os novos e os vellos indicadores para separar a orientación importadora da orientación exportadora do fluxo comercial de natureza interindustrial.

Chegados a este punto temos que establecer unha precisión metodolóxica e unha advertencia importante. Os criterios para a análise da gama de calidades (as relacións reais de intercambio en prezos) aplícanse directamente ó caso das exportacións (X) e ó caso do comercio total (M+X), pero, polo contrario, é necesario aplicalos á inversa no caso das importacións [70]. Neste sentido é importante recordar, e recalcar, que a interpretación das gamas de importación é inversa ás dúas anteriores (para o comercio total e para exportacións).

É de sinalar tamén que non estamos falando de indicadores de cada tipo de comercio (ó Bela Balassa, ó Grubel-Lloyd, etc.) senón que falamos das participacións de cada tipo de comercio no comercio total. Ó mesmo tempo, a introducción na análise dos IVCRA e os seus complementarios (os índices Grubel-Lloyd simples) permítenos un maior desglose no comercio interindustrial, e unha caracterización máis refinada no resto dos diferentes tipos de comercio.

Recalcar, por último, o feito de que estamos falando de productos, é dicir, non se utilizan sectores ou ramas productivas senón que, polo contrario, traballamos a oito díxitos Taric (NC), isto é, posicións arancelarias, o nivel máximo de desagregación posible.

Os aspectos triangulares do comercio e dúas perspectivas no cálculo do comercio intraindustrial

Como vimos máis arriba, o comercio intraindustrial estaba definido consonte a dous criterios: existe comercio intraindustrial cando, para o mesmo producto (Taric oito díxitos) existen importacións e exportacións e o fluxo menor representa alomenos o 10% do fluxo maior. Como podemos observar, estes dous criterios non inclúen en absoluto aspectos de tipo xeográfico. En efecto, unha importación de automóbiles con orixe no Reino Unido e unha exportación de automóbiles con destino a Francia constitúen comercio intraindustrial sempre e cando eses automóbiles sexan o mesmo producto (a mesma Taric oito). Dito doutra forma, tomamos o comercio da Eurorrexión coa UE e esta última no seu conxunto e como un todo único e indiferenciado (como de costume, sen España nin Portugal).

[70] En efecto, se un producto cumpre a condición Px/Pm < 0,85 é un producto de gama baixa desde o punto de vista do comercio total e desde o punto de vista das exportacións, pero, polo contrario, desde o punto de vista das importacións, é un producto de gama alta. O esquema seguinte sinálanos a lectura correcta da información que segue.

Gama de calidades segundo o punto de vista da análise

Criterio	X+M	X	M
D	Alta	Alta	Baixa
E	Media	Media	Media
F	Baixa	Baixa	Alta

Fonte: Elaboración propia.

Esta perspectiva na análise do comercio intraindustrial -**comercio intraindustrial nun sentido amplo**- podemos facela máis estricta no sentido de incluír a maiores un criterio máis: o país socio no tráfico comercial. Así, o comercio intraindustrial viría dado polos dous criterios anteriores e, ademais, a condición adicional de que o país de orixe e destino fora o mesmo. O segmento de comercio que cumprira estas tres condicións sería **comercio intraindustrial en sentido estricto**. Imos servirnos dun exemplo para clarificar esta cuestión (Gráfico Nº.III.2). Supoñamos o país **A** (a Eurorrexión, por exemplo) que comercia o mesmo tipo de producto co país **B** (impórtalle e exporta en valores equivalentes), co país **C** (ó que unicamente lle exporta) e co país **D** ó que unicamente lle importa. Ademais, os tres últimos países pertencen á Unión Europea. Baixo o punto de vista de **A**, este país importa da UE por valor de 100 e exporta á UE por valor de 100. Polo tanto, como o producto é o mesmo, estamos en presencia de comercio intraindustrial (nun sentido amplo). Se introducimos a maiores o criterio do mesmo país (mesmo producto, 10% mínimo sobre máximo), o comercio intraindustrial (en sentido estricto) quedaría reducido unicamente ó comercio entre **A** e **B,** xa que os outros dous tráficos non cumprirían a condición adicional. Resumindo, a versión ampla sería o resultado de considerar a UE como un todo único e indiferenciado e a versión estricta sería o resultado de considerar a UE como un conxunto de países diferentes entre si e, polo tanto, a identidade xeográfica unha terceira condición a cumprir adicionalmente por parte do comercio intraindustrial.

O exemplo anterior supón o país **A** (a Eurorrexión no noso Gráfico anterior) como un todo homoxéneo e indiferenciado internamente. Polo contrario, nas páxinas que seguen vainos interesar coñecer tamén o comercio intraindustrial de Galicia e o da Rexión do Norte coa Unión Europea, tanto nun sentido amplo coma en sentido estricto. Para conseguir isto último, debemos tratar a Galicia e a Rexión do Norte como países independentes, isto é, en termos do noso exemplo anterior, como dous países **A** diferentes e calcular o comercio intraindustrial (nas súas dúas acepcións). Unha consecuencia desta triangularización é que a suma das partes non é igual ó todo. En efecto, o Gráfico Nº.III.3 axúdanos a visualizar esta cuestión.

Gráfico III.2



Gráfico III.3



COMERCIO INTRAINDUSTRIAL ABSOLUTO			
Critério	**A1**	**A2**	**A**
Amplo	0	150	200
Estricto	0	0	100

Supoñamos que o país **A** consta de dúas rexións distintas (a A1 e a rexión A2), e que o comercio do país **A** se distribúe rexionalizadamente tal e como indica o Gráfico anterior (nótese que, neste sentido, baixo o punto de vista de **A no seu** conxunto, os dous gráficos son o mesmo). O comercio intraindustrial do país **A** non se ve modificado ó tratarse conxuntamente (é dicir, como un todo internamente indiferenciado) pero, e isto é o importante, o comercio intraindustrial do país no seu conxunto non ten por que ser o resultado da suma do comercio intraindustrial de cada unha das súas rexións. En efecto, os gráficos anteriores inclúen o valor absoluto do comercio intraindustrial de cada unha das dúas rexións e o comercio intraindustrial do conxunto. Como podemos comprobar no noso segundo exemplo, o comercio intraindustrial do país A (nas súas dúas versións, tanto en sentido amplo coma en sentido estricto) é distinto á suma das partes [71].

Os efectos da triangularización do comercio non se deixan sentir soamente no cálculo do comercio intraindustrial nunha versión ou noutra, senón que, polo contrario, estarán presentes en todo o que resta deste capítulo. Outro exemplo, o número de productos que exporta a Eurorrexión non é a suma simple e directa do número de productos que exporta Galicia máis o número de productos que exporta a Rexión do Norte: isto só sería válido no caso de que as dúas rexións exportaran productos totalmente diferentes, é dicir, que nin un só producto se exportara simultaneamente nas dúas rexións.

[71] Sobre este tipo de problemas consúltese Abd-O-Rahman, K.; <Réexamen de la définition et de la mesure des échanges croisés de produits similaires entre les nations> en **Revue Économique**. Nº.1. París, 1986. Vexase tamén, Aquino, A.; <Intra industry trade and inter industry specialization as concorrent sources of international trade in manufactures> en **Weltwirtschaftliches Archiv**. Vol 114. 1978.

III.1. ALGÚNS SÍNTOMAS PREVIOS DA PRESENCIA DE COMERCIO INTRAINDUSTRIAL

No capítulo anterior, ó estudiar para cada sector CUCI a tres díxitos os valores do Índice de Vantaxe Comparativa Revelada Absoluta (os IVCRA) ou os Índices de Grubel e Lloyd (IGL) chegaramos á conclusión de que moitos destes sectores presentaban un comercio de importación e de exportación simultáneo e nun volume considerable. Polo tanto, non estaba clara a súa vocación comercial (exportadora ou importadora). Chegamos á conclusión tamén de que o nivel de agregación era importante e que sería necesario unha análise ó nivel máis desagregado posible.

Pois ben, unha análise en detalle da balanza comercial de Galicia e da Rexión do Norte coa Unión Europea (sen España nin Portugal, como no capítulo anterior) pon de manifesto algúns trazos estructurais que nos permiten prever a presencia de comercio intraindustrial na súa composición interna. En efecto, o cadro Nº.III.1.1 recolle os productos de importación e exportación de Galicia, da Rexión do Norte e, por agregación, da Eurorrexión. Algunhas aclaracións previas. En primeiro lugar, entendemos por producto cada rúbrica da clasificación Taric (Nomenclatura Combinada) establecida a oito díxitos. Polo tanto, cada producto vén identificado por un código Taric a oito díxitos, é dicir, estamos traballando a un nivel de desagregación próximo ós 15.000 productos diferentes posibles. En segundo lugar quixéramos chamar a atención do lector sobre un fenómeno que se presenta aquí por primeira vez. Hasta este momento, a suma das partes era igual ó todo, case por definición. Neste capítulo isto non será necesariamente así. Os productos que exporta a Eurorrexión non son a suma simple dos que exporta Galicia máis os que exporta a Rexión do Norte, xa que entre as dúas existen moitos productos que coinciden (que se superpoñen).

Cadro III.1.1.- NÚMERO DE PRODUCTOS COMERCIADOS: Taric 8 díxitos, sen España nin Portugal

	Rexión do Norte			Galicia			Eurorrexión		
	Import	Export	Total	Import	Export	Total	Import	Export	Total
1995	6.746	2.718	6.971	3.550	1.422	3.948	7.134	3.361	7.427
1996	6.844	2.941	7.098	3.993	1.594	4.393	7.292	3.621	7.608
1997	6.882	3.016	7.136	3.977	1.593	4.380	7.315	3.685	7.656

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Isto é o que explica unha parte do cadro anterior. En efecto, a Rexión do Norte importa algo menos de 7.000 productos diferentes e Galicia algo menos de 4.000 productos distintos entre si. Sen embargo, a Eurorrexión importa soamente algo máis de 7.000 productos distintos. Polo lado das exportacións o problema é similar: a Rexión do Norte exporta 3.000 productos distintos, Galicia sobre 1.500 e a Rexión do Norte unha cifra lixeiramente superior ós 3.500. Ademais da superposición entre os fluxos da Rexión do Norte e os de Galicia, debemos ter en conta a superposición entre os fluxos de importación e exportación en cada ámbito. Este aspecto da cuestión é o que nos explica como a Rexión do Norte comercia arredor de 7.000 productos diferentes, Galicia algo máis de 4.000 e a Rexión do Norte algo máis de 7.500 productos distintos ó ano, tal e como sinala o cadro anterior.

Unha vez explicado o paradoxo aparente, o contido do último cadro reflicte aspectos importantes. O primeiro deles sería o feito de que o número de productos comerciados se incrementa anualmente e de forma notable, sobre todo en Galicia. A segunda nota destacable sería que o número de productos importados é máis do dobre do número de productos exportados, característica que nos informa sobre a concentración *versus* diversificación dos fluxos comerciais nun sentido ou noutro [72].

Como vimos anteriormente, o comercio intraindustrial refírese á existencia de importacións e exportacións do mesmo producto, tráfico no cal o fluxo menor representa o 10% ou máis do fluxo maior, é dicir, cumprían a condición **A** expresada máis arriba. O cadro Nº.III.1.2 indica que o número de productos que cumpren esta condición se incrementa ano a ano, sobre todo na Rexión do Norte. Para o conxunto da Eurorrexión arredor do 17% dos productos comerciados están suxeitos a comercio intraindustrial, isto é, cumpren a condición anterior [73]. Aquí estamos xa ante un síntoma previo da existencia de comercio intraindustrial na Eurorrexión: algo menos dun 20% dos productos comerciados teñen tráficos importantes nos dous sentidos, e o número destes productos é cada vez maior, tanto en termos absolutos coma en termos de porcentaxe sobre o total [74].

[72] Se consideramos na análise o comercio da Rexión do Norte con España e o de Galicia con Portugal, o número de productos comerciados, loxicamente, increméntase. Nestas condicións, a Rexión do Norte comercia sobre 8.000 productos diferentes, Galicia uns 6.000 e a Eurorrexión uns 8.500 productos distintos en 1997. Como no caso anterior, o número de productos comerciados crece tamén de forma importante nos tres espacios.

[73] Debemos ter en conta que, como no caso anterior, a suma das partes non ten por que coincidir necesariamente co todo.

[74] Se temos en conta o comercio da Eurorrexión con España e Portugal, o crecemento dos productos comerciados que cumpren a condición **A** é tamén intenso. Para 1997, por exemplo, dos 8.070 productos que comerciaba a Rexión do Norte, 1.509 cumprían a condición. En Galicia cumpríana 1.516 dos 5.821 productos e, para a Eurorrexión no seu conxunto, cumpríana 2.529 dos 8.484 productos comerciados nese ano. De todos modos, e como é lóxico, ó introducir España e Portugal na análise, o número de productos en xeral, e dos que cumplen a condición **A** en particular, tende a aumentar por dous motivos. En primeiro lugar, e como xa vimos máis arriba, Portugal é un socio comercial moi importante de Galicia e España o é da Rexión do Norte. En segundo lugar, este incremento débese tamén ós efectos da triangularización estudiada máis arriba.

Cadro III.1.2.- NÚMERO DE PRODUCTOS CON COMPORTAMENTO INTRAINDUSTRIAL: Sentido amplo

	Rexión do Norte		Galicia		Eurorrexión	
	Número	% Total	Número	% Total	Número	% Total
1995	1.027	14,73	463	11,73	1.254	16,88
1996	1.090	15,36	511	11,63	1.343	17,65
1997	1.123	15,74	506	11,55	1.388	18,13

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Cadro III.1.3- CONCORRENCIA OU COMPLEMENTARIEDADE ENTRE A REXIÓN DO NORTE E GALICIA

(Comercio intracomunitario, sen España e sen Portugal, N.C. a oito díxitos)

	Correlacións			Similitudes		
	1995	1996	1997	1995	1996	1997
XG, XR	0,006	0,028	0,102	5,38	6,61	10,03
MG, MR	0,155	0,245	0,328	17,70	19,19	21,05
XR, MG	0,005	0,011	0,120	4,47	4,63	7,47
XG, MR	0,127	0,201	0,391	7,82	7,70	9,38
XG, MG	0,269	0,397	0,291	21,00	24,66	20,28
XR, MR	0,077	0,081	0,181	13,68	14,13	16,94
XE, ME	0,200	0,236	0,263	17,17	18,40	19,25

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Se efectivamente o comercio intraindustrial é cada vez máis importante, este feito deberíase poder detectar a través dalgúns indicadores que mediran a semellanza existente entre o fluxo de importacións e o fluxo de exportacións. Como indicadores imos utilizar o Coeficiente de Correlación (Pearson) e o Coeficiente de Similitude. Os resultados obtidos para algúns pares interesantes figuran no cadro Nº.III.1.3. En efecto, entre as importacións e as exportacións da Eurorrexión, tanto os coeficientes de correlación coma os de similitude se incrementan durante os anos en estudio, querendo indicar unha semellanza progresiva entre os dous fluxos que, de momento, aínda está en etapas moi iniciais. Queremos destacar aquí tamén o feito de que os coeficientes máis elevados –e as similitudes maiores- detéctanse entre as importacións e as

exportacións, ambas de Galicia. Este feito indica que, por unha parte, a complementariedade entre o comercio exterior de Galicia e Rexión do Norte é importante tamén a este nivel tan desagregado e, por outra parte, que o comercio intraindustrial pode ser maior e máis importante en Galicia ca na Rexión do Norte, como teremos ocasión de ver máis adiante [75].

Toda a reflexión anterior esta realizada nun sentido amplo, isto é, considerando a Unión Europea como un todo único e indiferenciado no seu interior. Se ademais dos criterios de identidade do producto e fluxo mínimo sobre máximo igual ou superior ó 10%, engadimos o concepto país de orixe destino o mesmo, estaríamos ante o comercio intraindustrial en sentido estricto. Aquí, neste ámbito de análise, tamén se poden identificar algúns elementos previos que permiten intuír que o comercio intraindustrial en sentido estricto é relevante.

En efecto, o cadro Nº.III.1.4 amosa que, en sentido estricto (un producto é un Taric oito díxitos e un país) a Rexión do Norte comercia sobre 30.000 productos ano, dos cales un escaso 10% cumpren a condición **A**, é dicir, constitúen comercio intraindustrial en sentido estricto. Galicia comercia algo máis de 10.000 productos diferentes cos países da Unión Europea, dos cales soamente un 6% cumpren a condición anterior. Para o conxunto da Eurorrexión, obsérvase comercio en 34.000 productos diferentes dos cales 3.500 cumpren as condicións de comercio intraindustrial. O que consideramos relevante en canto que un síntoma previo é o feito de que o comercio afecta cada vez a un número maior de productos e que, dentro destes, os que están sometidos a comercio intraindustrial son cada vez máis, tanto en números absolutos coma en porcentaxe do total de productos comerciados.

Cadro III.1.4.- NÚMERO DE PRODUCTOS CON COMPORTAMENTO INTRAINDUSTRIAL: Sentido estricto

	Rexión do Norte			Galicia			Eurorrexión		
	Número	Total	% Total	Número	Total	% Total	Número	Total	% Total
1995	2.670	28.793	9,27	542	9.597	5,65	3.165	31.961	9,90
1996	2.816	29.861	9,43	681	11.262	6,05	3.414	33.532	10,18
1997	2.913	30.449	9,57	664	11.362	5,84	3.503	34.194	10,24

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

[75] Dada a relevancia que presenta o tema da complementariedade *versus* concorrencia dos tráficos comerciais baixo o punto de vista da teoría da integración económica, calculamos tamén os coeficientes de correlación e similitude para o comercio da Rexión do Norte incluíndo España, e para Galicia incluíndo Portugal, ambos a un nivel de desagregación de oito díxitos Taric. Os resultados obtidos son moi lixeiramente superiores ós expostos: os coeficientes de correlación supéranos nalgunhas centésimas e os coeficientes de similitude son superiores entre dous e cinco puntos ós analizados máis arriba. En conclusión, e considerando España e Portugal na análise, o par con correlacións e similitudes máis elevadas é o das importacións galegas coas exportacións tamén galegas, aínda que con valores reducidos (sen alcanzar o 0,35 nin o 30,0 respectivamente).

III.2. A NATUREZA INTERNA DO COMERCIO

Neste epígrafe imos estudiar, en primeiro lugar, a natureza do comercio entre a Eurorrexión (con Galicia e a Rexión do Norte, por separado) e a Unión Europea, tomada esta no seu conxunto, é dicir, o comercio intraindustrial en sentido amplo. En segundo lugar, consideraremos a Unión Europea como un conxunto de países diferentes entre si e introduciremos o criterio adicional da coincidencia no país de orixe e de destino dos fluxos, isto é, o comercio intraindustrial en sentido estricto.

III.2.1. O comercio intra e inter industriais nun sentido amplo

Os resultados da aplicación da metodoloxía estudiada máis arriba consta nos Cadros Nº.III.2.1 e ss., nos que figuran as porcentaxes por tipo de comercio, tanto para o comercio intraindustrial e as súas gamas de calidades, como para o comercio interindustrial e as súas dúas orientacións básicas. E isto para a Eurorrexión, para Galicia e para a Rexión do Norte [76].

Cadro Nº. III.2.1.- DESCOMPOSICIÓN DO COMERCIO TOTAL: IMPORTACIÓNS MÁIS EXPORTACIÓNS

DESCOMPOSICIÓN DO COMERCIO TOTAL. Rexión Norte								
	Comercio intraindustrial				Comercio interindustrial			Total
	Baixa	Media	Alta	Intra	Import	Export	Inter	
1995	10,00	6,38	6,40	**22,78**	30,71	46,51	**77,22**	**100,00**
1996	12,39	5,91	6,24	**24,54**	30,22	45,24	**75,46**	**100,00**
1997	14,47	4,35	7,52	**26,34**	29,64	44,02	**73,66**	**100,00**

DESCOMPOSICIÓN DO COMERCIO TOTAL. Galicia								
	Comercio intraindustrial				Comercio interindustrial			Total
	Baixa	Media	Alta	Intra	Import	Export	Inter	
1995	21,91	3,32	2,85	**28,08**	37,41	34,51	**71,92**	**100,00**
1996	28,16	4,48	3,45	**36,09**	36,93	26,98	**63,91**	**100,00**
1997	27,72	7,68	3,20	**38,60**	35,90	25,50	**61,40**	**100,00**

DESCOMPOSICIÓN DO COMERCIO TOTAL. Eurorrexión								
	Comercio intraindustrial				Comercio interindustrial			Total
	Baixa	Media	Alta	Intra	Import	Export	Inter	
1995	15,41	5,93	5,64	**26,98**	30,98	42,04	**73,02**	**100,00**
1996	23,16	5,95	5,85	**34,96**	27,08	37,96	**65,04**	**100,00**
1997	21,98	7,93	6,62	**36,53**	26,76	36,71	**63,47**	**100,00**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

[76] Chegados a este punto, temos que realizar unha observación: no comercio da Eurorrexión (e no de Galicia) existe unha serie de productos cunha importancia moi relevante no comercio, que teñen unha relación de intercambio en prezos (Px/Pm) moi próxima ó 0,85 e que oscilan, dun ano para outro, entre a gama media e a gama baixa, desestabilizando a continuidade da serie. Na medida das nosas posibilidades tratamos de homoxeneizar os resultados. A relación destes productos figura a continuación:

87032219 Turismos con motor de gasolina entre 1000 e 1500 cc.

87032319 Turismos con motor de gasolina entre 1500 e 3000 cc.

87033219 Turismos con motor diesel entre 1500 e 2500 cc.

87089910 Demais partes e accesorios para a montaxe de automotores.

A Eurorrexión presenta un volume de comercio intraindustrial máis ben reducido, aínda que, durante os anos en estudio, se desenvolve velozmente. En efecto, en 1995 o comercio intraindustrial afectaba soamente ó 27% do comercio total da Eurorrexión (importacións máis exportacións coa UE, sen España e sen Portugal), porcentaxe que, dous anos máis tarde, alcanzaba xa o 37% dese comercio [77]. Estes resultados indican que o comercio intraindustrial na Eurorrexión significa aproximadamente a metade da importancia que este mesmo tipo de comercio ten para Iberia no seu conxunto, espacio no cal o comercio intraindustrial afecta ó 70% do comercio coa UE

A análise dos compoñentes de cada tipo de comercio pon de manifesto que, no que se refire ó comercio intraindustrial, a gama baixa é a máis importante, e a que máis crece, no período en estudio. Ó mesmo tempo, o cadro anterior confirman algunhas evidencias empíricas xa coñecidas: o comercio intraindustrial de gama media (isto é, intraindustrial puro, é dicir, variedades distintas do mesmo producto e mesma calidade) é un segmento minoritario no total do comercio intraindustrial ou, o que é o mesmo, o comercio intraindustrial é, fundamentalmente, intercambio de calidades distintas do mesmo ben. Neste sentido, a composición interna do comercio intraindustrial da Eurorrexión indica que o comercio de gamas diferentes é o predominante, e como o comercio de gama baixa é a especialidade rexional máis importante (representa máis da metade do comercio intraindustrial da Eurorrexión neste período).

De forma simétrica, o comercio interindustrial reduciuse uns dez puntos pero, aínda así, segue sendo o segmento maioritario dentro do comercio da Eurorrexión neste período (arredor dos dous tercios do comercio total). No interior do comercio interindustrial destaca a compoñente exportadora sobre a importadora, aínda que é a compoñente exportadora a que perde importancia máis rapidamente. Aínda que o período en estudio é demasiado breve, poderiamos estar ante un proceso no cal tanto as importacións como as exportacións perden peso ante o desenvolvemento do comercio intraindustrial da Eurorrexión [78].

[77] Podería pensarse, á vista dos resultados obtidos para a Eurorrexión, para Galicia e para a Rexión do Norte, que o comercio intraindustrial é un fenómeno cunha importancia marxinal ou un fenómeno sen interese. O interese deste tema reside, precisamente, na reducida presencia do comercio intraindustrial nestas rexións. Para facernos unha idea da importancia destes resultados debemos ter en conta que, como indicamos a continuación, o comercio intraindustrial (importacións máis exportacións en porcentaxe), significaba, nestes mesmos anos, o 70% do comercio entre España e a UE (descontado Portugal), un 40% do comercio de Portugal coa UE (sen contabilizar España) e algo máis do 70% do comercio de Iberia coa UE (descontando o comercio mutuo entre España e Portugal). Volveremos máis adiante sobre isto.

COMERCIO INTRAINDUSTRIAL EN PORCENTAXE DO TOTAL (X + M)			
	Portugal	España	Iberia
1995	33,38	65,12	70,17
1996	37,99	71,38	72,00
1997	39,74	69,37	70,41

Fonte: Elaboración propia.

[78] Se volvemos a repetir a análise introducindo o comercio con España e con Portugal, os resultados incrementaríanse de forma notable. O comercio intraindustrial da Eurorrexión pasaría dun 43,48% do comercio total en 1995 a representar un 49,50% en 1997, aínda que as gamas baixas continuarían sendo as máis relevantes.

O detalle do comercio de cada unha das subrexións pon de relevo algunhas simetrías e asimetrías que debemos ter en conta. No que se refire á Rexión do Norte, o comercio intraindustrial significa un 25% do comercio total, porcentaxe inferior nuns 10 a 15 puntos do que significa o comercio intraindustrial para Portugal no seu conxunto (coa UE sen ter en conta a España). Na súa composición interna, as gamas baixas son as predominantes, representando a metade ou máis do comercio intraindustrial da Rexión do Norte. Ó mesmo tempo, e no que se refire á descomposición do comercio interindustrial, a compoñente de orientación exportadora é a claramente predominante [79].

Respecto a Galicia, a situación é similar. O comercio intraindustrial nesta rexión significa cerca da metade da importancia que o comercio intraindustrial ten en España (coa UE sen Portugal) e o peso das gamas baixas é absolutamente fundamental no comercio da rexión (moito máis da metade do comercio intraindustrial de Galicia). Simultaneamente, a descomposición do comercio interindustrial galego indican que o compoñente exportador diminúe rapidamente, sendo a principal fonte de crecemento do comercio intraindustrial [80].

En resumo, o comercio intraindustrial é sempre o segmento minoritario, aínda que é máis importante en Galicia ca na Rexión do Norte. Ó mesmo tempo, o compoñente de gama baixa é o máis destacado dentro do comercio intraindustrial en calquera das dúas rexións. Ó mesmo tempo, e no que se refire ó compoñente interindustrial, a orientación exportadora predomina na Rexión do Norte e a importadora en Galicia.

Para aclarar máis este tipo de caracterizacións, imos realizar dúas reflexións. A primeira en termos do desglose dos datos anteriores en importacións e exportacións e, a segunda, analizando as taxas de cobertura e, eventualmente, os saldos comerciais.

O cadro Nº.III.2.2 reflicte como arredor dun tercio das importacións da Eurorrexión teñen contrapartida polo lado das exportacións e como o fundamental destas importacións está situado na clase alta, é dicir, os seus prezos son moi superiores ós prezos dos mesmos productos de exportación. Esta mesma situación repítese tanto na Rexión do Norte coma en Galicia: o comercio intraindustrial afecta a un segmento entre un cuarto e un tercio das importacións e a gama alta é o compoñente maioritario, abarcando a metade ou máis do comercio intraindustrial.

Polo lado das exportacións a situación é practicamente a simétrica. O comercio intraindustrial afecta tamén a un segmento entre un cuarto e un tercio das exportacións totais, pero as exportacións de gama baixa son a metade ou máis do comercio intraindustrial. E esta afirmación é válida tanto para Galicia, para a Rexión do Norte como para a Eurorrexión, tal e como nos pon de manifesto o cadro Nº.III.2.3.

---

[79] Esta situación da Rexión do Norte non se ve modificada substancialmente se se lle engade o comercio con España. O comercio intraindustrial pasaría dun 27,17% do total en 1995 a un 31,28% en 1997, continuando as gamas baixas cun peso fundamental no seu interior (aproximadamente a metade).

[80] Se consideramos tamén o comercio de Galicia con Portugal, a porcentaxe do comercio galego total efectado de comercio intraindustrial aumenta de forma notable. En efecto, nestas condicións, o comercio intraindustrial representaba, en 1995, o 45,10% do total de importacións máis exportacións, porcentaxe que chega a 1997 alcanzando o 55,42% do comercio total de Galicia. E nestas porcentaxes, o peso das gamas baixas segue sendo fundamental.Como vimos máis arriba, estes cambios de peso do comercio intraindustrial, no caso de Galicia tan importantes, débense ós efectos da triangularización e ó relevante que é o mercado portugués para o comercio exterior de Galicia.

Cadro III.2.2 - DESCOMPOSICIÓN DA CORRENTE IMPORTADORA

DESCOMPOSICIÓN DE IMPORTACIÓNS. Rexión Norte								
	Comercio intraindustrial				Comercio interindustrial			Total
	Alta	Media	Baixa	Intra	Import	Export	Inter	
1995	10,91	5,95	6,49	**23,35**	74,54	2,11	**76,65**	**100,00**
1996	13,39	5,62	6,64	**25,65**	72,36	1,99	**74,35**	**100,00**
1997	14,56	4,23	8,15	**26,94**	71,03	2,03	**73,06**	**100,00**

DESCOMPOSICIÓN DE IMPORTACIÓNS. Galicia								
	Comercio intraindustrial				Comercio interindustrial			Total
	Alta	Media	Baixa	Intra	Import	Export	Inter	
1995	19,35	2,25	2,88	**24,48**	74,64	0,88	**75,52**	**100,00**
1996	21,00	5,77	3,01	**29,78**	69,64	0,58	**70,22**	**100,00**
1997	22,53	7,22	2,68	**32,43**	66,85	0,72	**67,57**	**100,00**

DESCOMPOSICIÓN DE IMPORTACIÓNS. Eurorrexión								
	Comercio intraindustrial				Comercio interindustrial			Total
	Alta	Media	Baixa	Intra	Import	Export	Inter	
1995	16,48	5,04	6,02	**27,54**	70,63	1,83	**72,46**	**100,00**
1996	24,94	7,76	5,51	**38,21**	60,18	1,61	**61,79**	**100,00**
1997	23,01	8,96	7,19	**39,16**	59,17	1,67	**60,84**	**100,00**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Cadro III.2.3 - DESCOMPOSICIÓN DA CORRENTE EXPORTADORA

DESCOMPOSICIÓN DE EXPORTACIÓNS. Rexión Norte								
	Comercio intraindustrial				Comercio interindustrial			Total
	Baixa	Media	Alta	Intra	Import	Export	Inter	
1995	9,38	6,69	6,34	**22,41**	0,59	77,00	**77,59**	100,00
1996	11,69	6,12	5,98	**23,79**	0,62	75,59	**76,21**	100,00
1997	14,41	4,43	7,08	**25,92**	0,59	73,49	**74,08**	100,00

DESCOMPOSICIÓN DE EXPORTACIÓNS. Galicia								
	Comercio intraindustrial				Comercio interindustrial			Total
	Baixa	Media	Alta	Intra	Import	Export	Inter	
1995	24,34	4,33	2,83	**31,50**	2,17	66,33	**68,50**	100,00
1996	35,67	3,23	3,91	**42,81**	2,52	54,67	**57,19**	100,00
1997	33,41	8,19	3,76	**45,36**	1,96	52,68	**54,64**	100,00

DESCOMPOSICIÓN DE EXPORTACIÓNS. Eurorrexión								
	Comercio intraindustrial				Comercio interindustrial			Total
	Baixa	Media	Alta	Intra	Import	Export	Inter	
1995	14,60	6,61	5,36	**26,57**	1,08	72,35	**73,43**	100,00
1996	21,73	4,51	6,12	**32,36**	0,59	67,05	**67,64**	100,00
1997	21,21	7,05	6,14	**34,40**	0,51	65,09	**65,60**	100,00

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión, do Norte pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Unha visión conxunta das importacións e as exportacións ofrécea, por exemplo, o cálculo das taxas de cobertura por tipos de comercio, tal e como queda reflectido no cadro Nº.III.2.4. No contido deste cadro hai algúns aspectos que nos gustaría destacar. O primeiro deles, e quizais o máis importante, reside en que as taxas de cobertura do comercio intraindustrial de gama alta son moi baixas, sobre todo en comparación coas obtidas para o comercio intraindustrial de gama baixa (e, en certa medida, as taxas de cobertura da gama media tamén, sobre todo na Eurorrexión). Como nos mostra o cadro anterior, as taxas de cobertura das gamas baixas son as máis elevadas do conxunto. Outro aspecto tamén moi interesante é a análise da cobertura dos distintos tipos de comercio, sendo o caso de Galicia moi interesante. Vexamos.

Cadro III.2.4 - TAXAS DE COBERTURA POR TIPOS DE COMERCIO

TAXAS DE COBERTURA POR TIPOS DE COMERCIO. Rexión do Norte						
	Comercio intraindustrial				Comercio interindustrial	Total
	Baixa	Media	Alta	Intra	Inter	
1995	210,35	163,64	84,58	139,68	147,33	145,54
1996	250,73	155,08	63,60	132,09	145,98	142,41
1997	251,93	149,23	69,29	137,09	144,48	142,49

TAXAS DE COBERTURA POR TIPOS DE COMERCIO. Galicia						
	Comercio intraindustrial				Comercio interindustrial	Total
	Baixa	Media	Alta	Intra	Inter	
1995	893,06	203,36	15,45	135,97	95,85	105,67
1996	1.130,11	53,38	17,76	137,09	77,56	95,27
1997	1.136,93	103,45	15,22	127,56	73,75	91,20

TAXAS DE COBERTURA POR TIPOS DE COMERCIO. Eurorrexión						
	Comercio intraindustrial				Comercio interindustrial	Total
	Baixa	Media	Alta	Intra	Inter	
1995	321,73	173,98	43,15	127,99	134,44	132,66
1996	492,93	72,64	30,67	105,85	136,82	124,99
1997	364,13	97,12	32,94	108,43	133,09	123,44

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Como xa sabiamos, a taxa de cobertura de Galicia fronte á Unión Europea (sen Portugal) sobrepasa o 100% ocasionalmente en 1995, sen alcanzar ese valor nos dous anos seguintes. Esta situación débese a que o comercio interindustrial é claramente deficitario e este déficit non se ve compensado polo superávit que xera o comercio intraindustrial. A situación na Rexión do Norte é distinta: o comercio interindustrial ten unha taxa de cobertura maior có comercio intraindustrial, situación que se repite, case tal cal, na Eurorrexión. Este aspecto da cuestión representa, alomenos aparentemente, unha anomalía, xa que, habitualmente, o comercio intraindustrial adoita proporcionar taxas de cobertura superiores ás do comercio interindustrial.

En definitiva, e recapitulando o anterior, debemos reter algunhas evidencias importantes. En primeiro lugar, o comercio intraindustrial presenta porcentaxes reducidas sobre o total de comercio, sobre todo na Rexión do Norte. En segundo lugar, o comercio de gama baixa é o compoñente máis importante dentro do comercio intraindustrial. No que se refire ó desglose entre as importacións e as exportacións debemos recordar que as importacións son principalmente de gamas altas e as exportacións substancialmente de gamas baixas, situación que, alomenos parcialmente, explica que as taxas de cobertura das gamas baixas sexan moi elevadas e as taxas de cobertura das gamas altas sexan reducidas. Neste sentido, o anterior sustentaría a tese de que a Eurorrexión (e as súas dúas rexións) está especializada na exportación de gamas baixas e na importación de gamas altas, dentro dun comercio intraindustrial que aínda presenta un peso reducido dentro do comercio exterior total.

A descomposición do comercio intraindustrial

Neste apartado imos continuar profundando na natureza interna do comercio intraindustrial e ímolo facer a través de dúas vías complementarias. O problema que hai que resolver consiste en contestar a pregunta seguinte: ¿Cales son os sectores máis importantes dentro do comercio intraindustrial? Ou, dito doutro modo, ¿o comercio intraindustrial distribúese homoxeneamente entre os distintos sectores ou concéntrase unicamente nuns poucos sectores determinados? ¿Cales son estes sectores?

Estas preguntas -no fondo son todas unha- podémolas contestar a través de dúas vías complementarias entre si. A primeira é descompoñer o total de comercio intraindustrial por sectores. Así saberemos qué sectores achegan máis, cáles menos e, incluso, os que non achegan. A segunda é calcular, sobre o total de comercio dun sector, qué porcentaxe é comercio intraindustrial e, polo tanto, qué porcentaxe non o é (é dicir, é comercio interindustrial) [81].

[81] Unha reflexión previa. Aquí imos considerar como sector cada Partida CUCI a tres díxitos, en concordancia (e por propia utilidade) co visto ata o momento. Recalcariamos que o comercio intraindustrial está calculado ó nivel de Taric oito díxitos (ó nivel de posición arancelaria ou producto) e, posteriormente, os resultados son agregados a CUCI tres.

Os resultados da primeira aproximación figuran no cadro Nº.III.2.5. Como podemos comprobar, os sectores vinculados á montaxe de automotores achegan porcentaxes moi importantes do comercio intraindustrial. Para 1997, por exemplo, os sectores CUCI 781 (Automóbiles), 782 (Furgonetas) e 784 (Partes e pezas de automotores), ofrecían case a metade do comercio intraindustrial da Eurorrexión (concretamente 16,06% dun 36,52%). Como o mesmo cadro sinala, este comercio orixínase principalmente en Galicia, onde este tráfico representa

Cadro III.2.5 - DESGLOSE DO COMERCIO INTRAINDUSTRIAL POR PARTIDAS CUCI

	RNP			Galicia			Eurorrexión		
Cuci	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
034	0,01	0,00	0,01	1,00	0,92	0,91	0,30	0,34	0,29
036	0,00	0,00	0,00	0,64	1,41	0,71	0,19	0,47	0,25
037	0,00	0,01	0,00	0,71	0,56	0,47	0,21	0,20	0,17
334	0,41	0,48	0,16	0,41	0,54	0,17	0,50	0,52	0,79
335	0,00	0,00	0,00	0,47	0,41	0,29	0,14	0,13	0,09
542	0,06	0,06	0,04	0,00	0,00	0,28	0,08	0,09	0,15
582	0,41	0,28	0,33	0,21	0,19	0,24	0,37	0,28	0,34
611	0,52	0,62	0,46	0,00	0,00	0,00	0,38	0,42	0,32
625	0,76	0,92	0,97	0,01	0,03	0,01	0,55	0,64	0,67
642	0,08	0,10	0,14	0,00	0,34	0,31	0,15	0,19	0,21
651	0,90	1,06	1,11	0,00	0,01	0,00	0,66	0,74	0,77
652	1,34	1,57	1,59	0,00	0,00	0,00	0,99	1,17	1,22
653	1,12	1,06	1,00	0,00	0,00	0,00	0,84	0,73	0,71
655	0,33	0,29	0,22	0,00	0,00	0,00	0,24	0,20	0,15
657	0,47	0,22	0,60	0,04	0,02	0,00	0,35	0,16	0,42
658	0,23	0,27	0,24	0,00	0,00	0,00	0,17	0,19	0,17
684	0,03	0,02	0,01	0,00	0,00	0,00	0,54	0,57	0,53
699	0,53	0,55	0,52	0,13	0,14	0,14	0,44	0,44	0,45
724	0,25	0,28	0,17	0,00	0,00	0,01	0,18	0,19	0,12
749	0,35	0,42	0,41	0,00	0,01	0,05	0,26	0,29	0,32
764	0,04	0,48	0,31	0,03	0,04	0,02	0,06	0,35	0,23
772	0,81	0,86	1,21	0,00	0,03	0,03	0,60	0,62	0,87
773	0,14	0,25	0,23	0,01	0,09	0,34	0,21	0,19	0,32
776	0,25	0,26	0,38	0,00	0,00	0,00	0,18	0,17	0,26
781	0,00	0,74	2,80	13,37	17,84	15,70	4,70	6,56	6,95
782	0,00	0,00	0,01	5,41	8,67	13,56	1,55	2,79	4,32
784	0,95	1,05	1,03	1,29	1,36	2,28	1,00	5,26	4,79
793	0,00	0,00	0,00	0,84	0,42	0,16	0,21	0,41	0,05
821	0,85	0,90	0,86	0,06	0,04	0,04	0,63	0,64	0,60
841	1,23	0,88	0,70	0,32	0,11	0,07	0,93	0,68	0,48
842	1,66	1,56	1,69	0,55	0,17	0,08	1,43	0,98	1,38
843	0,45	0,45	0,41	0,03	0,01	0,01	0,32	0,31	0,29
844	0,71	0,67	0,43	0,10	0,10	0,07	0,54	0,58	0,37
845	1,20	1,24	1,30	0,48	0,37	0,46	0,97	0,96	1,01
846	0,33	0,43	0,52	0,07	0,07	0,06	0,28	0,32	0,39
851	1,34	1,40	1,47	0,01	0,03	0,04	0,97	1,05	1,01
893	0,41	0,45	0,43	0,19	0,07	0,06	0,36	0,34	0,34
Total Intra	**22,79**	**24,54**	**26,34**	**28,09**	**36,09**	**38,59**	**26,98**	**34,96**	**36,52**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

máis do 80% do comercio intraindustrial galego. O resto dos sectores teñen contribucións moi reducidas ou case desprezables, sendo moi poucos aqueles que exceden (lixeiramente) o 1%. Con estas contribucións encontramos o sector 652 (tecidos de algodón), o 842 (Roupa feminina non de punto), o 845 (Outras prendas de vestir) e o 845 (Calzado), todos eles con presencia importante na Rexión do Norte.

A lectura deste cadro está indicándonos que o comercio intraindustrial está moi concentrado nuns poucos sectores e estes á súa vez na actividade de montaxe de automotores. O resto dos sectores teñen contribucións moi reducidas, case desprezables. En definitiva, estes resultados son concordantes cos anteriores: o comercio intraindustrial é reducido e, ademais, está moi concentrado nunha única actividade económica.

Outra forma de tratar esta cuestión é preguntándonos acerca do peso que ten o comercio intraindustrial nun sector sobre o comercio total dese sector. A resposta encontrámola no cadro Nº.III.2.6, onde seleccionamos os sectores máis importantes da Eurorrexión, xa sexa polo seu peso en importacións, en exportacións ou na suma de ambas. Ademais, unha lectura adecuada desta información sinálanos en qué sectores o comercio intraindustrial é importante (con porcentaxes moi elevadas) e en qué sectores non o é e, polo tanto, o comercio interindustrial é o maioritario (porcentaxes moi baixas). Como é previsible, as porcentaxes máis elevadas encontrámolas nos sectores da automoción (781, 782 e 784), de tal modo que o comercio intraindustrial crecería no futuro se aumenta o comercio total destes productos (porcentaxes próximas xa ó 100% actualmente) [82]. Porcentaxes superiores ó 75% aparecen en sectores con contribucións reducidas ó comercio total. Por exemplo a CUCI 334 (Derivados do petróleo), o sector 625 (Pneumáticos e bandas), 652 (tecidos de algodón) ou o sector 772 (Outros aparatos eléctricos). O resto dos sectores teñen un comercio intraindustrial que aínda non alcanza os tres cuartos do total.

O extremo oposto intégrano aqueles sectores que son importantes no comercio da Eurorrexión pero nos que o comercio intraindustrial, ou non existe, ou alcanza porcentaxes moi reducidas. Aquí, cunha porcentaxe nula encontramos os sectores 041 (Cereais), 251 (Pasta de papel), 333 (Crus de petróleo), 633 (Manufacturas da cortiza), etc., sectores que, ou ben son netamente importadores ou netamente exportadores, pero para os que, en calquera caso, non existen fluxos relevantes nas dúas direccións. O resto dos sectores presenta niveis de comercio intraindustrial máis ben reducidos e incluso insignificantes nalgúns sectores con importancia.

[82] Como xa vimos máis arriba, os investimentos estranxeiros están directamente relacionadas co comercio intraindustrial. Neste sentido, o sector da automoción é un exemplo paradigmático.

Cadro III.2.6 - IMPORTANCIA DO COMERCIO INTRAINDUSTRIAL POR GRUPO CUCI

	RNP			GALICIA			EURORREXIÓN		
Cuci	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
034	30,09	14,78	20,55	30,85	28,88	28,16	31,45	32,69	27,68
036	0,27	2,62	6,64	22,72	48,65	22,87	23,25	49,41	24,41
041	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
112	1,96	3,09	2,44	8,38	0,26	0,00	2,44	3,71	2,95
251	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
333	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
334	61,29	81,79	21,32	42,66	43,32	12,32	67,44	64,52	83,15
511	0,01	12,37	0,00	0,00	0,00	0,00	0,01	9,12	0,01
575	0,00	0,09	0,50	0,00	0,00	0,02	0,00	0,07	0,37
611	31,62	38,00	30,20	0,00	0,00	0,00	31,94	38,26	30,43
625	85,65	88,76	89,34	23,08	46,84	21,07	85,43	88,44	88,74
633	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
641	0,85	0,30	0,69	19,15	34,92	26,56	5,95	11,58	10,44
651	34,46	35,90	37,86	0,10	5,57	0,61	34,06	35,58	37,15
652	69,93	72,19	76,54	0,72	0,60	0,21	70,09	76,28	82,30
653	46,66	47,90	46,82	0,52	0,38	0,03	45,22	43,30	44,57
654	3,78	6,14	9,16	2,00	0,81	1,10	3,15	1,31	2,30
655	51,89	44,46	29,49	0,00	10,24	0,00	51,25	43,61	29,11
657	27,79	13,60	37,43	34,86	11,29	0,24	27,90	13,99	36,73
658	6,74	8,13	7,50	0,00	1,79	17,21	7,01	8,25	7,73
661	1,14	0,06	0,31	0,00	0,00	2,07	0,46	0,06	2,22
673	0,01	0,00	1,32	0,56	0,00	3,07	0,09	0,00	2,55
684	8,05	7,83	1,56	0,08	0,00	0,00	69,66	72,91	55,88
713	52,29	30,22	18,94	1,89	1,58	1,28	6,58	5,12	4,76
724	21,33	20,16	11,95	2,72	4,66	4,03	21,01	19,61	11,52
728	26,95	20,08	13,27	21,45	14,88	19,45	31,32	25,46	16,38
762	2,20	6,13	5,43	0,00	0,00	0,00	2,20	6,13	5,43
772	60,03	63,10	90,14	0,21	13,02	19,09	58,16	62,04	89,91
773	3,67	6,30	5,64	2,54	29,48	74,07	7,90	6,90	10,83
776	8,52	31,26	34,89	17,40	2,84	0,93	8,58	31,20	34,54
781	0,00	58,45	95,87	51,79	69,88	93,01	57,86	72,33	94,44
782	0,54	0,00	1,99	91,60	86,44	79,66	82,67	81,40	76,33
784	80,08	80,35	79,21	8,78	9,35	17,00	19,88	94,47	93,06
793	0,00	0,00	0,02	92,35	90,21	66,54	40,56	93,25	8,15
821	75,97	74,21	71,34	47,69	24,57	17,59	75,84	72,86	66,98
841	31,49	23,70	20,86	72,25	21,45	14,57	31,89	25,26	19,69
842	61,96	61,11	69,58	60,12	16,29	7,91	65,51	47,32	69,26
843	27,31	26,69	24,78	53,04	7,87	12,88	27,10	26,02	24,72
844	36,30	33,11	23,56	66,01	65,11	60,67	37,62	40,77	28,76
845	14,35	13,83	15,96	86,00	59,32	65,56	15,80	15,36	17,41
846	28,60	34,70	39,32	66,79	71,61	68,16	32,65	36,55	41,94
851	12,13	11,99	12,56	12,39	25,64	16,36	12,16	13,21	12,54
971	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	**22,79**	**24,54**	**26,34**	**28,09**	**36,09**	**38,59**	**26,98**	**34,96**	**36,52**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

III.2.2. Os comercios intra e inter industriais nun sentido estricto

Neste epígrafe imos considerar (como A. Aquino, por exemplo) que un producto é unha NC oito díxitos fronte a un país concreto da Unión Europea (excepto España e Portugal). A aplicación deste criterio significa que unha mesma NC oito se se comercia con países diferentes dá como resultado productos distintos entre si, polo simple feito de non coincidir o país de orixe co de destino.

Como resulta da súa propia natureza, o comercio intraindustrial calculado con esta definición de producto será menor có resultado obtido anteriormente, onde un producto é soamente unha NC oito. O cadro Nº.III.2.7 recolle a porcentaxe do comercio total (importacións máis exportacións) que significan os productos (NC oito e país) que cumpren a condición **A** enunciada anteriormente, isto é, a porcentaxe do comercio total que podemos considerar intraindustrial. Como podemos ver, coa aplicación deste criterio máis restrictivo, a porcentaxe do comercio intraindustrial diminúe arredor duns dez puntos respecto ós resultados obtidos máis arriba co criterio amplo.

Cadro III.2.7 - DESCOMPOSICIÓN DO COMERCIO INTRAINDUSTRIAL: MÉTODO AQUINO

	RNP			GALICIA			EURORREXIÓN		
País	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
Francia	3,66	3,62	3,98	14,03	17,51	23,98	7,00	8,92	11,53
Bel-Lux	0,40	0,51	0,71	0,11	0,07	0,10	0,54	0,59	0,64
Holanda	0,44	0,54	0,89	0,25	0,13	0,14	0,58	0,42	0,76
Alemaña	5,60	5,95	6,56	1,11	1,72	1,67	4,53	5,11	5,42
Italia	2,08	2,25	2,20	1,52	1,30	2,08	2,00	2,08	2,37
Reino Unido	1,14	1,43	1,83	1,38	0,99	0,86	1,40	1,55	1,62
Irlanda	0,02	0,02	0,01	0,29	0,02	0,00	0,10	0,02	0,01
Dimarca	0,21	0,16	0,14	0,07	0,05	0,02	0,18	0,13	0,11
Grecia	0,01	0,01	0,01	0,01	0,01	0,00	0,01	0,01	0,01
Suecia	0,13	0,10	0,14	0,01	0,01	0,04	0,12	0,07	0,11
Finlandia	0,03	0,05	0,03	0,00	0,00	0,00	0,02	0,04	0,02
Austria	0,30	0,39	0,25	0,02	0,01	0,02	0,22	0,27	0,19
Total	**14,02**	**15,03**	**16,76**	**18,81**	**21,82**	**28,92**	**16,70**	**19,22**	**22,79**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

O cadro anterior recolle tamén a descomposición do comercio intraindustrial por países. No que respecta á Eurorrexión é de sinalar o feito de que practicamente a metade do comercio intraindustrial se xera con Francia, porcentaxe que supera o 80% do comercio intraindustrial de Galicia e que adquire valores discretos para a Rexión do Norte. O segundo país en importancia é Alemaña. Este país achega un cuarto do comercio intraindustrial da Eurorrexión, unha porcentaxe reducida do comercio intraindustrial de Galicia e algo máis dun tercio do comercio intraindustrial da Rexión do Norte. Italia e o Reino Unido teñen xa unha presencia moito máis discreta e, para o resto dos países, a contribución ó comercio intraindustrial da Eurorrexión é case desprezable. En definitiva, o principal socio intraindustrial da Eurorrexión é Francia (a causa de Galicia) e o segundo é Alemaña (a causa da Rexión do Norte). O resto dos países teñen contribucións máis reducidas (Italia ou Reino Unido), ou practicamente desprezables (o resto dos países).

O cadro Nº.III.2.8 recolle, país por país, o peso do comercio intraindustrial en porcentaxe do comercio total da Eurorrexión con ese país. O contido do cadro indícanos que un tercio do comercio da Eurorrexión con Francia é de carácter intraindustrial, ou case un cuarto do comercio da Eurorrexión con Alemaña ou Italia é tamén de carácter intraindustrial. Ademais, este cadro ofrécenos algúns resultados elocuentes: no comercio entre Galicia e Francia o compoñente intraindustrial desenvólvese velozmente ata case alcanzar a metade do comercio (máis do 45% en 1997). Sen embargo, a Rexión do Norte ofrece resultados máis avultados no comercio con Alemaña e con Italia.

Cadro III.2.8 - PARTICIPACIÓN DO INTRAINDUSTRIAL NO COMERCIO TOTAL POR PAÍSES

	RNP			GALICIA			EURORREXIÓN		
País	**1995**	**1996**	**1997**	**1995**	**1996**	**1997**	**1995**	**1996**	**1997**
Francia	18,79	17,84	19,30	28,14	31,31	45,21	24,84	28,11	37,26
Bel-Lux	7,29	9,23	12,26	2,59	1,89	2,24	10,58	11,76	11,79
Holanda	6,10	7,42	11,40	6,39	3,52	4,15	9,24	7,00	11,90
Alemaña	16,66	18,98	22,47	11,29	18,31	16,70	16,90	21,05	23,46
Italia	21,04	21,00	20,28	13,50	12,16	18,47	19,43	19,40	21,59
Reino Unido	8,01	9,69	11,02	9,85	9,23	6,66	9,87	11,49	10,50
Irlanda	3,72	3,14	1,40	31,57	3,56	0,04	14,09	3,35	1,41
Dimarca	6,85	5,35	5,40	5,06	3,44	4,35	6,77	5,23	5,51
Grecia	2,36	1,04	2,85	0,85	0,73	0,15	1,71	0,99	1,64
Suecia	4,10	3,12	4,63	0,68	0,56	4,18	4,47	2,85	4,74
Finlandia	2,60	5,00	3,57	0,00	0,00	0,00	2,38	4,49	3,01
Austria	19,94	24,17	17,24	2,08	1,19	3,72	16,11	19,79	15,25
Total	**14,02**	**15,03**	**16,76**	**18,81**	**21,82**	**28,92**	**16,70**	**19,22**	**22,79**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

En termos xerais, o comercio intraindustrial da Eurorrexión é importante con Francia, con Alemaña e con Italia, e por esta orde: entre estes tres países aglutinan a práctica totalidade do comercio intraindustrial. O resto dos países teñen contribucións moi reducidas e o seu comercio coa Eurorrexión está pouco penetrado polo compoñente intraindustrial [83].

O cadro Nº.III.2.9 recolle a caracterización do comercio da Eurorrexión cos países anteriores, para o último exercicio dispoñible (1997). Os resultados nos confirman os obtidos anteriormente: o comercio intraindustrial afecta a segmentos minoritarios do comercio total (ou, o que vén ser o mesmo, o comercio interindustrial é o maioritario) e, dentro do comercio intraindustrial, o compoñente de gama baixa destaca con nitidez sobre os das demais gamas de calidades. Dito doutra maneira, o comercio da Eurorrexión con estes países é basicamente comercio de gama baixa.

Cadro III.2.9 - DESCOMPOSICIÓN DO COMERCIO TOTAL: IMPORTACIÓNS MÁIS EXPORTACIÓNS, 1997

	Comercio intraindustrial				Comercio interindustrial			Total
País	Baixa	Media	Alta	Intra	Import	Export	Inter	
Francia	25,57	7,12	4,57	**37,26**	32,71	30,03	**62,74**	**100,00**
Alemaña	12,90	3,05	7,51	**23,46**	29,87	46,67	**76,54**	**100,00**
Italia	13,72	3,22	4,65	**21,59**	52,00	26,41	**78,41**	**100,00**
Reino Unido	5,74	2,93	1,83	**10,50**	31,63	57,87	**89,50**	**100,00**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

[83] Son moi diversas as razóns que nos explican a existencia do comercio intraindustrial, tanto tomado en sentido amplo coma en sentido estricto, aínda que en sentido estricto son máis fáciles de explorar a través de modelos econométricos: variables como a distancia económica, a importancia das economías de escala, a diferente dotación de factores, diferencias tecnolóxicas, os movementos de capital, o investimento do e no estranxeiro, etc. son elementos importantes. Vexase, por exemplo, Tharakan, P. e Calfat, G.; <Empirical analyses of international trade flows> en Greenaway, D. (Ed.); **Current Issues in international trade**. Ed. MacMillan Press. Londres, 1996. Páxs.59 e ss. Nós queremos destacar algúns extremos. Aínda que só dispoñemos de datos para Galicia, debemos sinalar que o investimento estranxeiro en Galicia e o de Galicia no estranxeiro é moi reducido, tanto en termos absolutos (sobre o PIB por exemplo) coma en termos relativos: estes fluxos só alcanzan o 1% dos correspondentes españois nalgún exercicio e de forma puntual. Por outro lado, e aínda así, o papel da UE nestes fluxos é importante e, dentro da Unión, o papel de Francia é fundamental. Este país é o primeiro investidor estranxeiro en Galicia e, no seu desglose sectorial, o sector da automoción e material de transporte é básico. Sen dúbida, a multinacional da automoción de matriz francesa establecida en Vigo está explicándonos un segmento importante desta situación.

III.3. AS ESPECIALIZACIÓNS RELATIVAS

Nos epígrafes anteriores vimos, para cada grupo CUCI, a especialización dos territorios da Eurorrexión respecto ós seus marcos de encadre, léase, Galicia fronte a España, a Rexión do Norte fronte a Portugal e a Eurorrexión fronte ó que denominaramos Iberia. Fixemos isto respecto do volume de comercio (importacións e exportacións), tratando de investigar cál era o perfil de especialización comercial de cada un deses espacios.

Neste epígrafe o obxectivo é semellante pero non é o mesmo. Aquí trataremos de contestar a seguinte pregunta ¿os productos que exporta a Eurorrexión son da mesma gama de calidade que os productos que exporta Iberia? Formulada a pregunta doutra forma ¿os prezos de exportación da Eurorrexión son os mesmos que os de Iberia ou, polo contrario, cando nos dous espacios se exporta o mesmo producto, nun o prezo de exportación é superior ó outro e, por conseguinte, as calidades tamén?

O camiño para contestar a estas preguntas non é outro que o de comparar, por exemplo, para as exportacións, producto por producto (léase para cada NC oito díxitos), os prezos de exportación de Galicia respecto ós prezos de España, da Rexión do Norte fronte ós de Portugal e os da Eurorrexión fronte a Iberia. Esta metodoloxía, claramente inspirada é congruente coa utilizada máis arriba, considera que as calidades dun producto son as mesmas nos dous espacios cando entre os prezos de exportación por producto dun e doutro existe unha diverxencia de máis/menos un 15%. Cando a diverxencia é maior, as calidades exportadas de cada producto son diferentes, tal e como se recolle no cadro Nº.III.3.1. Como nas aplicacións anteriores desta metodoloxía, os valores unitarios de cada producto son unha proxi dos seus prezos [84] e estes unha proxi das súas calidades.

Os resultados desta metodoloxía recóllense no cadro Nº.III.3.2, resultados que debemos analizar con precaución, entre outras razóns, debido a que o comercio de Galicia é unha porcentaxe moi reducida do español, mentres que o comercio da Rexión do Norte é fundamental no comercio intracomunitario portugués. Isto é o que explica que, por exemplo, a presencia das gamas medias é máis relevante na Rexión do Norte que en Galicia. Para a Eurorrexión, e polo lado das exportacións, as gamas medias son fundamentais, afectando a cerca do 80% das exportacións. Noutras palabras, os prezos ibéricos coinciden cos da Eurorrexión para o 80% das exportacións desta última rexión. O 20% restante repártese de modo equiparable entre as gamas baixas e as altas, sen que unha predomine claramente sobre a outra. O que si debemos sinalar é que, durante o período, se observa un peso cada vez máis reducido das gamas medias, de tal modo que poderiamos estar en presencia dun proceso de especialización territorial por gamas. Este aspecto da cuestión queda máis claro nos resultados de Galicia fronte a España. O comercio

[84] Podería pensarse que, metodoloxicamente, sería máis correcto tratar de establecer algún mecanismo máis complexo para a determinación dos valores unitarios de tal modo que, o valor unitario do producto i, non fora simplemente o cociente entre os seus valores e os seus pesos (de importación ou de exportación). Un mecanismo deste tipo podería incorporar o uso de medias recortadas eliminando posibles valores extremos, utilizar as unidades como cociente nos productos que correspondan, etc. Unha metodoloxía deste tipo é moi usual na determinación dos índices de valor unitario das importacións e exportacións pero non en análises como a que estamos realizando neste momento. Véxase Cancelo, R. e Sequeiros J.; **Metodología e Indices de Valor Unitario del comercio exterior de Galicia, 1988 a 1998**. Informe para o Instituto Galego de Estatística. Mimeo. Santiago, 1999.

Cadro III.3.1

1)

$$\frac{\dfrac{\text{Valor } X_{IR}}{\text{Producción } X_{IR}}}{\dfrac{\text{Valor } X_{IE}}{\text{Producción } X_{IE}}} = \frac{PX_{IR}}{PX_{IE}} > 1{,}15 \qquad \rightarrow \text{Alta}$$

2)

$$0{,}85 \leq \frac{PX_{IR}}{PX_{IE}} \leq 1{,}15 \qquad \rightarrow \text{Média}$$

3)

$$\frac{PX_{IR}}{PX_{IE}} < 0{,}85 \qquad \rightarrow \text{Baixa}$$

4)

R = Rexión
E = Estructura

Cadro III.3.2 - COMPARACIÓN DOS PREZOS DE IMPORTACIÓN E EXPORTACIÓN POR ESPACIOS

	Comparación das Exportacións								
	Galicia / España			RNP / Portugal			Eurorrex / Iberia		
	Baixa	Media	Alta	Baixa	Media	Alta	Baixa	Media	Alta
1995	16,86	80,31	2,83	1,71	95,08	3,21	9,23	82,32	8,45
1996	19,80	72,38	7,82	3,77	92,47	3,77	10,08	81,91	8,01
1997	26,53	62,03	11,44	1,94	95,26	2,80	11,43	76,39	12,19

	Comparación das Importacións								
	Galicia / España			RNP / Portugal			Eurorrex / Iberia		
	Baixa	Media	Alta	Baixa	Media	Alta	Baixa	Media	Alta
1995	12,09	71,36	16,55	9,34	77,10	13,56	12,36	52,55	35,09
1996	17,39	62,76	19,85	9,86	72,71	17,43	22,76	51,96	25,28
1997	17,96	64,45	17,59	9,73	75,83	14,44	21,26	53,74	25,00

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

de Galicia fronte a España é, basicamente, de gama media, pero o peso desta diminúe a favor da gama baixa. Noutros termos, aquí poderiamos estar en presencia dunha especialización progresiva de Galicia fronte a España nas gamas de tipo baixo [85]. Dito noutros termos, unha especialización do tipo Norte Sur dentro de Iberia, na cal a Eurorrexión tería comportamentos comerciais de carácter periférico. De todos modos debemos esperar un tempo para poder confirmar comportamentos deste tipo, xa que o período estudiado é en exceso breve.

Polo lado das importacións, as gamas de tipo medio (léase prezos equivalentes) seguen sendo as predominantes e, en segundo lugar, predominan tamén as importacións de gama alta, aínda que este predominio tende a diminuír no tempo, polo menos aparentemente.

III.4. O CONTIDO TECNOLÓXICO NO COMERCIO EXTERIOR

As cuestións de tipo tecnolóxico teñen unha importancia fundamental na análise do comercio exterior. En efecto, do mesmo modo que a apertura ó exterior, a dotación de factores, ou a composición interna do fluxo comercial, representan vantaxes comparativas de tipo estático, o contido tecnolóxico representa vantaxes de tipo dinámico, na mesma medida na cal o progreso técnico é de carácter acumulativo. Ademais disto, e como sinalan os modelos de crecemento endóxeno (Romer, Lucas, etc.), o desenvolvemento do sector I+D está directamente vinculado á evolución da taxa de crecemento a medio e longo prazo. Ademais, no que se refire á industria do I+D, a posición de partida é determinante no vis a vis fronte a outros países: a posición inicial non é indiferente e existe "premio" para o que primeiro se sitúa no sector.

A introducción do factor tecnolóxico nos estudios de comercio exterior é unha cuestión complicada. As clasificacións de qué sectores son tecnoloxicamente avanzados e cáles non, son unhas clasificacións moi agregadas, englobando un conxunto de actividades moi amplo, actividades do tipo, por exemplo, Material de Oficina, Farmacia ou Aeronáutica. Obviamente, aínda no caso de que un sector no seu conxunto sexa tecnoloxicamente avanzado, non teñen porque selo todos os seus productos.

[85] Como xa vimos máis arriba, no comercio de Galicia existen unha serie de productos cuns prezos medios que presentan unhas oscilacións importantes e, ademais, ofrecen porcentaxes moi destacadas no comercio rexional. Estes productos (os que figuran a continuación) están oscilando entre a gama baixa e a media e, dun ano para outro, introducen discontinuidades importantes na serie. Na medida das nosas posibilidades, e no caso de Galicia, tratamos de solucionar estas discontinuidades.
87033219 Turismos motor diésel entre 1.500 e 2.500 cm3
87042191 Furgonetas diésel inferior a 2.500 cm3 e para menos de 5 Ton.
87089910 As demais partes e pezas para montaxe de automotores.

Nun recente traballo publicado polo CEPII, recóllense as principais clasificacións de sectores con alto contido tecnolóxico, agrúpanse todas elas e establécese unha correspondencia coas NC a seis díxitos, de tal modo que as NC a oito díxitos, que están contidas naquelas, son productos, todos eles, con alto contido tecnolóxico [86]. En definitiva, o traballo do CEPII permítenos saber se un determinado producto (NC oito) ten, ou non ten, un contido tecnolóxico elevado, isto é, se é un producto *Hig Tech* ou non [87].

Chegados a este punto, énos xa fácil investigar o contido en tecnoloxía do comercio exterior da Eurorrexión, de Galicia e da Rexión do Norte. En efecto, no cadro Nº.III.4.1 recollemos as importacións, as exportacións e o comercio total deste tipo de productos en millóns de Ecus. Como podemos comprobar, son cantidades moi pequenas (as exportacións non alcanzan os 100 millóns na Rexión do Norte e, nin as importacións nin as exportacións, os 50 millóns en Galicia) excepto as importacións de productos tecnolóxicos na Rexión do Norte que presentan un volume maior, aínda que reducido [88].

Cadro III.4.1 - COMERCIO DE PRODUCTOS TECNOLÓXICOS: MILLÓNS DE ECUS

	Rexión do Norte			Galicia			Eurorrexión		
	Import	Export	Total	Import	Export	Total	Import	Export	Total
1995	307,89	315,72	623,61	25,73	11,51	37,24	333,62	327,23	660,85
1996	196,56	82,03	278,59	51,23	17,39	68,62	247,79	99,42	347,21
1997	206,22	88,48	294,70	38,68	30,35	69,03	244,90	118,83	363,73

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

[86] Véxase Fontagné, L., Freudenberg, M. e Ünal-Kesenci, D.; <Haute technologie et échelles de qualité: de fortes asymétries en Europe.> **Document de travail du Cepii**, Nº.99-08. París, 1999. Particularmente o Anexo Nº.1 (Nomenclatura dos productos de alta tecnoloxía). Páxs.51 e ss. Aquí figura o listado de 279 Taric 6 díxitos que se desdobran en 840 Taric a 8 díxitos, todos eles productos Hig Tech. Para coñecer o contido da NC a oito díxitos consúltese: DGA; **Nomenclatura Combinada, 1996. Intrastat.** Ed. Departamento de Aduanas e Impostos Especiais. Agencia Tributaria. Madrid,1996.

[87] Como é lóxico, os productos con contido en alta tecnoloxía non se reparten homoxeneamente polo conxunto da balanza comercial. O cadro que segue resume as principais características da clasificación para a agregación a nivel de CUCI dous díxitos.

Div	Contido	Alta tecnoloxía	Total	%
52	Productos químicos Inorgánicos	61	333	18,32
53	Materias tintóreas e de curtido	11	77	14,29
54	Medicina e farmacia	60	134	44,78
57	Plásticos en formas primarias	3	133	2,26
59	Materias e productos químicos	31	219	14,16
71	Máquinas e equipos de forza	28	233	12,02
72	Máquinas especiais para ind.	1	382	0,26
73	Máquinas para metais	67	202	33,17
75	Ofimática e informática	40	119	33,61
76	Telecomunicación e son	91	276	32,97
77	Aparatos eléctricos	199	756	26,32
79	Outros equipos de transporte	15	126	11,90
87	Instrumentos de precisión	165	259	63,71
88	Aparatos e equipos fotográficos	14	250	5,60
89	Outras manufacturas	54	465	11,61
Outros	Resto capítulos CUCI	0	9.600	0,00
Total		840	13.564	6,19

[88] Na evolución do comercio dos bens tecnolóxicos debemos ter en conta que, para a Rexión do Norte e en 1995, os productos do desdobramento da posición 854211 (Circuítos integrados e microestructuras electrónicas) representaban unhas importacións de 27,28 millóns de Ecus (o 0,63% das importacións totais); unhas exportacións de 237,33 millóns (o 3,74% das exportacións totais) e o 2,47% do comercio total (é dicir, importacións máis exportacións). Para 1996 e 1997 non se detecta ningún comercio destes productos e, debido a isto, o comercio total diminúe nestes últimos dous anos.

O cadro Nº.III.4.2 mostra a porcentaxe que representa o comercio de productos tecnolóxicos sobre o comercio total de cada rexión. En Galicia, as importacións tecnolóxicas non alcanzan o 2% das importacións galegas e as exportacións alcanzan, ocasionalmente, o 1% das exportacións totais en 1997. Na Rexión do Norte, a situación é a mesma, aínda que non tan acusada. En efecto, as exportacións tecnolóxicas da Rexión do Norte superan lixeiramente o 1% das súas exportacións e as importacións non alcanzan o 5% das importacións totais. Por conseguinte, a Eurorrexión presenta un contido tecnolóxico no seu comercio exterior moi reducido. Por parte das exportacións, soamente algo máis do 1% é exportación tecnolóxica e, por parte das importacións, esta porcentaxe non alcanza o 3,5%.

Cadro III.4.2 - COMERCIO DE PRODUCTOS TECNOLÓXICOS: Porcentaxe sobre os respectivos totais

	Rexión do Norte			Galicia			Eurorrexión		
	Import	Export	Total	Import	Export	Total	Import	Export	Total
1995	7,07	4,98	5,83	1,24	0,52	0,87	5,19	3,83	4,41
1996	4,33	1,27	2,53	1,92	0,68	1,32	3,44	1,10	2,14
1997	4,05	1,22	2,39	1,29	1,11	1,20	3,03	1,19	2,01

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

As porcentaxes anteriores son moi reducidas se as comparamos coas obtidas para os países europeos, tanto país a país, coma respecto á media UE (a 15) [89]. Por termo medio, o 9%, tanto das importacións coma das exportacións comunitarias, é comercio tecnolóxico.

Por países e para as importacións, por exemplo, os productos tecnolóxicos alcanzan unha porcentaxe máxima en Irlanda (15,3% das importacións irlandesas en 1996) e a porcentaxe mínima obtense no Benelux (5,4%). En España e Portugal estas porcentaxes son do 7,9% e do 5,6% das importacións, ocupando os postos 11 e 13 do ránking, respectivamente. Polo lado das exportacións, o primeiro país europeo é Francia, onde o 14,9% das súas exportacións (1996) son tecnolóxicas, e o último é Portugal, onde as exportacións tecnolóxicas só alcanzan ó 2,2%. Por encima de Portugal e Grecia está España (posto 12 no ránking), onde as exportacións tecnolóxicas só alcanzan ó 4,7%.

Con esta información na man, os resultados obtidos para a Eurorrexión (e para a Rexión do Norte e Galicia) son elocuentes: o comercio tecnolóxico destas rexións non alcanza o dos países comunitarios, saíndo fóra das clasificacións anteriores.

[89] Véxase Fontagné, L., Freudenberg, M. e Ünal-Kesenci, D.; <Haute technologie et échelles de qualité: de fortes asymétries en Europe.> **Document de travail du Cepii**, Nº.99-08. París, 1999. Páx. 39 e ss.

Outra cuestión distinta, pero relacionada directamente co contido tecnolóxico do comercio exterior, é preguntarse ó respecto do carácter que ten o comercio de productos de alta tecnoloxía realmente existente. É dicir, ¿este tipo de comercio é de carácter intra ou interindustrial? E unha segunda pregunta, ¿o comercio interindustrial é de natureza importadora ou exportadora?. Para responder estas preguntas elaboramos o cadro Nº. III.4.3., no que figura a descomposición do comercio total en comercio intraindustrial e interindustrial cos seus dous compoñentes (o importador e o exportador) [90]. Os resultados son ben elocuentes. O comercio intraindustrial de productos tecnolóxicos supera ocasionalmente un 0,5% do comercio total na Rexión do Norte e na Eurorrexión, presentando Galicia porcentaxes case insignificantes. A segunda característica salientable consiste en que o comercio interindustrial de compoñente importador predomina sobre o de compoñente exportador, en todos os espacios considerados.

Cadro III.4.3 - COMERCIO DE PRODUCTOS TECNOLÓXICOS: Descomposición da porcentaxe de X + M

	Rexión do Norte				Galicia				Eurorrexión			
	Intra	Imp.	Exp.	Total	Intra	Imp.	Exp.	Total	Intra	Imp.	Exp.	Total
1995	0,69	2,49	2,65	5,83	0,09	0,56	0,22	0,87	0,55	1,91	1,95	4,41
1996	0,39	1,61	0,53	2,53	0,07	0,94	0,31	1,32	0,28	1,41	0,46	2,15
1997	0,51	1,45	0,44	2,40	0,15	0,63	0,42	1,20	0,43	1,15	0,43	2,01

Fonte:Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

En definitiva, a Eurorrexión (e os seus espacios) presentan un comercio intraindustrial reducido e no que predomina a especialización nas gamas baixas. Ó mesmo tempo, a Eurorrexión presenta un comercio exterior no cal o compoñente tecnolóxico é mínimo, situación que se corresponde ben co esquema Norte Sur intraeuropeo, no sentido de que o Norte innova e o Sur imita. Neste sentido e "desde o punto de vista das novas teorías do crecemento e do comercio internacional, a configuración máis desfavorable na especialización dun país, e con efectos permanentes sobre o seu crecemento, é a combinación das gamas baixas e da non-tecnoloxía" [91].

[90] A descomposición por gamas de calidades do comercio intraindustrial aforrámola tendo en conta a porcentaxe tan reducida que presenta este tipo de comercio e, polo tanto, as porcentaxes tan reducidas que significarían cada unha das tres gamas por separado.
[91] Tomado de Fontagné, L., Freudenberg, M. e Ünal-Kesenci, D.; <Haute technologie et échelles de qualité: de fortes asymétries en Europe.> **Document de travail du CEPIII**, Nº.99-08. París, 1999. Páx.41.

IV. OUTROS ASPECTOS BÁSICOS DO COMERCIO EXTERIOR DA EURORREXIÓN

Unha das cuestións clave nos estudios aplicados de comercio internacional reside na elección do grao de agregación ó cal se vai efectuar a análise. Dando por feito que o nivel de agregación dos datos de base é os oito díxitos significativos da Nomenclatura Combinada debemos ter en conta que, a este nivel, a análise descritiva non se pode realizar: con algo máis de 15.000 posicións diferentes posibles fronte a cada país, é obvio que a agregación é imprescindible.

No seu momento, decidimos agregar os diferentes productos (posicións arancelarias a oito díxitos) nas súas respectivas partidas CUCI e, a este nivel (CUCI Revisión tres, a tres díxitos) realizar a análise descritiva que integra o Capítulo II desta investigación. Sen embargo, neste capítulo o que nos interesa é coñecer algo ó respecto da apertura ó exterior das distintas producción da Eurorrexión (o que realizaremos na primeira parte) e, nunha segunda parte, ocuparnos de coñecer cómo o comercio exterior da Eurorrexión se reparte entre os bens de capital, os de consumo ou os productos intermedios. Neste sentido, debemos sinalarlle ó lector que imos utilizar dúas agregacións diferentes. Na primeira parte agregaremos o comercio exterior segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas de 1993 (en diante CNAE93) [92] e, na segunda, agregaremos o comercio nos denominados Grupos de Utilización.

IV.1. A APERTURA Ó EXTERIOR DA EURORREXIÓN

En primeiro lugar, e como xa vimos, os datos de producción están dispoñibles (para Galicia e para a Rexión do Norte) a través da Contabilidade Rexional, tanto de España coma de Portugal, para o período 1990 a 1995. Esta información agrega a producción rexional en 17 sectores, dos cales soamente 11 se refiren ós bens comerciables (principalmente agricultura e industria). Polo tanto, cómpre agregar os datos de comercio exterior ó nivel RR17, de tal modo que a única posibilidade é facelo a través da utilización intermedia da CNAE93. Noutras palabras, a través dos conversores pertinentes [93], pasamos da NC a oito díxitos á CNAE93 a catro díxitos e, de aquí, á RR17, o noso obxectivo final.

Unha segunda reflexión: a apertura ó exterior dun espacio económico adóitase calcular habitualmente como o cociente entre as importacións máis exportacións e o producto total, léase o PIB ou magnitude semellante. Este método adoece dalgunhas deficiencias que resultan moi visibles a niveis rexionais. A principal consiste en que esta modalidade de cálculo inclúe cosas distintas no numerador e no denominador. En efecto, as importacións e as exportacións están referidas ó volume de vendas, isto é, inclúen o valor engadido e os insumos intermedios, mentres que o denominador inclúe soamente o valor engadido. É máis, o denominador inclúe o valor engadido dos sectores comerciables e dos non comerciables, aspecto que pode distorsionar

[92] Para unha análise en detalle desta clasificación e para o coñecemento do contido de cada un dos catro díxitos consúltese INE; Clasificación Nacional de Actividades Económicas 1993 (CNAE 93). Ed. Instituto Nacional de Estadística. Madrid, 1993.

[93] Agradecemos as facilidades que tivemos, tanto na Dirección General de Aduanas (Madrid) coma no Instituto Galego de Estatística (Santiago).

completamente o resultado. En síntese, e na nosa opinión, os indicadores máis adecuados sobre a apertura ó exterior serían aqueles que incluíran no numerador o volume dos tráficos comerciais e no denominador o Valor Total da Producción Comerciable (tamén denominado Producción Efectiva), é dicir, o Valor Engadido Bruto máis os insumos intermedios, tanto da agricultura coma da industria.

Lamentablemente os datos dos que dispoñemos non nos permiten realizar a análise anterior para o conxunto do período. Dispoñemos unicamente de tres exercicios (1995 a 1997) con datos comerciais desagregados e a información da producción a RR17, tanto ó nivel de VEB p.m. coma de Producción Efectiva, soamente para 1993 a 1995. De todos modos, imos tratar de avanzar algo neste terreo. Para isto, analizaremos, aínda que só sexa a modo dunha síntese rápida e como resumo, a distribución do comercio da Eurorrexión a nivel de agregación CNAE93 a catro díxitos, máis adiante analizaremos o comercio exterior da Eurorrexión por sectores de actividade RR17 e, por último, finalizaremos o capítulo cunha reflexión, necesariamente xenérica, sobre a apertura económica e o comercio exterior da Eurorrexión.

Por último queremos subliñar o feito de que todo a análise que segue se realiza sobre o comercio da Eurorrexión coa Unión Europea, sen ter en conta nin o comercio da Rexión do Norte con España nin o comercio de Galicia con Portugal. Noutros termos, e en continuidade cos capítulos anteriores, consideramos o comercio da Eurorrexión coa Unión Europea sen España nin Portugal. Nesta liña, pasaremos moi rapidamente pola composición do comercio en termos CNAE93, para deternos despois na análise a RR17 e a apertura ó exterior.

IV.1.1. O comercio exterior en termos da CNAE93

O fluxo importador da Eurorrexión, en termos da CNAE93, figura recollido no cadro Nº.IV.1.1 no que, como xa nos resulta coñecido, se detecta unha concentración moi forte no sector da Automoción (Cnae 3410 e 3430). Entre estes dous sectores absorben entre o 20% e o 25% do total de importacións da Eurorrexión. O mesmo cadro nos mostra como este fluxo importador está centrado principalmente en Galicia, sendo as contribucións da Rexión do Norte bastante inferiores. Cun nivel de importancia sensiblemente menor, encontramos as importacións de productos téxtiles (Cnae 1720, cun 5% das importacións, principalmente desde a Rexión do Norte); as importacións de crus e productos petrolíferos (Cnae 1110 e 2320, cun 3% e un 2% do total); as importacións dos productos CECA (2710, con outro 3%); e xa contribucións máis reducidas, concentradas no sector do coiro (Cnae 1910, con case un 2,5% e a 1754 cun 1,5%) e no sector da confección (Cnae 1822 con case un 1% das importacións), todos estos sectores con importancia destacada na Rexión do Norte.

Cadro IV.1.1- COMPOSICIÓN DAS IMPORTACIÓNS POR SECTORES CNAE

	Rexión do Norte			Galicia			Eurorrexión		
CNAE93	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
0111	2,09	1,90	1,90	0,59	0,47	0,54	2,68	2,37	2,44
0501	0,00	0,00	0,00	1,19	1,24	1,16	1,19	1,24	1,16
1110	0,00	0,71	1,19	1,87	1,61	2,07	1,87	2,32	3,26
1511	1,24	0,64	0,64	0,05	0,06	0,02	1,29	0,70	0,66
1520	0,25	0,30	0,22	1,07	1,01	0,94	1,32	1,31	1,16
1710	2,17	2,47	2,46	0,14	0,14	0,10	2,31	2,61	2,56
1720	5,64	5,00	4,71	0,17	0,23	0,16	5,81	5,22	4,87
1754	1,58	1,40	1,34	0,03	0,05	0,05	1,61	1,45	1,39
1760	0,83	0,83	0,98	0,03	0,03	0,05	0,87	0,86	1,03
1822	0,89	0,75	0,77	0,16	0,09	0,06	1,05	0,84	0,83
1910	2,58	2,34	2,22	0,02	0,01	0,02	2,60	2,36	2,24
1930	1,11	1,03	1,02	0,02	0,02	0,01	1,12	1,05	1,04
2112	0,77	0,80	0,74	0,32	0,25	0,22	1,09	1,06	0,97
2320	1,51	1,50	1,72	0,45	0,71	0,68	1,96	2,21	2,40
2412	1,26	1,10	0,98	0,01	0,02	0,02	1,27	1,12	0,99
2416	2,19	1,84	1,83	0,30	0,37	0,40	2,49	2,21	2,23
2470	1,82	1,56	1,54	0,01	0,01	0,01	1,82	1,57	1,55
2524	0,78	0,78	0,93	0,17	0,10	0,10	0,95	0,89	1,03
2710	2,77	2,05	2,03	1,07	0,97	0,97	3,84	3,02	3,00
2741	1,26	1,04	0,62	0,00	0,00	0,00	1,26	1,04	0,62
2940	0,79	0,89	0,80	0,45	0,42	0,44	1,24	1,32	1,24
2954	1,66	1,81	1,92	0,07	0,06	0,09	1,73	1,86	2,01
2956	1,05	0,95	0,99	0,21	0,23	0,20	1,26	1,18	1,19
3120	1,22	1,18	1,13	0,16	0,13	0,10	1,39	1,32	1,23
3210	1,79	1,30	1,02	0,02	0,02	0,02	1,81	1,32	1,04
3320	0,68	0,55	0,54	0,40	0,34	0,24	1,08	0,90	0,78
3410	2,78	2,83	3,03	7,76	11,56	13,03	10,53	14,39	16,06
3430	1,04	1,11	1,05	8,35	8,82	7,64	9,39	9,93	8,69
Total	**67,69**	**62,97**	**62,85**	**32,31**	**37,03**	**37,15**	**100,00**	**100,00**	**100,00**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Polo lado das exportacións o resultado tamén nos é xa coñecido. O cadro Nº.IV.1.2 recolle a composición do fluxo exportador da Eurorrexión á Unión Europea, excepto España e Portugal. O fluxo exportador concéntrase no sector da Automoción (Cnae 3410), cun 15% das exportacións (principalmente desde Galicia), e no sector do Calzado (Cnae 1930), cun 14% das exportacións totais, esta vez centrado xa na Rexión do Norte. Esta última rexión é tamén importante nas exportacións dos sectores 1822 e 1823 (Confección de prendas de vestir exteriores e interiores), sectores que achegan, cada un, arredor do 7% das exportacións totais da Eurorrexión. O resto dos sectores, tal e como nos mostra o cadro anterior, teñen xa contribucións ó fluxo exportador máis reducidas, concentrándose nos sectores Téxtil, calzado, coiro e confección, Peixes, Viños, Pasta para papel, Pedras graníticas, material eléctrico, etc.

Cadro IV.1.2 - COMPOSICIÓN DAS EXPORTACIÓNS POR SECTORES CNAE

	Rexión do Norte			Galicia			Eurorrexión		
CNAE93	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
1520	0,32	0,25	0,24	2,31	2,82	3,24	2,62	3,08	3,48
1593	3,10	3,13	2,88	0,01	0,03	0,02	3,10	3,16	2,90
1720	2,00	2,14	2,06	0,00	0,00	0,00	2,00	2,14	2,06
1740	4,15	3,96	3,91	0,00	0,00	0,01	4,15	3,96	3,92
1771	1,15	1,18	1,22	0,00	0,00	0,00	1,15	1,19	1,22
1772	4,25	4,66	4,32	0,08	0,12	0,16	4,33	4,78	4,48
1822	6,52	6,32	5,85	0,52	0,73	0,73	7,04	7,04	6,58
1823	8,06	7,85	7,44	0,20	0,26	0,29	8,26	8,11	7,73
1824	2,47	2,59	2,17	0,05	0,08	0,08	2,53	2,66	2,25
1930	13,02	13,40	13,59	0,05	0,06	0,12	13,07	13,46	13,71
2052	2,74	2,73	2,85	0,00	0,00	0,00	2,74	2,73	2,85
2111	0,00	0,00	0,01	1,88	1,02	1,01	1,88	1,02	1,02
2414	1,32	0,65	0,63	0,13	0,18	0,18	1,45	0,83	0,81
2511	0,81	0,94	1,03	0,01	0,01	0,01	0,81	0,95	1,04
2670	0,41	0,34	0,29	2,05	1,91	1,75	2,46	2,25	2,04
2742	0,01	0,01	0,01	1,04	0,99	1,13	1,05	1,00	1,14
3130	2,38	2,78	3,12	0,00	0,00	0,03	2,38	2,79	3,15
3161	1,61	1,44	1,21	0,01	0,03	0,05	1,63	1,47	1,25
3210	3,32	0,54	1,05	0,00	0,00	0,00	3,32	0,54	1,05
3230	3,23	2,93	2,27	0,01	0,01	0,01	3,24	2,94	2,27
3410	0,15	0,24	2,22	11,81	13,99	12,09	11,96	14,23	14,31
3430	0,65	0,68	0,73	1,07	1,40	1,55	1,71	2,09	2,28
3511	0,44	0,50	1,02	0,21	0,13	0,05	0,65	0,63	1,07
Total	**74,26**	**71,75**	**72,56**	**25,74**	**28,25**	**27,44**	**100,00**	**100,00**	**100,00**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

O cadro Nº.IV.1.3 recolle os saldos comerciais para cada sector CNAE93 en porcentaxe do saldo comercial total e, ó mesmo tempo, recolle o carácter importador ou exportador (ou intraindustrial) que presenta o comercio dese sector. O sector máis excedentario é o Calzado (1930) ó que lle seguen algúns sectores da confección (1822 a 1824), do téxtil (1772 e 1740), da elaboración de viños (1593); dos elaborados de cortiza (2052); dos equipamentos eléctricos (3130); das conservas de peixe (1520); do sector das pedras (2670), etc., todos eles cuns saldos comerciais excedentarios e con contribucións ó superávit da Eurorrexión importantes. Na parte inferior do mesmo cadro figuran aquelas contribucións deficitarias. A máis importante é a do sector de partes e pezas do automóbil (4330), ó que lle seguen xa algunhas importacións de materias primas, como por exemplo, crus de petróleo, gas natural e refinado de petróleo(1110 e 2320); os cereais (0111), etc. Entre os sectores manufactureiros, destaca o saldo negativo dos

productos CECA, e das importacións de maquinaria téxtil (2954), maquinaria e ferramentas (2940), e maquinaria para construcción (2952). Revisten tamén importancia as importacións de intermedios téxtiles, coiros, plásticos, etc.

Cadro IV.1.3 - SALDOS COMERCIAIS E VANTAXES COMPARATIVAS PARA SECTORES CNAE

	Saldos Comerciais			Ivcra		
Cnae	1995	1996	1997	1995	1996	1997
1930	49,64	63,14	67,78	87,82	88,30	88,44
1823	30,85	37,42	37,92	85,04	85,56	87,15
1822	25,39	31,87	31,12	79,76	82,59	81,42
1772	16,12	22,39	21,63	84,66	87,97	84,67
1740	16,34	19,08	19,96	94,08	92,98	93,82
1593	12,20	15,49	15,01	93,77	96,09	96,57
2052	10,94	13,42	14,68	96,75	96,45	95,49
3130	7,59	11,43	14,32	64,46	69,56	75,99
1520	6,63	10,15	13,42	45,11	49,20	57,59
2670	9,92	11,22	10,67	98,78	99,07	98,32
1824	8,54	11,16	9,53	71,31	72,20	67,37
3230	10,18	11,15	9,21	63,06	61,01	62,61
3410	16,34	13,58	6,84	20,21	10,55	4,76
3161	6,26	6,79	5,65	90,05	85,83	74,68
1771	4,13	5,19	5,36	79,04	77,80	71,54
2111	7,61	5,06	5,29	99,82	99,24	97,66
3511	1,76	2,55	5,20	49,83	68,14	86,05
2511	2,01	3,05	3,74	43,73	47,03	51,89
2020	2,74	2,81	3,12	78,40	69,73	73,44
3320	-2,36	-3,08	-2,46	-55,51	-75,05	-58,99
3120	-2,90	-3,04	-2,54	-51,68	-40,35	-31,83
2741	-3,86	-4,14	-2,64	-99,55	-99,39	-99,91
2524	-1,59	-2,33	-2,83	-37,46	-48,93	-47,78
1754	-2,81	-3,43	-2,94	-39,69	-42,02	-32,96
3002	-1,53	-1,61	-3,04	-88,96	-87,87	-91,39
0501	-2,58	-3,19	-3,06	-54,51	-47,32	-44,80
2744	-2,13	-2,49	-3,07	-82,90	-85,37	-77,90
2952	-1,64	-2,58	-3,15	-85,71	-96,74	-94,88
2466	-2,74	-3,21	-3,38	-98,21	-98,78	-98,48
1760	-1,94	-2,80	-3,78	-57,58	-69,27	-74,94
2412	-3,89	-4,46	-4,22	-99,87	-99,85	-99,13
2940	-3,35	-4,81	-4,86	-78,57	-83,97	-84,67
2320	-2,79	-5,46	-5,59	-30,19	-44,67	-37,54
2470	-5,32	-5,85	-6,19	-90,93	-87,48	-87,60
1710	-4,14	-6,44	-6,62	-41,48	-44,57	-43,37
2954	-4,44	-6,29	-7,59	-72,41	-72,94	-79,36
2416	-6,53	-7,68	-8,05	-74,99	-77,04	-73,58
1910	-7,50	-8,85	-9,01	-89,19	-88,36	-89,56
1720	-9,65	-10,18	-9,90	-37,23	-32,21	-31,29
0111	-8,09	-9,39	-10,34	-97,29	-98,16	-98,43
2710	-11,22	-11,52	-12,14	-91,31	-91,09	-90,25
1110	-5,72	-9,29	-13,91	-100,00	-100,00	-100,00
3430	-21,79	-29,30	-25,08	-61,01	-58,42	-51,09

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

IV.1.2. O comercio exterior ó nivel RR17

Como vimos máis arriba, desde a clasificación CNAE93 pasamos á clasificación a RR17 de tal modo que, como resultado do algoritmo adecuado, agrupamos os fluxos comerciais a este nivel de agregación. O resultado figura nos Cadros Nº.IV.1.4 e IV.1.5. En efecto, e en consonancia co epígrafe anterior, as importacións aparecen concentradas en R28 (Material de transporte), sector que asume un cuarto das importacións totais, concentrado principalmente en Galicia. En segundo e en terceiro lugar encontramos a R24 e a R42, cada unha cun escaso 20% das importacións totais (Productos metálicos, máquinas e aparatos eléctricos e Productos téxtiles, calzado, coiro e confección). Entre estes tres sectores acollen a case o 60% das importacións totais da Eurorrexión.

Cadro IV.1.4 - COMPOSICIÓN DAS IMPORTACIÓNS POR SECTORES RR17

	Rexión do Norte			Galicia			Eurorrexión		
RR 17	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
R01	2,64	2,46	2,45	2,07	2,00	1,93	4,70	4,46	4,39
R06	1,52	2,21	2,91	2,44	2,41	2,86	3,95	4,62	5,77
R13	6,29	5,03	4,77	1,56	1,49	1,57	7,85	6,52	6,33
R15	0,97	0,86	0,97	0,20	0,22	0,22	1,17	1,08	1,19
R17	8,92	7,66	7,48	1,58	1,81	1,86	10,50	9,47	9,34
R24	16,48	15,70	15,76	3,34	3,89	3,65	19,82	19,60	19,41
R28	4,01	4,13	4,30	16,44	20,73	20,83	20,45	24,86	25,13
R36	3,16	2,47	2,12	1,67	1,60	1,41	4,84	4,07	3,53
R42	17,46	16,25	15,92	1,39	1,46	1,31	18,85	17,71	17,23
R47	1,24	1,27	1,20	0,57	0,53	0,49	1,81	1,80	1,69
R50	4,98	4,89	4,93	1,04	0,88	0,89	6,02	5,77	5,82
Serv	0,02	0,02	0,04	0,01	0,01	0,13	0,03	0,04	0,17
Total	**67,69**	**62,97**	**62,85**	**32,31**	**37,03**	**37,15**	**100,00**	**100,00**	**100,00**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Cadro IV.1.5 - COMPOSICIÓN DAS EXPORTACIÓNS POR SECTORES RR 17

	Rexión do Norte			Galicia			Eurorrexión		
RR 17	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
R01	0,10	0,09	0,09	0,30	0,46	0,41	0,41	0,55	0,49
R06	0,34	0,19	0,27	0,46	0,49	0,61	0,79	0,68	0,88
R13	0,11	0,08	0,11	1,23	1,22	1,36	1,34	1,30	1,48
R15	1,03	0,99	0,98	2,55	2,37	2,14	3,57	3,36	3,12
R17	1,89	1,54	1,45	0,74	0,79	0,97	2,63	2,33	2,42
R24	14,97	12,28	12,05	0,38	0,43	0,51	15,35	12,71	12,56
R28	1,30	1,52	4,08	13,12	15,56	13,72	14,42	17,07	17,80
R36	3,64	3,66	3,41	3,19	3,56	4,12	6,82	7,22	7,53
R42	44,09	44,50	42,99	0,96	1,34	1,46	45,05	45,85	44,46
R47	0,57	0,50	0,50	1,97	1,12	1,13	2,54	1,62	1,63
R50	6,23	6,40	6,61	0,81	0,86	0,96	7,04	7,26	7,57
Serv	0,00	0,00	0,00	0,03	0,06	0,04	0,03	0,06	0,04
Total	**74,26**	**71,75**	**72,56**	**25,74**	**28,25**	**27,44**	**100,00**	**100,00**	**100,00**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Polo lado das exportacións a concentración sectorial é aínda máis evidente. A rama R42 (téxtil, calzado, coiro e confección) concentra o 45% das exportacións da Eurorrexión (fundamentalmente a Rexión do Norte). A un segundo nivel están os sectores R24 e R28 (Productos metálicos, máquinas e aparatos eléctricos e Material de transporte), con porcentaxes próximas ó 15% cada un. Como no caso das importacións, o resto dos sectores de exportación teñen contribucións moito máis reducidas.

Se fixamos a nosa atención nas taxas de cobertura e nos saldos comerciais de cada sector (véxanse os Cadros Nº.IV.1.6 e IV.1.7) poderemos observar que as ramas R24 e R28 teñen taxas de coberturas inferiores a 100 e, polo tanto, xeran déficit comercial, mentres que a R42 mantén unha taxa de cobertura superior ó 300% anual, xerando un superávit importante. A este respecto, o realmente importante está no contido do último cadro. En efecto, practicamente todos os sectores da Eurorrexión xeran déficit comercial, excepto o R15 (Minerais non metálicos, principalmente en Galicia); o R36 (sector de Alimentación e bebidas); o sector do papel (o R47, principalmente en Galicia); e o sector das outras industrias. En definitiva, todos os sectores xeran déficits ou superávits moi suaves (en porcentaxe do saldo total), excepto o sector R42 (Téxtil, calzado, coiro e confección) que presenta un superávit extraordinario, de tal forma que compensa, e máis que compensa, os déficits dos demais.

Cadro IV.1.6 - TAXAS DE COBERTURA COMERCIAIS POR SECTORES RR17

	Rexión do Norte			Galicia			Eurorrexión		
RR 17	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
R01	5,24	4,54	4,41	19,53	28,44	25,96	11,51	15,28	13,91
R06	29,42	10,98	11,38	24,87	25,27	26,55	26,61	18,43	18,89
R13	2,35	1,90	2,94	104,81	102,68	107,33	22,71	24,93	28,79
R15	139,92	143,76	124,47	1677,28	1348,72	1192,67	403,38	388,19	323,17
R17	28,11	25,04	23,99	62,13	54,57	64,52	33,22	30,68	32,04
R24	120,49	97,73	94,43	15,26	13,92	17,16	102,76	81,09	79,89
R28	42,92	45,88	117,02	105,90	93,82	81,32	93,56	85,85	87,43
R36	152,50	185,22	198,38	252,40	277,77	361,61	187,06	221,65	263,45
R42	335,04	342,23	333,42	91,33	115,27	138,08	317,08	323,58	318,58
R47	61,05	49,37	51,56	454,83	263,57	283,24	185,74	112,34	118,83
R50	165,87	163,71	165,59	102,98	122,70	133,40	154,99	157,45	160,67
Serv	3,34	2,81	3,27	389,77	544,10	37,80	144,23	187,67	29,93
Total	**145,54**	**142,41**	**142,49**	**105,67**	**95,36**	**91,20**	**132,66**	**124,99**	**123,44**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Cadro IV.1.7 - SALDOS COMERCIAIS POR SECTORES RR-17

	Rexión do Norte			Galicia			Eurorrexión		
RR 17	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
R01	-7,65	-9,38	-10,01	-5,09	-5,74	-6,11	-12,74	-15,12	-16,12
R06	-3,28	-7,88	-11,01	-5,61	-7,21	-8,96	-8,88	-15,09	-19,96
R13	-18,81	-19,76	-19,74	0,23	0,16	0,49	-18,58	-19,60	-19,25
R15	1,19	1,51	1,01	9,72	10,96	10,35	10,91	12,47	11,36
R17	-19,64	-22,99	-24,27	-1,83	-3,29	-2,81	-21,46	-26,28	-27,08
R24	10,34	-1,43	-3,75	-8,66	-13,40	-12,91	1,68	-14,83	-16,66
R28	-7,00	-8,95	3,12	2,97	-5,12	-16,60	-4,03	-14,07	-13,48
R36	5,09	8,41	8,91	7,81	11,39	15,71	12,90	19,81	24,62
R42	125,64	157,55	158,52	-0,37	0,89	2,13	125,27	158,44	160,65
R47	-1,48	-2,58	-2,48	6,24	3,46	3,84	4,76	0,89	1,36
R50	10,05	12,46	13,79	0,10	0,80	1,27	10,14	13,25	15,06
Serv	-0,05	-0,10	-0,16	0,09	0,23	-0,35	0,04	0,13	-0,51
Total	**94,39**	**106,87**	**113,95**	**5,61**	**-6,87**	**-13,95**	**100,00**	**100,00**	**100,00**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

IV.1.3. A apertura ó exterior da Eurorrexión

Coas limitacións que apuntamos máis arriba, o cadro Nº.IV.1.8 indica algúns aspectos que queremos destacar. En primeiro lugar, o cadro anterior recolle a apertura ó exterior **1)** en termos do VEB p.m. total da economía, **2)** en termos do VEB p.m. do sector dos comerciables (da R-01 á R-50) e, por último, **3)** en termos do Valor Total da Producción Comerciable, é dicir, o VEB máis os insumos intermedios dos sectores R-01 a R-50 das Contabilidades Rexionais respectivas (léase VTPC ou tamén denominada Producción Efectiva). Como podemos comprobar, os resultados obtidos confirman os parágrafos anteriores no sentido de que a medición máis correcta é en termos do Valor Total da Producción Comercializable: en termos de VEB Total os resultados son baixos (aínda que, nalgúns casos, moi próximos) e, polo contrario, en termos de VEB Comercializable, as aperturas son, loxicamente, moi elevadas.

Un dos principais aspectos salientables é o feito de que, independentemente do instrumento de medición, todos os espacios se están abrindo ó exterior dunha forma notable. Un segundo aspecto é a asimetría que se detecta entre a Rexión do Norte e Galicia. A Rexión do Norte está moito máis aberta ó exterior do que o está Galicia, sobre todo polo lado das exportacións: a Rexión do Norte manifesta unha vocación exportadora realmente destacada. Sen embargo, Galicia presenta unha apertura ó exterior moi reducida, sobre todo do lado exportador, apertura que non chega a alcanzar a metade da apertura da Rexión do Norte e isto sucede tamén de forma independente respecto ó instrumento de medición. Do lado das importacións, as diferencias non son tan marcadas pero, a maior apertura da Rexión do Norte non deixa lugar a dúbidas.

Cadro IV.1.8 - APERTURA COMERCIAL SOBRE O CONXUNTO DO VEB p.m.

		Rexión Norte		Galicia		Eurorrexión	
	UE	Import	Export	Import	Export	Import	Export
1.993	12	16,60	23,18	8,28	7,30	12,32	15,01
1.994	12	17,15	24,98	8,97	8,53	13,04	16,72
1.995	15	18,75	27,29	9,13	9,65	13,99	18,56
1.996	15	16,86	24,01	10,53	10,05	13,79	17,24
1.997	15	18,03	25,69				

APERTURA COMERCIAL SOBRE O VEB p.m. Comerciable							
		Rexión Norte		Galicia		Eurorrexión	
	UE	Import	Export	Import	Export	Import	Export
1.993	12	38,36	53,56	24,67	21,76	32,19	39,22
1.994	12	39,90	58,14	26,97	25,64	34,23	43,89
1.995	15	44,70	65,06	27,59	29,16	37,24	49,40

APERTURA COMERCIAL SOBRE A PRODUCCIÓN EFECTIVA COMERCIABLE							
		Rexión Norte		Galicia		Eurorrexión	
	UE	Import	Export	Import	Export	Import	Export
1.993	12	16,24	22,67	10,41	9,18	13,61	16,58
1.994	12	16,68	24,29	10,86	10,32	14,07	18,04
1.995	15	18,26	26,58	11,11	11,74	15,12	20,06

Fonte: Para 1993 elaboración propia sobre IGE; **Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995.** Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994 elaboración propia sobre IGE; **Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996.** Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997 Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. elaboración propia segundo información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Como xa vimos máis arriba, lamentablemente non dispoñemos máis que dun exercicio (o de 1995) para analizar a apertura ó exterior da economía da Eurorrexión por ramas de actividade [94]. O cadro Nº.IV.1.9 ofrece os resultados do cociente entre as importacións e o VEB p.m. para cada rama comerciable e, o mesmo, para as exportacións. Neste cadro debemos destacar o feito de que, frecuentemente, as porcentaxes son superiores ó 100% e o significado deste fenómeno é distinto do lado das importacións que do das exportacións. En efecto, que as importacións dun sector superen o 100% da súa producción interior é algo razoable, sobre todo en aqueles sectores nos cales a producción interior é reducida e a demanda interna importante (o caso das froitas tropicais, por poñer un exemplo). O que si precisa dunha explicación é o mesmo fenómeno, pero do lado das exportacións: non parece aceptable o feito de que un sector exporte máis do que produce. Aquí é en onde entra en xogo a distinta medición das exportacións (e das importacións) e o producto. As primeiras inclúen os productos intermedios e, polo contrario, o VEB os exclúe, por propia definición. E é isto precisamente o que nos está explicando estas porcentaxes tan elevadas, tanto por parte das importacións coma das exportacións.

[94] Téñase en conta que dispoñemos das Contabilidades Rexionais de España e Portugal para o período 1992 a 1995 e do comercio exterior desagregado a NC oito dixitos soamente para o período 1995 a 1997.

Cadro IV.1.9 - APERTURAS Ó EXTERIOR POR REXIÓNS ECONÓMICAS E SECTORES RR 17 (VEB p.m.), 1995

	Importacións			Exportacións		
RR17	RNP	Galicia	Eurorrex	RNP	Galicia	Eurorrex
R01	21,74	8,62	13,03	1,14	1,68	1,50
R06	8,52	7,47	7,84	2,51	1,86	2,09
R13	567,26	50,78	187,81	13,35	53,22	42,64
R15	30,76	3,12	12,20	43,04	52,25	49,22
R17	227,21	72,48	172,05	63,86	45,03	57,15
R24	81,37	50,85	73,90	98,04	7,76	75,94
R28	191,53	122,30	131,62	82,20	129,52	123,15
R36	13,88	8,76	11,55	21,17	22,12	21,60
R42	33,23	43,97	33,84	111,35	40,16	107,31
R47	32,72	33,01	32,81	19,97	150,13	60,94
R50	42,08	21,82	36,26	69,80	22,47	56,20
Serv	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	**44,70**	**27,59**	**37,24**	**65,06**	**29,16**	**49,40**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Estas distorsións foron xa eliminadas na construcción do cadro Nº.IV.1.10, no que se presenta a apertura ó exterior de cada rama productiva en relación co Valor Total da Producción (Producción Efectiva ou, o que vén ser o mesmo, VEB máis insumos intermedios). Polo lado das importacións, as ramas máis abertas ó exterior son as relativas ós Productos químicos (a RR17, onde as importacións abarcan máis do 50% da producción local) e a dos minerais e metais (a R-13), apertura ó exterior que supera o 100% na Rexión do Norte e o 45% na Eurorrexión. Por encima da apertura media da Eurorrexión está tamén a rama do Material de transporte (R-28), na que as importacións representan o 40% da producción (un 52% en Galicia) e a rama R-24 (Productos metálicos e máquinas eléctricas), rama na cal as importacións teñen un peso importante tanto na Eurorrexión coma na Rexión do Norte. No que se refire ás subrexións, e a Galicia en particular, é destacable a apertura en importacións da rama R-42 (Téxtil, calzado, coiro e confección), apertura que supera a media da Eurorrexión ó presentar unhas importacións que superan o 15% da producción interior local.

Polo lado das exportacións, a rama máis aberta ó exterior é a R-42 (Producciòns téxtiles, calzado coiro e confección), cunhas exportacións que significan máis do 40% da producción interna, cunha importancia destacada na Rexión do Norte. Un perfil parecido, aínda que cunha apertura menor, aparece na rama R-24 (Productos metálicos e máquinas eléctricas), onde se exporta o 30% da producción, sector importante na Rexión do Norte, na cal a porcentaxe anterior está próxima ó 40%. Outra rama productiva na cal a apertura ó exterior é importante é a R-28 (Material de transporte) sector no cal se exporta algo menos do 40% da producción, cun peso moi importante en Galicia (máis do 40% da producción galega). No que se refire ás exportacións

Cadro IV.1.10 - APERTURA Ó EXTERIOR EN TERMOS DE PRODUCCION TOTAL (Producción efectiva), 1995

NACE-CLIO RR17		Importacións			Exportacións		
		RNP	Galicia	Eurorrex	RNP	Galicia	Eurorrex
01	Prod. Agric., Silvic. e Pesca	11,85	5,09	7,48	0,62	0,99	0,86
06	Productos Enerxéticos	3,76	6,35	5,03	1,11	1,58	1,34
13	Min. e met. ferrosos e non fer.	136,48	12,76	46,64	3,21	13,37	10,59
15	Min. non metálicos e os seus prod.	12,11	1,31	5,03	16,94	22,04	20,29
17	Productos Químicos	66,77	23,67	52,44	18,77	14,71	17,42
24	Prod. met. máq. materiais e ap elec.	31,48	19,96	28,69	37,92	3,05	29,48
28	Material de Transporte	52,64	38,89	40,98	22,59	41,18	38,35
36	Prod. alim. bebidas e tabaco	6,51	2,89	4,54	9,92	7,30	8,50
42	Prod. Téx. coiro calx. e vestiario	13,39	16,32	13,57	44,85	14,90	43,02
47	Papel, art. pap. art. Impresos	11,89	7,51	10,03	7,26	34,14	18,63
50	Productos de ind. diversas	15,26	4,95	11,22	25,32	5,09	17,39
Total comerciables		**18,26**	**12,09**	**15,68**	**26,58**	**12,77**	**20,80**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

por subrexións, a maiores das anteriores, habería que considerar, en Galicia, as exportacións dos minerais non metálicos e os seus productos (a rama R-15, cos granitos, por exemplo) e as exportacións da rama R-47 (Pasta de papel, por exemplo) que imprimen unha apertura importante ós sectores ós cales pertencen, aínda que non chegan a afectar á Eurorrexión no seu conxunto. Por parte da Rexión do Norte debemos sinalar tamén a rama R-50 (Productos de industrias diversas), rama que inclúe os derivados da madeira, cortiza, etc.

En síntese, a apertura ó exterior da Eurorrexión presenta un perfil moi relacionado coa estructura interna do seu comercio exterior. A maiores deberíamos destacar a reducida apertura da agricultura (sobre todo do lado das exportacións) ou do sector enerxético, ambos importantes na economía da Eurorrexión.

IV.2. BENS DE CONSUMO, INVESTIMENTO E PRODUCTOS INTERMEDIOS

Neste epígrafe imos deternos noutra cuestión clave na análise do comercio exterior: ¿o comercio exterior da Eurorrexión está composto principalmente por bens de consumo, por bens de capital ou por productos intermedios? Outra pregunta, ¿existen diferencias, a este respecto, entre as importacións e as exportacións da Eurorrexión?

Para contestar estas preguntas é necesario partir da clasificación NC a oito díxitos e, utilizando o algoritmo de conversión adecuado, agregar a información no que se denominan Grupos de Utilización (en diante GUs) ó seu nivel máximo de desagregación posible [95].

A clasificación das importacións da Eurorrexión por Grupos de Utilización a catro díxitos figura no cadro Nº.IV.2.1, así como as importacións da Rexión do Norte e as de Galicia e, como de costume, excluíndo a España do comercio da Rexión do Norte e excluíndo tamén, simetricamente, Portugal do comercio de Galicia. Como nos indica o cadro anterior, as importacións de Productos intermedios téxtiles (GU 3370) acumulan entre o 13% e o 14% das importacións totais da Eurorrexión e están centradas, principalmente, na Rexión do Norte. Son tamén moi importantes as importacións de Maquinaria (GU 2123, Bens capital, como vimos antes, maquinaria para a confección e outros sectores) importacións que representan un 10% das importacións totais. Séguenlle en importancia as importacións de bens de consumo Automóbiles (GU 1211) e as importacións de varios bens intermedios relacionados coa maioría dos procesos productivos da Eurorrexión (Productos intermedios para a industria da confección, calzado, material de transporte, etc.)

As exportacións presentan un nivel de concentración máis elevado cás importacións, tal e como pon de relevo o cadro Nº.IV.2.2. En efecto, os Outros bens de consumo non duradeiro (GU 1222) concentran algo máis do 40% das exportacións da Eurorrexión (e da Rexión do Norte), é dicir, os bens relacionados, principalmente, co calzado e coa confección. Outras exportacións significativas son as exportacións de bens de consumo alimentario (GU 1100), de automóbiles (GU 1211, fundamentalmente desde Galicia), e de bens de capital de transporte terrestre non agrícola (GU 2212, outra vez desde Galicia). Os productos intermedios presentan xa unha importancia menor dentro do conxunto das exportacións.

Unha visión agregada dos resultados anteriores ofrécea o cadro Nº.IV.2.3 onde figura o comercio exterior por grandes Grupos de Utilización, léase bens de consumo, bens de investimento e productos intermedios. A estructura comercial da Eurorrexión depende, principalmente, do comercio da Rexión do Norte, dado o peso específico tan elevado que ten esta rexión no conxunto. No que se refire ás importacións, sobresaen nitidamente as importacións de productos intermedios, cunha porcentaxe sobre o total superior ó 60%, situación que se inverte do lado das exportacións, dentro das cales as exportacións de bens de consumo representan tamén máis do 60% das exportacións totais.

[95] Estes Grupos de Utilización foron deseñados como unha ferramenta para a elaboración das Contabilidades Nacionais (ou Rexionais) e son o resultado de agregar os distintos productos en conxuntos homoxéneos baixo o punto de vista do seu destino final: consumo, investimento ou como productos intermedios noutros procesos productivos (GUs a un díxito). Un segundo paso consiste en desagregar cada un dos conxuntos anteriores en subconxuntos do tipo Bens Capital: material de transporte (GUs a dous díxitos) e un terceiro e último paso, desagregar estes últimos en conxuntos aínda máis homoxéneos, por exemplo, Bens de Capital: material de transporte ferroviario (léase, GUs a catro díxitos). En definitiva, a clasificación en Grupos de Utilización a catro díxitos desglosa os Bens de Consumo en cinco sectores, os Bens de Capital en 13 e os Productos intermedios en 11 sectores distintos: en total 30 sectores diferentes, se temos en conta o grupo dos indeterminados (Gu 0000). A relación completa dos Grupos de Utilización figura como Apéndice a este capitulo.

Cadro IV.2.1 - IMPORTACIÓNS DESGLOSADAS POR GRUPOS DE UTILIZACIÓN A CATRO DÍXITOS

	Rexión do Norte			Galicia			Eurorrexión		
	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
0000	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
1100	2,77	2,14	1,88	2,52	2,51	2,28	5,29	4,65	4,17
1211	1,76	1,79	1,92	4,60	7,28	7,85	6,36	9,07	9,76
1212	1,30	1,18	1,21	0,14	0,15	0,16	1,44	1,33	1,37
1221	0,00	0,00	0,00	0,00	0,01	0,00	0,00	0,01	0,00
1222	7,31	6,65	6,69	0,99	1,10	1,13	8,30	7,75	7,82
2110	0,15	0,17	0,20	0,18	0,10	0,07	0,34	0,27	0,27
2121	0,16	0,15	0,11	0,12	0,17	0,15	0,28	0,31	0,25
2122	0,52	0,58	0,63	0,06	0,09	0,10	0,58	0,67	0,73
2123	4,88	5,10	5,56	3,54	4,80	5,40	8,43	9,91	10,96
2211	0,01	0,00	0,01	0,01	0,01	0,01	0,02	0,01	0,02
2212	1,11	1,14	1,22	0,90	1,12	1,45	2,01	2,26	2,68
2220	0,01	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,01	0,00	0,00
2230	0,01	0,01	0,01	0,28	0,13	0,08	0,29	0,14	0,10
2240	0,00	0,00	0,00	0,00	0,13	0,00	0,00	0,13	0,00
2310	0,08	0,06	0,07	0,15	0,13	0,10	0,23	0,19	0,17
2320	0,21	0,19	0,20	0,00	0,00	0,01	0,22	0,19	0,21
2330	0,15	0,18	0,12	0,01	0,02	0,02	0,16	0,20	0,15
2340	0,61	0,58	0,46	0,42	0,33	0,23	1,03	0,91	0,69
3100	2,30	2,18	2,11	0,80	0,70	0,74	3,10	2,87	2,84
3200	1,52	2,22	2,96	2,44	2,40	2,86	3,96	4,62	5,81
3300	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
3310	6,78	5,43	5,26	1,73	1,67	1,74	8,51	7,10	7,00
3320	7,27	6,36	6,15	1,35	1,56	1,48	8,62	7,92	7,63
3330	5,53	5,14	5,50	1,12	1,30	1,54	6,65	6,43	7,05
3340	4,49	3,89	3,15	0,36	0,53	0,45	4,85	4,42	3,60
3350	0,14	0,20	0,18	8,10	8,51	7,03	8,24	8,71	7,21
3360	0,37	0,33	0,30	0,24	0,22	0,18	0,61	0,56	0,48
3370	13,68	12,88	12,53	0,82	0,88	0,83	14,50	13,77	13,36
3380	4,55	4,42	4,42	1,41	1,17	1,24	5,96	5,59	5,66
Total	**67,69**	**62,97**	**62,85**	**32,31**	**37,03**	**37,15**	**100,00**	**100,00**	**100,00**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, parala Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Cadro IV.2.2 - EXPORTACIÓNS DESGLOSADAS POR GRUPOS DE UTILIZACIÓN A CATRO DÍXITOS

	Rexión do Norte			Galicia			Eurorrexión		
	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
0000	0,00	0,00	0,00	0,06	0,06	0,07	0,06	0,06	0,07
1100	3,64	3,62	3,39	3,23	3,82	4,30	6,87	7,43	7,69
1211	0,00	0,11	2,05	9,46	8,95	3,36	9,46	9,06	5,41
1212	4,17	3,94	3,22	0,05	0,09	0,12	4,22	4,03	3,34
1221	0,00	0,00	0,00	0,13	0,05	0,00	0,13	0,05	0,00
1222	41,07	41,55	40,15	1,00	1,38	1,62	42,07	42,93	41,77
2110	0,17	0,18	0,16	0,01	0,02	0,05	0,19	0,20	0,21
2121	0,01	0,01	0,00	0,00	0,00	0,00	0,01	0,01	0,00
2122	0,03	0,01	0,01	0,00	0,00	0,01	0,03	0,01	0,02
2123	1,02	1,13	0,98	0,11	0,11	0,10	1,13	1,23	1,08
2211	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
2212	0,15	0,13	0,17	2,35	5,04	8,73	2,50	5,17	8,90
2220	0,00	0,00	0,01	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,01
2230	0,44	0,50	1,02	0,21	0,13	0,05	0,65	0,63	1,07
2240	0,00	0,00	0,00	0,00	0,01	0,00	0,00	0,01	0,00
2310	0,00	0,00	0,00	0,00	0,01	0,00	0,00	0,01	0,00
2320	0,02	0,02	0,01	0,00	0,00	0,00	0,02	0,02	0,01
2330	0,01	0,03	0,02	0,00	0,00	0,00	0,01	0,03	0,02
2340	0,13	0,14	0,23	0,03	0,04	0,03	0,16	0,18	0,26
3100	0,03	0,04	0,03	0,03	0,03	0,03	0,06	0,07	0,06
3200	0,38	0,26	0,33	0,32	0,44	0,62	0,70	0,69	0,95
3300	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
3310	0,88	0,79	0,85	3,53	3,56	3,51	4,41	4,35	4,36
3320	1,82	1,42	1,41	1,05	0,88	0,95	2,87	2,30	2,35
3330	5,89	3,17	3,64	0,43	0,47	0,67	6,33	3,64	4,31
3340	4,98	5,19	5,33	0,09	0,11	0,16	5,06	5,30	5,49
3350	0,13	0,17	0,19	0,80	1,11	1,05	0,93	1,28	1,24
3360	0,06	0,08	0,07	0,16	0,10	0,09	0,21	0,18	0,17
3370	5,11	5,18	5,03	0,01	0,03	0,02	5,12	5,20	5,06
3380	4,12	4,07	4,24	2,66	1,85	1,90	6,79	5,93	6,15
Total	**74,26**	**71,75**	**72,56**	**25,74**	**28,25**	**27,44**	**100,00**	**100,00**	**100,00**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Cadro IV.2.3 - COMERCIO TOTAL DESGLOSADO POR GRUPOS DE UTILIZACIÓN

	Rexión do Norte			Galicia			Eurorrexión		
	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
Consumo	33,52	32,57	32,20	11,49	12,88	10,35	45,01	45,45	42,54
Capital	4,53	4,82	5,29	4,00	6,10	8,37	8,53	10,92	13,66
Intermedios	33,39	30,45	30,72	13,07	13,18	13,07	46,46	43,63	43,79
Total	**71,44**	**67,85**	**68,21**	**28,56**	**32,15**	**31,79**	**100,00**	**100,00**	**100,00**

IMPORTACIÓNS DESGLOSADAS POR GRUPOS DE UTILIZACIÓN									
	Rexión do Norte			Galicia			Eurorrexión		
	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
Consumo	13,14	11,76	11,69	8,25	11,05	11,43	21,39	22,81	23,12
Capital	7,90	8,15	8,60	5,69	7,05	7,63	13,59	15,20	16,23
Intermedios	46,64	43,06	42,57	18,37	18,93	18,09	65,01	61,99	60,65
Total	**67,69**	**62,97**	**62,85**	**32,31**	**37,03**	**37,15**	**100,00**	**100,00**	**100,00**

EXPORTACIÓNS DESGLOSADAS POR GRUPOS DE UTILIZACIÓN									
	Rexión do Norte			Galicia			Eurorrexión		
	1995	1996	1997	1995	1996	1997	1995	1996	1997
Consumo	48,88	49,23	48,81	13,93	14,34	9,47	62,82	63,57	58,28
Capital	1,98	2,15	2,62	2,72	5,35	8,97	4,70	7,49	11,58
Intermedios	23,40	20,37	21,13	9,08	8,57	9,00	32,48	28,94	30,14
Total	**74,26**	**71,75**	**72,56**	**25,74**	**28,25**	**27,44**	**100,00**	**100,00**	**100,00**

Fonte: Elaboración propia baseada na información facilitada, para Galicia, polo Instituto Galego de Estatística e, para a Rexión do Norte, pola Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

En certa medida, e a pesar de ser un período de tempo francamente breve, podería dicirse que a Eurorrexión importa productos intermedios (e nalgúns casos, os bens de capital respectivos) e exporta as elaboracións destes productos intermedios na forma de bens de consumo. Este sería, alomenos, o caso da industria da confección e o calzado, onde o peso dos productos intermedios (GU 3370) é importante nas importacións (entre un 13% e un 15% das importacións totais) e o peso das importacións de Máquinas tamén o é. As exportacións destes sectores (Outros bens de consumo non duradeiro, GU 1222), abarcarían segmentos fundamentais da exportación da Eurorrexión. Outro exemplo é o sector da Automoción terrestre. As importacións dos intermedios desta industria (GU 3350) abarcan entre un 7% e un 9% das importacións totais, importacións que se transforman na Eurorrexión, dando lugar á exportación de bens de consumo (Automóbiles, GU 1211) e de bens de capital (Furgonetas, GU 2212) que representan, conxuntamente, entre un 10% e un 15% das exportacións totais da Eurorrexión [96].

[96] Debemos ter en conta que, se esta interpretación é a correcta, as vantaxes comparativas da Eurorrexión, vís a vís o resto da Unión Europea, descansan en gran media sobre o nivel de salarios dos seus sectores productivos. Habería que sinalar que, a esta vantaxe comparativa, sería necesario engadirlle as facilidades de tipo ecolóxico e medio ambiental, probablemente máis intensas no sur de Europa que no norte.

IV.3. A BASE ECONÓMICA REVELADA POLO COMERCIO EXTERIOR: UNHAS NOTAS SOBRE A PERIFERIA INTRACOMUNITARIA

Neste epígrafe imos tratar de establecer algunhas hipóteses de traballo sobre a especialización productiva da Eurorrexión vis a vis o contexto europeo. Nos epígrafes e apartados anteriores vimos cáles eran os sectores CNAE máis importantes, tanto baixo o punto de vista das importacións coma das exportacións. Segundo esta información podemos establecer unha serie de preguntas, do tipo seguinte: ¿Cales son as características económicas dos sectores excedentarios e cales son as dos deficitarios?; ¿O comercio exterior da Eurorrexión está apoiado en sectores intensivos en capital ou en forza de traballo?; ¿Os sectores exportadores son máis intensivos en traballo especializado ou sen especializar?; ¿Os sectores importadores forman parte de sectores moi concentrados nos cales as barreiras de entrada son altas ou de sectores moi dispersos nos cales os custos do primeiro establecemento son reducidos?; ¿Os sectores exportadores están situados en actividades nas cales as economías de escala son reducidas ou, polo contrario, están situados en sectores onde as economías de escala son básicas?

En definitiva, trataremos de contestar preguntas do tipo: ¿Cales son as características dos sectores exportadores da Eurorrexión?; ¿Estas características son as mesmas do lado das importacións ca do lado das exportacións?; ¿Ata que punto o comercio exterior revela (B. Balassa, por exemplo) a base económica rexional?

A resposta a estas preguntas ímola realizar baseándonos nun traballo realizado no seo do Center for Economic Policy Research (CEPR) para estudiar os efectos do programa de mercado único levado a cabo pola Comisión Europea na década dos noventa [97]. Os autores deste traballo presentan unha lista de 64 sectores non agrícolas nos cales predomina a competencia imperfecta e se cuantifican unha serie de variables para cada un deles. O cadro Nº.IV.3.1 recolle, para os sectores máis importantes do comercio intra UE da Eurorrexión, unha síntese das variables máis importantes.

As columnas **1** e **2** do cadro seguinte recollen a importancia de cada sector (CNAE93) nas importacións e nas exportacións da Eurorrexión (media 1995 a 1997). As outras columnas hai que analizalas con atención.

A columna **3** recolle o nivel medio de concentración de cada sector en Europa e o valor refírese ó índice de Herfindahl. As industrias máis concentradas son as de Lámpadas e outros aparatos de iluminación e a de Fibras artificiais, onde este coeficiente alcanza o valor 0,47. Seguen en importancia a Química doméstica (0,40), a industria do Tabaco (0,40) e xa os automóbiles, onde o índice de concentración é do 0,33 e que ten presencia xa na Eurorrexión. As industrias menos concentradas están directamente relacionadas coa confección, calzado, manufacturas da madeira e da cortiza e as manufacturas metálicas, tal e como nos sinala o cadro, onde estes índices, ou son cero, ou están moi próximos a cero. En definitiva, a corrente exportadora da Eurorrexión está formada por productos de sectores moi pouco concentrados e onde, polo tanto, as barreiras de entrada son moi pouco significativas. En síntese, sectores con

[97] Véxase Allen, C., Gasiorek, M. e Smith, A.; Trade creation and trade diversion. En **The single market review.** Subseries IV. (Impact on trade and investiment). Vo. 3. Ed. UE. Lux. 1997. Principalmente, Páxs. 55 e ss (Cap. V. Computable general equilibrium analysis).

Cadro IV.3.1 - Composición do VEB

Cnae	Contido	% M 1	% X 2	Concent 3	V.A. 4	Capital 5	Espec. 6	Manual 7	Econom. Escala 8	NTB 9
193	Calzado	1,07	13,41	0,01	0,38	0,25	0,36	0,39	1,01	2,00
182	Prendas de vestir	2,24	17,58	0,00	0,34	0,25	0,43	0,32	1,03	2,00
177	Prendas de punto	0,64	5,72	0,02	0,42	0,24	0,46	0,30	1,03	1,50
174	Tecidos domésticos	1,89	4,01	0,01	0,35	0,19	0,46	0,35	1,03	1,50
175	Outros Téxtiles	0,17	1,16	0,05	0,41	0,34	0,40	0,26	1,03	2,00
159	Bebidas	0,45	3,11	0,08	0,40	0,48	0,39	0,13	1,07	2,50
205	Cortiza	0,11	2,90	0,03	0,41	0,25	0,41	0,34	1,05	1,00
313	Cables Eléctricos	0,61	2,77	0,03	0,31	0,30	0,56	0,14	1,15	3,00
152	Elab. Peixes	1,26	3,06	0,05	0,27	0,44	0,39	0,17	1,08	1,50
267	Industria da pedra	0,02	2,25	0,04	0,44	0,37	0,45	0,17	1,25	2,00
323	Radio e TV	0,84	2,82	0,06	0,34	0,27	0,59	0,14	1,10	2,00
341	Automotores	13,66	13,50	0,33	0,25	0,20	0,49	0,31	1,15	2,00
172	Tecidos téxtiles	5,89	2,07	0,01	0,37	0,28	0,41	0,32	1,03	2,00
211	Pasta de papel	1,05	1,71	0,03	0,33	0,40	0,37	0,23	1,10	1,00
351	Buques	0,19	0,81	0,15	0,36	0,17	0,50	0,33	1,08	2,33
251	Cauchos	1,01	1,01	0,16	0,45	0,31	0,45	0,24	1,05	2,00
343	Partes e pezas automot.	9,34	2,03	0,08	0,36	0,22	0,47	0,30	1,15	2,00
191	Coiros	2,40	0,11	0,01	0,26	0,32	0,38	0,30	1,03	1,00
241	Plásticos	5,12	1,62	0,01	0,37	0,34	0,46	0,21	1,05	2,00
295	Maquinaria Téxtil	4,03	0,86	0,04	0,41	0,16	0,63	0,21	1,07	2,00

Fonte: Véxase texto.

Lenda:

1 % Importacións
2 % Exportacións
3 Nível de concentración
4 % Valor Engadido na producción total
5 % de capital no Valor Engadido
6 % de traballo humano especializado no Valor Engadido
7 % de traballo humano manual no Valor Engadido
8 Indicador de economias de escala
9 N.T.B. (non trade barriers)

empresas pequenas a maioría e nos que é moi fácil instalarse desde o exterior. Neste punto cabería realizar unha primeira división, no sentido de considerar o tecido empresarial autóctono por un lado (e coas características anteriores) e, por outro lado, as empresas multinacionais (transferidas desde o centro da UE) que convivirían coas empresas locais, compartindo o mesmo espacio económico. Esta dualidade (ou dualismo, se así se prefire), é a que nos explica como nun escenario de moi pequena ou de pequena empresa aparecen producciónns dun sector moi concentrado a nivel europeo (o automóbil) e no cal, como corolario do índice de concentración, as barreiras de entrada son moi elevadas.

A columna **4** do cadro anterior recolle a porcentaxe de valor engadido para cada industria, porcentaxes que son moi elevadas nas industrias extractivas (da Pedra, por exemplo, co 44%). Os valores máis baixos aparecen no sector da Alimentación e Tabacos con porcentaxes lixeiramente superiores ó 15%, situándose a media dos sectores en estudio no 36%. O cadro

anterior sinala que a porcentaxe de valor engadido sobre a producción total está, na Eurorrexión, moi próxima á media europea para o téxtil, confección e calzado e que, sen embargo, para o sector do automóbil, o coiro ou a elaboración de peixes estas porcentaxes son xa menores e son sectores importantes na Eurorrexión.

As columnas **5**, **6** e **7** do cadro anterior débense analizar conxuntamente, xa que representan a porcentaxe do capital no valor engadido (columna **5**), do traballo humano especializado (léase non manual, columna **6**), e do traballo humano manual (columna **7**). No que se refire ás contribucións do capital no valor engadido, as porcentaxes van desde o 59% na industria tabaqueira ata un escaso 20% na industria de maquinaria agrícola ou na fabricación dalgúns tecidos. As industrias da Eurorrexión localízanse na parte baixa do espectro, con contribucións do factor capital ó valor engadido situadas entre o 20% e o 25% do total, é dicir, son industrias intensivas en man de obra, ou, alomenos, máis intensivas en man de obra que o conxunto.

As columnas **6** e **7** recollen a contribución da man de obra cualificada e a contribución da non cualificada. No que se refire á primeira columna, é de destacar que o sector máis intensivo neste factor é o da producción de mecanismos aeroespaciais, máquinas ferramentas e ofimática e telecomunicacións. Polo contrario, os sectores máis intensivos en forza de traballo manual (é dicir, traballo non cualificado) son sectores moi relevantes na Eurorrexión: Calzado, Confección nos seus distintos tipos, Manufacturas da madeira e da cortiza, etc.

A columna **8** do cadro anterior ofrece un indicador das economías de escala de cada industria, indicador que se refire ó incremento no custo unitario consecuencia dunha reducción no volume de producción desde a escala eficiente mínima. Aínda que os resultados non son perfectamente comparables entre si [98] debemos destacar o feito de que as economías de escala son elevadas na Industria química, Cables eléctricos e maquinaria e na Industria da automoción e os seus auxiliares, estas dúas últimas con relevancia no comercio exterior da Eurorrexión e nas cales o capital estranxeiro é relevante. Excepto nestes dous últimos sectores, no resto dos que teñen importancia no comercio exterior da Eurorrexión, as economías de escala non son unha característica principal.

En síntese, e como resumo do anterior, a base económica da Eurorrexión *revelada* a través do seu comercio exterior presenta un perfil no que **a**) os sectores productivos aparecen moi pouco concentrados ou, o que case é o mesmo, onde as barreiras de entrada son moi febles, **b**) uns sectores nos cales a capacidade de xeración de valor engadido é moi próxima á media, **c**) uns sectores nos que a utilización intensiva de man de obra non cualificada é unha característica xeral e **d**) as economías de escala non son un elemento determinante. Nun tecido industrial deste tipo existe a excepción da industria de Automotores, industria de capital estranxeiro na cal a concentración (e os custos de entrada) e as economías de escala son importantes, a xeración de valor engadido é moi baixa e, ademais, é unha industria intensiva na utilización do factor traballo, principalmente traballo cualificado.

[98] Sobre a cuantificación das economías de escala, e os problemas que presenta, véxase a reflexión de Allen, C., Gasiorek, M. e Smith, A.; Trade creation and trade diversion. Op. Cit. Páx 58.

ANEXO: CARACTERÍSTICAS XERAIS DO COMERCIO INTRACOMUNITARIO DA EURORREXIÓN (INCLUÍNDO ESPAÑA E PORTUGAL)

Como vimos máis arriba, neste epígrafe imos analizar, nunha primeira etapa, o comercio exterior da Eurorrexión na súa versión máis ampla: introducindo o comercio de Galicia con Portugal (forzosamente no seu conxunto) e o comercio da Rexión Norte con España (outra vez, forzosamente no seu conxunto). En apartados posteriores trataremos de illar o comercio entre Galicia e a Rexión Norte (é dicir, comercio intrarrexional en termos de Eurorrexión) e o comercio de Galicia con Portugal e o da rexión Norte con España. Para esta análise –insistimos, de claro carácter introductoria- imos utilizar un nivel de agregación moi pouco pormenorizado (e o único dispoñible): as XXI Seccións arancelarias e, incluso, agregacións destas últimas.

A.1. O comercio intracomunitario da Eurorrexión

Neste epígrafe, como xa sinalamos máis arriba, imos ter en conta a totalidade do comercio exterior da Rexión Norte e o de Galicia, é dicir, aplicando o criterio da taxa de cambio: basta que esta interveña na transacción para que esteamos en presencia de comercio exterior.

A consolidación das balanzas comerciais coa Unión Europea tanto de Galicia como da Rexión Norte de Portugal (en adiante RNP) figura no cadro Nº.A.1. Sobre o contido desta información ímonos deter. En primeiro lugar é de destacar o feito de que existe unha forte asimetría entre a contribución de cada rexión e o comercio global da Eurorrexión. En efecto, a RNP achega algo máis dos dous tercios do comercio total, sobre todo polo lado das exportacións. En segundo lugar, é de destacar tamén que o comercio da eurorrexión se multiplica por algo máis de 1,6 durante este período, pero de tal maneira que crece máis rapidamente en Galicia que na RNP. En efecto, o comercio de Galicia coa UE crece máis rapidamente que o da RNP, sobre todo do lado das exportacións: as exportacións da RNP crecen un 54% no período mentres que, as de Galicia, o fan case nun 85%. En definitiva, Galicia achega algo menos dun tercio do comercio intracomunitario da Eurorrexión coa UE pero, en contrapartida, é o segmento que crece máis rapidamente [99].

[99] Vimos máis arriba como nesta situación podería ser importante a evolución da taxa de cambio da Peseta e do Escudo fronte ó Ecu.

Cadro A.1 - COMERCIO INTRACOMUNITARIO DAS REXIÓNS (Millóns de Ecus)

		Rexión Norte		Galicia		Eurorrexión	
	UE	Import	Export	Import	Export	Import	Export
1.993	12	4.383,70	5.490,60	2.046,00	2.011,70	6.429,70	7.502,30
1.994	12	4.871,50	6.187,70	2.238,50	2.447,20	7.110,00	8.634,90
1.995	15	5.835,70	7.306,90	2.420,60	2.887,10	8.256,30	10.194,00
1.996	15	6.226,90	7.511,80	3.060,00	3.375,60	9.286,90	10.887,40
1.997	15	7.035,80	8.460,80	3.443,00	3.709,10	10.478,80	12.169,90

Nota: Inclúe o comercio de Galicia con Portugal e o da Rexión Norte con España

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo IGE. Santiago, 1999

Outra das características xenéricas que é necesario sinalar consiste no feito de que o comercio da Eurorrexión coa UE é un comercio que presenta saldos positivos ou, o que vén a ser o mesmo, taxas de cobertura comercial superavitarias. O cadro Nº.A.2 indica que a Eurorrexión obtén un saldo comercial coa UE que oscila entre os 1.500 e 2.000 millóns de Ecus anuais e que a taxa de cobertura oscila entre o 115% e o 125% anual. Unha análise máis en detalle desta información volve a subliñar a asimetría anterior: o fundamental do superávit está xerado na RNP mentres que, en Galicia, o saldo é moi reducido e as taxas de cobertura lixeiramente superiores ó 100% no fundamental de período.

Cadro A.2 - SALDOS E TAXAS DE COBERTURA DO COMERCIO INTRACOMUNITARIO DAS REXIÓNS

		Rexión Norte		Galicia		Eurorrexión	
	UE	Saldo	T. Cob.	Saldo	T. Cob.	Saldo	T. Cob.
1.993	12	1.106,90	125,25	-34,30	98,32	1.072,60	116,68
1.994	12	1.316,20	127,02	208,70	109,32	1.524,90	121,45
1.995	15	1.471,20	125,21	466,50	119,27	1.937,70	123,47
1.996	15	1.284,90	120,63	315,60	110,31	1.600,50	117,23
1.997	15	1.425,00	120,25	266,10	107,73	1.691,10	116,14

Nota: Inclúe o comercio de Galicia con Portugal e o da Rexión Norte con España

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo IGE Santiago, 1999

A asimetría entre as dúas rexións queda de manifesto tamén ó considerar a importancia que ten cada rexión (considerada individualmente) sobre o comercio do país ó cal pertence. Así, Galicia representa algo menos do 5% das importacións españolas na UE e algo menos do 6% das exportacións españolas á UE ó longo do período sinalado. Polo contrario, a RNP abarca o 30% das importacións portuguesas na UE e aporta a metade das exportacións portuguesas á UE tal e como queda de manifesto no cadro Nº.A.3. Se as porcentaxes recollidas neste último cadro se refiren ó peso do comercio intra UE das rexións sobre o comercio intra UE dos Estados, o cadro Nº.A.4 recolle o peso do comercio intra UE das rexións en porcentaxe do comercio total dos Estados (de cada espacio fronte ó resto do mundo). Como podemos comprobar, o comercio intracomunitario da Rexión do Norte aglutina segmentos importantes do comercio exterior portugués total, mentres as porcentaxes de Galicia sobre España son moi reducidas. En síntese, o comercio intracomunitario da Eurorrexión significaría sobre un 7,5% das importacións de Iberia no resto do mundo e sobre un 11% das exportacións. Porcentaxes que si teñen xa un peso considerable.

Cadro A.3 - COMERCIO INTRACOMUNITARIO DAS REXIÓNS E DOS ESTADOS

		Rexión Norte / Portugal		Galicia / España		Eurorrexión / Iberia	
	UE	Import	Export	Import	Export	Import	Export
1.993	12	28,45	52,15	4,84	5,61	11,14	16,17
1.994	12	29,14	51,17	4,52	5,64	10,73	15,56
1.995	15	30,54	50,77	4,15	5,62	10,66	15,50
1.996	15	29,44	48,08	4,72	5,83	10,80	14,81
1.997	15	29,83	49,57	4,78	5,62	10,96	14,64

Nota: Inclúe o comercio de Galicia e España con Portugal e o da Rexión Norte e Portugal con España

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo IGE Santiago, 1999

Cadro A.4 - COMERCIO INTRACOMUNITARIO DAS REXIÓNS E COMERCIO TOTAL DOS ESTADOS

		Rexión Norte / Portugal		Galicia / España		Eurorrexión / Iberia	
	UE	Import	Export	Import	Export	Import	Export
1.993	12	21,20	41,68	3,01	3,87	7,26	11,51
1.994	12	21,41	40,92	2,89	3,99	7,10	11,29
1.995	15	22,79	40,91	2,72	4,05	7,21	11,44
1.996	15	22,46	38,74	3,14	4,17	7,42	10,85
1.997	15	22,76	40,04	3,18	4,03	7,53	10,75

Nota: Inclúe o comercio de Galicia e España con Portugal e o da Rexión Norte e Portugal con España

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo IGE. Santiago, 1999

Como tivemos ocasión de ver máis arriba, unha das cuestións básicas deste traballo consiste en analizar as complementariedades e as concorrencias entre Galicia e a RNP. Dito noutros termos, investigar se Galicia e a RNP compiten entre si nos mesmos mercados cos mesmos productos, sobre todo no ámbito da exportación. Nesta etapa da análise imos considerar os productos en grandes sectores (XXI Seccións Arancelarias) e como mercados os distintos países da UE. A vantaxe de facelo así é que podemos estudiar o período 1993 a 1994 (UE a 12) e o período 1995 a 1997 (UE a 15), ambos conxuntamente.

A.2. A estructura do comercio: Grandes sectores

Asimilando o concepto de sector ó de sección arancelaria (21 sectores para os bens comerciables), o cadro Nº.A.2.1 está indicándonos a estructura interna das importacións da Eurorrexión. Esta corrente importadora concéntrase principalmente en tres sectores que absorben a metade das importacións: Téxtil e confección, Maquinaria eléctrica e Material de transporte. Con outro nivel de importancia son destacables as importacións dos metais comúns (Sec.XV), os Productos do reino animal (Sec.I) e as importacións de Productos minerais, Productos químicos e Plásticos e Cauchos (Sec.V a VII). Aínda que o período de tempo é breve, pode afirmarse que, entre 1993 e 1997 a estructura interna das importacións da Eurorrexión non se viu sometida a modificacións internas importantes [100].

Cadro A.2.1 - IMPORTACIÓNS EURORREXIÓN CON ORIXE NA U.E.

Sección		1993	1994	1995	1996	1997
I	Prod. Animal	5,07	6,14	5,68	5,49	5,12
II	Prod. Vexetal	4,17	3,55	3,22	3,09	3,05
III	Graxas e aceites	0,16	0,15	0,25	0,22	0,21
IV	Alimentación	1,56	1,91	2,13	1,99	1,74
V	Prod. Minerais	4,21	2,73	3,78	4,34	5,17
VI	Prod. Químicos	5,70	6,03	5,77	5,37	5,24
VII	Plásticos e cauchos	5,27	5,45	5,93	5,41	5,43
VIII	Peles e coiros	3,00	3,15	2,68	2,58	2,54
IX	Madeiras	1,72	1,68	1,93	1,82	1,98
X	Pastas de madeira	1,89	1,87	2,28	2,24	2,19
XI	Téxtiles e confec.	17,02	17,54	16,99	16,00	15,65
XII	Calzados	1,36	1,37	1,29	1,26	1,28
XIII	Pedra e cerámica	1,58	1,40	1,44	1,39	1,46
XIV	Bisutería e pérolas	2,22	1,96	2,05	1,81	1,44
XV	Metais comúns	7,87	8,89	10,03	8,87	9,10
XVI	Máquinas eléctricas	18,40	17,45	16,24	17,13	17,76
XVII	Mat. Transporte	15,10	15,05	14,72	17,55	17,33
XVIII	Óptica e foto.	1,57	1,74	1,67	1,54	1,52
XIX	Armas e municións	0,20	0,25	0,26	0,19	0,13
XX	Prod. Diversos	1,92	1,67	1,64	1,69	1,65
XXI	Obxectos de arte	0,01	0,02	0,01	0,01	0,01
Total		**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**

Fonte: Para 1993 elaboración propia sobre I.G.E.; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994 elaboración propia sobre I.G.E.; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Polo lado das exportacións a situación é similar: o cadro Nº.A.2.2 sinálanos cómo o sector Téxtil e confección (Sec.XI) abarca o 30% das exportacións da Eurorrexión. Entre o 10% e o 15% das exportacións sitúanse o sector do Calzado (Sec.XII), as Máquinas eléctricas e o Material do transporte (Secs.XVI e XVII) e, nas proximidades do 5%, a Producción animal, a Alimentación, as Madeiras e os Metais comúns. Nos anos en estudio, tampouco se observan cambios relevantes na concentración das exportacións por sector, aínda que é de sinalar que esta concentración é superior á observada no caso das importacións.

Cadro A.2.2 - EXPORTACIÓNS DA EURORREXIÓN CON DESTINO Á U.E.

Sección		1993	1994	1995	1996	1997
I	Prod. Animal	4,19	4,72	4,68	5,27	5,32
II	Prod. Vexetal	0,26	0,36	0,37	0,46	0,46
III	Graxas e aceites	0,04	0,04	0,05	0,08	0,07
IV	Alimentación	4,62	4,61	4,32	4,58	4,52
V	Prod. Minerais	2,36	2,46	1,78	1,57	1,61
VI	Prod. Químicos	1,86	2,35	2,80	2,34	2,23
VII	Plásticos e cauchos	1,31	1,94	2,21	2,25	2,52
VIII	Peles e coiros	0,51	0,45	0,40	0,43	0,46
IX	Madeiras	4,85	4,73	4,64	4,32	4,48
X	Pastas de madeira	1,76	1,87	2,82	1,84	1,75
XI	Téxtiles e confec.	33,22	30,32	30,24	30,55	29,01
XII	Calzados	12,24	11,94	11,18	11,42	11,54
XIII	Pedra e cerámica	2,79	2,83	2,85	3,01	2,84
XIV	Bisutería e pérolas	0,10	0,09	0,07	0,08	0,17
XV	Metais comúns	4,14	4,34	4,14	4,17	4,36
XVI	Máquinas eléctricas	9,27	10,35	12,13	9,85	10,04
XVII	Mat. Transporte	14,32	14,26	13,11	15,52	16,27
XVIII	Óptica e foto.	0,46	0,54	0,57	0,48	0,60
XIX	Armas e municións	0,07	0,07	0,08	0,07	0,06
XX	Prod. Diversos	1,51	1,67	1,51	1,65	1,60
XXI	Obxectos de arte	0,13	0,05	0,06	0,05	0,07
Total		**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**

Fonte: Para 1993 elaboración propia sobre I.G.E.; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994 elaboración propia sobre I.G.E.; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

[160] Habitualmente a concentración dun fluxo comercial mídese polo coeficiente de Herfindahl. Aínda que debemos de ter en conta que a análise por Seccións Arancelarias implica un nivel de agregación moi elevado, o cálculo destes coeficientes dános unha primeira idea (e aproximada) do nivel de concentración dos fluxos comerciais e a súa evolución nos anos en estudio, tal e como nos manifiesta o cadro seguinte.

Concentración dos fluxos Comerciais da Eurorrexión
(XXI Seccións, Indice de Herfindahl)

	Rexión Norte		Galicia		Eurorrexión	
	Import	Export	Import	Export	Import	Export
1993	11,02	24,52	19,57	27,62	10,72	16,48
1994	10,99	22,14	20,05	24,93	10,75	14,88
1995	10,79	22,02	18,93	20,77	10,29	14,73
1996	10,61	22,77	22,14	23,44	10,84	15,15
1997	10,69	20,83	21,66	20,54	10,92	14,57

Fonte: Elaboración propia sobre información citada no texto.

Esta estructura comercial, tanto polo lado das importacións como do das exportacións, é a que nos está explicando a evolución dos saldos comerciais e das taxas de cobertura (véxase Cadros Nº.A.2.3 e A.2.4). Os sectores Téxtil e confección e o Calzado manteñen altas taxas de cobertura e contribucións ó saldo relevantes, así como, xa a outro nivel, o sector do Material de transporte, a Madeira e a Alimentación. O resto dos sectores presenta unha situación máis equilibrada e/ou onde a contribución ó saldo comercial é xa moito máis reducida.

Cadro A.2.3 - TAXAS DE COBERTURA DO COMERCIO DA EURORREXIÓN

Sección		1993	1994	1995	1996	1997
I	Prod. Animal	96,38	93,35	101,70	112,58	120,87
II	Prod. Vexetal	7,36	12,49	14,24	17,51	17,54
III	Graxas e aceites	31,89	33,11	22,92	41,56	39,08
IV	Alimentación	345,93	293,37	250,02	269,47	301,92
V	Prod. Minerais	65,44	109,41	58,24	42,29	36,08
VI	Prod. Quimicos	38,19	47,39	60,03	50,98	49,40
VII	Plásticos e cauchos	29,03	43,25	45,99	48,80	53,97
VIII	Peles e coiros	19,72	17,55	18,54	19,56	21,22
IX	Madeiras	328,48	340,73	296,45	278,55	263,49
X	Pastas de madeira	108,83	121,73	152,55	96,50	93,01
XI	Téxtiles e confec.	227,76	209,97	219,79	223,76	215,28
XII	Calzados	1.048,20	1.061,00	1.068,04	1.064,41	1.048,41
XIII	Pedra e cerámica	206,18	244,55	243,73	254,11	225,42
XIV	Bisutería e pérolas	5,22	5,31	4,40	5,42	14,00
XV	Metais comúns	61,36	59,30	50,93	55,11	55,71
XVI	Máquinas eléctricas	58,77	72,03	92,19	67,39	65,67
XVII	Mat. Transporte	110,65	115,04	109,95	103,70	109,03
XVIII	Óptica e foto.	34,02	37,68	41,92	36,46	45,88
XIX	Armas e municións	40,14	34,28	36,59	44,64	51,83
XX	Prod. Diversos	91,75	121,61	113,17	114,84	112,22
XXI	Obxectos de arte	1.052,42	311,44	551,86	580,75	1.044,31
Total		**116,68**	**121,45**	**123,47**	**117,23**	**116,14**

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Cadro A.2.4 - SALDOS COMERCIAIS DA EURORREXIÓN. Porcentaxe do total anual

Sección		1993	1994	1995	1996	1997
I	Prod. Animal	-1,10	-1,90	0,41	4,01	6,62
II	Prod. Vexetal	-23,17	-14,48	-11,76	-14,79	-15,60
III	Graxas e aceites	-0,65	-0,48	-0,81	-0,74	-0,78
IV	Alimentación	22,99	17,21	13,64	19,58	21,73
V	Prod. Minerais	-8,72	1,20	-6,73	-14,53	-20,47
VI	Prod. Quimicos	-21,11	-14,78	-9,83	-15,28	-16,44
VII	Plásticos e cauchos	-22,44	-14,42	-13,64	-16,06	-15,49
VIII	Peles e coiros	-14,44	-12,10	-9,31	-12,06	-12,40
IX	Madeiras	23,58	18,91	16,17	18,84	20,02
X	Pastas de madeira	1,00	1,89	5,10	-0,45	-0,95
XI	Téxtiles e confec.	130,32	89,94	86,72	114,93	111,79
XII	Calzados	77,44	61,26	53,33	70,40	75,13
XIII	Pedra e cerámica	10,04	9,46	8,84	12,43	11,38
XIV	Bisutería e pérolas	-12,62	-8,68	-8,35	-9,95	-7,68
XV	Metais comúns	-18,23	-16,87	-20,98	-23,11	-24,98
XVI	Máquinas eléctricas	-45,47	-22,76	-5,40	-32,42	-37,79
XVII	Mat. Transporte	9,64	10,55	6,24	3,76	9,70
XVIII	Óptica e foto.	-6,21	-5,06	-4,14	-5,69	-5,09
XIX	Armas e municións	-0,72	-0,77	-0,69	-0,62	-0,37
XX	Prod. Diversos	-0,95	1,68	0,92	1,45	1,25
XXI	Obxectos de arte	0,83	0,20	0,26	0,29	0,44
Total		**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**	**100,0**

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

En resumo, e con este nivel de agregación tan amplo, as importacións da Eurorrexión se centran, particularmente, no sector Téxtil e confección, as Máquinas eléctricas e no Material de transporte. Por parte das exportacións destacan, o sector Téxtil e confección, o Calzado, as Máquinas eléctricas e o Material de transporte. Como podemos ver, os solapamentos entre a corrente exportadora e a importadora para os grandes sectores son aparentemente importantes.

Outro aspecto distinto desta mesma cuestión é saber se a especialización comercial (sobre todo a exportadora) se distribúe de forma homoxénea, ou non, nas dúas rexións que constitúen a Eurorrexión. Con esta finalidade, os Cadros Nº.A.2.5 e A.2.6 recollen a descomposición do comercio da Eurorrexión por rexións e por sectores, no ano 1993 e en 1997. Como nos están mostrando estes cadros, a complementariedade entre os fluxos comerciais das dúas zonas é moi intensa. En efecto, polo lado das importacións, Galicia mostra unha propensión importante no sector do Material de transporte (sobre o 12% das importacións totais da Eurorrexión) e, simultaneamente, a RNP non alcanza o 4%. A contribución de Galicia ás importacións da Eurorrexión é pouco importantes nos outros grandes sectores tomados individualmente (excepto, se se quere, na Maquinaria eléctrica). Sen embargo, a RNP achega o 14% das importacións totais da Eurorrexión no sector Téxtil e confección, algo máis do 12% no da Maquinaria eléctrica, sobre o 7% nos Metais comúns, e máis do 4% no sector dos Productos químicos ou Plásticos e cauchos.

Cadro A.2.5 - IMPORTACIÓNS E EXPORTACIÓNS DA EURORREXIÓN: Porcentaxe do total, 1993

		IMPORTACIÓNS			EXPORTACIÓNS		
Sección		Galicia	RNP	Eurorrex	Galicia	RNP	Eurorrex
I	Prod. Animal	2,66	2,41	5,07	3,80	0,39	4,19
II	Prod. Vexetal	0,56	3,61	4,17	0,17	0,10	0,26
III	Graxas e aceites	0,05	0,11	0,16	0,02	0,02	0,04
IV	Alimentación	0,54	1,02	1,56	0,81	3,81	4,62
V	Prod. Minerais	2,22	1,99	4,21	0,82	1,55	2,36
VI	Prod. Químicos	1,12	4,57	5,70	0,59	1,28	1,86
VII	Plásticos e cauchos	0,95	4,33	5,27	0,26	1,06	1,31
VIII	Peles e coiros	0,11	2,89	3,00	0,22	0,29	0,51
IX	Madeiras	0,54	1,19	1,72	0,77	4,08	4,85
X	Pastas de madeira	0,44	1,45	1,89	0,71	1,05	1,76
XI	Téxtiles e confec.	2,26	14,75	17,02	0,95	32,26	33,22
XII	Calzados	0,05	1,31	1,36	0,05	12,19	12,24
XIII	Pedra e cerámica	0,18	1,40	1,58	1,73	1,05	2,79
XIV	Bisutería e pérolas	0,01	2,21	2,22	0,00	0,10	0,10
XV	Metais comúns	1,90	5,97	7,87	2,06	2,08	4,14
XVI	Máquinas eléctricas	5,74	12,66	18,40	0,48	8,78	9,27
XVII	Mat. Transporte	11,88	3,22	15,10	13,15	1,17	14,32
XVIII	Óptica e foto.	0,40	1,17	1,57	0,01	0,45	0,46
XIX	Armas e municións	0,00	0,20	0,20	0,00	0,07	0,07
XX	Prod. Diversos	0,21	1,70	1,92	0,09	1,41	1,51
XXI	Obxectos de arte	0,00	0,01	0,01	0,13	0,00	0,13
Total		31,82	68,18	100,00	26,81	73,19	100,00

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Cadro A.2.6 - IMPORTACIÓNS E EXPORTACIÓNS DA EURORREXIÓN: Porcentaxe do total, 1997

		IMPORTACIÓNS			EXPORTACIÓNS		
Sección	Sector	Galicia	RNP	Eurorrex	Galicia	R.N.P.	Eurorreg
I	Prod. Animal	2,50	2,62	5,12	4,54	0,78	5,32
II	Prod. Vexetal	0,52	2,54	3,05	0,35	0,11	0,46
III	Graxas e aceites	0,04	0,16	0,21	0,03	0,04	0,07
IV	Alimentación	0,44	1,30	1,74	1,69	2,82	4,52
V	Prod. Minerais	2,33	2,84	5,17	0,97	0,64	1,61
VI	Prod. Químicos	1,19	4,05	5,24	1,00	1,23	2,23
VII	Plásticos e cauchos	0,79	4,64	5,43	0,48	2,04	2,52
VIII	Peles e coiros	0,07	2,47	2,54	0,22	0,24	0,46
IX	Madeiras	0,72	1,26	1,98	0,98	3,50	4,48
X	Pastas de madeira	0,60	1,59	2,19	1,02	0,73	1,75
XI	Téxtiles e confec.	2,13	13,52	15,65	1,85	27,16	29,01
XII	Calzados	0,05	1,23	1,28	0,18	11,36	11,54
XIII	Pedra e cerámica	0,23	1,23	1,46	1,69	1,16	2,84
XIV	Bisutería e pérolas	0,04	1,40	1,44	0,01	0,17	0,17
XV	Metais comúns	2,05	7,05	9,10	2,12	2,25	4,36
XVI	Máquinas eléctricas	5,34	12,42	17,76	0,65	9,39	10,04
XVII	Mat. Transporte	13,47	3,86	17,33	12,31	3,96	16,27
XVIII	Óptica e foto.	0,21	1,30	1,52	0,10	0,49	0,60
XIX	Armas e municións	0,00	0,12	0,13	0,00	0,06	0,06
XX	Prod. Diversos	0,13	1,53	1,65	0,21	1,39	1,60
XXI	Obxectos de arte	0,00	0,01	0,01	0,06	0,01	0,07
Total		32,86	67,14	100,00	30,48	69,52	100,00

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

En definitiva, a análise das importacións pon de manifesto --a este nivel de agregación tan amplo e con este carácter introductorio- que a especialización importadora de Galicia non coincide coa especialización importadora da RNP: neste sentido son unhas especializacións complementarias. Este aspecto da cuestión queda máis claro aínda, e é máis relevante, polo lado das exportacións: en aqueles grandes sectores nos que Galicia está especializada, a RNP non o está, e ó contrario. En efecto, Galicia mantén unha especialización orientada cara ó Material de transporte (un 12% das exportacións da Eurorrexión), sector no cal a RNP é moi débil. E ó contrario: esta última rexión abastece case o 40% das exportacións totais da Eurorrexión desde o sector Téxtil e confección e desde o sector Calzado. A RNP volve aparecer cunha intensidade notable no sector das Máquinas eléctricas, e Galicia nas exportacións de Producción animal (Sec.I).

En síntese, a grandes sectores de actividade, os fluxos comerciais das dúas rexións preséntanse como complementarios e non como concorrentes: Os sectores nos cales unha rexión está especializada non son relevantes na outra e viceversa. Como veremos a continuación, esta mesma complementariedade repítese (e intensifícase a complementariedade) no que se refire á distribución do comercio por países. Vexamos.

A.3. A estructura do comercio: Grandes mercados

Feita a aclaración de que temos que traballar coa UE a 12 para o bienio 1993-94 e coa UE a 15 para os anos seguintes, o primeiro que debemos destacar é o peso tan reducido dos países da ampliación de 1995. Estes tres países (Austria, Suecia e Finlandia) non chegan a alcanzar o 3% do comercio intracomunitario da Eurorrexión Galicia Norte de Portugal, tal e como nos están sinalando os Cadros Nº.A.3.1 e A.3.2. Estes dous cadros mostran que o principal abastecedor da Eurorrexión é Francia, país que abastece arredor dun cuarto das importacións totais. Xa cunha importancia menor encontramos Alemaña, Italia e o Reino Unido, países que, con Francia, abastecen case o 60% das importacións totais da Eurorrexión. Tal e como vimos máis arriba, as importacións da Eurorrexión inclúen as importacións da RNP en España e as de Galicia con orixe en Portugal. Pois ben, en termos de Eurorrexión, as importacións en España increméntanse desde 1993 en diante chegando a significar, en 1997, unha porcentaxe próxima ó 20% das importacións totais, é dicir, o segundo abastecedor da Eurorrexión detrás de Francia.

Cadro A.3.1 - ORIXE DAS IMPORTACIÓNS DA EURORREXIÓN

PAÍS	1993	1994	1995	1996	1997
Francia	28,30	27,62	23,68	26,16	26,44
Bel-Lux	4,42	4,51	4,79	4,31	4,22
Holanda	5,45	4,97	4,82	4,37	4,81
Alemaña	20,28	19,65	18,97	17,84	16,54
Italia	12,16	12,27	12,07	11,93	11,67
R. Unido	9,40	8,07	8,56	8,00	9,54
Irlanda	0,56	0,51	0,48	0,41	0,50
Dinamarca	0,79	1,08	1,53	1,56	0,78
Grecia	0,21	0,25	0,29	0,24	0,21
Portugal	3,61	4,20	4,14	4,23	4,17
España	14,81	16,87	17,93	18,21	18,61
Suecia			1,25	1,42	1,25
Finlandia			0,63	0,49	0,56
Austria			0,81	0,83	0,70
Outros			0,03	0,00	0,00
	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Cadro A.3.2 - DESTINO DAS EXPORTACIÓNS DA EURORREXIÓN

PAIS	1993	1994	1995	1996	1997
Francia	22,89	23,29	22,19	24,94	23,20
Bel-Lux	4,43	4,68	3,68	3,83	4,40
Holanda	5,85	5,36	5,27	5,30	5,30
Alemaña	26,44	24,84	24,00	20,93	20,05
Italia	5,37	5,75	5,31	5,78	6,28
R. Unido	16,24	15,07	13,88	13,22	14,76
Irlanda	0,68	0,75	0,65	0,64	0,53
Dinamarca	2,76	3,03	2,63	2,31	2,17
Grecia	0,53	0,73	0,76	0,81	0,83
Portugal	5,50	6,96	6,77	7,64	7,95
España	9,32	9,55	9,50	9,67	9,97
Suecia			2,86	2,60	2,46
Finlandia			0,94	0,82	0,71
Austria			1,38	1,31	1,20
Outros			0,17	0,19	0,18
	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: Para 1993 elaboración propia sobre I.G.E.; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994 elaboración propia sobre I.G.E.; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Rexional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Polo lado das exportacións a situación é xa máis nítida: Entre Francia, Alemaña e o Reino Unido concentran máis da metade das exportacións da Eurorrexión e, correspondendo case un cuarto a Francia. Este aspecto da cuestión queda de relevo ó considerar os resultados do Índice de Herfindahl, tanto para a Eurorrexión no seu conxunto, como para cada rexión en particular [101]. En efecto, o comercio intracomunitario de Galicia preséntase máis concentrado có da RNP, sobre todo polo lado das importacións, e calquera deles está máis concentrado que o da Eurorrexión.

[101] Como no caso anterior, o cálculo dos coeficientes de Herfindahl dános unha primeira idea (aproximada) do nivel de concentración dos fluxos comerciais e da súa evolución nos anos en estudio, tal e como nos manifiesta o cadro a continuación.

Concentración dos fluxos comerciais da Eurorrexión
(Países Unión Europea, Indice de Herfindahl)

	Rexión Norte		Galicia		Eurorrexión	
	Import	Export	Import	Export	Import	Export
1993	18,07	19,19	36,92	19,37	17,31	16,95
1994	18,25	18,44	38,18	20,78	17,13	16,20
1995	17,29	16,96	29,13	19,70	15,30	14,86
1996	17,57	16,07	32,99	22,63	16,02	14,79
1997	17,27	15,90	33,63	20,22	16,08	14,21

Fonte: Elaboración propia sobre información citada no texto.

As taxas de cobertura e os saldos comerciais sinálannos o carácter e os resultados dos fluxos comerciais país a país. A análise dos Cadros Nº.A.3.3 e A.3.4 indica que a Eurorrexión mantén saldos comerciais e taxas de cobertura superavitarias fronte a todos os países da Unión Europea, excepción feita de Italia e España (e moi ocasionalmente Francia). Particularmente con Alemaña e o Reino Unido os saldos comerciais son elevados e as taxas de cobertura moi consistentes.

Cadro A.3.3 - SALDOS COMERCIAIS DA EURORREXIÓN (Porcentaxe do total)

PAÍS	1993	1994	1995	1996	1997
Francia	-9,55	3,85	15,84	17,88	3,11
Bel-Lux	4,46	5,40	-1,06	1,04	5,55
Holanda	8,26	7,08	7,15	10,70	8,35
Alemaña	63,37	48,14	45,43	38,91	41,78
Italia	-35,37	-23,48	-23,48	-29,91	-27,12
R. Unido	57,22	46,45	36,53	43,54	47,10
Irlanda	1,37	1,82	1,37	2,00	0,73
Dinamarca	14,59	11,77	7,34	6,69	10,74
Grecia	2,44	2,90	2,75	4,08	4,66
Portugal	16,78	19,33	17,99	27,44	31,38
España	-23,57	-23,25	-26,44	-39,92	-43,52
Suecia			9,70	9,43	9,96
Finlandia			2,28	2,75	1,64
Austria			3,80	4,09	4,36
Outros			0,78	1,29	1,29
	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Cadro A.3.4 - TAXAS DE COBERTURA COMERCIAL DA EURORREXIÓN

PAÍS	1993	1994	1995	1996	1997
Francia	94,37	103,11	115,69	111,78	101,90
Bel-Lux	116,82	126,69	94,82	104,17	121,24
Holanda	125,27	131,76	134,77	142,25	128,02
Alemaña	152,14	154,66	156,20	137,60	140,76
Italia	51,48	57,31	54,34	56,79	62,49
R. Unido	201,52	228,31	200,12	193,79	179,71
Irlanda	140,48	179,01	166,66	183,91	123,53
Dinamarca	408,62	344,01	212,67	174,05	321,46
Grecia	292,43	360,57	324,73	388,29	454,19
Portugal	177,51	202,73	201,96	211,87	221,35
España	73,45	69,26	65,41	62,22	62,25
Suecia			281,66	214,47	228,78
Finlandia			184,73	196,66	147,05
Austria			209,54	184,52	201,00
Outros			3,29	181,68	0,00
	116,68	**122,31**	**123,47**	**117,23**	**116,14**

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Outro aspecto que tamén nos interesa é saber se existe, ou non, superposición país a país dos fluxos comerciais de Galicia e da RNP. Dito doutro modo, se as dúas rexións compiten nos mesmos mercados cos mesmos productos ou, polo contrario, presentan unhas estructuras comerciais complementarias. Os Cadros Nº.A.3.5 e A.3.6 recollen a descomposición dos fluxos comerciais da Eurorrexión para 1993 e para 1997. No que se refire ás importacións da Eurorrexión en Alemaña e Italia, os datos anteriores expoñen como ese é un fluxo concentrado na RNP e cómo, polo contrario, as importacións da Eurorrexión con orixe en Francia son primordialmente de Galicia, aínda que neste caso o peso da RNP é de ter en conta. De todas formas, as complementariedades ou concorrencias son máis relevantes do lado das exportacións. As exportacións da Eurorrexión a Alemaña ou ó Reino Unido son típicas da RNP, mentres que as exportacións ó mercado francés, aínda que o peso da RNP é o máis importante, son tamén importantes en Galicia. Máis adiante volveremos co detalle sobre esta cuestión. De momento debemos reter a idea de que, en principio e a este nivel de análise, se pode soster a proposición de que as estructuras comerciais de Galicia e a RNP son bastante complementarias, tanto no que se refire ós fluxos comerciais dos grandes sectores como á súa distribución por países.

Cadro A.3.5 - COMERCIO DA EURORREXIÓN COA UNIÓN EUROPEA, 1993

	IMPORTACIÓNS			EXPORTACIÓNS		
	GAL	RNP	EUR	GAL	RNP	EUR
Francia	18,34	9,97	28,30	8,18	14,71	22,89
Bel-Lux	0,51	3,91	4,42	1,25	3,17	4,43
Holanda	1,40	4,06	5,45	0,62	5,24	5,85
Alemaña	1,48	18,80	20,28	3,28	23,16	26,44
Italia	1,78	10,38	12,16	3,00	2,36	5,37
R. Unido	4,10	5,31	9,40	4,52	11,72	16,24
Irlanda	0,42	0,14	0,56	0,18	0,50	0,68
Dinamarca	0,17	0,62	0,79	0,05	2,72	2,76
Grecia	0,02	0,19	0,21	0,25	0,29	0,53
Portugal	3,61	0,00	3,61	5,50	0,00	5,50
España	0,00	14,81	14,81	0,00	9,32	9,32
Suecia						
Finlandia						
Austria						
Outros						
	31,8	**68,2**	**100,0**	**26,8**	**73,2**	**100,0**

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Cadro A.3.6 - COMERCIO DA EURORREXIÓN COA UNIÓN EUROPEA, 1997

	IMPORTACIÓNS			EXPORTACIÓNS		
	GAL	RNP	EUR	GAL	RNP	EUR
Francia	17,85	8,59	26,44	9,68	13,52	23,20
Bel-Lux	0,60	3,62	4,22	1,69	2,71	4,40
Holanda	0,89	3,93	4,81	0,81	4,49	5,30
Alemaña	2,06	14,49	16,54	2,95	17,10	20,05
Italia	2,29	9,38	11,67	3,34	2,93	6,28
R. Unido	4,02	5,52	9,54	2,64	12,11	14,76
Irlanda	0,26	0,24	0,50	0,11	0,42	0,53
Dinamarca	0,17	0,61	0,78	0,06	2,11	2,17
Grecia	0,03	0,19	0,21	0,55	0,28	0,83
Portugal	4,17	0,00	4,17	7,95	0,00	7,95
España	0,00	18,61	18,61	0,00	9,97	9,97
Suecia	0,32	0,93	1,25	0,17	2,29	2,46
Finlandia	0,15	0,41	0,56	0,09	0,62	0,71
Austria	0,07	0,63	0,70	0,26	0,94	1,20
Outros	0,00	0,00	0,00	0,16	0,02	0,18
	32,9	**67,1**	**100,0**	**30,5**	**69,5**	**100,0**

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994 elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

A.4. Estudio xeral dalgúns comercios particulares

No epígrafe anterior analizamos os trazos máis xerais e descritivos do comercio exterior da eurorrexión tomado no seu conxunto, isto é, o resultado da simple agregación dos comercios de Galicia e a Rexión do Norte coa UE, aí incluída España e Portugal. Neste epígrafe, nós propoñemos realizar un estudio máis particularizado dos compoñentes máis importantes dese comercio: o comercio de Galicia con Portugal, o da RNP con España e, por último, o comercio entre Galicia e a RNP. O mesmo ca no epígrafe anterior, manterémonos a un nivel de agregación de Seccións arancelarias e nun ton descritivo.

A.4.1. O comercio entre Galicia e Portugal

O comercio entre Galicia e Portugal no seu conxunto desenvolveuse intensamente desde a adhesión de España e Portugal á Unión Europea a mediados da década dos oitenta, desenvolvemento que colocou a Portugal no segundo socio comercial de Galicia, por detrás de Francia [102]. No que se refire ó período que nos ocupa, este comercio pasa de representar o 20% das exportacións galegas á UE en 1993, ata situarse por encima do 26% en 1997. Este desenvolvemento tan intenso da corrente exportadora galega a Portugal non ten a súa equivalencia polo lado das importacións: estas sitúanse arredor do 13% das importacións intracomunitarias de Galicia durante o período anterior. Como consecuencia, este comercio é superavitario para Galicia (algo máis de 500 millóns de Euros en 1997), mantendo unhas taxas de cobertura nas cales as exportacións case duplican ás importacións, tal e como expresa o cadro Nº.A.4.1.

Cadro A.4.1 - COMERCIO ENTRE GALICIA E PORTUGAL

	Millóns de Ecus			Taxa	Porcentaxe sobre total	
	Import	Export	Saldo	Cobt.	Import	Export
1.993	232,27	412,29	180,02	177,50	11,35	20,49
1.994	296,20	600,60	304,40	202,77	13,23	24,54
1.995	341,96	690,59	348,63	201,95	14,13	23,92
1.996	392,59	831,86	439,27	211,89	12,83	24,64
1.997	437,33	967,94	530,61	221,33	12,70	26,10

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

En síntese, Galicia destina ó mercado portugués arredor dun cuarto das súas exportacións mentres realiza en Portugal soamente un 13% das súas importacións intracomunitarias.

O cadro Nº.A.4.2 recolle a descomposición deste fluxo comercial para 1995, 1996 e 1997, a un nivel de Sección Arancelaria. No que se refire ás importacións, máis dun cuarto destas concéntranse no sector Téxtil e confección (Sec.XI) e un 20% na Sec.I, é dicir, na Producción animal. Cunha participación menor encontramos as importacións de madeira (Sec.IX) e as importacións de metais comúns e as súas manufacturas (Sec.XV). Entre estes catro sectores acumulan case o 75% das importacións galegas con orixe en Portugal. Polo outro lado, Galicia exporta a Portugal principalmente productos do reino animal (Sec.I), Metais comúns e as súas elaboracións (Sec.XV) e Material de transporte (Sec.XVII).

[102] Para unha análise pormenorizada desta cuestión, véxase Sequeiros Tizón, J. (Dir.); **El comercio exterior de Galicia**... Op. Cit. Cap.VII.

Cadro A.4.2 - COMERCIO ENTRE GALICIA E PORTUGAL: SECCIÓNS ARANCELARIAS

	IMPORTACIÓNS			EXPORTACIÓNS		
Secc	1995	1996	1997	1995	1996	1997
I	16,79	19,57	20,51	31,98	32,87	27,24
II	0,72	0,79	0,71	3,19	3,15	3,50
III	0,19	0,18	0,42	0,32	0,46	0,34
IV	1,60	1,97	1,30	6,68	6,55	6,20
V	3,82	4,05	1,74	2,01	1,95	2,76
VI	1,29	1,63	1,95	2,61	2,96	3,20
VII	6,00	4,59	4,89	2,84	2,27	2,41
VIII	0,41	0,36	0,60	1,82	1,45	1,95
IX	12,98	8,43	10,29	7,34	5,61	5,09
X	2,90	3,53	3,06	0,82	1,47	1,24
XI	29,83	27,04	27,62	9,08	8,92	9,84
XII	0,88	0,84	0,69	0,96	0,94	0,95
XIII	2,54	2,32	2,77	1,99	2,30	2,25
XIV	0,00	0,01	0,00	0,00	0,07	0,06
XV	11,51	12,51	10,08	12,24	10,88	12,03
XVI	3,55	5,17	4,97	6,08	4,94	4,38
XVII	3,07	5,41	7,18	8,19	10,94	13,36
XVIII	0,26	0,25	0,18	0,09	0,30	1,29
XIX	0,00	0,00	0,01	0,00	0,00	0,00
XX	1,64	1,35	1,02	1,68	1,92	1,87
XXI	0,01	0,00	0,00	0,09	0,07	0,04
Total	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

A.4.2. O comercio entre a Rexión do Norte e España

O comercio da Rexión do Norte con España presenta un perfil que, grosso modo, é o contrario do anterior. En primeiro lugar é un comercio deficitario para a RNP (un déficit de algo máis de 700 Millóns de Ecus en 1997) e cunhas taxas de cobertura decrecentes no tempo: A Rexión do Norte só cobre coas súas exportacións a España pouco máis do 60% das súas importacións en 1997, cando esta porcentaxe era, en 1993, superior ó 70%. Ó mesmo tempo, o peso de España no comercio intracomunitario da RNP é cada vez maior, desenvolvéndose máis velozmente do lado das importacións que das exportacións. O mesmo cadro Nº.A.4.3 pon de manifesto que o mercado español representaba entre o 13% e o 14% das exportacións da RNP e, sen embargo, polo lado das importacións, esta porcentaxe pasa do 21% en 1993 ata situarse cerca do 28% en 1997. En definitiva, e sintetizando, a RNP realiza en España un cuarto das súas importacións e destina a España soamente un 13% das súas exportacións intracomunitarias [103].

[103] Para unha análise detallada do comercio exterior da Rexión do Norte, véxase C.C.R.N. e I.C.E.P.; **O comércio externo da Regiao do Norte. Caracterizaçao global**. Ed. CCRN. Porto, 1998.

Cadro A.4.3 - O COMERCIO ENTRE A REXIÓN NORTE E ESPAÑA

	Millóns de Ecus					
	Import	Export	Saldo	Taxa Cobt.	Porcentaxe sobre total Import	Porcentaxe sobre total Export
1.993	952,06	699,28	-252,78	73,45	21,72	12,74
1.994	1.190,10	824,40	-365,70	69,27	24,43	13,32
1.995	1.480,72	968,57	-512,15	65,41	25,37	13,26
1.996	1.691,19	1.052,29	-638,90	62,22	27,16	14,01
1.997	1.949,78	1.213,83	-735,95	62,25	27,71	14,35

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago,1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

O cadro Nº.A.4.4 recolle a composición interna destes fluxos comerciais ó nivel de Sección Arancelaria. A RNP importa do mercado español principalmente Téxtiles e Confección (Sec.XI), Metais comúns e Máquinas eléctricas (Secs.XV e XVI) e Productos do reino animal (Sec.I). Sen embargo, polo lado das exportacións da RNP a España, o fluxo está máis concentrado: as exportacións de Téxtil e confección son case un tercio do total e as Máquinas eléctricas representan un 13%. Practicamente entre estes dous sectores concentran a metade do fluxo exportador da RNP a España.

Cadro A.4.4 - COMERCIO ENTRE A REXIÓN DO NORTE E ESPAÑA (Seccións arancelarias)

	Importacións			Exportacións		
Secc	**1995**	**1996**	**1997**	**1995**	**1996**	**1997**
I	10,29	10,30	9,34	4,01	4,89	6,41
II	4,06	4,39	4,11	0,40	0,40	0,50
III	0,85	0,76	0,67	0,14	0,27	0,29
IV	3,64	3,78	3,53	1,46	1,97	1,76
V	1,61	2,04	2,20	5,58	4,15	2,23
VI	6,39	5,74	5,48	5,50	4,03	2,45
VII	7,07	6,99	7,49	6,01	5,73	6,18
VIII	2,41	2,88	3,15	0,36	0,57	0,53
IX	4,29	4,41	4,57	8,12	6,17	6,67
X	4,15	3,79	3,56	6,69	4,12	3,21
XI	14,32	14,45	14,23	31,93	33,85	31,82
XII	1,36	1,48	1,54	1,11	1,57	1,45
XIII	3,34	3,40	3,61	1,63	5,04	5,01
XIV	3,73	2,98	2,57	0,10	0,25	1,22
XV	15,44	13,14	13,10	9,94	9,04	8,57
XVI	11,70	12,54	13,10	9,35	9,27	12,85
XVII	2,56	2,97	3,21	4,58	5,52	5,59
XVIII	0,65	0,81	1,28	0,35	0,29	0,40
XIX	0,13	0,13	0,08	0,12	0,09	0,09
XX	1,99	3,00	3,16	2,62	2,78	2,72
XXI	0,02	0,02	0,02	0,00	0,00	0,05
Total	**100,00**	**100,00**	**100,00**	**100,00**	**100,00**	**100,00**

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Chegados a este punto quixeramos recalcar a asimetría existente entre estes dous últimos tipos de comercio. Por unha parte, e para Galicia, o mercado portugués é importante polo lado das exportacións (un 25% das exportacións intracomunitarias galegas) e, por outra parte, para a Rexión do Norte, o mercado español é fundamental polo lado das importacións (máis dun 25% das importacións intracomunitarias da RNP). Os restantes fluxos (as importacións de Galicia en Portugal e as exportacións da RNP a España), carecen da relevancia anterior, manténdose arredor dun 13% do respectivo comercio intracomunitario.

A.4.3. O comercio entre Galicia e a Rexión do Norte

O comercio entre Galicia e a Rexión do Norte é un tipo especial de comercio, principalmente debido a que, baixo o punto de vista da Eurorrexión, non é comercio exterior senón que, polo contrario, é comercio intrarrexional en sentido estricto. O comercio entre Galicia e Portugal inclúe un segmento que é comercio intrarrexional da Eurorrexión (o comercio entre Galicia e a Rexión do Norte) e outro segmento que é comercio exterior en sentido estricto: o comercio entre Galicia e o Resto de Portugal. Baixo o punto de vista da Rexión do Norte a situación é a mesma: o comercio da RNP con Galicia é intrarrexional e o da RNP co resto de España é comercio exterior da Eurorrexión.

A análise do comercio entre Galicia e a RNP choca frontalmente cun problema básico: a falta de información estatística. En efecto, as estatísticas de comercio exterior españolas recollen, no que aquí nos afecta, a provincia española de orixe ou destino do fluxo comercial e o país que é o outro extremo do fluxo comercial. Polo tanto non existe a posibilidade de diferenciación rexional no que significa país de orixe ou destino do fluxo comercial dunha provincia determinada.

Este baleiro estatístico foi cuberto polas estimacións do Instituto Galego de Estatística a un nivel de agregación de dez sectores [104], sectores que son o resultado da agregación das XXI Seccións Arancelarias da NC. Os resultados figuran no cadro Nº.A.4.5 nos que se recolle o comercio de Galicia coa Rexión do Norte e o seu simétrico, é dicir, a RNP con Galicia.

[104] Véxase Instituto Galego de Estatística; Anuario **Estatístico Galicia Norte de Portugal, 1995**. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. E para 1994 véxase I.G.E.; **Anuario Estatístico Galicia Norte de Portugal, 1996. Santiago, 1997**. Páx. 97 e ss.

Cadro A.4.5 - COMERCIO ENTRE GALICIA E A REXIÓN NORTE DE PORTUGAL

	Galicia (Millóns de Ecus)			Taxa	Peso sobre Portugal		Peso sobre total	
	Import	Export	Saldo	Cobt.	Import	Export	Import	Export
1994	192,80	266,50	73,70	138,23	65,09	44,37	8,61	10,89
1995	225,80	319,60	93,80	141,54	66,03	46,28	9,33	11,07
1996	237,00	376,30	139,30	158,78	60,37	45,24	7,75	11,15
1997	290,12	443,48	153,36	152,86	66,34	45,82	8,43	11,96

	Rexión do Norte (Millóns de Ecus)			Tasa	Peso sobre España		Peso sobre total	
	Import	Export	Saldo	Cobt.	Import	Export	Import	Export
1994	266,50	192,80	-73,70	72,35	22,39	23,39	5,47	3,12
1995	319,60	225,80	-93,80	70,65	21,58	23,31	5,48	3,09
1996	376,30	237,00	-139,30	62,98	22,25	22,52	6,04	3,16
1997	443,48	290,12	-153,36	65,42	22,74	23,90	6,30	3,43

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

No que se refire ó comercio entre Galicia e a Rexión do Norte, este é un comercio excedentario para Galicia (sobre 150 Millóns de Ecus en 1996 e 1997) arroxando unhas taxas de cobertura do 150% anual. O que é xa máis significativo é o peso deste comercio sobre o comercio entre Galicia e Portugal: o cadro anterior sinala que practicamente a metade do comercio Galicia Portugal queda na Rexión do Norte. En efecto, case a metade das exportacións galegas a Portugal (concretamente un 45%) e máis dun 60% das importacións galegas de Portugal teñen a súa orixe ou destino na Rexión do Norte. O peso deste comercio sobre o intracomunitario total de Galicia tamén é relevante: Galicia destina á RNP algo máis dun 10% das súas exportacións intracomunitarias e algo menos dun 10% das súas importacións intracomunitarias.

Baixo o punto de vista da Rexión do Norte, a situación é a simétrica pero cunha relevancia distinta. O comercio entre a RNP e Galicia é deficitario para a RNP en 150 Millóns de Ecus anuais e cunha taxa de cobertura descendente e lixeiramente superior ó 60% nos dous últimos anos en estudio. Este comercio entre a RNP e Galicia significa entre o 20% e o 25% do comercio da RNP con España a porcentaxes menores respecto ó comercio intracomunitario da Rexión do Norte. O cadro anterior sinálanos como as exportacións da RNP a Galicia, significan menos do 25% das exportacións da RNP a España e non alcanzan o 4% das exportacións intracomunitarias da Rexión do Norte. Polo lado das importacións a situación é similar: as importacións da RNP en Galicia non alcanzan o 23% das importacións desa rexión en España nin alcanzan tampouco o 7% das importacións intracomunitarias totais da RNP.

O cadro Nº.A.4.6 recolle a composición interna do fluxo comercial entre Galicia e a Rexión do Norte. Galicia exporta á RNP principalmente productos do sector primario (un tercio do total), Téxtil e confección e Metais e as súas manufacturas. A Rexión do Norte exporta a Galicia productos téxtiles (máis dun tercio do total) e productos do sector alimentario.

Cadro A.4.6 - O COMERCIO BILATERAL ENTRE A REXIÓN DO NORTE E GALICIA (Grupos de Seccións arancelarias)

	Exportacións de Galicia á Rexión Norte				Exportacións da Rexión Norte a Galicia			
	1994	1995	1996	1997	1994	1995	1996	1997
1	39,85	36,61	37,18	33,07	12,34	14,22	18,86	16,88
2	7,28	8,35	9,01	7,38	0,83	0,66	1,05	1,13
3	4,77	4,26	4,78	6,95	14,52	12,49	5,99	5,56
4	4,80	7,23	6,11	7,47	6,33	7,13	7,26	5,97
5	11,86	10,33	10,74	11,66	41,86	33,26	38,31	37,52
6	7,54	9,89	10,28	8,45	7,52	13,82	9,32	8,08
7	10,51	9,23	9,41	11,64	8,40	10,41	7,72	7,82
8	6,45	8,04	5,85	6,23	3,53	3,85	4,56	6,26
9	3,04	4,10	4,20	4,93	2,23	1,77	4,56	5,49
10	3,90	1,97	2,44	2,22	2,44	2,39	2,36	5,30
Total	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

Grupo	Contido	Seccións
1	Agricultura, Gandería e Pesca	I e II
2	Industrias alimentarias	III e IV
3	Minerais e Manufacturas	V e XIII
4	Industria Química	VI e VII
5	Téxtil e confección	VIII, XI e XII
6	Madeira e pasta de papel	IX e X
7	Metais e as súas manufacturas	XV
8	Máquinas e aparatos	XVI
9	Material de Transporte	XVII
10	Resto Comerciables	XIV, XVIII, XIX, XX, XXI

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

A.5. A xeografía do comercio exterior da Eurorrexión

Neste epígrafe imos estudiar unha cuestión moi relevante, sobre todo baixo o punto de vista territorial: imos descompoñer a Eurorrexión nas súas subrexións e imos realizar algúns cálculos que nos permitan analizar as concentracións do comercio e da producción no espacio e, se é o caso, as aperturas ó exterior intracomunitario (España e Portugal aí comprendidas).

O cadro Nº.A.5.1 recolle a distribución dos fluxos comerciais para cada unha das subrexións da Eurorrexión. Como xa vimos máis arriba, o cadro recolle como a contribución da Rexión do Norte é fundamental no comercio exterior da Eurorrexión: sobre o 70% das importacións e exportacións intracomunitarias da Eurorrexión teñen a súa orixe ou o seu destino na Rexión do Norte. Este cadro tamén sinala que o peso de Grande Porto é extraordinario: esta comarca concentra o 40% das importacións e o 23% das exportacións da Eurorrexión. En segundo lugar figura Pontevedra. Esta última subrexión concentra un 20% escaso das importacións e

exportacións da Eurorrexión. Nun terceiro lugar figura a subrexión de Ave, tamén cun peso importante nas exportacións (semellante o de Pontevedra) pero cun peso menor nas importacións (sobre un 13% do total). O resto das subrexións presentan xa contribucións máis reducidas ó comercio, aínda que non son desprezables as contribucións de Támega, Cávado e, en certa medida, A Coruña.

Cadro A.5.1 - O COMERCIO INTRACOMUNITARIO DA EURORREXIÓN GALICIA NORTE DE PORTUGAL: Nuts III, 1995

	RNP		Galicia		Eurorrexión	
	Import	Export	Import	Export	Import	Export
Alto tras os Montes	0,24	0,12	0,00	0,00	0,24	0,12
Ave	13,13	18,34	0,00	0,00	13,13	18,34
Cávado	4,81	8,82	0,00	0,00	4,81	8,82
Coruña, A	0,00	0,00	7,90	5,22	7,90	5,22
Douro	0,40	0,32	0,00	0,00	0,40	0,32
Entre Douro e Vouga	6,64	10,45	0,00	0,00	6,64	10,45
Grande Porto	39,92	23,14	0,00	0,00	39,92	23,14
Lugo	0,00	0,00	0,86	2,08	0,86	2,08
Miño Lima	2,18	2,90	0,00	0,00	2,18	2,90
Ourense	0,00	0,00	0,97	2,05	0,97	2,05
Pontevedra	0,00	0,00	19,59	18,98	19,59	18,98
Támega	3,35	7,59	0,00	0,00	3,35	7,59
Eurorrexión	**70,68**	**71,68**	**29,32**	**28,32**	**100,00**	**100,00**

Nota: Inclúe o comercio da RNP con España e o comercio de Galicia con Portugal.
Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

O cadro Nº.A.5.2 pon en relación a contribución de cada subrexión ó producto comerciable (VABC p.m.) e ó comercio total, isto é, ás importacións máis as exportacións. As subrexións portuguesas volven sobresaír case todas, principalmente Grande Porto. Esta última subrexión achega o 20% do producto e o 30% do comercio intracomunitario da Eurorrexión. En segundo lugar figura Pontevedra: aporta o 16% do producto e o 19% do comercio, porcentaxes algo superiores ás que achega a subrexión de Ave. Polo contrario, o cadro anterior sinala tamén como existen algúns casos especiais moi importantes.

Cadro A.5.2 - CONTRIBUCIÓNS Ó VEB COMERCIALIZABLE E Ó COMERCIO TOTAL (Importacións máis Exportacións)

	Rexión do Norte		Galicia		Eurorrexión	
	Producto	Comercio	Producto	Comercio	Producto	Comercio
Alto tras os Montes	2,46	0,17			2,46	0,17
Ave	10,98	16,01			10,98	16,01
Cávado	5,34	7,03			5,34	7,03
Coruña, A			18,09	6,42	18,09	6,42
Douro	3,70	0,36			3,70	0,36
Entre Douro e Vouga	5,78	8,75			5,78	8,75
Grande Porto	20,33	30,65			20,33	30,65
Lugo			5,51	1,53	5,51	1,53
Miño Lima	2,36	2,57			2,36	2,57
Ourense			4,26	1,56	4,26	1,56
Pontevedra			15,75	19,25	15,75	19,25
Támega	5,45	5,69			5,45	5,69
Eurorrexión	**56,39**	**71,23**	**43,61**	**28,77**	**100,00**	**100,00**

Fonte: Para 1993, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1995. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1996. Páx. 91 e ss. Para 1994, elaboración propia sobre IGE; Anuario Estatístico Galicia - Norte de Portugal, 1996. Ed. Instituto Galego de Estatística. Santiago, 1997. Páx. 97 e ss. Para 1995 e ss. Información facilitada polo Instituto Galego de Estatística e a Dirección Regional do Norte do Instituto Nacional de Estatística.

Un deles é a subrexión da Coruña, subrexión que ofrece o 18% do producto comercializable da Eurorrexión e, sen embargo, soamente pouco máis dun 6% do comercio total. Este mesmo caso repítese tamén en Ourense e Lugo e nalgunhas subrexións portuguesas situadas no interior do país, do tipo Alto Tras os Montes, Douro, etc.

En definitiva, o cadro anterior está a indicarnos que Grande Porto (e as subrexións limítrofes Ave, Cávado, Támega e Entre Douro e Vouga) e Pontevedra son os grandes polos de concentración de producto e do comercio exterior. Nestes dous grande polos concéntrase máis do 60% do producto e máis 90% do comercio intracomunitario da Eurorrexión. Os territorios do interior (Lugo, Ourense, Alto Tras os Montes e Douro) presentan baixas participacións, tanto no producto comercializable como no comercio intracomunitario da Eurorrexión [105].

[105] A información desglosada ó nivel subrexións obtivémola, para o comercio exterior galego, gracias ás facilidades proporcionadas polo Instituto Galego de Estatística, organismo que nos facilitou tamén a información da **Contabilidade Regional de Portugal** (INE, Lisboa) para 1995 e a este nivel de desagregación. O comercio intracomunitario da rexión do Norte a níveis subrexionais obtivémolo de Varios; **Plano Nacional de desenvolvimento económico e social 2000-2006. O Comércio externo da regiao do Norte. Caracterizaçao global.** Ed. CCRN e ICEP. Porto, 1998. A información do producto galego obtivémola a través de INE; **Contabilidad Regional de España.** Ed. INE. Madrid, 1998.

CONCLUSIÓNS

Aínda que en termos de Paridade de Poder de Compra as productividades medias por habitante de Galicia e da Rexión do Norte son moi similares [106], non ocorre o mesmo ó ter en conta a producción (PIB) por ocupado, onde, tendo as dúas rexións productividades moi baixas, son algo superiores en Galicia que na Rexión do Norte [107]. Estes indicadores revelan que a Eurorrexión forma parte da periferia europea (o mesmo que España e Portugal) e que a *distancia económica* ó centro da UE (así entendida) está a reducirse co paso do tempo, pero segue sendo considerable.

A poboación da Rexión do Norte é superior, e crece máis rapidamente, cá galega: a Eurorrexión, en 1995, tiña unha poboación de 6,35 millóns de persoas, o 55,47% situados ó Sur do río Miño. A pesar desta situación, a Rexión do Norte presenta un déficit importante no que se refire á formación da man de obra: aínda que a poboación universitaria é moi semellante nas dúas rexións (uns 90.000 estudiantes en cada unha), o déficit maniféstase na ensinanza secundaria non obrigatoria e na formación profesional, onde o alumnado de Galicia duplica ou máis o alumnado da Rexión do Norte, a pesar de ter unha poboación menor e máis envellecida [108].

Outro aspecto que é importante sinalar é a debilidade do investimento estranxeiro na Eurorrexión, sobre todo en Galicia. Esta debilidade explicaría un segmento importante doutras debilidades engadidas: un reducido comercio intraindustrial, un peso tamén reducido do contido tecnolóxico no comercio exterior, a estructura por gamas de calidade, etc.

1) Unha das primeiras conclusións que destacariamos ten que ver co maior peso da producción de bens comercializables sobre a producción total no seu conxunto. En efecto, a producción da Eurorrexión está orixinada fundamentalmente na agricultura e industria (ramas de 01 a 50 da RR-17), tendo o sector servicios un peso reducido, excepción feita dos Servicios non destinados á venda (léase, servicios públicos, principalmente en Galicia) e, ocasionalmente, o sector da construcción. Esta característica, podería colocar a Eurorrexión nun nivel de vulnerabilidade elevado fronte ós cambios que poderían ocorrer no mercado internacional.

---

[106] Nótese que para unha media do PIB por habitante (SPA) EUR15=100, a Rexión do Norte sitúase en 62,4 e Galicia en 63,0 en 1996. Ó mesmo tempo, debemos sinalar que estas dúas rexións non soamente son desfavorecidas fronte á media comunitaria, senón que, ademais, o son tamén ó respecto da media dos Estados respectivos: as medias española e portuguesa, respecto á magnitude anterior, situabanse no 78,7 e no 70,5 por cento, respectivamente, tamén en 1996. En segundo lugar, debemos sinalar que existiu un proceso de convergencia, no que se refire a este indicador: en 1988 os valores anteriores eran dun 57 por cento para Galicia e dun 54 por cento para a Rexión do Norte. Véxase Commission UE; **Sixième rapport périodique sur la situation et l´évolution socioéconomique des régions.** Bruxelas, 1999.

[107] Supoñendo para o PIB por ocupado unha media EUR15=100, Galicia alcanzaría un 71 por cento e a Rexión do Norte un 59 por cento en 1996. Para 1988, por exemplo, estas porcentaxes estaban situadas no 61 e no 46 por cento, respectivamente. Tomado de Commission UE; **Sixième rapport périodique sur**... Op. Cit. 1999

[108] Tomado do I.G.E.; **Anuario Estatístico Galicia Norte de Portugal, 1996.** Ed. I.G.E. e I.N.E. (Direcçao Regional Norte). Santiago, 1997. Páxs. 135 e ss.

2) Ó mesmo tempo, e aínda que carecemos de información sobre o comercio da Rexión do Norte co espacio extra UE, podemos afirmar que o comercio exterior da Eurorrexión está moi orientado cara ó mercado intracomunitario, sobre todo do lado das exportacións. Esta característica estaría informándonos de que este comercio exterior é, en certa medida, un comercio interno, orientado cara ó mercado doméstico (neste caso, o mercado interno da Unión Europea).

3) As contribucións de Galicia e da Rexión do Norte ó comercio intracomunitario da Eurorrexión presentan asimetrías importantes. En primeiro lugar, o peso específico da Rexión do Norte é notable: achega arredor do 65% das importacións e cerca do 73% das exportacións da Eurorrexión, no período estudiado. En segundo lugar, a Rexión do Norte é básica dentro do comercio portugués (un 30% das importacións e máis da metade das exportacións portuguesas á UE), mentres Galicia contribúe con porcentaxes reducidas do comercio español (un 5% escaso). Estas asimetrías teñen que ver tamén coas distintas contribucións que teñen España e Portugal ó comercio intracomunitario de Iberia.

4) As asimetrías anteriores repítense tamén ó analizar o comportamento da balanza comercial da Eurorrexión. A Rexión do Norte presenta saldos positivos e cuantiosos, mentres Galicia pecha con déficits reducidos. Como resultante, a Eurorrexión ten un comercio intracomunitario con excedentes anuais entre os 1.000 e 2.000 millións de Ecus.

5) A análise das importacións (CUCI, Rev.3, tres díxitos) pon de manifesto que as importacións máis voluminosas están relacionadas co sector da Automoción (un 25%) e co sector Téxtil e Confección (un 15%). Outros sectores con importancia nas importacións é o enerxético, o de maquinaria industrial, material eléctrico, peixe, cereais, etc.

6) A análise xeográfica da orixe das importacións salienta que Francia é o principal abastecedor da Eurorrexión cun tercio das importacións. Nun segundo lugar, teriamos a Alemaña (un 20%), O Reino Unido (un 13%) e Italia cun 10% das importacións totais. O resto dos países ofrecen porcentaxes menores (o Benelux, por exemplo) ou insignificantes.

7) A corrente exportadora concéntrase no sector Téxtil e confección con case un tercio das exportacións totais, ó que habería que engadir o sector da automoción, responsable dun 15% das exportacións totais, o sector do calzado (un 13%) ou as exportacións de material eléctrico (6%).

8) A análise xeográfica do destino das exportacións sinala que Francia é o principal cliente da Eurorrexión cun 30% das exportacións. Nun segundo lugar, teriamos a Alemaña (un 25%), O Reino Unido (un 18%) e Italia, cun 7% das exportacións totais. O resto dos países ofrecen porcentaxes menores (o Benelux, por exemplo) ou insignificantes.

9) A análise da composición do saldo revela como os sectores da confección, calzado, manufacturas da cortiza e da madeira, aparatos eléctricos, bebidas, peixes, pedras naturais, etc. presentan unha situación de superávit moi considerable e como os sectores de máquinas para industrias, enerxía, o CECA, os cereais, as manufacturas do coiro ou algunhas ramas do sector Téxtil e confección, etc. son os sectores que se presentan déficits.

10) A descomposición do saldo por países pon de manifesto un excedente importante fronte a Alemaña e o Reino Unido, unha situación moi próxima ó equilibrio fronte a Francia e un déficit considerable fronte a Italia.

11) A análise tradicional do comercio exterior da Eurorrexión pon de manifesto que se revelan vantaxes comparativas vis a vis a UE en sectores relacionados coa confección, calzado, manufacturas de madeira e da cortiza, automotores para o transporte de mercadorías, radiorreceptores, etc. As desvantaxes presentaríanse en sectores do tipo maquinaria para as industrias, partes e pezas de automotores, intermedios téxtiles, cereais, enerxía, etc. A zona neutra estaría integrada polos automóbiles, tecidos, peixes, etc.

12) Se analizamos as exportacións da Eurorrexión baixo o punto de vista do seu dinamismo internacional, chegamos á conclusión de que cerca do 60% das exportacións están integradas por productos expansivos: automóbiles, material eléctrico, confección, etc; un 10% en sectores estacionarios (peixes, derivados da madeira e da cortiza, etc.); e o 30% restante por sectores cun peso na Eurorrexión que, ocasionalmente, é significativo (calzados, fiados e tecidos, etc.).

13) O comercio da Eurorrexión, ó mesmo tempo, concéntrase en productos con mercados moi defendidos da competencia exterior, entre outros instrumentos, a través do Arancel Exterior da Unión (a denominada Tarifa Exterior Común): este sería o caso da Confección, Calzado, Automóbil, etc. productos, todos eles, relevantes no comercio exterior da Eurorrexión e para os cales o arancel fronte a terceiros é dos máis elevados. Ós mecanismos de tipo arancelario habería que lles engadir tamén as medidas paraarancelarias do tipo autolimitación de exportacións cara á UE en terceiros países, Acordos do tipo Multi Fibras, etc.

14) Outra conclusión importante é a que fai referencia ó grao de complementariedade tan intenso que se detecta entre o comercio de Galicia e o da Rexión do Norte. Independentemente do nivel de agregación que se utilice, as importacións e exportacións dunha subrexión non teñen relación coas da outra. Galicia e a Rexión do Norte están especializadas en comercios diferentes entre si e, neste sentido, complementarios, tanto por productos coma por países.

15) A análise dos fluxos comerciais da Eurorrexión pon de manifesto como o segmento que abarca o comercio intraindustrial é moi reducido, tanto en comparación con España e Portugal como, e sobre todo, en comparación cos países centrais da UE. Dito o mesmo, pero doutra forma, o segmento fundamental do comercio exterior da Eurorrexión ocúpao o comercio de carácter interindustrial, léase o comercio de tipo clásico ou tradicional. Este aspecto revela un débil nivel de integración da Eurorrexión no contexto comunitario e é congruente cos resultados doutros estudios nos cales se detecta unha relación directa entre nivel de desenvolvemento e nivel de comercio intraindustrial. A periferia europea presenta uns niveis de comercio intraindustrial baixos en relación cós países do centro.

16) A descomposición por gamas de calidade do comercio exterior da Eurorrexión pon de manifesto que, polo lado das exportacións, predominan as gamas de calidade baixas e, polo lado das importacións, as calidades altas. Unha análise en conxunto revela como a Eurorrexión está especializada nas gamas de calidade baixas, é dicir, cando se importa e exporta o mesmo producto, a Eurorrexión importa a calidade alta con maior prezo e exporta o de calidade baixa e prezo baixo. Estes resultados son tamén congruentes cos obtidos para o espacio UE, de tal modo que as conclusións sitúan as gamas altas nos países centrais e as baixas nos periféricos.

17) Na Eurorrexión o comercio intraindustrial, ademais de ser reducido, aparece moi concentrado nuns poucos sectores. Como tivemos ocasión de ver máis arriba, os sectores vinculados á automoción concentraban case a metade do comercio intraindustrial, repartíndose o resto entre a práctica totalidade do comercio exterior.

18) A análise do comercio intraindustrial en sentido estricto pon de relevo que este fenómeno se orixina principalmente con Francia e, xa en menor medida, con Alemaña. Un tercio do comercio con Francia é entre productos iguais e un cuarto do comercio con Alemaña é tamén entre productos iguais. En todos os casos, a Eurorrexión exporta a gama baixa e importa deses países as gamas altas.

19) A análise do contido en tecnoloxía do comercio exterior da Eurorrexión resalta o peso moi reducido que teñen este tipo de bens no comercio exterior. Só algo máis dun 3% das importacións e un 1% das exportacións totais da Eurorrexión teñen o carácter *Hig Tech*, porcentaxes das máis reducidas que se detectan no contexto europeo.

20) No que se refire á apertura ó exterior debemos sinalar, outra vez, a asimetría que existe entre a Rexión do Norte e Galicia. Calculando a apertura ó exterior en termos de Producción Efectiva Comercializable, Galicia presenta unha apertura menor do lado das importacións (uns seis puntos porcentuais) pero, do lado das exportacións, o predominio da Rexión do Norte é notable: mentres Galicia exporta un 10% da súa producción, a Rexión do Norte exporta máis dun cuarto.

21) No que se refire á apertura ó exterior por ramas da producción, é destacable a dependencia de importacións dos Productos químicos, Minerais e metais, Material de transporte, e Máquinas e material eléctrico. A vocación exportadora céntrase no sector do Téxtil, calzado, coiro e confección (máis do 40% da producción interna), no Material de Transporte (case o 40% da producción interior) e no sector dos Aparatos eléctricos (case un 30% da producción efectiva).

22) A clasificación do comercio por destino dos bens reflicte unhas importacións nas que son predominantes os bens intermedios (máis do 60% das importacións totais) e unhas exportacións nas que predominan os bens de consumo (cerca do 60% das exportacións totais).

23) A base económica que se revela a través do comercio exterior pon de manifesto un tecido empresarial no que predominan os sectores pouco concentrados ou, o que é case o mesmo, sectores nos cales as barreiras de entrada son mínimas ou inexistentes. Ó mesmo tempo, son uns sectores cunha capacidade intermedia na xeración de valor engadido e, ademais, sectores nos cales a utilización de capital é reducida ou, o que é o mesmo, sectores intensivos en traballo. Dentro dos sectores traballo intensivos, os sectores económicos da Eurorrexión destacan pola utilización masiva de traballo non cualificado, léase, traballo manual. Por último, son sectores nos cales as economías de escala non son importantes. Un panorama deste tipo caracterizaría ós sectores da Eurorrexión que poderiamos denominar sectores autóctonos. O automóbil (un sector implantado desde o centro na periferia), tería unhas características diferentes: elevada concentración e economías de escala, reducida capacidade de xeración de valor engadido, baixa intensidade na utilización de capital e man de obra intensivos, sobre todo no que se refire á man de obra cualificada.

BIBLIOGRAFÍA

Abd-El-Rahman, K.; <La 'diference' et la 'similitude' dans l'analyse de la composition du commerce international> en **Revue Économique**, Nº.2. París, 1986.

Abd-El-Rahman, K.; <Réexamen de la définition et de la mesure des échanges croisés de produits similaires entre les nations> en **Revue Économique**, Nº.1. París, 1986.

Abd-El-Rahman, K.; <Firm's competitive and national comparative advantages as joint determinants of trade composition> en **Weltwirtschaftliches Archiv**. Vol 127. 1991.

Allen, C.; Gasiorek, M. e Smith, A.; <Trade creation and trade diversion> en **The single market review**. Subseries IV: impact on trade and investment. Ed. Comisión UE, Bruxelas, 1997.

Aquino, A.; <Intra industry trade and inter industry specialization as concurrent sources of international trade in manufactures> en **Weltwirtschaftliches Archiv**. Vol. 114. 1978.

Balassa, B.; Teoría de la integración económica. **Ed. Uthea. México, 1964.**

Baldwin, R. e Venables, A.; <Regional economic integration> en Grossman, G. e Rodoff, K. (Ed.); Handbook of international economics. **Ed. North Holland. Amsterdam, 1995.**

Barro, R. e Grilli, V.; European macroeconomics. **Ed. Macmillan, Londres, 1994.**

CCRN e ICEP; **Plano Nacional de desenvolvimento económico e social 2000-2006. O Comércio externo da região do Norte. Caracterização global**. Ed. CCRN e ICEP. Porto, 1998.

Cancelo, R. e Sequeiros, J.; **Metodología e Indices de Valor Unitario do comercio exterior de Galicia, 1988 a 1998**. Informe para o Instituto Galego de Estatística. Mimeo. Santiago, 1999.

Comisión das Comunidades Europeas; <Arancel integrado de las Comunidades Europeas (Taric)> en **Boletín Económico de ICE.** Nº.2501. Madrid, 1996. Páxs. 29 e ss.

Comisión Europea; **Sixième rapport périodique sur la situation et l'évolution socioéconomique des regions**. Bruxelas, 1999.

Drèze, J.; <Les exportations intra CEE en 1958 et la position belge> en **Recherches Économiques de Louvain**, Vol. 27, Nº.8. 1961.

Falvey, R. y Kierkowski, H.; <Product quality intra industry trade and (im)perfect competition> en, Kierkowski, H. (Ed.); **Protection and competition in international trade.** Oxford, UP, 1987.

Fernández González, R. et all.; **A información estatística para a Eurorrexión Galicia Norte de Portugal**. Mimeo. Santiago, 1999.

Fontagné, L. e Freudenberg, M.; <Haute technologie et échelles de qualité: de fortes asymétries en Europe>. Ed. CEPII. **Document de Travail du Cepii, Nº.99-08**. París, 1999.

Fontagné, L. e Freudenberg, M.; <Intra-Industry Trade methodological Issues reconsidered>. Ed. CEPII. **Document de Travail du Cepii, Nº.97-01**. París, 1997.

Fontagné, L., Freudemberg, M. e Unal Keseney, D.; <Regionalisation et echanges de biens intermediaires>. Ed. Cepii. **Document de Travail du Cepii, Nº.95-11**. París, 1995.

Fontagné, L., Freudenberg, M. e Péridy, A.; <Trade Patterns inside the Single Market>. CEPII, **Document de Travail du Cepii, Nº. 97-07**. París, 1997. Este último traballo está publicado, co mesmo título, en **The single market review**, Comisión Europea, Luxemburgo, 1997.

Greenaway, D e Milner, C.; **The Economics of Intra-Industry Trade**. Ed. Basil Blackwell. Londres, 1986.

Greenaway, D. e Winters A. (Ed.); **Surveys in international trade.** Ed. Blackwell. Londres, 1994.

Greenaway, D.; **Current issues in international trade**. Ed. MacMillan, Nova York, 1996.

Grossman, G. e Rodoff, K. (Ed.); Handbook of international economics. **Ed. North Holland. Amsterdam, 1995.**

Grubel, H. e Lloyd, P.; **Intra industry trade. The theory and measurement of international trade in differentiated products**. Ed. MacMillan, Londres, 1975.

Helpman, E. e Krugman, P.; **Market structure and foreing trade**. Ed. MIT, USA, 1985.

Helpman, E. e Krugman, P.; **Trade policy and market structure**. Ed. MIT, 1992.

Henner, H.; **Commerce International**. Ed. Montcherstien. París, 1997.

IGE; **Anuario Estatístico Galicia Norte de Portugal, 1995**. Santiago, 1996 e ss.

INE; **Contabilidade Regional de Portugal.** Ed. INE, Lisboa, 1990 e ss.

INE; **Contas Económicas Regionais**. Lisboa, 1999. (En especial o Cap.2, <Análise dos resultados e indicadores regionais>).

INE; **Contabilidad Regional de España**. Ed. INE. Madrid, 1980 e ss.

Kierkowski, H. (Ed.); **Protection and competition in international trade.** Oxford, UP, 1987.

Krugman, P.; <Empirical evidence on the new trade theories: the current state of play> en **CEPR Working Paper**. Londres, 1993.

Linder, S.; **An essay on trade and transformation**. Ed. Almqvist & Wiksell. Uppsala, 1961.

Markusen, J. e Venables, A.; <Multinational firms and the new trade theory> en **N.B.E.R. Working Papers**. Nº.5036. 1995.

Martín, J. e Orts, V.; **Comercio intra industrial, especialización vertical y ventaja comparativa**. Mimeo. Valencia, 1999.

Meade, J.; The theory of customs unions. **North Holand. Amsterdam, 1955.**

Molle, W.; The economics of european integration. **Ed. Dartmouth. Alderhot, 1990.**

ONU; **International Trade Statistics Yearbook**. 1978 e ss. (Vol.II. Trade by commodity).

Ohlin B.; **Interregional and international trade**. Ed. Harvard UP, Mass., 1967.

Santiso Blanco; **A Balanza comercial de Galicia co resto de España**. Mimeo. Santiago, 1999.

Sequeiros Tizón, J. (Dir); **El comercio exterior de Galicia, 1980–1997**. Ed. Instituto de Estudios Económicos de Galicia. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña, 1999.

Sequeiros Tizón, J.; <Los componentes inter e intra industriales y las gamas de calidad en el comercio exterior español, 1964 a 1997> en **Documentos de Trabajo de Estructura Económica**. Universidade da Coruña, 1998.

Shone, R.; **The pure theory of international trade.** Ed. Mac Millan. Londres, 1972.

Tharakan, P. e Calfat, G.; <Empirical analyses of international trade flows> en Greenaway, D. (Ed.); **Current Issues in international trade**. Ed. MacMillan Press. Londres, 1996.

Tinbergen, J.; International Economic Integration. **Ed. Elsevier. Amsterdam, 1954.**

Torres León, J.; <El arancel Integrado de Aplicación: Taric> en **Boletín Económico de ICE.** Nº.2472. Madrid, 1995.

Verdoorn, P.; <The intra block trade of Benelux> en Robinson, J. (Ed.); **Economic consequences of the size of nations**. Londres, 1960.

Villaverde, J.; **Diferencias regionales en España y en la U.M.E**. Ed. Pirámide. Madrid, 1999.

Vinner, J.; The customs union issue. **Carnegie. Nova York, 1950.**

Winters, A. (Ed.); Trade flows and trade policy after 1992. **Cambridge UP e CEPR. Londres, 1992.**

Winters, A. e Venables, A. (Ed.); European integration. Trade and industry. **Cambridge UP e CEPR. Londres, 1991.**

CÓDIGOS E CONTIDO DOS GRUPOS DE UTILIZACIÓN

Gus	Contido
0000	Indeterminados
1100	Alimentos, bebidas e tabacos
1211	Automóbiles
1212	Outros bens de consumo duradeiro
1221	Productos enerxéticos
1222	Outros bens de consumo non duradeiro
2110	Estructuras metálicas e caldeirería
2121	Maquinaria agrícola
2122	Maquinaria para a construcción
2123	Outra maquinaria
2211	Material de transporte terrestre agrícola
2212	Material de transporte terrestre non agrícola
2220	Material de transporte ferroviario
2230	Material de transporte naval
2240	Material de transporte aéreo
2310	Animais vivos
2320	Óptica, fotografía e cinematografía
2330	Instrumentos e aparatos médico cirúrxicos
2340	Resto doutros bens de capital
3100	Productos intermedios da agricultura, silvicultura e pesca
3200	Productos enerxéticos intermedios
3310	Productos intermedios minerais, metálicos e non metálicos
3320	Productos químicos intermedios
3330	Productos metálicos intermedios
3340	Material e accesorios eléctricos intermedios
3350	Productos intermedios para medios de transporte
3360	Productos intermedios alimentarios, bebidas e tabacos.
3370	Productos intermedios téxtiles, vestido, coiro e calzado.
3380	Outros productos intermedios.

CNAE-93	Designación
0111	Cultivo de cereais e outros cultivos
0112	Cultivo de hortalizas, especialidades de horticultura e productos de viveiro
0113	Cultivo de froitas, froitos secos, especias e cultivos para bebidas
0121	Explotación de gando bovino e producción de leite cru
0122	Explotación de gando ovino, caprino e equino
0123	Explotación de gando porcino
0124	Avicultura
0125	Outras explotacións de gando
0130	Producción agraria combinada coa producción gandeira
0141	Actividades de servicios relacionados coa agricultura
0142	Actividades de servicios relacionados coa gandería, agás actividades veterinarias
0150	Caza, captura de animais e repoboación cinexética, incluídas as actividades dos servicios relacionados con elas
0201	Silvicultura e explotación forestal
0202	Actividades dos servicios relacionados coa silvicultura e explotación forestal
0501	Pesca
0502	Acuicultura
1010	Extracción e aglomeración de antracita e hulla
1020	Extracción e aglomeración de lignito pardo
1030	Extracción e aglomeración de turba
1110	Extracción de crus de petróleo e gas natural
1120	Actividades dos servicios relacionados coas explotacións petrolíferas e de gas, agás actividades de prospección
1200	Extracción de minerais de uranio e torio
1310	Extracción de minerais de ferro
1320	Extracción de minerais metálicos non férreos, agás minerais de uranio e torio
1411	Extracción de pedra para a construcción
1412	Extracción de pedra caliza, xeso e creta
1413	Extracción de lousas
1421	Extracción de gravas e areas
1422	Extracción de arxila e caolín
1430	Extracción de minerais para fertilizantes e productos químicos
1440	Producción de sal
1450	Extracción doutros minerais non metálicos nin enerxéticos
1511	Sacrificio de gando e conservación de carne
1512	Sacrificio e conservación de volatería
1513	Fabricación de productos cárnicos
1520	Elaboración e conservación de peixes e productos a base de peixe
1531	Preparación e conservación de patacas
1532	Fabricación de zumes de froitas e hortalizas
1533	Fabricación de conservas de froitas e hortalizas
1541	Fabricación de aceites e graxas sen refinar
1542	Fabricación de aceites e graxas refinadas
1543	Fabricación de margarina e graxas comestibles similares
1551	Fabricación de productos lácteos
1552	Elaboración de xelados
1561	Fabricación de productos de muíño
1562	Fabricación de amidóns e productos amiláceos
1571	Fabricación de productos para a alimentación de animais de granxa
1572	Fabricación de productos para a alimentación de animais de compañía
1581	Fabricación de pan e productos de panadería e pastelería frescos
1582	Fabricación de galletas e de productos de panadería e pastelería de longa duración
1583	Industria do azucre
1584	Industria do cacao, chocolate e confeitería
1585	Fabricación de pastas alimenticias
1586	Elaboración de café, té e infusións
1587	Elaboración de especias, salsas e condimentos
1588	Elaboración de preparados para a alimentación infantil e preparados dietéticos
1589	Elaboración doutros productos alimenticios
1591	Destilación de bebidas alcohólicas
1592	Destilación de alcohol etílico procedente de fermentación
1593	Elaboración de viños
1594	Elaboración de sidra e outras bebidas fermentadas a partir de froita
1595	Elaboración doutras bebidas non destiladas, procedentes de fermentación
1596	Fabricación de cervexa
1597	Fabricación de malta
1598	Producción de augas minerais e bebidas analcohólicas
1600	Industria do tabaco
1711	Preparación e fiado de fibras de algodón e as súas mesturas

segue

continuación

CNAE-93	Designación
1712	Preparación e fiado de fibras de lá cardada e as súas mesturas
1713	Preparación e fiado de fibras de lá peiteada e as súas mesturas
1714	Preparación e fiado de fibras de liño e as súas mesturas
1715	Torcido e preparación da seda; torcido e textura de filamentos sintéticos e artificiais
1716	Fabricación de fío de coser
1717	Preparación e fiado doutras fibras téxtiles
1721	Fabricación de tecidos de algodón e as súas mesturas
1722	Fabricación de tecidos de lá cardada e as súas mesturas
1723	Fabricación de tecidos de lá peiteada e as súas mesturas
1724	Fabricación de tecidos de seda
1725	Fabricación doutros tecidos téxtiles
1730	Acabado de téxtiles
1740	Fabricación doutros artigos confeccionados con téxtiles, agás pezas de vestir
1751	Fabricación de alfombras e moquetas
1752	Fabricación de cordas, cordeis, bramantes e redes
1753	Fabricación de teas non tecidas e artigos confeccionados con estas agás pezas de vestir
1754	Fabricación doutros artigos téxtiles
1760	Fabricación de tecidos de punto
1771	Fabricación de calcetería
1772	Fabricación doutros artigos en tecidos de punto
1810	Confección de pezas de vestir de coiro
1821	Confección de roupa de traballo
1822	Confección doutras pezas de vestir exteriores
1823	Confección de roupa interior
1824	Confección doutras pezas de vestir e accesorios
1830	Preparación e tinguidura de peles de peletería; fabricación de artigos de peletería
1910	Preparación, curtido e acabado do coiro
1920	Fabricación de artigos de marroquinería e viaxe, artigos de talabartería
1930	Fabricación de calzado
2010	Serrado e cepillado da madeira; preparación industrial da madeira
2020	Fabricación de chapas, taboleiros contrachapados, alistonados, de partículas aglomeradas, de fibras e outros taboleiros e paneis
2030	Fabricación de estructuras de madeira e pezas de carpintería e ebanistería para a construcción
2040	Fabricación de envases e embalaxes de madeira
2051	Fabricación doutros productos de madeira
2052	Fabricación de productos de cortiza, cestería e espartería
2111	Fabricación de pasta papeleira
2112	Fabricación de papel e cartón
2121	Fabricación de papel e cartón ondulados; fabricación de envases e embalaxes de papel e cartón
2122	Fabricación de artigos de papel e cartón para uso doméstico e sanitario
2123	Fabricación de artigos de papelería
2124	Fabricación de papeis pintados
2125	Fabricación doutros artigos de papel e cartón
2211	Edición de libros
2212	Edición de periódicos
2213	Edición de revistas
2214	Edición de soportes de son gravado
2215	Outras actividades de edición
2221	Impresión de periódicos
2222	Outras actividades de impresión
2223	Encadernación e acabado
2224	Composición e fotogravado
2225	Outras actividades gráficas
2231	Reprodución de soportes de son gravado
2232	Reprodución de soportes de vídeo gravado
2233	Reprodución de soportes de informática gravados
2310	Coqueirías
2320	Refinado de petróleo
2330	Tratamento de combustibles nucleares e residuos radiactivos
2411	Fabricación de gases industriais
2412	Fabricación de colorantes e pigmentos
2413	Fabricación de productos básicos de química inorgánica
2414	Fabricación de productos básicos de química orgánica
2415	Fabricación de fertilizantes e compostos nitroxenados fertilizantes
2416	Fabricación de primeiras materias plásticas
2417	Fabricación de caucho sintético en forma primaria
2420	Fabricación de pesticidas e outros productos agroquímicos
2430	Fabricación de pinturas, vernices e revestimentos similares; tintas de imprenta e masillas
2441	Fabricación de productos farmacéuticos de base
2442	Fabricación de preparacións farmacéuticas e outros productos farmacéuticos de uso medicinal

segue

continuación

CNAE-93	Designación
2451	Fabricación de xabóns, deterxentes e outros artigos de limpeza e abrillantamento
2452	Fabricación de perfumes e productos de beleza e hixiene
2461	Fabricación de explosivos e artigos pirotécnicos
2462	Fabricación de colas e xelatinas
2463	Fabricación de aceites esenciais
2464	Fabricación de material fotográfico virxe e preparados químicos para fotografía
2465	Fabricación de soportes virxes para gravación
2466	Fabricación doutros productos químicos
2470	Fabricación de fibras artificiais e sintéticas
2511	Fabricación de pneumáticos e cámaras de caucho
2512	Reconstrucción e recauchutado de pneumáticos
2513	Fabricación doutros productos de caucho
2521	Fabricación de placas, follas, tubos e perfís de materias plásticas
2522	Fabricación de envases e embalaxes de materias plásticas
2523	Fabricación de productos de materias plásticas para a construcción
2524	Fabricación doutros productos de materias plásticas
2611	Fabricación de vidro plano
2612	Manipulado e transformación de vidro plano
2613	Fabricación de vidro oco
2614	Fabricación de fibra de vidro
2615	Fabricación e manipulado doutro vidro (incluído o vidro técnico)
2621	Fabricación de artigos cerámicos de uso doméstico e ornamental
2622	Fabricación de aparellos sanitarios cerámicos
2623	Fabricación de illadores e pezas illantes de material cerámico
2624	Fabricación doutros productos cerámicos de uso técnico
2625	Fabricación doutros productos cerámicos
2626	Fabricación de productos cerámicos refractarios
2630	Fabricación de azulexos e baldosas de cerámica
2640	Fabricación de ladrillos, tellas e productos de terras cocidas para construcción
2651	Fabricación de cemento
2652	Fabricación de cal
2653	Fabricación de xeso
2661	Fabricación de elementos de formigón para a construcción
2662	Fabricación de elementos de xeso para a construcción
2663	Fabricación de formigón fresco
2664	Fabricación de argamasa
2665	Fabricación de fibrocemento
2666	Fabricación doutros productos de formigón, xeso e cemento
2670	Industria da pedra
2681	Fabricación de productos abrasivos
2682	Fabricación doutros productos minerais non metálicos
2710	Fabricación de productos básicos de ferro, aceiro e ferroaliaxes (CECA)*
2721	Fabricación de tubos de ferro
2722	Fabricación de tubos de aceiro
2731	Estirado en frío
2732	Laminación en frío
2733	Producción de perfís en frío por conformación con pregado
2734	Trefilado en frío
2735	Producción de ferroaliaxes non CECA* e outros procesos de transformación do ferro e do aceiro
2741	Producción e primeira transformación de metais preciosos
2742	Producción e primeira transformación de aluminio
2743	Producción e primeira transformación de chumbo, cinc e estaño
2744	Producción e primeira transformación de cobre
2745	Producción e primeira transformación doutros metais non férreos
2751	Fundición de ferro
2752	Fundición de aceiro
2753	Fundición de metais lixeiros
2754	Fundición doutros metais non férreos
2811	Fabricación de estructuras metálicas e as súas partes
2812	Fabricación de carpintería metálica
2821	Fabricación de cisternas, grandes depósitos e contedores de metal
2822	Fabricación de radiadores e caldeiras para calefacción central
2830	Fabricación de xeradores de vapor
2840	Forxa, estampación e embutición de metais; metalurxia de pos
2851	Tratamento e revestimento de metais
2852	Enxeñería mecánica xeral por conta de terceiros
2861	Fabricación de artigos de coitelería e cubertería

segue

continuación

CNAE-93	Designación
2862	Fabricación de ferramentas e de útiles intercambiables para máquinas ferramenta
2863	Fabricación de pechaduras e ferraxes
2871	Fabricación de bidóns e toneis de ferro ou aceiro
2872	Fabricación de envases e embalaxes lixeiros, en metal
2873	Fabricación de productos de arame
2874	Fabricación de gonzos, parafusos, cadeas e resortes
2875	Fabricación doutros productos metálicos
2911	Fabricación de motores e turbinas, agás os destinados a aeronaves, vehículos automóbiles e ciclomotores
2912	Fabricación de bombas, compresores e sistemas hidráulicos
2913	Fabricación de válvulas e billas
2914	Fabricación de chumaceiras, engrenaxes e órganos mecánicos de transmisión
2921	Fabricación de fornos e queimadores
2922	Fabricación de maquinaria de elevación e manipulación
2923	Fabricación de maquinaria de ventilación e refrixeración non doméstica
2924	Fabricación doutra maquinaria de uso xeral
2931	Fabricación de tractores agrícolas
2932	Fabricación doutra maquinaria agraria
2940	Fabricación de máquinas ferramenta
2951	Fabricación de maquinaria para a industria metalúrxica
2952	Fabricación de maquinaria para as industrias extractivas e da construcción
2953	Fabricación de maquinaria para a industria da alimentación, bebidas e tabaco
2954	Fabricación de maquinaria para a industria téxtil, da confección e do coiro
2955	Fabricación de maquinaria para a industria do papel e do cartón
2956	Fabricación doutra maquinaria para usos específicos
2960	Fabricación de armas e municións
2971	Fabricación de aparellos electrodomésticos
2972	Fabricación de aparellos domésticos non eléctricos
3001	Fabricación de máquinas de oficina
3002	Fabricación de ordenadores e outro equipo informático
3110	Fabricación de motores eléctricos, transformadores e xeradores
3120	Fabricación de aparellos de distribución e control eléctricos
3130	Fabricación de fíos e cables eléctricos illados
3140	Fabricación de acumuladores e pilas eléctricas
3150	Fabricación de lámpadas eléctricas e aparellos de iluminación
3161	Fabricación de material e equipo eléctrico para motores e vehículos
3162	Fabricación doutro equipo e material eléctrico
3210	Fabricación de válvulas, tubos e outros compoñentes electrónicos
3220	Fabricación de transmisores de radiodifusión e televisión e de aparellos para a radiotelefonía e radiotelegrafía con fíos
3230	Fabricación de aparellos de recepción, gravación e reprodución de son e imaxe
3310	Fabricación de equipos e instrumentos médico-cirúrxicos e de aparellos ortopédicos
3320	Fabricación de instrumentos e aparellos de medida, verificación, control, navegación e outros fins, excepto equipos de control procesos industriais
3330	Fabricación de equipo de control de procesos industriais
3340	Fabricación de instrumentos de óptica e de equipo fotográfico
3350	Fabricación de reloxos
3410	Fabricación de vehículos de motor
3420	Fabricación de carrocerías para vehículos de motor, de remolque semirremolques
3430	Fabricación de partes, pezas e accesorios non eléctricos para vehículos de motor e os seus motores
3511	Construcción e reparación de barcos (excepto de recreo e deporte)
3512	Construcción e reparación de embarcacións de recreo e deporte
3520	Fabricación de material ferroviario
3530	Construcción aeronáutica e espacial
3541	Fabricación de motocicletas
3542	Fabricación de bicicletas
3543	Fabricación de vehículos para inválidos
3550	Fabricación doutro material de transporte
3611	Fabricación de cadeiras e outros asentos
3612	Fabricación de mobles de oficina e establecementos comerciais
3613	Fabricación de mobles de cociña e baño
3614	Fabricación doutros mobles
3615	Fabricación de colchóns
3621	Fabricación de moedas e medallas
3622	Fabricación de artigos de xoiería, ourivería e pratería
3630	Fabricación de instrumentos musicais
3640	Fabricación de artigos de deporte
3650	Fabricación de xogos e xoguetes
3661	Fabricación de bixutería de fantasía
3662	Fabricación de vasoiras, brochas e cepillos
3663	Fabricación doutros artigos

Códigos RR 17	
01	AGRICULTURA, SILVICULTURA E PESCA
06	PRODUCTOS ENERXÉTICOS
13	MINERAIS E MET. FÉRREOS E NON FÉRREOS
15	MIN. E PROD. A BASE DE MINERAIS NON MET.
17	PRODUCTOS QUÍMICOS
24	PRODUCTOS METÁLICOS
28	MATERIAL DE TRANSPORTE
36	PROD. ALIMENTARIOS, BEBIDAS E TABACO
42	PROD. TÉXTILES, COIRO E CALZADO, VESTIDO
47	PAPEL, ARTIGOS DE PAPEL, IMPRESIÓN
50	PRODUCTOS DE INDUSTRIAS DIVERSAS
53	CONST. E OBRAS DE ENXEÑERÍA CIVIL
58	RECUP. E REP., COMERCIO, HOSTAL. E REST.
60	SERV.DE TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS
69	INSTITUCIÓNS DE CRÉDITO E SEGURO
74	OUTROS SERVICIOS DESTINADOS Á VENDA
86	ADMON. XERAL,ENSINO E INVEST. E OUTROS
69B	PRODUCCIÓN IMPUTADA SERVICIOS BANCARIOS

Clasificación a dous díxitos CUCI V3

00	Animais vivos
01	Carne e os seus preparados
02	Productos lácteos e ovos
03	Peixe, marisco e os seus preparados
04	Cereais e os seus preparados
05	Legumes e froitas
06	Azucre e os seus preparados e mel
07	Café, té, especias e os seus preparados
08	Penso para animais
09	Productos comestibles diversos
11	Bebidas
12	Tabaco e os seus productos
21	Coiros e peles sen curtir
22	Sementes e froitos oleaxinosos
23	Caucho en bruto
24	Cortiza e madeira
25	Pasta e refugallos de papel
26	Fibras téxtiles
27	Fertilizantes en bruto
28	Menas e refugallos de metais
29	Productos animais e vexetais en bruto
32	Hulla, coque e briquetas
33	Petróleo, derivados e conexos
34	Gas natural e manufacturado
35	Corrente eléctrica
41	Aceites e graxas de orixe animal
42	Aceites e graxas fixos de orixe vexetal
43	Aceites e graxas elaborados
51	Productos químicos orgánicos
52	Productos químicos inorgánicos
53	Materiales de tinturería e de curtido
54	Productos medicinais e farmacéuticos
55	Aceites esenciais e perfumería
56	Fertilizantes manufacturados
57	Plásticos en formas primarias
58	Plásticos en formas non primarias
59	Materias e productos químicos ncop
61	Manufacturas de coiro
62	Manufacturas de caucho
63	Manufacturas de cortiza e madeira
64	Papel e cartón
65	Fiados, tecidos e confecciòns téxtiles
66	Manufacturas de minerais non metálicos
67	Ferro e aceiro
68	Metais non ferrosos
69	Manufacturas de metais
71	Máquinas e equipo xerador de forza
72	Máquinas especiais para industrias
73	Máquinas para traballar metais
74	Máquinas e equipos industriais, pezas.
75	Máquinas de oficina e de proceso de datos
76	Equipos de telecomunicación e son
77	Aparatos eléctricos
78	Equipo de estrada
79	Outro equipo de transporte
81	Edificios prefabricados
82	Mobles e as súas partes
83	Artigos de viaxe e bolsos
84	Prendas de vestir
85	Calzado
87	Instrumentos de precisión
88	Aparatos e equipos fotográficos
89	Artigos manufacturados diversos
91	Paquetes postais non clasificados
93	Operacións especiais non clasificadas
96	Moedas (non ouro) sen curso legal
97	Ouro non monetario

CUCI. Versión 3

Código	Designación
001	Animais vivos
011	Carnes de bovino
012	Outras carnes e restos comestibles
016	Carnes e restos salgados ou afumados
017	Conservas de carnes
022	Leite e crema
023	Manteiga
024	Queixo e callada
025	Ovos e xemas de ave
034	Peixe
035	Peixe seco, afumado ou salmoira
036	Crustáceos e moluscos
037	Conservas de peixes e mariscos
041	Trigo e mestura de trigo e centeo sen moer
042	Arroz
043	Cebada sen moer
044	Millo sen moer
045	Outros cereais sen moer
046	Sémola e farina de trigo
047	Outras sémolas e farinas
048	Preparados de cereais
054	Legumes
056	Conservas de Legumes
057	Froitas e froitos secos
058	Froitas en conserva
059	Zumes de froitas e legumes
061	Azucre e mel
062	Artigos de confeitería
071	Café e sucedáneos
072	Cacao
073	Chocolate e outros
074	Té e mate
075	Especias
081	Pensos para animais
091	Margarina e manteigas
098	Outros productos comestibles
111	Bebidas non alcohólicas
112	Bebidas alcohólicas
121	Tabaco e residuos sen elaborar
122	Tabaco manufacturado
211	Coiros e peles sen curtir
212	Peles finas sen curtir
222	Sementes e froitos oleaxinosos
223	Outras sementes e froitos oleaxinosos
231	Caucho natural
232	Caucho sintético
244	Cortiza natural
245	Leña e carbón vexetal
246	Madeira en estelas e refugallos
247	Madeiras en bruto
248	Madeira traballada
251	Pasta e refugallos de papel
261	Sedas
263	Algodón
264	Iute e outras fibras
265	Outras fibras téxtiles vexetais
266	Fibras sintéticas para fiados
267	Outras fibras manufacturadas
268	Lás e pelos de animais
269	Roupa vella e trapos
272	Fertilizantes en bruto
273	Pedra, area e grava
274	Xofre e pirita de ferro
277	Abrasivos naturais ncop
278	Outros minerais en bruto
281	Mineral de Ferro
282	Chatarras e refugallos de ferro
283	Mineral de cobre
284	Mineral de níquel
285	Mineral de aluminio
286	Minerais de uranio e torio
287	Minerais de metais comúns
288	Desperdicios de metais comúns
289	Minerais de metais preciosos
291	Productos animais en bruto

segue

continuación

CUCI. Versión 3

Código	Designación
292	Productos vexetais en bruto
321	Hullas
322	Lignito e turbas
325	Coque e semicoque
333	Aceites crus de petróleo
334	Productos derivados do petróleo
335	Productos residuais do petróleo
342	Propano e butano
343	Gas natural
344	GLP e hidrocarburos
345	Outros gases
351	Corrente eléctrica
411	Aceites e graxas animais
421	Aceites fixos de orixe vexetal
422	Outros aceites de orixe vexetal
431	Aceites e graxas elaborados
511	Hidrocarburos e os seus derivados
512	Alcohois, fenois e derivados
513	Acidos carboxilicos
514	Compostos nitroxenados
515	Compostos quimicos organico-inorgánicos
516	Outros productos químicos orgánicos
522	Elementos químicos inorgánicos
523	Sales de ácidos inorgánicos
524	Outros productos químicos inorgánicos
525	Materias radioactivas e conexas
531	Materias colorantes orgánicas ou sintéticas
532	Extractos tintorios e de curtido
533	Pigmentos, pinturas e vernices
541	Productos medicinais e farmacéuticos
542	Medicamentos
551	Aceites esenciais
553	Productos de perfumería
554	Xabrón e preparados para limpar
562	Fertilizantes manufacturados
571	Polímeros de etileno
572	Polímeros de estireno
573	Outros polímeros
574	Poliacetais e policarbonatos
575	Outros plásticos
579	Refugallos de plásticos
581	Plástico en tubos
582	Plástico en pranchas e follas
583	Plástico en variñas
591	Desinfectantes e insecticidas
592	Almidóns e féculas
593	Explosivos e pirotecnia
597	Aditivos e lubricantes
598	Productos químicos diversos
611	Coiro
612	Manufacturas de coiro
613	Peletería curtida ou adobada
621	Materiais de caucho
625	Pneumáticos e bandas
629	Artigos de caucho
633	Manufacturas da cortiza
634	Madeira terciada e chapas
635	Manufacturas de madeira
641	Papel e cartón
642	Artigos de papel ou cartón
651	Fiados de fibras téxtiles
652	Tecidos de algodón
653	Tecidos de téxtiles manufacturados
654	Outros tecidos de fibras téxtiles
655	Tecidos de punto ou gancho
656	Tules, encaixes e bordados
657	Tecidos especiais de fibras téxtiles
658	Outros artigos téxtiles elaborados
659	Recubrimentos para pisos
661	Cal e cemento
662	Materiais de construcción
663	Manufacturas de minerais
664	Vidro
665	Artigos de vidro
666	Artigos de cerámica

segue

continuación

CUCI. Versión 3

Código	Designación
667	Pérolas e pedras preciosas
671	Fundicións férricas
672	Lingotes e outras formas
673	Laminados planos non recubertos
674	Laminados planos recubiertos
675	Laminados planos de aceiro
676	Barras e variñas de aceiro
677	Carris para vías férreas
678	Aramio de ferro ou aceiro
679	Tubos e accesorios tubería
681	Prata, platino e outros metais
682	Cobre
683	Niquel
684	Aluminio
685	Chumbo
686	Zinc
687	Estaño
689	Outros metais comúns
691	Estructuras e partes
692	Recipientes de metal
693	Artigos de aramio
694	Cravos, parafusos e análogos
695	Ferramentas de uso manual ou en máquinas
696	Coiteleria
697	Utensilios domésticos de metais comúns
699	Manufacturas de metais comúns
711	Caldeiras
712	Turbinas
713	Motores de combustión interna
714	Outras máquinas e Motores
716	Aparatos eléctricos rotativos
718	Outras máquinas xeradores de potencia
721	Máquinas agrícolas
722	Tractores
723	Máquinas e equipos de enxeñería civil
724	Máquinas téxtiles e para coiros
725	Máquinas para a fabricación de papel
726	Máquinas para imprimir e encadernar
727	Máquinas para elaborar alimentos
728	Outras máquinas e equipos especiais
731	Máquinas para traballar metal por remoción
733	Máquinas para traballar metal sen remoción
735	Accesorios para máquinas de traballar metal
737	Outras máquinas para traballar metal
741	Equipos calefacción-refrixeración
742	Bombas para líquidos
743	Outras bombas
744	Equipos mecánicos de manipulación
745	Outras máquinas e aparatos mecánicos
746	Rodamentos
747	Accesorios para turbinas e depósitos
748	Coxinetes e transmisións
749	Partes e accesorios non eléctricos
751	Máquinas de oficina
752	Máquinas de proceso de datos
759	Accesorios para grupos 751 e 752
761	Receptores de TV
762	Radiorreceptores
763	Gravadores-reproductores de imaxe e son
764	Equipos de telecomunicacións
771	Aparatos de electricidade
772	Outros aparatos eléctricos
773	Material distribuidor de electricidade
774	Aparatos electricos médicos
775	Aparatos de uso doméstico
776	Lámpadas, tubos e válvulas
778	Máquinas e aparatos eléctricos
781	Automóbiles
782	Automotores para o transporte de mercadorías
783	Automotores de estrada
784	Partes e pezas de automotores
785	Motocicletas e bicicletas
786	Remolques e vehículos sen motor
791	Vehículos para ferrocarris
792	Aeronaves e equipos conexos

segue

continuación

CUCI. Versión 3	
Código	**Designación**
793	Buques e estructuras flotantes
811	Edificios prefabricados
812	Accesorios sanitarios e calefacción
813	Accesorios de iluminación
821	Mobles e as súas partes
831	Artigos de viaxe e bolsos
841	Roupa Masculina non de punto
842	Roupa feminina non de punto
843	Roupa masculina de punto
844	Roupa feminina de punto
845	Outras prendas de vestir
846	Accesorios de vestir de tea
848	Outros accesorios e sombreiros
851	Calzado
871	Instrumentos e aparatos de óptica
872	Instrumentos e aparatos de medicina
873	Medidores e contadores
874	Instrumentos e aparatos de medición
881	Aparatos e equipos fotográficos
882	Material de fotografía e cine
883	Películas cinematográficas
884	Artigos de óptica ncop.
885	Reloxos
891	Armas e municións
892	Impresos
893	Artigos ncop de plástico
894	Coches de neno, xogos e deporte
895	Artigos de oficina e papelería
896	Obras de arte, de colección e antigüidades
897	Xoias e obxectos de ourivería
898	Instrumentos musicais
899	Outros artigos manufacturados
911	Paquetes postais non clasificados
931	Operacións especiais non clasificadas
961	Moedas non ouro sen curso legal
971	Ouro non monetario

ISBN 84-453-2867-0

COMUNIDADE DE TRABALLO
Galicia
Norte
de Portugal
COMUNIDADE DE TRABALHO

Cofinanciado polo
INTERREG II

P.V.P.: 2.000 Ptas.